Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**Sesión do 30 de agosto de 2019**

**ASISTENTES:**

**Membros :**
D. Abel Caballero Álvarez
Dª Elena Espinosa Mangana
Dª Mª José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
Dª Yolanda Aguiar Castro
Dª Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

Dª Mª Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e dez minutos do día trinta de agosto de dous mil dezanove, en segunda convocatoria e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(728).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 9 de agosto de 2019. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(729).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA POLA QUE SE APROBA O PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO MUNICIPIO DE VIGO PARA O ANO 2019. EXPTE. 51777/516.**
Dáse conta da Resolución do concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, de data 9/08/19, que di o seguinte:

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolución de Delegación de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de xuño de 2019 así como o artigo 63.2 da Ordenanza Fiscal Xeral),

De conformidade co Informe-Proposta da Dirección de Ingresos,

RESOLVO:

1.- APROBAR O PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS do Municipio de Vigo para o ano 2019 por importe total 12.860.153,80€ dos que 11.564.609,15€ corresponden á cota municipal e 1.295.544,65€ ao recargo provincial, que contén 3.923 inscricións, segundo relación que comeza por "A DESPENSA DE NAVIA SLU" e remata por “ZONA DE OBRA-O ROSAL SLU”.

2.- Dar conta á XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2. da Ordenanza fiscal xeral.

3.- Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao de finalización do período voluntario de pago

## Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

## 3(730).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA POLA QUE SE APROBA O PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES PARA O ANO 2019. EXPTE. 44894/512.

Dáse conta da Resolución do concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, de data 19/08/19, que di o seguinte:

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85) e Decreto de Alcaldía de 18 de xuño de 2019 e conforme o artigo 63.2 da Ordenanza fiscal xeral,

De conformidade co Informe-Proposta da Dirección de Ingresos, de data 14 de agosto de 2019

**RESOLVO:**

1. **APROBAR** O PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DO ANO 2019 por importe de **67.766.235,45** € (SESENTA E SETE MILLÓNS SETECENTOS SESENTA E SEIS MIL DOUSCENTOS TRINTA E CINCO EUROS CON CORENTA E CINCO CÉNTIMOS) que consta de 204.216 inscricións de **BENS DE NATUREZA URBANA** por importe de **65.326.798,04 €** segundo relación que comeza por *MINISTERIO DE AGRICULTURA e remata por ZUÑIGA VILLAR JOSE ANTONIO, de 721 inscricións de

**BENS DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS** por importe de **2.423.238,22 €** segundo relación que comeza por A PEREZ Y CIA SL e remata por XUNTA DE GALICIA" e de 1.016 inscricións de **BENS DE NATUREZA RÚSTICA** por importe de **16.199,19 €** segundo relación que comenza por *MINISTERIO DE AGRICULTURA PESCA Y e remata por ZUNZUNEGUI PEREZ PEDRO JAVIER.

2. **Dar conta á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 da Ordenanza fiscal xeral.

3. **Proceder á exposición pública** durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### 4(731.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO SANITARIO ASISTENCIAL DE APOIO Á UAD CEDRO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2740/315.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 21/08/19 e o informe de fiscalización do 27/08/19, dáse conta do informe-proposta de data 21/08/19, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, a concelleira-delegada de Política Social e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. Mediante Resolución do 08.08.2019 a Concelleira delegada de Política Social acordou iniciar o procedemento de contratación do servizo sanitario asistencial de apoio á UAD CEDRO, encomendándolle a tramitación do expediente ós servizos técnicos, xurídicos e administrativos da Concellería delegada da Área de Política Social, en colaboración co Servizo de Contratación.

I.2. No expediente tramitado para o efecto consta, ademais, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, asinado polo Xefe de Servizo de CEDRO e a Concelleira delegada de Política Social o 08.08.2019.
- Memoria xustificativa do contrato, asinada ( 08.08.2019; trámite nº 19) polo Xefe de Área de Benestar Social e a Concelleira delegada.

- Prego de Prescricións Técnicas asinado (08.08.2019; trámite nº 18) polo Xefe de Área de Benestar Social.
- Informe da Xefa do Servizo de Contratación (09.08.2019; trámite nº 55) sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Anexo ó PPT coa relación do persoal subrogable adscrito ó servizo, asinada polo contratista actual o 05.02.2019 .
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de sanitario asistencial de apoio á UAD CEDRO, asinado ( 20.08.2019; trámite nº 83) pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación.

## II. NORMATIVA RELACIONADA

- LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regulan o rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia (DOG nº 14 do 20/10/2012).
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG nº 63 do 30/03/2012).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

## III. INFORME

III.1. O obxecto deste contrato é a contratación de parte dos servizos da “Unidade Asistencial de Drogodependencias” (UAD) e da “Unidade de Día” (UD) de CEDRO; centro municipal para o tratamento das drogodependencias que ven prestando este servizo desde hai máis de 30 anos, cun volume asistencial total no exercicio de 2018 de 1.025 pacientes. Este ele-

vado volume asistencial imposibilita a atención con medios unicamente municipais, polo que é necesaria a contratación externa de parte do servizo como se ven facendo nos últimos anos.

Os servizos asistenciais a desenvolver son, con carácter xeral, os referenciados no Catálogo de Programas Asistenciais do Plan de Galicia sobre Drogas e Circuito de Asistencia Sanitaria ós Trastornos Adictivos de Galicia e, con carácter específico, os que anualmente se comprometen por adscrición do Concello de Vigo ó Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, a Consellería de Sanidade, o SERGAS e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para a realización de programas de atención e protección da saúde.

O obxectivo xeral é prestar unha atención multidisciplinar, gratuita, voluntaria e confidencial, coordinada nas áreas médica, psicolóxica e social, para o tratamento de calquera patoloxía adictiva relacionada co uso de substancias, agás as exclusivamente alcohólicas, abordando as tres etapas diferenciadas do proceso terapéutico: desintoxicación, deshabituación e reinserción.

III.2. De acordo co disposto no Art 116.1 da LCSP, o expediente de contratación iniciarase polo órgano de contratación. No Concello de Vigo esta competencia está delegada nos respectivos concelleiros de Área en virtude da Resolución da Alcaldía – Presidencia do 18 de xuño de 2019 e acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de xuño de 2019. A Concelleira da Área de Política Social, en Resolución do 08.08.2019, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

III.3. Constan nel, tal como esixe o Art. 116 da LCSP, a xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, o Prego de Prescricións Técnicas redactado pola Área de Benestar Social, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares redactado polo Servizo de Contratación e a demais documentación preceptiva, como así se reflicte no informe da Xefa dese Servizo de data 09.08.2019 sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.

III.4. O procedemento proposto para esta contratación é o procedemento aberto (tramitación ordinaria), suxeito a regulación harmonizada (Arts. 22 LCSP)

III.5. O Art. 116.3, último pfo., da LCSP establece tamén que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que achegará a Intervención xeral municipal, quen ademais deberá fiscalizar o expediente antes da súa aprobación.

III.6. A competencia para aprobar o expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme co previsto na Disposición adicional segunda, apdos. 4º e 11º da LCSP en relación co seu Art. 117. A resolución, segundo o Art. 117.1 da LCSP, deberá ser motivada e comprenderá a aprobación do expediente de contratación, do gasto que representa e a apertura do procedemento de adxudicación.

## IV. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa de aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría xurídica do Concello (Disposición adicional oitava LRBRL e Disposición adicional terceira, Apdo. 8º LCSP) e da Intervención xeral municipal (Disposición adicional terceira, Apdo. 3º LCSP e Art. 214 TRLRFL), a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto, do servizo sanitario asistencial de apoio á UAD CEDRO do Concello de Vigo, que inclúe a xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, o Prego de Prescricións Técnicas (08.08.2019; trámite nº 18), con Anexo do 05.02.2019 , o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (20.08.2019; trámite nº 83) e a demais documentación necesaria.

SEGUNDO: Anular o gasto de (2.256.270,27 €, IVE incluído), que se imputara á aplicación nº 3112.227.99.01 dos orzamentos municipais; Xa que por Acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 9 de agosto de 2019 acordouse: "*Declarar deserto o procedemento aberto do servizo de apoio ao centro Municipal de drogodependencias CEDRO (expediente 2705-315) por mor de non terse presentado ningún licitador durante o prazo de presentación de ofertas".*

TERCERO: Aprobar o gasto derivado deste contrato (2.374.175,97€, IVE incluído), que se imputará á aplicación nº 3112.227.99.01 e a súa bolsa de vinculación dos orzamentos municipais, de acordo coa seguinte distribución por anualidades:

- 2019: 109.915,55 €
- 2020: 791.391,99€
- 2021: 791.391,99€
- 2022: 681.476,44 €

CUARTO: Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista».

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 5(732).- RESOLUCIÓN DO CONTRATO PARA A XESTIÓN MEDIANTE CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS DE USO MIXTO EN DIFERENTES LUGARES DA CIDADE. EXPTE. 6258/241.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 13/08/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira delegada de Área, a letrada xefe de Asesoramento de Asesoría Xurídica e o interventor xeral, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

•Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

•Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).

•Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

•Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

•Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

•Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS).

•Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006 (PCAP).

•Prego de prescricións técnicas que rexerá no concurso para a adxudicación por procedemento aberto dun contrato de xestión de servizos públicos con execución de obra para a construción e posterior explotación, en dous lotes de tres, de seis aparcadoiros mixtos (rotatorio e residentes) en diferentes lugares da cidade de Vigo (PPT).

•Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPA).

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En data 14 de agosto de 2006, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL) acordou aprobar o expediente de contratación do concurso para a xestión, mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade, os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexen ó mesmo, así como o anteproxecto de explotación e das obras e dispuxo a apertura do procedemento de adxudicación.

**Segundo.-** En data 21 de maio de 2007, a XGL acordou adxudicar o lote 1 do citado procedemento á Unión Temporal de Empresas formada por Eloymar, S.A. e Tranvías Eléctricos de Vigo, S.A, e o lote 2 a Puentes y Calzadas Grupo de Empresas, S.A. (en adiante PUENTES). Este lote abarca os aparcamentos das rúas Jenaro de la Fuente, Castelao e Rosalía de Castro, así como un aparcadoiro de uso exclusivo de residentes anexo a este último.

**Terceiro.-** En data 21 de xuño de 2007, D. Luis García Vegazo, actuando en nome e representación de PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., presentou escrito no que, tras recordar o seu compromiso de constituír unha sociedade concesionaria

unipersoal de resultar adxudicatario, solicita que “se complete el acuerdo de la Junta de Gobierno Local de 21 de mayo de 2007, en el sentido de precisar que si bien la adjudicación del lote 2 del concurso es a PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., esta constituirá una sociedad concesionaria, unipersonal, a la que aportará el capital comprometido, y con la que se otorgará el contrato adjudicado. Su denominación será COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.”.

**Cuarto.-** En data 6 de agosto de 2007, a Xunta de Goberno Local, en resposta á solicitude do concesionario mencionada no antecedente anterior, adoptou o seguinte acordo: *“Entender que o acordo adoptado pola Xunta de Goberno local de 21 de maio de 2007 polo que adoptouse a adxudicación da concesión do servizo publico de redacción de proxectos de construción e explotación dos aparcamentos subterráneos do denominado lote 2 a Puentes y Calzadas S.A. é extensivo a Cocheras Olivicas de Puentes S.A. (Unipersoal) por así constar na proposición gañadora do concurso”.*

**Quinto.-** En data 2 de outubro de 2007 para responder deste contrato COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., constituíu na Tesourería municipal as seguintes garantías definitivas:

- Garantía por importe de 765.013,59 euros, constituída mediante aval do Banco de Galicia, co número de operación 200700057122, para responder das obras do aparcamento subterráneo da rúa Rosalía de Castro.
- Garantía por importe de 311.250,79 euros, constituída mediante aval do Banco de Galicia, co número de operación 200700057123, para responder das obras do aparcamento subterráneo da avenida Castelao.
- Garantía por importe de 411.696,26 euros, constituída mediante aval do Banco de Galicia, co número de operación 200700057124, para responder das obras do aparcamento subterráneo da rúa Genaro de la Fuente.
- Garantía por importe de 300.000 euros, constituída mediante aval do Banco de Galicia, co número de operación 200700057121, para responder da xestión do servizo público dos tres aparcadoiros.

As garantías relativas á construción dos aparcadoiros da rúa Genaro de la Fuente e da avenida castelao foron devoltas en data 17 de xaneiro de 2013 posto que a construción dos aparcadoiros xa finalizara e estes estaban en funcionamento.

**Sexto.-** En data 10 de outubro de 2007 formalizouse o contrato con COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.

**Sétimo.-** En data 2 de xuño de 2008, por resolución da XGL se procede á aprobación definitiva dos proxectos construtivos dos aparcadoiros subterráneos das rúas Jenaro de la Fuente, Castelao e Rosalía de Castro, así como do aparcadoiro de uso exclusivo de residentes anexo a este último.

As actas de comprobación de replanteo firmáronse en datas 11 de xuño de 2008 (Jenaro de la Fuente), 18 de xuño de 2008 (Castelao) e 29 de setembro (Rosalía de Castro e Anexo de Residentes).

A construción dos aparcadoiros de Jenaro de la Fuente, Castelao e o anexo a Rosalía de Castro de residentes comezou o día seguinte da firma da acta de comprobación do replanteo.

A construción do aparcadoiro de residentes de Rosalía foi paralizada pola mercantil concesionaria sen solicitar autorización á administración municipal nin dar conta das súas causas.

**Oitavo.-** En data 4 de novembro de 2010, a Xunta de Goberno Local, tras aprobar as actas de comprobación dos aparcadoiros subterráneos da rúa Jenaro de la Fuente e da Avenida Castelao, acordou autorizar a COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., a apertura ó servizo público dos mesmos.

O aparcadoiro de Rosalía de Castro non chegou a construírse e o do de residentes so construíuse a estrutura que atopase tapada tras a urbanización da rúa Rosalía de Castro.

**Noveno.-** En data 18 de decembro de 2012, D. Constantino Seara Seara, en nome e representación de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A., solicita que se declare a resolución do contrato de concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, por causas sobrevidas e imprevisibles que fan inviable a súa execución, e se proceda a liquidación do contrato e o posterior pago das inversións realizadas e da indemnización correspondente ó importe da prestación deixada de realizar polo concesionario. Esta resolución é denegada por acordo da XGL de data 19 de abril de 2013.
Contra este acordo COCHERAS interpuxo recurso contencioso-administrativo, que foi desestimado por sentenza nº 58 do 25/03/2014 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo.
Esta sentenza foi apelada (rec. 4292/2014) ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e a Sala do Contencioso-Administrativo, na súa sentenza nº 757 do 02/10/2014 confirmou a de instancia.

**Décimo.-** O xulgado do mercantil número 2 de A Coruña, en auto de data 23 de xaneiro de 2015, declarou en concurso voluntario de acredores á mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A. Deste auto tomou coñecemento a Xunta de Goberno Local en data 26 de marzo de 2015.

**Undécimo.-** Á vista da situación plantexada polo concurso da sociedade instrumental creada para a xestión dunha concesión de servizo público municipal, o órgano de contratación, entre as medidas adoptadas, en data 17 de abril de 2015, acordou "a realización dun estudo técnico sobre as necesidades que demande o interese publico en relación co servizo publico de aparcamento para avaliar o obxecto e condicións do contrato".

En cumprimento deste acordo, solicitouse informe ó Interventor Xeral do Concello e a un terceiro independente alleo á Administración municipal, a empresa consultora SEIXAS CONSULTORA, S.L , que foron emitidos en datas 12 de maio e 19 de xuño de 2015, respectivamente. Dos devanditos informes desprendese a inviabilidade da concesión nos termos nos que foi adxudicada, e a necesidade de acometer unha modificación da mesma que reequilibre a economía do contrato.

**Duodécimo.-** En data 26 de xuño de 2015, a XGL, acordou iniciar un procedemento para a modificación do contrato. Este acordo someteuse á condición suspensiva de finalización do procedemento concursal sen liquidación de COCHERAS (punto 5º), así como o cumprimento dos seguintes requisitos por PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A. (punto 2º):

1. Levar ó contrato a unha situación de cumprimento, con relación os seus compromisos de financiamento de conformidade co contido da súa oferta "sobre 2 tomo 0 ; 3.2 Detalle de las fuentes de financiación", consonte requiríuselle no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 17 de abril de 2015.
2. Incrementar o capital social de COCHERAS OLÍVICAS ata a cifra prevista no artigo 5 dos seus Estatutos Sociais, o 10% do custo do investimento directo na concesión.
3. Achegar a contía de 1.675.000 euros para solventar a situación de falta de liquidez de tesourería de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A, que posibilite a viabilidade financeira da concesión.
4. Renunciar ao lucro cesante que deixará de percibir como consecuencia da modificación do contrato, por mor da non construción do aparcadoiro de Rosalía de Castro I, que se cifra, segundo o exposto no fundamento xurídico VI, en 1.722.000 euros.

**Décimo terceiro.-.-** En auto de 19 de novembro de 2015, o xulgado do mercantil número 2 de A Coruña decretou a conclusión do concurso "porque ya no existe la situación de insolvencia", consecuencia do cumprimento por parte do concesionario, PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., das súas obrigas contractuais de capitalizar a COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., e solventar a falta de liquidez da súa tesourería.

**Décimo cuarto.-** En data 27 de novembro de 2015, D. Constantino Seara Seara, en nome e representación de PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., e COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., presentou escrito manifestando:

1. A conclusión do concurso de acredores de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., decretada en auto do Xulgado do Mercantil 2 de A Coruña, de data 19 de novembro de 2015.
2. O cumprimento dos requisitos previos para a continuación da tramitación da modificación relativos a:

   - Capital social. Para dar cumprimento os requisitos 1 e 2 do punto 2º do acordo da XGL de 26.06.2015 aumentouse o capital social de COCHERAS a 4.130.089.

Extremo que acreditase con copia da escritura pública de elevación a público do acordo social de ampliación de capital.

- Tesourería. Acredita a achega de 1.675.000 euros á tesourería de COCHERAS axuntando copias compulsadas da escritura da constitución de préstamo participativo por PUENTES e COCHERAS, en data 25 de novembro de 2015, así como do movemento bancario que acredita a transferencia desta cantidade nunha conta corrente de COCHERAS.
- Renuncia ó lucro cesante que deixará de percibir como consecuencia da modificación do contrato e que se cifra, segundo o citado acordo en 1.722.000 euros.

**Décimo quinto.-** En data 4 de marzo de 2016, a XGL acordou tomar coñecemento da proposta de modificación e, previamente á adopción do acordo de modificación, remitir o expediente ó Consello Consultivo de Galicia para a emisión de ditame preceptivo, de conformidade co previsto no artigo 102.1 da Lei 30/1992 e na Lei 3/2014, de 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

En data 11 de maio de 2016, o Consello Consultivo de Galicia, no ditame nº82/2016, informa desfavorablemente a proposta de modificación do contrato. Como consecuencia do carácter desfavorable do ditame non se aprobou a proposta de modificación.

**Décimo sexto.-** En auto de data 20 de abril de 2017, o xulgado do mercantil número 1 de A Coruña, declarou en concurso voluntario de acredores á mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A. No mesmo auto nomease administradora concursal á sociedade RIVAS & MONTERO BUFETE DE ABOGADOS, S.L.P. (agora denominada ARISTEIA ABOGADOS, S.L.P., en adiante, ARISTEIA ou a administradora concursal).

En auto de data 7 de xuño de 2017, o citado xulgado acordou, no seo do procedemento concursal, a apertura da fase de liquidación do contrato.

**Décimo sétimo.-** En data 20 de xuño de 2017, D. Cristina Pedrosa Leis, en nome e representación de ARISTEIA, insta a este Concello a que proceda á resolución administrativa e liquidación da citada concesión, de conformidade coa lexislación de aplicación. Así mesmo, pon os aparcadoiros a disposición do Concello, requiríndolle para que os reciba canto antes, e en todo caso, no prazo máximo dun mes. Esta solicitude de resolución foi denegada por acordo da XGL de 10 de agosto de 2017. Este acordo foi impugnado pola administradora concursal, que interpuxo recurso contencioso-administrativo (recurso contencioso-administrativo nº 328/2017) ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo.

**Décimo oitavo.-** En auto do Xulgado do Mercantil nº 1 da Coruña de data 16 de Febreiro de 2018, acordase o cese da actividade empresarial da mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., así como a pechadura das oficinas, establecementos ou explotacións de que fose titular. Á vista do mesmo, o órgano de contratación requiriu a PUENTES, en data 1 de marzo de 2018, para que no prazo dun mes a contar desde a recepción da resolución, continuase coa xestión da citada concesión, apercibíndolle de que en caso contrario, esta

Administración procedería a resolución do contrato por incumprimento grave das súas obrigas esenciais ou a declarar a caducidade da mesma, segundo proceda".

**Décimo noveno.-** En data 5 marzo de 2018, ante a negativa de Puentes de continuar coa xestión do contrato, a XGL acordou aprobar o Plan económico- financeiro da concesión do servizo publico dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e Avenida de Castelao elaborado por Seixas Invest. S.L., e presentado na data 27 de decembro de 2017, o expediente de contratación relativo á citada concesión e abrir a licitación da mesma.
Este contrato foi adxudicado por acordo da XGL de 18 de outubro de 2018 á UTE WELGOOD CARSHARING, S.L.U. e TRANVIAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A., se ben aínda non está formalizado por canto a cláusula 60 do PCAP somete a formalización deste contrato á condición suspensiva.

**Vixésimo.-** En data 16 de marzo de 2018, a Administradora concursal comunicou por correo electrónico a esta Administración o peche dos aparcadoiros en data 31 de marzo de 2018, en cumprimento do citado auto do xulgado do mercantil número 1 de A Coruña de 16 de febreiro de 2018.

**Vixésimo primeiro.-** En data 27 de marzo de 2018, a XGL acordou:

> *"1º.- Declarar o incumprimento de PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., titular da concesión de servizo para a construción, por acordo da Xunta de Goberno Local (no sucesivo XGL) de data 21 de maio de 2007, da súa obriga de explotación dos aparcadoiros, polos motivos expostos no fundamento xurídico terceiro do presente informe.*
>
> *2º.-Asumir temporalmente a execución directa do servizo público de explotación dos aparcadoiros subterráneos de uso mixto situados nas rúas Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, consonte ao disposto no artigo 127.1.3ª RSCL.*
>
> *3º.- Continuar, a partir do 1 de abril de 2018, e nas mesmas condicións, cos contratos que actualmente están en vigor celebrados por COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., cos seguintes subcontratistas:*
>
> - *Contrato de data 20 de outubro de 2010, celebrado con Eulen, S.A., para os servizos de xestión de aparcamentos. O importe mensual deste contrato é de 21.221,06 euros.*
> - *Contratos de datas 18 de novembro de 2010 e de 9 de marzo de 2015 celebrados con Prosegur Transportes de Valores, S.A., que ten por obxecto o servizo de recollida de efectivo nos aparcadoiros de Jenaro e Castelao respectivamente. O importe mensual medio neste ano é de 280,50 euros.*
> - *Contratos de data 1 de abril de 2015 celebrados con Parkare Group, S.L., de mantemento de equipos para os aparcadoiros de Jenaro de la Fuente e Castelao. O importe mensual deste contrato é de 1.211,95 euros.*
> - *Contratos de data 1 de novembro de 2012 celebrados con Indra Sistemas, S.A., de mantemento de instalacións eléctricas, ventilación forzada,*

*protección de incendios e detección de monóxido de carbono. O importe mensual deste contrato é 600 euros.*

- *Contratos de data 10 de marzo de 2010 celebrados con Orona, Sociedad Cooperativa, de mantemento dos aparatos elevadores dos aparcadoiros sitos na avenida de Castelao e na rúa Jenaro de la Fuente. O importe mensual deste contrato é de 323,02 euros.*

*4º.- Autorizar o gasto para facer fronte a continuidade dos citados contratos no apartado anterior no mes de abril de 2018 para o cal existe consignación presupostaria na aplicación de nova creación 44122279900 "Financiamento aparcamentos Jenaro de la Fuente e Castelao".*

*5º.- Continuar cos contratos de subministracións de auga e electricidade aos aparcadoiros celebrados por COCHERAS OLIVICAS DE PUENTES, S.A.*

*6º.- Incoar expediente para determinar se procede declarar a resolución do contrato por incumprimento grave do concesionario das súas obrigas esenciais, ou, no seu caso, declarar a caducidade da concesión.*

*7º.- Dar traslado do presente acordo aos interesados con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa".*

Contra este acordo, COCHERAS OLIVICAS DE PUENTES, S.A. (recurso contencioso-administrativo nº 213/2018), e PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A. (recurso contencioso-administrativo nº 228/2018), interpusieron sendos recursos contencioso-administrativos, que foron acumulados por resolución do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, e na actualidade atópanse sub iudice.

**Vixésimo segundo.-** En data 30 de marzo de 2018, D. Cristina Pedrosa Leis, en nome e representación de ARISTEIA, procedeu a entregar os aparcadoiros de Jenaro de la Fuente e Castelao ao Concello de Vigo, que na actualidade está a xestionar os mesmos. As actas de recepción dos mesmos incorporanse sendos informes de igual data do sr. xefe de Vias e Obras e Infraestruturas, sobre o estado dos citados aparcadoiros, que presentan numerosas deficiencias.

**Vixésimo terceiro.-** En data 6 de febreiro de 2019, o Xulgado do contencioso-administrativo nº 1 ditou sentenza (nº36/2019) no recurso contencioso-administrativo nº 328/2017, citado no antecedente décimo sétimo deste escrito, na que se declara que o contrato resolveuse ó iniciarse a fase de liquidación no procedemento concursal. Contra esta sentenza presentouse recurso de apelación que foi inadmitido en resolución de 7 de xuño de 2019 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A Asesoría Xurídica Municipal presentou o escrito de preparación do recurso de casación contra a mesma en data 19 de xullo de 2019.

Na actualidade esta sentenza está en fase de execución provisional acordada por auto de 23 de abril de 2019 do o Xulgado do contencioso-administrativo nº 1.

**Vixésimo cuarto.-** En data 21 de febreiro de 2019, a XGL acordou:

*“1º.- Tomar coñecemento da proposta de resolución do contrato para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade por incumprimento do contratista das súas obrigas esenciais polos motivos expostos no corpo deste escrito.*

*2º.- Previamente á adopción do acordo de resolución, unha vez informado pola Asesoría Xurídica e fiscalizado pola Intervención Xeral deste Concello, remitir o expediente ó Consello Consultivo de Galicia para a emisión de ditame preceptivo, de conformidade co previsto no artigo 102.1 da Lei 30/1992 e na Lei 3/2014, de 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia”.*

**Vixésimo quinto.-** En data 24 de abril de 2019, o Consello Consultivo de Galicia, no seu ditame 80/2019, informa desfavorablemente a proposta de resolución por canto, consonte a sentenza citada no antecedente vixésimo terceiro a concesión resolveuse por ministerio da lei unha vez que o concurso de COCHERAS OLIVICAS entrou en fase de liquidación.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**-I-**

**Natureza do contrato e lexislación aplicable**

A concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, adxudicada por acordo da Xunta de Goberno Local (no sucesivo XGL) de data 21 de maio de 2007 á PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., pode cualificarse como contrato de xestión de servizo público.

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS).

Este contrato é definido pola lexislación contractual que resúltalle de aplicación como aquel mediante o cal as Administracións Públicas encomendan a unha persoa, natural o xurídica, a xestión dun servizo público (artigo 154.1 LCAP).

A súa regulamentación específica está contendida no título II do libro II da LCAP e no Regulamento de servizos das corporacións locais. Tamén lle serán de aplicación os preceptos establecidos na LCAP para o contrato de concesión de obras públicas (título V do libro II), por imperativo do artigo 158.2 LCAP, por comprender tamén a execución de obras.

**-II-**

**Do titular da concesión**

O contrato que nos ocupa foi adxudicado a un grupo empresarial, PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A. O adxudicatario manifestou na Memoria incluída no sobre 2 (apartado 3), no Plan Económico Financeiro (subapartado 3.2), a súa intención de constituír unha sociedade unipersoal para a xestión da concesión en caso de resultar adxudicataria. Consecuentemente, unha vez adxudicado o contrato, a entidade adxudicataria do contrato constituíu a sociedade anónima unipersoal, COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., cun capital social de 61.000 euros e solicitou á Administración a autorización de formalización do contrato con esta sociedade.

A lexislación pola que se rexe este contrato permitía que o adxudicatario dunha concesión de obra pública puidese constituír unha sociedade ad-hoc para a explotación da mesma. Esta posibilidade foi introducida pola Lei 13/2003, de 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas, nos artigos 230 e 232.3 do TRLCAP.

Pero o contrato que nos ocupa non é unha concesión de obra pública senón de xestión de servizo público con obra. O PCAP que o regula non prevé a posibilidade de constituír unha sociedade concesional para a explotación da concesión, e en consecuencia non a regula, se ben esta figura resulta admisible a teor do disposto nos artigos 156.a e 232.3 do TRLCAP.

Consecuentemente, dado que o adxudicatario da concesión na súa oferta manifestou a súa vontade de constituíla e solicitou a esta Administración a formalización do contrato coa mesma, a XGL tomou razón da constitución deste sociedade instrumental e acordou a extensión dos efectos da adxudicación do contrato á mesma, formalizándose o contrato con ela.

Máis esta extensión de efectos non implica que esta Administración teña atribuído en ningún momento a cualidade de concesionario a esta sociedade instrumental, senón que sempre considerou concesionario a PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A.

Avalaría esta tese o feito de que, os contratos, de acordo coa lexislación pola que se rexe o presente, se perfeccionan coa súa adxudicación (artigo 53 TRLCAP). En consecuencia, o adxudicatario deste contrato non é COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, senón, a tenor do acordo de adxudicación, PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A.

Así o recoñece o propio concesionario en escrito de 21 de xuño de 2007, no que tras recordar o seu compromiso de constituír unha sociedade concesionaria unipersoal de resultar adxudicatario manifesta que “procede se complete el acuerdo de la Junta de Gobierno Local de 21 de mayo de 2007, en el sentido de precisar que **si bien la adjudicación del lote 2 del concurso es a PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A.**, esta constituirá una sociedad concesionaria, unipersonal, a la que

aportará el capital comprometido, y con la que se otorgará el contrato adjudicado. Su denominación será COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.", solicitándoo así ó órgano de contratación.

Avala tamén esta interpretación a circunstancia de que COCHERAS nunca ten sido unha sociedade diferente de PUENTES. Sempre existiu confusión entre a sociedade matriz e a instrumental, motivada por circunstancias tales como:

- Que PUENTES é socio único de COCHERAS.
- Que PUENTES é o seu administrador único.
- O apoderado de ambas empresas é o mesmo.
- COCHERAS nunca tivo persoal propio.
- O seu domicilio social é o de PUENTES.
- A construción dos aparcadoiros foi realizada polo propio grupo PUENTES, en concreto por PUENTES INFRAESTRUCTURAS.

O problema que representan as sociedades concesionais que se constitúen con forma de sociedade de responsabilidade limitada ou de sociedade anónima, é que posúen un escaso capital social con relación á sociedade matriz, pois a lei non fixa un capital mínimo as mesmas, polo que é frecuente que se lles dote do capital mínimo esixido pola Lei para este tipo de sociedades mercantís.

En virtude do interese público subxacente aos contratos públicos, a nosa lexislación contractual esixe aos licitadores, ademais de posuír personalidade xurídica e plena capacidade de obrar, unhas condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica que garantan a boa execución do contrato (artigo 15 TRLCAP e 62 TRLCSP). Así, o artigo 15 TRLCAP determina que "Poderán contratar coa Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, requisito este último que será substituído pola correspondente clasificación nos casos en que con arranxo a esta lei sexa esixible. Especificando o artigo 16 (artigo 75 TRLCSP) os medios de acreditar a solvencia económica ou financeira e os artigos 17 a 19 (artigos 76 a 79) os medios de acreditación da solvencia técnica ou profesional en cada tipo de contrato.

Non tería sentido e resultaría contraditorio que a lexislación impoña as Administracións públicas para contratar, a obriga de esixir os licitadores, ademais de capacidade, unha determinada solvencia para ser admitidos nunha licitación, e que unha vez adxudicado o contrato, permita que o adxudicatario constitúa unha sociedade instrumental para xestionar a concesión outorgada, que como novo suxeito de dereito, non é posible que posúa a solvencia técnica esixida para a licitación, e sen esixirlle ó menos a mesma solvencia económica que a entidade matriz concesionaria. Admitir o contrario, suporía trasladar a xestión dun servizo público e a responsabilidade inherente á mesma, a outro suxeito con menor capital social, e en consecuencia, menor solvencia económica, e correndo o risco, como no caso que nos ocupa, de que acabe sendo insolvente ante perdas de escasa entidade, circunstancia, por outro lado, que non é infrecuente en contratos de larga duración, que como a concesión de servizo público poden acadar unha duración de 50 anos (artigo 157.1.a TRLCAP). Ao longo deste período os contratos vense afectados polas vicisitudes polas que atravesa a economía, que é ben sabido que é cíclica, alternándose os períodos de

bonanza económica cos períodos de crise. E o concesionario dun servizo público deberá posuír capacidade económica suficiente para afrontar estas épocas de crise, pois non podemos perder de vista o feito de que é consubstancial á concesión pública que o concesionario xestiona o seu risco e ventura. O contrario faría perigar a boa xestión do servizo público e someter a prestación do mesmo aos avatares da economía do concesionario.

Nalgúns casos esta figura da sociedade concesional é só unha farsa por canto as concesións son xestionadas directamente pola sociedade matriz con persoal propio, polo menos a nivel directivo, e como máximo a sociedade concesional ten persoal propio dedicado á xestión cotiá da concesión.

A sociedade matriz pode verse tentada, si a concesión, polas razóns que sexan, non resulta tan rendible como estaba previsto, a deixar que a sociedade concesional acabe nunha situación de insolvencia que derive nun procedemento concursal, ou simplemente abandone a xestión e provoque a resolución do contrato, pois a nosa lexislación impón a Administración a obriga de aboar o prezo das obras construídas, con independencia da existencia, ou non, de culpa ou responsabilidade do concesionario na mesma.

O mesmo ocorrería se o concurso acabase en liquidación, con independencia da culpa ou non da sociedade concesionaria na súa insolvencia.

En ambos casos, a Administración vén obrigada a resolver o contrato e a abonar o prezo das obras e instalacións que, executadas por este, vaian a pasar a propiedade daquela, tendo en conta o seu estado e o tempo que reste para a reversión" (artigo 169 TRLCAP), o que podería producir un grave quebranto nas arcas públicas.

A concesión que nos ocupa foi adxudicada a un grupo de empresas, que no momento de presentarse á licitación acreditou ter solvencia económica presentando a cifra global de negocios dos tres anos anteriores ó da licitación,(116.802.959 euros, no ano 2003; 143.025.684 euros, no ano 2004 e 181.721.191 euros, no ano 2005), e con informes de diferentes entidades financeiras. En concreto, no informe da entidade financeira Sabadell Atlántico se declara que ten capacidade para facer fronte as obrigas derivadas do contrato ata unha contía de 70.000.000 de euros. E acreditou a solvencia técnica xustificando a realización de traballos de natureza análoga e mediante a descrición do equipo técnico á adscribir á execución do contrato. O grupo PUENTES, tal e como se deduce do informe do Administrador concursal obrante no expediente, a día de hoxe non tería problemas para a execución do contrato. Di este informe que "COCHERAS pertenece a un grupo de empresas, que encabeza su socio único PUENTES, y creemos que tiene pulmón financiero suficiente para llevar a cabo la construcción de los Aparcamientos Rosalía. Distinto es, que con la situación actual planteada (reducción de plazas en torno a un 40% con el segundo proyecto modificado respecto al proyecto inicial) sea viable económicamente la inversión requerida" (páxina 38). En virtude das obrigas asumidas na súa oferta de capitalizar a súa sociedade instrumental en caso de perdas, debería aportar o capital necesario para subverter a situación de insolvencia puntual que se ten producido na súa sociedade instrumental".
Pois ben, a xuízo da informante, é un fraude de lei que PUENTES se presente á licitación da concesión, constrúa os aparcadoiros que non ofreceron problemas, e tras un breve período de explotación, dado que esta non resulta rendible, tente a resolución do contrato pola vía

de solicitar o concurso voluntario de acredores da sociedade instrumental encargada da xestión do mesmo, incumprindo as súas obrigas de capitalizala.

A xurisprudencia do Tribunal Supremo establece sobre o fraude de lei que " El art. 6.4 del Código Civil establece que los actos realizados al amparo del texto de una norma que persigan un resultado prohibido por el ordenamiento jurídico, o contrario a él, se considerarán ejecutados en fraude de ley y no impedirán la debida aplicación de la norma que se hubiere tratado de eludir. Como reitera la jurisprudencia, el fraude de ley requiere como elemento esencial, un acto o serie de actos que, pese a su apariencia de legalidad, violen el contenido ético de los preceptos en que se amparan, ya se tenga o no conciencia de burlar la ley (SS, entre otras, 17 abril 1997, 3 febrero 1998, 21 diciembre 2000). Se caracteriza (SS, entre otras, 4 noviembre 1994, 23 enero 1999, 27 mayo 2001, 13 junio 2003) por la presencia de dos normas: la conocida, denominada de «cobertura», que es a la que se acoge quien intenta el fraude, y la que a través de ésta se pretende eludir, que es la norma denominada «eludible o soslayable», amén de que ha de perseguir un determinado resultado contrario a lo ordenado o prohibido imperativamente (S 27 marzo 2001 y 30 septiembre 2002). Es claro, que no se requiere la intención, o conciencia, o idea dirigida a burlar la ley (SS 17 abril 1997, 3 febrero 1998 y otras), pero es preciso que la ley en que se ampara el acto presuntamente fraudulento no le proteja suficientemente (S 23 febrero 1993) y, que la actuación se encamine a la producción del resultado contrario o prohibido por una norma tenida como fundamental en la materia, y tal resultado se manifieste de forma notoria e inequívocamente (SS 4 noviembre 1982 y 30 junio 1993)" (STS Sala 1ª, de 28 de xaneiro de 2005, recurso 3579/1998).

E, en opinión da que subscribe, é un fraude de lei acudir a xurisdición mercantil e solicitar un concurso voluntario de acredores, para tentar lograr a resolución do contrato. Concurso evitable so con cumprir o grupo Puentes as obrigas ás que se comprometeu na súa oferta, aportando capital a sociedade instrumental, e ás que lle impoñen os estatutos de COCHERAS na súa calidade de socio único da mesma de dotala de capital para afrontar a xestión e remediar os desequilibrios patrimoniais que puidesen producirse durante a vida da concesión.

Supón a aplicación de normas con fins distintos ós previstos polo ordenamento xurídico. Solicita o concurso cunhas pequenas perdidas, perfectamente asumibles polo grupo empresarial so coa finalidade de rematar coa liquidación e conseguir así a resolución do contrato sen culpa, evitando así a aplicación da lexislación administrativa, e en concreto, a contractual.

O único concesionario ten sido PUENTES. COCHERAS nunca tivo persoal propio, nin oficinas, nin ten intervido na xestión da concesión. Subcontratou calquera aspecto da mesma con terceiros. O subcontratistas recibían instrucións directamente de empregados de PUENTES. Non parece lícito que ante as primeiras dificultades e tendo transcorrido so pouco máis dunha quinta parte do período concesional PUENTES non capitalice a súa instrumental, esta sexa liquidada nun procedemento concursal e esta Administración teña que afrontar o custe de desembolsar o prezo de construción dos aparcadoiros. O lóxico é que PUENTES afronte a súa responsabilidade nesta situación e aboe a esta Administración os danos e prexuízos ocasionados, os cales deberán ser determinados no posterior proceso de liquidación do contrato.

En conclusión, unha empresa solvente do ramo da construción acude a unha licitación so co fin de construír os aparcadoiros, sen ter vontade de xestionar os mesmos, e creando ao efecto unha sociedade instrumental que é so unha pantalla, pois a xestión cotiá está en mans dos empregados da primeira e empresas subcontratadas.

No entanto, esta postura municipal ten sido rechazada pola sentenza 36/2019 do Xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Vigo e a do TSJG que a confirma, citada no antecedente vixésimo terceiro, que determinan que o único concesionario é COCHERAS. Na actualidade, contra esta última sentenza foi presentado escrito de preparación do recurso de casación.

**-III-**

**Da resolución**

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ó órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a acordar a resolución dos contratos e determinar os seus efectos (artigos 59.1 TRLCAP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato no artigo 30 PCAP.

A resolución é unha das formas de finalización do contrato administrativo. A lexislación contractual subsume baixo este termo todas as causas de extinción do vínculo contractual distintas da súa conclusión por cumprimento. Presupón, pois, a aparición dalgunha circunstancia na vida do contrato que impida ou faga inconveniente a súa prosecución ata a súa normal extinción. En definitiva, por resolución entende a lei todas aquelas causas de finalización anticipada do contrato. Neste senso establece o artigo 109 TRLCAP que os contratos se extinguirán por cumprimento ou resolución.

Dunha interpretación conxunta dos artigos 111 e 167 da TRLCAP, que establecen as causas de resolución dos contratos en xeral e as especificas do contrato de xestión de servizos públicos respectivamente, podemos concluír que son causas de resolución deste tipo de contratos as seguintes:

a) A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista.

b) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.

c) O mutuo acordo entre a Administración e o contratista.

d) A falta de prestación polo contratista da garantía definitiva ou as especiais ou complementarias daquela en prazo nos casos previstos na Lei e a non formalización do contrato en prazo.

e) O incumprimento das restantes obrigacións contractuais esenciais.

f) Aquelas que se establezan expresamente no contrato.

g) Demora superior a seis meses por parte da Administración na entrega ó contratista da contraprestación ou dos medios auxiliares a que se obrigou segundo o contrato.

h) O rescate do servizo pola Administración.

i) A supresión do servizo por razóns de interese público.

j) A imposibilidade da explotación do servizo como consecuencia de acordos adoptados pola Administración con posterioridade ó contrato.

Respecto a causa da resolución da concesión que nos ocupa existe unha controversia. A citada sentenza 36/2019 do Xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Vigo unha vez fixado que o concesionario é COCHERAS considera a concesión resolta por ministerio da lei unha vez que o concurso promovido por esta entrou en fase de liquidación. Así o determina o artigo 112.2 do TRLCSP o dicir que "en caso de concurso, a apertura da fase de liquidación orixinará sempre a resolución do contrato".

Esta Administración, pola contra, considera que o concesionario é PUENTES e que a resolución é por incumprimento das súas obrigas contractuais esenciais.

Ilo é así porque o concurso ven propiciado por unha situación de insolvencia evitable se PUENTES tivese cumprido as súas obrigas de capitalización da sociedade instrumental asumidas, primeiro na súa oferta, e posteriormente nos estatutos da sociedade instrumental. Así mesmo, tras a liquidación da sociedade instrumental PUENTES ten rehusado continuar coa explotación da concesión, tras ser requirido en dúas ocasións polo órgano de contratación.

Sexa por incumprimento ou por ministerio da lei, o certo é que o que procede é recoñecer a resolución da concesión, paso previo e necesario para iniciar o procedemento de liquidación deste contrato, tal e como esixe o Xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Vigo en fase de execución provisional da sentenza 36/2019 no auto de 23 de abril de 2019.

A lei, cando o contrato se resolva por incumprimento culpable ó contratista determina como efecto no artigo 113 que seralle incautada a garantía definitiva, e establece que o acordo de resolución deberá conter pronunciamento expreso sobre a procedencia ou non da perda, devolución o cancelación da garantía definitiva. No obstante, no caso que nos ocupa non procede determinar se procede ou non a incautación das garantías, por canto nos atopamos en fase de execución provisional dunha sentenza que fixa outra causa de resolución, a saber, o inicio da fase de liquidación do contratista no seo dun procedemento concursal.

Por outra banda, as garantías están afectas a boa execución do contrato (artigo 43 TRLCAP), cuestión que será preciso dirimir en fase de liquidación do contrato.

En consecuencia, de momento as garantías continúan depositadas na Tesourería municipal ata que se acorde a liquidación do contrato.

**-IV-**

## Da liquidación da concesión

Unha vez extinguido un contrato, sexa por cumprimento ou resolución (artigo 109 TRLCSP), procede liquidar o mesmo. Polo tanto, a liquidación é unha consecuencia da extinción do contrato. A súa finalidade é determinar os saldos resultantes a favor ou en contra das partes e proceder a seu aboamento.

O TRLCAP non regula, nin o procedemento de resolución, nin o procedemento de liquidación dos contratos. Con respecto ao primeiro remite á súa regulación a un posterior regulamento no seu artigo 112. O mesmo está regulado no artigo 109 do RLCAP.

Tampouco determina a lei se a liquidación do contrato debe efectuarse no procedemento de resolución ou noutro posterior. Limitase a establecer os efectos da resolución no artigo 113.

No entanto, da doutrina dos órganos consultivos parece deducirse que unha vez declarada a resolución do contrato, a liquidación poderá tramitarse nun procedemento posterior. Eso si, sempre que sexa preciso a determinación dos danos e prexuízos por non ser cubertos estes pola garantía incautada.

Así, o Ditame do Consejo de Estado nº 1956/2009, de 22 de decembro, di que "*En cuanto a las consecuencias de dicha resolución por incumplimiento culpable de la contratista, establece el artículo 113.4 de la LCAP que procederá la incautación de la garantía y la indemnización a la Administración de los perjuicios ocasionados "en lo que excedan del importe de la garantía incautada". Para calcular si existe tal exceso y cuál es su cuantía, deberá instruirse un expediente contradictorio*".

Na mesma liña da STS 5775/2016 parece deducirse que a liquidación deberá efectuarse unha vez resolto o contrato, "*La última potestad reclamada por la Administración tiene como objeto la liquidación del contrato una vez extinguido por resolución. Ante todo, ha de precisarse que la cuestión planteada no versa sobre la atribución a la Administración de la potestad para liquidar el contrato concesional una vez resuelto, pues tal atribución resulta claramente de la legislación aplicable*".

Con respecto aos trámites do procedemento de liquidación, será preceptiva a audiencia ao contratista, pois tal e como se sinala na citada doutrina, o expediente deberá ser contraditorio.

Como se ten dito, o procedemento de liquidación carece de regulación e non ten fixado expresamente un prazo de resolución. Tampouco o prego de cláusulas administrativas que rexe esta concesión o regula. No entanto, no caso da liquidación da concesión de obras públicas, o artigo 266.1 do TRLCAP fixa un prazo de seis meses para a realización do cálculo da indemnización que corresponde ao concesionario polos investimentos realizados, excepto que no prego se fixe outro diferente. Este precepto poderá aplicarase á concesión de xestión de servizos públicos por analoxía, máxime neste caso en que a concesión é de xestión de servizos con obra.

**-V-**

**Do cumprimento da condición suspensiva do novo contrato de xestión de servizo dos aparcadoiros de Jenaro de la Fuente e Castelao**

En data 5 marzo de 2018, a XGL acordou aprobar o expediente de contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao 1.789-449 e abrir a licitación da mesma.

Este contrato foi adxudicado por acordo da XGL de 18 de outubro de 2018 á UTE WELGOOD CARSHARING, S.L.U. e TRANVIAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A., se ben aínda non está formalizado por canto a cláusula 60 do PCAP somete a formalización deste

contrato á condición suspensiva. Segundo a mesma o “contrato non poderá formalizarse ata que se resolva a vixente concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, adxudicada a PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., por acordo da Xunta de Goberno Local data 21 de maio de 2007”.

Toda vez que produciuse a resolución da concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, cumpriuse a condición suspensiva e procede formalizar o contrato da nova concesión.

**-VI-**

**Competencia**

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención xeral (artigo 114.3 TRRL e apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

**ACORDO**

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*“1º.- Tomar coñecemento do ditame 80/2019 do Consello Consultivo citado no antecedente vixésimo quinto deste informe.*

*2º.- Resolver o contrato para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade conforme ó disposto no fundamento xurídico III deste escrito.*

*3º.- Incoar procedemento para a liquidación da citada concesión.*

*4º.- Ter por cumprida a condición suspensiva regulada na cláusula 60 do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (expediente 1.789-449) e proceder a formalización do contrato.*

*5º.- Dar traslado deste acordo aos Rexistros da Propiedade nº 1, 2 e 3 aos efectos oportunos.*

*6º.- Notificar o presente acordo ós interesados.*

*7º.- Dar traslado do presente acordo á Asesoría Xurídica municipal ós efectos de comunicarllo ó Xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Vigo.*

*8º.- Dar traslado do presente acordo ó servizo de Contratación ós efectos de formalizar a concesión citada no punto quinto.”*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(733).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE O CONTRATO DE SERVIZOS DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE PARQUES INFANTÍS, ÁREAS BIOSAUDABLES, AREAS DEPORTIVO XIMNÁSTICAS E MOBILIARIO URBANO DO CONCELLO DE VIGO EXPTE.12238/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 13/08/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área, a letrada xefa de Asesoramento de Asesoría Xurídica e o interventor xeral, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas e ximnásticas e mobiliario urbano do Concello de Vigo (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas e ximnásticas e mobiliario urbano do Concello de Vigo (PPT).

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En data 10 de outubro de 2014, a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación de servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, areas deportivo ximnásticas e mobiliario urbán do concello de Vigo, autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación.

**Segundo.-** En data 10 de abril de 2015 a XGL acordou:

*“Adxudicar á Ferrovial Servicios, S.A., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, areas deportivo ximnásticas e mobiliario urbán do concello de Vigo (expediente 7524-446), por un prezo de 1.412.609,52 euros (IVE engadido). Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”*

**Terceiro.-** O presente contrato foi modificado por acordo da XGL:

- En data 13 de maio de 2016 (expediente 8732-446). Esta primeira modificación foi dun 6,54 % do prezo de adxudicación, se ben o primeiro 5% non repercutiu no mesmo consonte ó disposto no apartado 16.E da FEC do prego de cláusulas administrativas particulares.
- En data 18 de decembro de 2018 (expediente 9688-446). Esta segunda modificación foi dun 1,11 % do prezo de adxudicación.
- En data 11 de abril de 2019 **(**expediente 11811-446). Esta terceira modificación foi dun 0,04 % do prezo de adxudicación.

**Cuarto.-** En data 26 de xullo de 2019 o xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, informa que producíronse alteracións nos listados das zonas obxecto do contrato por incremento de superficie en Parques infantís, incremento de unidades de Bancos e incremento de unidades de Bebedeiros; así como a detracción de superficies de áreas biosaudables. E en consecuencia, propón a modificación do contrato.

**Quinto.-** En data 26 de xullo de 2019 a Concelleira delegada de Contratación acordou:

*“1º.- Iniciar o procedemento para a modificación do contrato de servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, areas deportivo ximnásticas e mobiliario urbano do concello de Vigo nos termos que constan no informe do xefe do Servizo de Parques e Xardíns de data 11 de xullo de 2019, que consistirán nun incremento de superficie en áreas de parques infantís, nunha detracción de superficie en áreas biosaudables e nun incremento de unidades de bancos e bebedoiros nos termos sinalados no citado informe.*

*2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 6.373,77 €, que se distribuirían orzamentariamente da forma seguinte:*

| Ano de aplicación | Período | Importe | % Adxudicación do prezo do contrato |
|---|---|---|---|
| Ano 2019 | Do 1 de Agosto o 31 de decembro | 2.264,79 | 0,16 |
| Ano 2020 | Do 1 de xaneiro o 31 de Abril | 4.108,98 | 0,29 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Total | | 6.373,77 | 0,45 |

*Este importe pódese cargar á partida 1710.2279902 MANTEMENTOS DE PARQUES INFANTÍS E BIOSALUDABLES, con cargo á bolsa de vinculación.*

*3º.- No suposto de que a formalización da modificación do contrato sexa posterior a data indicada no informe do xefe do Servizo de Parques e Xardíns, o importe da modificación sufrirá o desconto proporcional que corresponda.*

*4º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.*

*5º.- Dar audiencia a Ferrovial Servicios, S.A., por prazo de dez días para que formule as alegacións que o seu dereito conveñan".*

**Sexto.-** En data 2 de agosto de 2019, durante o trámite de audiencia conferido ao efecto, o contratista manifesta a súa conformidade coa modificación proposta

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### -I-
### Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP.

Hai que ter en conta que se ben con respecto ao procedemento que regula o exercicio das potestades do órgano de contratación no seo do contrato, a normativa de aplicación é a vixente no momento de exercitar a citada potestade, neste caso a modificación, por aplicación das disposicións transitorias do Código Civil (Ditames 403/09, de 15 de decembro e 380/10, de 10 de novembro do Consejo Consultivo de la Comunidad de Madrid). Así o considera tamén a Sección de Ditames deste Consello Consultivo de Galicia, que na súa reunión do 13.2.2019, acordou, por unanimidade, interpretar a Disposición Transitoria Primeira, número segundo, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, de 26.2.2014 (en adiante, LCSP) no sentido de que a remisión normativa cínguese aos aspectos substantivos da lei, regulándose os aspectos procedementais pola nova normativa, na medida en que o procedemento se inicie con posterioridade á entrada en vigor da mesma, segundo a liña

marcada polo ditame do Consejo de Estado 3062/1998, do 10 de setembro, e o Ditame 403/2009 do Consejo Consultivo de Madrid, e consolidando a opinión exposta por este Consello no CCG 55/2019, que supuxo un cambio de criterio con respecto a un pronunciamento previo e puntual (CCG 250/2018).

Polo tanto, a xuízo deste órgano, a normativa procedimental propia da modificación de contratos é a prevista na nova LCSP.

**-II-**

**Da modificación dos contratos**

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 210 TRLCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 (artigo 105 TRLCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analizalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas. Así evítanse conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigo 1 e 139 do TRLCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 106 TRLCSP):

- Os supostos nos que poderá modificarse o contrato. Deberán definirse con total concreción por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva.
- As condicións da eventual modificación deberán precisarse cun detalle suficiente para permitir aos licitadores a súa valoración a efectos de formular a súa oferta e ser tomadas en conta no que se refire á esixencia de condicións de aptitude aos licitadores e valoración das ofertas.
- O alcance e límites das modificacións que poden acordarse con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar.
- O procedemento que teña que seguirse para a modificación.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato cando concorran as seguintes circunstancias (apartado 16.C da FEC):

- Alteracións producidas na superficie dos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas ou redución de unidades de bancos ou bebedeiros

- Incorporación de novos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas ou unidades de bancos ou bebedeiros.

Se concorresen estas circunstancias, poderán modificarse os seguintes aspectos do contrato (apartado 16.B da FEC):

- Diminución ou incremento da superficie dos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas e unidades de bancos ou bebedeiros obxecto deste contrato.

Se ben se establece como límite que a modificación non poderá superar o 10% do prezo de adxudicación do contrato (apartado 16.D da FEC).

No PCAP fíxanse as seguintes especialidades no procedemento a seguir en caso de modificación:

- O incremento da superficie dos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas ou de unidades de bancos ou bebedeiros cuxo mantemento é obxecto deste contrato inferior ó 5 % do prezo de adxudicación, non afectará ó prezo do contrato segundo o disposto no apartado 3.1. do prego de Bases Técnicas. Se os incrementos, illada ou conxuntamente, superan esta porcentaxe se incrementará en proporción o prezo do contrato pero excluíndo sempre o 5% exento de pago.

- Para calcular o valor da modificación se aplicará á superficie da zona a incrementar ou diminuír o prezo unitario correspondente dos previstos no apartado 3.F desta FEC ó que se aplicará a porcentaxe de baixa do prezo ofertado polo adxudicatario respecto do prezo do contrato fixado no apartado 3.A.

- En caso de incremento da superficie dos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas ou de unidades de bancos ou bebedeiros, poderá modificarse o contrato sen que o seu prezo experimente variación, mediante a reorganización do servizo, variando outros aspectos tales como a frecuencia de mantemento, a intensidade, etc.

A modificación obxecto deste informe ven motivada pola variación da superficie dos parques infantís e áreas biosaudables municipais obxecto deste contrato e o incremento de bancos e bebedeiros, orixinadas polas seguintes causas:

- Por ampliacións da superficie dos parques infantís como consecuencia da execución de obras de remodelación dos de Maruja Mallo, Bouzas e Jenaro de la Fuente.
- Por incremento de unidades de bebedeiros e de bancos.
- Pola detracción de superficie da área biosaludable de Maruja Mallo cuxa superficie ocupase na súa totalidade polo parque infantil.

Todos estes cambios se detallan no informe emitido polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns en data 26 de xullo de 2019, que se reproduce a continuación:

*"**2.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN:***

Considerando os prezos vixentes, segundo acordo XGL de data 27/09/2018, que aparecen reflectidos a continuación:

| Tipoloxías | Prezo unitario vixente/ano |
|---|---|
| Parques infantís ($m^2$) | 6,21 |
| Áreas biosaludables ($m^2$) | 6,21 |
| Áreas deportivas ximnásticas ($m^2$) | 6,21 |
| Bancos (unidades) | 15,1 |
| Bebedeiros (unidades) | 8,67 |

valóranse as alteracións producidas nos listados das zonas obxecto do contrato por:

**2.1.- Incremento de Superficie/Unidades**

**2.1.1. Incremento de superficie en Parques infantís.**

Os parques infantís incrementaron a súa superficie como consecuencia da execución de obras de remodelación das áreas. Os datos relacionados ca formación de estas áreas aparecen reflectidos no seguinte cadro:

| Parques Infantís | Expediente | Acta de comprobación del replanteo | Acta de recepción prevista | Superficie ($m^2$) | Periodo de Mantemento | Periodo de garantía |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Maruja Mallo | 12072/446 | 14/05/2019 | 15/07/2109 | 741,6 | 6 meses | 10 años |
| Bouzas | 12093/446 | 21/05/2019 | 08/07/2109 | 220,06 | 6 meses | 10 años |
| Jenaro de la Fuente | 12106/446 | 3/06/2019 | 4/09/2109 | 910,79 | 0 meses | 10 años |

**Cadro de importes de mantemento por Áreas.**

| Parques Infantís | Superficie ($m^2$)/unidades | Prezo Unitario(€/ano) | Importe Diario(€/día) | Importe mensual (€/mes) | Importe Anual (€/ano) |
|---|---|---|---|---|---|
| P.I Jenaro de la Fuente | 910,79 | 6,21 | 15,71 | 471,33 | 5.656,00 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| P.I Bouzas | 220,06 | 6,21 | 3,80 | 113,88 | 1.366,57 |
| P.I Maruja Mallo | 741,60 | 6,21 | 12,79 | 383,78 | 4.605,34 |
| **Total** | 1872,45 | | | **968,99** | **11.627,91** |

**Cadro de importes de mantemento por periodos anuais.**

| **Parques Infantís** | **Superficie ($m^2$)** | **Prezo Unitario (€/ano)** | **Inicio de Mantemento** | **Importe Ano 2019 (€/ano)** | **Importe Ano 2020 (€/ano)** |
|---|---|---|---|---|---|
| P.I Jenaro de la Fuente | 910,79 | 6,21 | 04/09/2019 | 1.822,47 | 1.885,32 |
| P.I Bouzas | 220,06 | 6,21 | 09/01/2020 | ,00 | 425,60 |
| P.I Maruja Mallo | 741,60 | 6,21 | 15/01/2020 | ,00 | 1.355,74 |
| **Total** | 1872,45 | | | **1.822,47** | **3.666,66** |

**2.1.2- Incremento de nº de bancos**

| **Bancos** | Prezo Unitario(€/ano) | Importe mensual (€/mes) | Importe Anual (€/ano) |
|---|---|---|---|
| 106 unidades | 15,10 | 133,38 | 1.600,56 |
| | | **133,38** | **1.600,56** |

**2.1.3.- Incremento de nº de bebederos.**

| **Bebederos** | Prezo Unitario (€/ano) | Importe mensual (€/mes) | importe Anual (€/ano) |
|---|---|---|---|
| 6 unidades | 8,67 | 4,34 | 52,02 |
| | | **4,34** | **52,02** |

**2.2.- Detracción de Superficie/Unidades**

Se detrae a Área Biosaludable existente na praza de Maruja Mallo porque a superficie ocupase na sua totalidade polo parque infantil.(Expediente 11685/446)

| **Tipoloxías** | Superficie ($m^2$). | Prezo Unitario(€/ano) | Importe mensual (€/ano) | Importe Anual (€/ano) |
|---|---|---|---|---|
| P. B. Maruja Mallo | 52,45 | 6,21 | -27,14 | -325,71 |

O coste total da ampliación para un ano de prestación é:

***Cadro por tipoloxías***

| **Tipoloxias** | Superficie ($m^2$)/unidades | Prezo Unitario(€/ano) | Importe mensual (€/mes) | Importe Anual (€/ano) |
|---|---|---|---|---|
| P.I Jenaro de la Fuente | 910,79 | 6,21 | 471,33 | 5.656,96 |
| P.I Bouzas | 220,06 | 6,21 | 113,88 | 1.366,56 |
| P.I Maruja Mallo | 741,60 | 6,21 | 383,78 | 4.605,36 |
| P. B. Maruja Mallo | 52,45 | 6,21 | -27,14 | -325,68 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Bebedeiro | 6 | 8,67 | 4,34 | 52,08 |
| Bancos | 106 | 15,10 | 133,38 | 1.600,56 |
| **Total Importe** | | | **1.079,57 €** | **12.955,84 €** |

***Cadro resumen***

| **Tipoloxías** | **Importe Anual** |
|---|---|
| P.I Jenaro de la Fuente | 5.656,96 |
| P.I Bouzas | 1.366,56 |
| P.I Maruja Mallo | 4.605,36 |
| P. B. Maruja Mallo | -325,68 |
| Bebedeiro | 52,08 |
| Bancos | 1.600,56 |
| **Total Importe** | **12.955,84 €** |

Considerando que a prestación se inicie o 1 de setembro de 2019 os cálculos económicos son:

| **Tipoloxías** | Importe Ano 2019 (€/ano) | Importe Ano 2020 (€/ano) |
|---|---|---|
| P.I Jenaro de la Fuente | 1.822,47 | 1.885,32 |
| P.I Bouzas | ,00 | 425,60 |
| P.I Maruja Mallo | ,00 | 1.355,74 |
| P. B. Maruja Mallo | -108,56 | -108,56 |
| Bebedeiro | 17,36 | 17,36 |
| Bancos | 533,52 | 533,52 |
| **Total Importe** | **2.264,79 €** | **4.108,98 €** |

O importe total da modificación é de 12.954,82 €/ano, é dicir, 1.079,57€/mes.
Con data 9/06/2016, empezouse a prestar a 1º modificación do contrato (expediente 8732/446) o que supuxo un incremento do custe de 89.305,41€, dos que 70.630,47 € estaban exentos de custe (5% do importe de adxudicación), con data 17/12/2018 empezouse a prestar a 2º modificación do contrato (expediente 9688/446), o que supuxo un incremento do custe de 15.086,32 €, e con data 11/04/2019 empezouse a prestar a 3º modificación do contrato (expediente 11811/446), o que supuxo un incremento do custe de 539,10€, e que representa un 0,04% do prezo de adxudicación. Dado que o importe do contrato pódese incrementar ata o 10% do importe de adxudicación (141.260,95€) ao longo de todo o contrato restan por consumir 35.327,97€.

Os importes económicos que se imputarán, durante os 8 meses de contrato, son:

| **Ano de apli-cación** | **Período** | **Importe** | **% Adxudicación do prezo do contrato** |
|---|---|---|---|
| Ano 2019 | Do 1de Agosto o 31 de decembro | 2.264,79 | 0,16 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Ano 2020 | Do 1 de enero o 31 de Abril | 4.108,98 | 0,29 |
| **Total** | | **6.373,77** | **0,45** |

O custe mensual do contrato, unha vez aprobada a 4ª modificación, será variable dependendo da mensualidade, non superando os **35.522,65 €/mes** como resultado de sumar ao importe do contrato actual (34.443,08 €/mes) o importe da 4ª ampliación (1.079,65 €/mes).

*Este importe pódese cargar á partida 1710.2279902 MANTEMENTOS DE PARQUES INFANTÍS E BIOSALUDABLES, con cargo á bolsa de vinculación.".*

Podemos concluír, á vista deste informe que a modificación proposta obedece a incrementos e detraccións das superficies de parques infantís e áreas biosaudables, así como un incremento de unidades do mobiliario urbano obxecto deste contrato. A mesma esta comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP, implica un incremento do prezo do contrato de 539,10 euros, o que supón un 0,04 % do prezo do mesmo, e atópase dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación do mesmo, que é do 10% do seu prezo, segundo o disposto no apartado 16.D da FEC, tendo en conta as anteriores modificacións producidas.

**-III-**

**Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato**

A potestade de modificación unilateral da Administración ou *ius variandi*, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso das modificacións previstas no pcap cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP). No caso de modificacións previstas no prego deberá seguirse o procedemento de modificación nel regulado.
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto o prezo

primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros e a modificación é dun 0,45 % do prezo primitivo do contrato.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: prover o mantemento dos parques infantís e as áreas biosaudables de nova creación ou cuxa superficie resultou incrementada, así como o incremento do mobiliario urbano. A promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre é unha competencia municipal en virtude do disposto nos artigos 25.2.l da LBRL e 80.2.m da LALGA.

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do citado informe do xefe do Servizo de Parques e Xardíns, a modificación supón un incremento do importe do contrato a aboar ao contratista de 6.373,77 €.

Evacuado o trámite de audiencia o contratista, que manifesta a súa conformidade, formulase proposta sobre a presente modificación ó órgano de contratación. A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 35.1.a LPAC) e será precisa a súa formalización.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 211.4 TRLCSP e 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 156 TRLCSP (artigo 219 TRLCSP).

## -IV-

## Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 99.3 do TRLCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación. En consecuencia, unha vez adoptado este, deberá notificarse ao contratista para estes efectos, para que proceda ao seu reaxuste con carácter previo á formalización da modificación.

## -V-

## Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ó que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, o ser un municipio de gran poboación rexido polo Título X LBRL, hai que entendelas feitas ó titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 8ª apartado e do TRLCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola

lexislación sobre contratos das Administracións públicas ós secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

**-VI-**

**Competencia**

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*"1º.- Modificar o contrato de servizo de o contrato de servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, areas deportivo ximnásticas e mobiliario urbano do concello de Vigo, nos termos que constan no informe do xefe do Servizo de Parques e Xardíns de data 26 de xullo de 2019, que consistirán nun incremento de superficie en áreas de parques infantís, nunha detracción de superficie en áreas biosaudables e nun incremento de unidades de bancos e bebedoiros. Esta cuarta modificación representa un 0,45 do prezo primitivo do contrato, que en conxunto coas modificacións do contrato xa efectuadas, supón un total dun 8,14 % do mesmo.*

*2º.- Autorizar o gasto correspondente á modificación, que imputará á aplicación 1710.2279902 MANTEMENTOS DE PARQUES INFANTÍS E BIOSALUDABLES, con cargo á bolsa de vinculación, e se distribuirá orzamentariamente da forma seguinte:*

| Ano de aplica-ción | Período | Importe | % Adxudicación do prezo do contrato |
|---|---|---|---|
| Ano 2019 | Do 1 de Agosto o 31 de decembro | 2.264,79 | 0,16 |
| Ano 2020 | Do 1 de xaneiro o 31 de Abril | 4.108,98 | 0,29 |
| Total | | 6.373,77 | 0,45 |

*3º.- Previamente á formalización da modificación do contrato Ferrovial Servicios, S.A., deberá reaxustar a garantia definitiva nun 5% do valor do incremento da modificación do contrato.*

*4º.- Formalizar por escrito a presente modificación."*

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(734).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE ZONAS VERDES DA CIDADE DE VIGO. EXPTE.11945/446.**
Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 14/08/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira delegada de Área, a letrada-xefa de Asesoramento de Asesoría Xurídica e o interventor xeral, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo (PPT).

**ANTECEDENTES**

En data 12 de marzo de 2019, o xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, informa da necesidade de proceder á modificación do contrato de servizo de conservación e reposición das zonas verdes da cidade de Vigo, por causa da modificacións nas superficie inventariadas (ampliación e/ou detracción) e incorporación de zonas verdes de nova creación.

É preciso comezar realizando unha relación fáctica, por orde cronolóxico, dos antecedentes máis relevantes deste contrato:

**Primeiro.-** En data 26 de setembro de 2014, a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación de Servizos de Conservación e Reposición das Zonas Verdes da Cidade de Vigo, autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación.

**Segundo.-** En data 6 de agosto de 2015, a XGL acordou a adxudicación deste procedemento a ALTHENIA, S.L. O contrato formalizouse o día 28 de agosto de 2015, e comezou a súa execución o día 1 de setembro do mesmo ano.

**Terceiro.-** En data 19 de agosto de 2015, D. Pablo Pérez Serrano, en nome e representación de VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., interpón recurso especial en materia de contratación contra a resolución da Xunta de Goberno Local de 31 de xullo de 2015 na que se acorda excluír a súa representada do procedemento aberto para a contratación de servizos de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non xustifica-los mesmos.

En data 5 de outubro de 2015, o TACRC, en resolución nº 901/2015, acorda estimar o recurso.

**Cuarto.-** En data 30 de outubro de 2015, a mercantil CESPA, S.A., presentou escrito de interposición de recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Vigo, contra o acordo da mesa de contratación de data 31 de xullo de 2015 e a resolución da XGL da mesma data, nas que exclúeselle do citado procedemento. Este recurso foi admitido a trámite por decreto de data 20 de novembro do mesmo ano e na actualidade está acumulado o recurso contencioso-administrativo que se relaciona no antecedente seguinte e pendente de resolución.

**Quinto.-** En data 11 de decembro de 2015, a XGL acordou "Interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a resolución 901/2015 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, perante o Tribunal Superior de Xustiza, solicitando a adopción da medida cautelar de suspensión da execución da citada resolución".

No escrito anunciando o recurso solicitouse a adopción da medida cautelar de suspensión, que foi denegada por Auto do TSXG de 7 de marzo de 2016.

**Sexto.-** Co fin de dar cumprimento a resolución 901/2015do TACRC, e despois da tramitación correspondente, en data 8 de xullo de 2016, a XGL acordou adxudicar a VALORIZA SERVIZOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., o citado procedemento por un prezo de 17.237.394, 62 €.

En data 2 de decembro de 2016, formalizouse o contrato con VALORIZA e comezou a súa execución en data 16 de decembro de 2016.

**Sétimo.-** En data 28 de xullo de 2016, D. Luís Sánchez-Pobre Murillo, en nome e representación de ALTHENIA, S.L., interpón recurso especial en materia de contratación contra a resolución da Xunta de Goberno Local de 31 de xullo de 2015 na que se acorda adxudicar a VALORIZA SERVIZOS MEDIOAMBIENTALES, S.A, o procedemento aberto para a contratación de servizos de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo e que en data 14 de outubro de 2016 o TACRC, en resolución nº 813/2016, acordou desestimar.

**Oitavo.-** En data 28 de febreiro de 2017, a XGL acordou a primeira modificación do contrato (expediente 9151-446) nos seguintes termos:

*"1º.- Modificar o contrato de servizo de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo nos termos reflectidos no informe do enxeñeiro municipal de data 13 de xaneiro de 2017. A modificación representa un 5,08 % do prezo primitivo do contrato, se ben so abonarase ao contratista o 0,08% da mesma, segundo o disposto no apartado 16.E da FEC do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*2º.- Autorizar o gasto correspondente á modificación consonte ao seguinte cadro:*

| **Ano de aplicación** | **Período** | **Importe** | **% adxudicación do prezo do contrato** |
|---|---|---|---|
| Ano 2017 | Do 1 de marzo a 31 de decembro | 3.087,19 € | 0,0179 |
| Ano 2018 | Do 1 de xaneiro a 31 de decembro | 3.704,64 € | 0,0214 |
| Año 2019 | Do 1 de xaneiro a 31 de decembro | 3.704,64 € | 0,0214 |
| Año 2020 | Do 1 de xaneiro a 15de decembro | 3.550,27 € | 0,0205 |
| **Total** | | **14.046,75 €** | **0,0812** |

*Este gasto imputarase a aplicación presupostaria 1710-2279901.*

*3º.- Reaxustar a garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato.*

*4º.- Formalizar por escrito a presente modificación, incorporando o informe técnico do enxeñeiro municipal de data 13 de xaneiro de 2017, e os seus anexos que delimitan o seu alcance".*

**Noveno.-** En data 16 de marzo de 2017, o TSXG dita a sentenza nº 121/2017 resolvendo o recurso contencioso-administrativo e estimando o mesmo e anulando a resolución 901/2015 do TACRC, que queda sen efecto.

A execución da mesma supuxo a retroacción do procedemento ao momento anterior ao cumprimento da resolución 901/2015 do TACRC, continuando ALTHENIA coa execución do contrato.

**Décimo.-** En data 26 de outubro de 2017 a XGL acordou unha segunda modificación deste contrato (expediente 9772-446). A mesma *representa un 6,0525 % do prezo primitivo do contrato.* Formalizouse o 31 de outubro de 2017, e fíxose efectiva o 1 de novembro do mesmo ano.

**Décimo primeiro.-** En data 9 de maio de 2019 a XGL acordou:

> *"1º.- Iniciar procedemento para a modificación do contrato de servizo de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo. As modificacións están reflectidas no informe do enxeñeiro municipal de data 12 de marzo de 2019, e consisten tanto en ampliacións como detracción da superficie das zonas verdes obxecto deste contrato como na incorporación de novas zonas verdes ao mesmo.*
>
> *2º.- A modificación representa un 1,5881 do prezo primitivo do contrato.*
>
> *3º.- Evacuar trámite de audiencia do presente acordo ó contratista, por prazo de dez días, para que formule as alegacións que o seu dereito conveñan"*

**Décimo segundo.-** En data 30 de maio de 2019, D. Javier Delgado López, en nome e representación de ALTHENIA, S.L., presenta escrito durante o prazo de trámite de audiencia manifestando que está conforme coa modificación proposta pero que non é posible que comece a execución do contrato modificado na data reflectida no informe.

**Décimo terceiro.-** En data 12 de xullo de 2019, o xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns informa sobre as alegacións do contratista en trámite de audiencia e recalcula o período de aplicación da modificación.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**-I-**

**Lexislación aplicable**

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a esta terceira modificación. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e Real Decreto

1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.

Hai que ter en conta que se ben con respecto ao procedemento que regula o exercicio das potestades do órgano de contratación no seo do contrato, a normativa de aplicación é a vixente no momento de exercitar a citada potestade, neste caso a modificación, por aplicación das disposicións transitorias do Código Civil (Ditames 403/09, de 15 de decembro e 380/10, de 10 de novembro do Consejo Consultivo de la Comunidad de Madrid). Así o considera tamén a Sección de Ditames deste Consello Consultivo de Galicia, que na súa reunión do 13.2.2019, acordou, por unanimidade, interpretar a Disposición Transitoria Primeira, número segundo, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, de 26.2.2014 (en adiante, LCSP) no sentido de que a remisión normativa cínguese aos aspectos substantivos da lei, regulándose os aspectos procedementais pola nova normativa, na medida en que o procedemento se inicie con posterioridade á entrada en vigor da mesma, segundo a liña marcada polo ditame do Consejo de Estado 3062/1998, do 10 de setembro, e o Ditame 403/2009 do Consejo Consultivo de Madrid, e consolidando a opinión exposta por este Consello no CCG 55/2019, que supuxo un cambio de criterio con respecto a un pronunciamento previo e puntual (CCG 250/2018).

Polo tanto, a xuízo deste órgano, a normativa procedimental propia da modificación de contratos é a prevista na nova LCSP.

**-II-**

## Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ó órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección ós requisitos e efectos sinalados na mesma (artigos 210 TRLCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación so poderá modificar os contratos cando así se previu nos pregos ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 (artigo 105 TRLCSP).

É dicir, a lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analizar os mesmos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ó redactar as mesmas. Así evítase conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación, principios que atópanse recollidos nos artigos 1 e 139 do TRLCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a limites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Por contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 106 TRLCSP):

- Os supostos en que poderá modificarse o contrato. Deberán definirse con total concreción por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva.
- As condicións da eventual modificación deberán precisarse cun detalle suficiente para permitir aos licitadores a súa valoración a efectos de formular a súa oferta e ser tomadas en conta no que se refire á esixencia de condicións de aptitude aos licitadores e valoración das ofertas.
- O alcance e límites das modificacións que poden acordarse con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar.
- O procedemento que haxa de seguirse para a modificación.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato cando concorran as seguintes circunstancias (apartado 16.C da FEC):

- Alteracións producidas na superficie das zonas verdes.
- Incorporación de novas zonas.

Se concorresen estas circunstancias, poderán modificarse os seguintes aspectos do contrato (apartado 16.B da FEC):

- Diminución ou incremento das zonas verdes obxecto deste contrato.

Se ben se establece como límite á modificación que non poderá superar o 10% do prezo de adxudicación do contrato (apartado 16.D da FEC).

Respecto ó procedemento a seguir en caso de modificación, prevénse as seguintes especialidades (apartado 16.E da FEC):

- O incremento da superficie das zonas verdes cuxo mantemento é obxecto deste contrato inferior ó 5 % do prezo de adxudicación, non afectará ó prezo do contrato segundo o disposto no apartado 3.1 do prego de Bases Técnicas. Se os incrementos, illada ou conxuntamente, superan esta porcentaxe se incrementará en proporción o prezo do contrato pero excluíndo sempre o 5% exento de pago.
- Para calcular o valor da modificación se aplicará á superficie da zona a incrementar ou diminuír o prezo unitario correspondente dos previstos no apartado 3.F desta FEC ó que se aplicará a porcentaxe de baixa do prezo ofertado polo adxudicatario respecto do prezo do contrato fixado no apartado 3.A.
- En caso de incremento de zonas verdes, poderá modificarse o contrato sen que o seu prezo experimente variación mediante a reorganización do servizo, variando outros aspectos tales como a frecuencia de mantemento, a intensidade, o cambio de tipoloxía da zona, etc.

No presente caso a modificación ven motivada porque producíronse modificacións nas superficies das zonas verdes cuxo mantemento está comprendido no obxecto do contrato, tanto incrementos como diminución das mesmas.

Informa ó respecto o enxeñeiro municipal do servizo de Montes, parques e xardíns, en data 12 de marzo de 2019, o seguinte:

“ (...) Con motivo de obra nova, ampliacións, humanizacións, reformas, recepcións de urbanizacións, adquisicións de todo tipo, ou calquera outro, as zonas verdes de actuación municipal están sometidas a cambios de forma continuada, sendo os ***aspectos a modificar*** a diminución ou incremento da superficie das zonas verdes incluíndo a totalidade dos elementos que as conforman, do número de xardineiras e do número de unidades de arborado obxecto do contrato.

As ***circunstancias que determinan esta nova ampliación*** son as alteracións na superficie das zonas verdes, no número e/ou superficie das xardineiras e no número de unidades de arborado, motivadas pola humanización dalgunhas rúas da cidade, desaparición dalgunhas zonas por mor de diferentes obras, a creación de parques infantís, áreas biosaudables, pistas deportivas, de skate... en superficies que anteriormente estaban ocupadas por zonas verdes, a retirada ou colocación de xardineiras,.... Tendo en conta que, o contrato actual coa empresa adxudicataria non finaliza ata o 15 de xuño de 2020, todas estas circunstancias obrigan a unha nova actualización do inventario para poder manter aquelas zonas que na actualidade carecen de programa de mantemento, podendo sufrir deterioros importantes que dean lugar a unha merma do patrimonio municipal; e, polo tanto á tramitación dun novo expediente de ampliación que terá que aprobar a Xunta de Goberno Local.

1.1.- PROPOSTA DE VALORACIÓN ECONÓMICA DA TERCEIRA AMPLIACIÓN

As zonas ampliadas e/ou detraídas, respecto ao listado definitivo incluído no expediente da ampliación anterior (expediente 9772/446), detállanse a continuación:

| **Zonas Verdes** | **Superficies incluidas na adxudicación** | **Superficies totais trala ampliación Expte. 9772/446** | **Superficies totais trala nova ampliación (3ª ampliación)** | **Modificación das superficies (3ª ampliación)** |
|---|---|---|---|---|
| Tipoloxía A (Has) | 4,7047 | 4,7631 | **4,7631** | **0,0000** |
| Tipoloxía B (Has) | 53,1968 | **53,8063** | **53,5986** | **-0,2077** |
| Tipoloxía C (Has) | 76,5240 | 75,1463 | **76,1333** | **0,9870** |
| Tipoloxía D (Has) | 12,6446 | **12,0972** | **19,3569** | **7,2597** |
| Tipoloxía E (Has) | 14,0939 | 16,0512 | **16,8358** | **0,7846** |
| Tipoloxía R (Has) Rotondas e illas | 8,3553 | 9,1454 | **9,1650** | **0,0196** |
| Tipoloxía H (Has) Humedais e zonas de ribeira | 14,1794 | 14,6880 | **16,4942** | **1,8062** |
| Tipoloxía PF (Has) Parques Forestais | 83,7814 | 85,7086 | **86,0429** | **0,3343** |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Arbolado. (unidades) | 10.930,0000 | 11.157,0000 | **11.313,0000** | **156,0000** |
| Xardiñeiras ($m^2$) | 5.102,6700 | 8.241,1700 | **9.378,2000** | **1.137,0300** |
| Xardiñeiras colgantes (unidades) | 243,0000 | 160,0000 | **128,0000** | **-32,0000** |
| Xardiñeiras individuais (unidades) | 167,0000 | 185,0000 | **173,0000** | **-12,0000** |
| Campos deportivos ($m^2$) | 11.085,3400 | 0,0000 | **0,0000** | **0,0000** |

O cálculo do valor económico da terceira ampliación farase aplicando ao valor da superficie a ampliar ou detraer para cada tipoloxía, o prezo unitario correspondente segundo o previsto no apartado 3.F) das FEC; prezo sobre o  que se aplicará a porcentaxe de baixa ofertada polo adxudicatario sobre o contido económico inicial do contrato, contemplado no apartado 3.A) das citadas FEC.

Os prezos unitarios ofertados pola mercantil Althenia S.L., e aprobados pola XGL na súa sesión de data 28 de agosto de 2015, supoñen unha baixa do 25,82% sobre o orzamento inicial. Estes prezos unitarios ofertados deben ser actualizados segundo á revisión de prezos en vigor trala aprobación da "***Memoria económica da revisión de prezos do contrato de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo***". Aplicando esta actualización, os importes correspondentes as superficies modificadas son:

| **Zonas Verdes** | **Superficies a ampliar / detraer na 3ª ampliación** | **Precio Unitario inicial (€/Ha. ano)** | **Precio Unitario actualizado (€/Ha. ano)** | **Importe anual (€)** |
|---|---|---|---|---|
| Tipoloxía A (Has) | **0,0000** | 22.254,00 | 23.422,39 | 0,0000 |
| Tipoloxía B (Has) | **-0,2077** | 18.545,00 | **19.518,65** | **-4.054,0236** |
| Tipoloxía C (Has) | **0,9870** | 13.129,86 | 13.819,21 | **13.639,5603** |
| Tipoloxía D (Has) | **7,2597** | 7.492,18 | 7.885,54 | **57.246,6547** |
| Tipoloxía E (Has) | **0,7846** | 7.937,26 | 8.353,98 | **6.554,5327** |
| Tipoloxía R (Has) Rotondas e Illas | **0,0196** | 22.254,00 | **23.422,39** | **459,0788** |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Tipoloxía H (Has) Humedais e zonas de ribeira | **1,8062** | 7.937,26 | 8.353,98 | **15.088,9587** |
| Tipoloxía PF (Has) Parques Forestais | **0,3343** | **2.744,66** | 2.888,76 | **965,7125** |
| Arbolado. (unidades) | **156,0000** | 83,82 | 88,22 | **13.762,3200** |
| Xardiñeiras ($m^2$) | **1.137,0300** | 129,82 | 136,63 | **155.352,4089** |
| Xardiñeiras colgantes (unidades) | **-32,0000** | 111,27 | **117,11** | -3.747,5200 |
| Xardiñeiras individuais (unidades) | -12,0000 | 111,27 | 117,11 | -1.405,3200 |
| **Importe total da terceira ampliación (€/ano)** | | | | **253.862,3630** |

O importe económico resultado das modificacións de superficie desta terceira ampliación é de 253.862,3630 €/ano, sendo os importes imputables por períodos :

| **Ano de aplicación** | **Período** | **Importe económico (€/ano)** | **% adxudicación do prezo do contrato** |
|---|---|---|---|
| Ano 2019 | Do 1 de maio a 31 de decembro | 169.241,60 | 0,9411 |
| Ano 2020 | Do 1 de xaneiro a 15 xuño | **116.353,60** | 0,6470 |
| **Total** | | **285.595,20** | **1,5881** |

A porcentaxe desta terceira ampliación (1,59%) non supera o 5% do prezo do contrato, pero tendo en conta que nas ampliacións anteriores alcanzouse unha porcentaxe do 6,0525%, valor superior á % exenta de custe para as arcas municipais; a totalidade do importe desta terceira ampliación será imputable ao Concello, importe que supón un total anual de 253.862,36 € e, polo tanto, un incremento na certificación mensual de

21.155,20 €; cantidade que se aboará ao contratista a partir da data de entrada en vigor do contrato da presente ampliación, trala sinatura previa do mesmo polas partes.

Este importe anual pódese cargar á partida 1710 – 2279901.

O valor das ampliacións anteriores estimouse para a mercantil Althenia nun 6,0525% do prezo de adxudicación do contrato, que sumado á porcentaxe desta terceira ampliación (1,5881%) alcánzase unha porcentaxe do prezo de adxudicación do 7,64%, superando nun 2,64% o valor exento de custe para o Concello, sen superar a porcentaxe máxima de ampliación (10% do prezo do contrato) prevista no prego.

(...) Do exposto despréndese que a modificación proposta acada o 7,64% do prezo do contrato, e atópase dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación do mesmo, que é do 10% do seu prezo, segundo o disposto no apartado 16.D da FEC.

(...) Para calcular o valor da modificación, de acordo co apartado 16.E da FEC, aplicouse á superficie da zona a incrementar ou diminuír o prezo unitario correspondente dos previstos no apartado 3.F desta FEC, previa aplicación ó mesmo da porcentaxe de baixa do prezo ofertado polo adxudicatario respecto do prezo do contrato fixado no apartado 3.A".

En data 12 de xullo de 2019 o devandito técnico, a instancia das alegacións do contratista en trámite de audiencia, recalcula o período de aplicación da modificación do contrato proposta:

| **Ano de aplicación** | **Período** | **Importe económico (e/ano)** | **% adxudicación do prezo do contrato** |
|---|---|---|---|
| Ano 2019 | Do 1 de setembro ao 31 de decembro | 84.620,80€ | 0,4705 |
| Ano 2020 | Do 1 de xaneiro ao 15 de xuño | 116.353,60€ | 0,6470 |
| TOTAL | | 200.974,40€ | 1,1175 |

**-III-**

**Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato**

A potestade de modificación unilateral da Administración o ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Limites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso das modificacións previstas no pcap cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP). No caso de modificacións previstas no prego deberá seguirse o procedemento de modificación nel regulado.

- Limites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Limites económicos: a obriga da Administración de compensar ó contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos limites procedimentais, é preciso evacuar trámite de audiencia ó contratista. Non é preciso solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto a suma desta modificación as xa efectuadas arroxa un total dun 7,17 % do prezo primitivo do contrato.

Respecto dos limites materiais, ponse de releve que a modificación obedece a unha razón de interese público: prover o mantemento das zonas verdes de nova creación, ou cuxa superficie resultou incrementada. O mantemento das zonas verdes e os parques forestais é unha competencia municipal obrigatoria en virtude do disposto nos artigos 25.2.b e 26.1.b da LBRL e 80.2.d e 81.b da LALGA.

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar o contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. A Administración ten que compensar o contratista pola modificación proposta cun total anual de 200.974,40 €.

Evacuado o trámite de audiencia o contratista, que manifesta a súa conformidade se ben solicita que se corrixa a data de inicio e se recalcule o importe da modificación, formulase proposta sobre a presente modificación ó órgano de contratación. A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 35.1.a LPAC) e será precisa a súa formalización.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 211.4 TRLCSP e 114.3 TRRL).

**-IV-**

**Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación**

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ó que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, que é un municipio de gran poboación rexido polo Título X LBRL, hai que entendelas feitas ó titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 8ª apartado e do TRLCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas ós secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

**-V-**

**Competencia**

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*"1º.- Modificar o contrato de servizo de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo, nos termos reflectidos no informe do enxeñeiro municipal de data 12 de marzo de 2019 coas correccións do informe de data 12 de xullo con respecto a data de inicio e o seu importe, que consisten tanto en ampliacións como detracción da superficie das zonas verdes obxecto deste contrato como na incorporación de novas zonas verdes ao mesmo. Esta terceira modificación representa un 1,1175 do prezo primitivo do contrato, que en conxunto coas modificacións do contrato xa efectuadas, supón un total dun 7,17 % do mesmo.*

*2º.- Autorizar o gasto correspondente á modificación, que imputará á aplicación 1710 – 2279901, e se distribuirá orzamentariamente da forma seguinte:*

| Ano de aplicación | Período | Importe económico (e/ano) |
|---|---|---|
| Ano 2019 | Do 1 de setembro ao 31 de decembro | 84.620,80€ |
| Ano 2020 | Do 1 de xaneiro ao 15 de xuño | 116.353,60€ |
| TOTAL | | 200.974,40€ |

*3º.- Previamente á formalización da modificación do contrato ALTHENIA, S.L., deberá reaxustar a garantia definitiva nun 5% do valor do incremento da modificación do contrato.*

*4º.- Formalizar por escrito a presente modificación.""*

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(735).- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE GAS PARA OS COLEXIOS PÚBLICOS, ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS, PAZO DE CONGRESOS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO . EXPTE. 261/441.**

Visto o informe de fiscalización de data 23/08/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada o 22/08/19, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, pazo de congresos e dependencias do Concello de Vigo (261-441)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se trasponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, pazo de congresos e dependencias do Concello de Vigo (261-441)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A concelleira delegada de Contratación, con data do 24 de xullo de 2019, adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, pazo de congresos e dependencias do Concello de Vigo (261-441) na seguinte orde descendente:*

| | *Empresas* | *Termo Variable €/ano: kWh/ano x c€/kWh/100* | *Prezo Total do Contrato IVE incluído* |
|---|---|---|---|
| *1* | *GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.* | *286.678,64 €* | *104.119,19 €* |
| *2* | *ENDESA ENERGÍA, S.A.U.* | *299.032,48 €* | *109.224,08 €* |
| *3* | *MULTIENERGIA VERDE,S.L.,* | *308.696,92 €* | *113.217,65 €* |

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*

3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A., o día 31 de xullo de 2019, que presenta a documentación requirida os días 7 e 9 de agosto de 2019, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 22 de agosto de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliables mediante fórmula, de data 15 de xullo de 2019.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. o procedemento aberto para a contratación do subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, pazo de congresos* e dependencias do Concello de Vigo (261-441) *por un prezo total de 308.711,10 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 53.577,96 euros.*

*O prezo ofertado do termo variable total é de 104.119,19 €/ano, sendo o prezo para as tarifas previstas no apartado 3.G.2 das FEC do PCAP o sinalado no cadro que se achega na oferta.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(736).- EXCLUSIÓN DA OFERTA POR CONTER BAIXAS ANORMAIS NO LOTE 3 DO PROCEDEMENTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE CAMPOS DE FÚTBOL. EXPTE. 219/441.**

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 22/08/19, que di o seguinte:

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados (proposta de exclusión)

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Monte da Mina, campo de fútbol de San Andrés de Comesaña e campo de fútbol das Relfas-Sárdoma (219-441) (lote 3)

“Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación e do informe emitido polo xefe do Servizo de Vías e Obras de data 9 de agosto de 2019, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

- Excluír do lote 3 do procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Monte da Mina, campo de fútbol de San Andrés de Comesaña e campo de fútbol das Relfas-Sárdoma (219-441) a MECANO SPORT, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado,

porque non se cumpren os requisitos para consideraIa xustificada consonte o informe emitido polo xefe do Servizo de Vías e Obras de data 9 de agosto de 2019".

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

**10(737).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS "ACHÉGATE AO DEPORTE 2019-2023". EXPTE. 2837/611.**

Visto o informe-xurídico do 08/08/19 e informe o de fiscalización do 12/08/19, dáse conta do informe-proposta do 05/08/19, asinado polo adxunto á Xefatura de do Servizo de Deportes-director técnico de Deportes, o concelleiro delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**1.- ANTECEDENTES:**

Con data 6 de Marzo emítese informe de necesidade do técnico de deportes.
Con data 6 de Marzo o Concelleiro delegado de Deportes dicta resolución de inicio de expediente.
Con data 21 de Xuño realízase memoria xustificativa ca proposta do contido do programa así coma as bases de selección das Entidades Colaboradoras.

**2.- FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA.**

Lei 7/1985 do 2 de abril de bases de réxime local artigo 25 2.l) *Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre*. Modificada pola lei 27/2013, do 27 de decembo de, de racionalización e Sostenibilidade da administración Local.
Lei 5/1997, de administración local de Galicia artigo 80.2. n) , *actividades e instalacións culturais e deportivas e a ocupación do tempo libre*.
Lei 10/1990 , do 15 de outubro , do Deporte.
Lei 3/2012, do deporte de Galicia, artigo 8, *entre outros fins reflicte, fomentar, promover, e difundir o deporte especialmente en idade escolar, velar pola plena ytilización das instalación deportivas da súa titularidade e procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso de estas.*
Lei 15/2015, do 24 de decembro.
*Lei* orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de *Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais*
Ley 40/2015, de 1 de octubre de réximen do sector público, nos seus artigos 50 e 48.6.

**3. CONTIDO XERAL DO PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS " ACHEGATE AO DEPORTE 2019-2023"**

A Concellería de Deportes, ten como obxectivo principal a Promoción e difusión do Deporte no eido da cidade de Vigo, co obxecto de dar cumprimento a lexislación sectorial específica en materia de deporte. Co fin de fomentar e difundir a promoción do deporte na iniciación deportiva proponse a realización do Programa Municipal de Escolas deportivas ·" Achégate ao deporte 2019-2023", vinculado as entidades deportivas da Cidade as cales son o vehículo de dinamización do deporte dentro do tecido socio deportivo. A través das cales se da cumprimento ao programa a través dun convenio marco de Colaboración deste xeito dinamizase a actividade deportiva no entorno dos Entes deportivos. As entidades deportivas son a orixe da actividade deportiva e polo tanto a administración debe complementar dento do ámbito das súas competencias a función subsidiaria que lle corresponde. No obstante as entidades que participen no Programa deben cumprir uns requisitos xerais mínimos para poder formar parte do mesmo, tales como.

•Que veñan desenvolvendo con anterioridade e regularidade as súas propias escolas e conten con medios humanos necesarios para o desenvolvemento das actividades propostas.
•Estar arraigadas no tecido social do entorno ou vinculación con él.
•As entidades deportivas que participan reunen uns criterios mínimos de calidade para o desenvolvemento e ampliación da súa propia oferta deportiva.
•Cumplir cos requisitos administrativos que permita ter relacións coa administración e que permita recibir as aportacións correspondentes obxecto do convenio.

Os obxetivos xerais que se pretenden co programa son os seguintes:

- Conquerir unha mellora da calidade da oferta deportiva.
- Potenciar a promoción e a práctica deportiva dos deportes minoritarios. Atender as novas demandas sobre a práctica deportiva que se propoñen nas idades que abrangue o programa.
- Potenciar o acceso a práctica deportiva as persoas con discapacidade.
- Consolidar unha oferta de competición recreativa para todos os nen@s que se atopan no desenvolvemento do programa.
- Fomentar e dinamizar a formación dos técnicos deportivos.
- Mellorar a calidade docente.
- Dinamizar a actividade deportiva nos colexios.
- Potenciar e promover o traballo das Entidades na promocion das súas modalidades deportivas.
- Dinamizar a prenvención da saúde d@s deportistas.
- Fomentar hábitos deportivos saudáveis e actitudinais n@s nen@s dende as primeiras idades.
- Dinamizar a práctica deportiva cara a súa práctica na idade adulta
- Promoción do deporte en igualdade.

Co fin de alcanzar estes obxectivos o Programa Municipal de Escolas Deportivas para o período 2019-2023, desenvolverá os seguintes apartados:

- Escolas deportivas, de iniciación e perfeccionamento, a traves das entidades deportivas do tecido asociativo

- Dinamización de actividades a través de tres Proxectos: “Gañamos todos”, “Educa” , e “Dia da Muller”
- Programas de iniciación deportiva,. Novas demandas. Cursos de iniciación deportiva.
- Desenvolvemento de actividades puntuais lúdico recreativas como : festa do día do patín, festa do día da ximnasia rítmica, festa do Deportes de Combate, torneos de nadal, xornada de nadal de portas abertas o deporte.
- Desenvolvemento de competicións internas como: competición de minibalonman, competición de fútbol 7, competición de baloncesto- liga linco, liga xl linco e outras que se determinen coas mesmas características.
- Xogo e competición deportiva. Competicións deportivas recreativas.
- Deporte para discapacitados físicos e psíquicos.
- Desenvolvemento de actividades formativas para os monitores das escolas deportivas.
- Promover a continuidade do traballo realizado nas escolas deportivas das entidades

O desevolvemento do Programa realizarase mediante a sinatura dun Convenio marco de Colaboración segundo se adxunta neste informe.

**4.- FINANCIAMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS “ACHÉGATE AO DEPORTE 2019-2023.**

Para o desenvolvemento deste Programa, plantéxase a necesidade de xestionar os recursos económicos para poder afronta-lo os gastos xerais e os gastos dos convenios de colaboración entre a Concellería de Deportes e as entidades colaboradoras, esta aportación económica sirve como colaboración e financiación de parte das necesidades das entidades para poder garantiza-la calidade do programa e facilita-la accesibilidade o maior número de nenos e nenas interesados en iniciarse nalgunha modalidade das ofertadas.

Para o desenvolvemento orzamentario do Programa no ano 2018 a partida 3420.226.09.01 foi de 300.000,00 € , para este ano 2019 esta partida increméntase en 20.000,00 €, o que fai un total de 320.000,00 euros. Con motivo do contrato de Seguro de Cobertura de accidentes e a súa licitación, os gastos terán que ser asumidos a través da vinculación.

Ante estas características e tendo en conta os gastos realizados no orzamento 2018 e no orzamento 2019:

| Gastos en recursos xerais | | Gasto ano 2018 (4676 inscritos) | Gasto ano 2019 |
|---|---|---|---|
| | Seguro de cobertura médica (anual): | 17.997,00 € | (6 meses) 12.395,00 € |
| | Seguro de cobertura médicca (Pendente de licitación dende remate dos 6 meses) | | 65.000,00 € (estimación. Pendente de licitación) |
| | Seguros actividades vencelladas o Programa | 8.900,00 € | 0,00 € |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | Material clausura de escolas: | 12.240,00 € | 17.508,70 € |
| | Material Deportivo de escolas | 0 € | 0,00 € |
| | Asistencia Técnica | 6.250,04 € | 6.250,04 € |
| | Libro de información programa de escolas, diplomas(estimación): | 4.409,24 € | 5.000,00 € |
| TOTAL | | 49.796,28 € | **(estimación) 106.153,74 €** |
| Convenios coas entidades deportivas: | | | |
| Programa Municipal 2017-2018 | Período: Xaneiro/Febreiro/Marzo 2018: | 92.226,00 € | |
| | Período: Abril /maio 2018: | 61.608,00 € | |
| Programa Municipal 2018-2019 | Período: Outubro/ Novembro/ Decembro 2018: | 88.512,00 € | |
| | Período: Xaneiro/Febreiro/Marzo/Abril/Maio 2019: | | 158.358,00 € |
| Programa Municipal 2019-2020 | Período: Outubro /Novembro/ Decembro 2019 (estimación): | | (estimación) 91.653,12 € |
| | TOTAL | 242.346,00 € | **250.011,12 €** |
| | TOTAL | **292.142,28 €** | **356.164,86 €** |

Ante os gastos realizados durante o ano 2018 e o ano 2019, plantésaxe **Gastos estimados do Programa Municipal de Escolas Deportivas 2019-2020.**

Para o Programa Municipal de Escolas deportivas 2019-2020 proponse manter as aportacions económicas para os Convenios nos importes establecidos o ano pasado.

| | |
|---|---|
| - Escolas programa anual | 6,00 €/alumno mes. |
| - Módulos grupos especiais | 120,00€/mes |
| -Colaboración de Técnicos deportivos na coordinación das Escolas Deportivas. | 390,65€/técnico/mes. |

En relación o número de inscritos dos últimos anos detállase que

| ano | inscitros | Incremento en relación o ano anterior |
|---|---|---|
| 2012-2013 | 3940 | -- |
| 2013-2014 | 3850 | -2,28 % |
| 2014-2015 | 3945 | +2,46 % |
| 2015-2016 | 4230 | +7,22 % |
| 2016-2017 | 4596 | +8,6 % |

| | | |
|---|---|---|
| 2017-2018 | 4600 | 0,09% |
| 2018-2019 | 4676 | +1.65 % |
| 2019-2020 | PREVISIÓN: 4848 | PREVISIÓN: +3.69 % |

En relación o importe dos convenios cas entidades deportivas detállase:

| ano | Importe en convenios | Incremento |
|---|---|---|
| 2013-2014 | 176.202,00 € | -- |
| 2014-2015 | 180.060,40 € | +2.18 % |
| 2015-2016 | 195.806,00 € | +8,74 % |
| 2016-2017 | 238.170,00 € | +21,63 % |
| 2017-2018 | 238.734,00 € | 0,23% |
| 2018-2019 | 246.870,00 € | 3,40% |
| 2019-2020 | PREVISIÓN: 255.979,50 € | PREVISIÓN: +3.69 % |

**Gastos en Convenios coas Entidades deportivas.**

Para a realización dunha previsión, e tendo en conta que a inscripción pode aumentar con motivo da solicitude de novas modalidades deportivas, a posible inclusión de dúas instalacións deportivas máis (pavillón de Quirós e de Fleming), ou aumento de entidades deportivas solicitantes, estímase esta previsión nun aumento nun 3,69 %. No número de inscritos relacionaríase con 4848 inscritos, e o importe do presuposto para convenios será de **255.979,50** €

Un aumento de este 3,69 % suporía un importe total na aportación económica para os Convenios de **255.979,50** € distribuido nos períodos de Outubro+Novembro+Decembro 95.992,31 €, e no período Xaneiro, Febreiro, Marzo, Abrril, Maio de 159,987.19 €.

**Gastos Xerais do Programa**

O apartado de costes xerais para o Programa 2019-2020 (seguros de accidentes, publicidade, material deportivo, asistencia técnica e regalos promocionais), deberá ser incrementado nos presupostos do ano 2020 para poder asumir os gastos que se xenerarán para poder manter un programa eficaz e eficiente, prestando a cobertura necesaria de material, seguridade e publicidade do mesmo. Estos importes estimativos estarán supeditados os trámites de licitación de cada un de eles.

| Tipo de gasto | Proposta en Presupostos do ano 2020 |
|---|---|
| Material Deportivo | 18.000,00 € |
| Artículos promocionais | 18.000,00 € |
| Publicidade e folletos | 8.000,00 € |

| | |
|---|---|
| Asistencia Técnica | 6.250,04 € |
| Seguro de Accidentes | 65.000,00 € |
| Total | **115.250,04 €** |

Nos presupostos do ano 2019 a partida do Programa de Escolas 3420.226.09.01 e de 320.000,00 €. Un coste estimado de gastos en convenios de **255.979,50 €**, só nos permitiría un gasto de 64.020,50 € polo que se precisaría un aumento de **51.229,54 €** na partida, e acadar o importe de **115.250,04 €** nos gastos xerais, mais un incremento de 1.919,84 €, un 2% estimado paro custo de convenios do primeiro trimestre do programa 2020_2021 o que suporía un importe total no orzamento para o ano 2020 na partida 3420.226.09.01 de **373.149,38**

Plantéase a seguinte previsión de gastos en función da tempada proposta nesta memoria, tendo en conta que sempre é unha previsión estimativa que pode sufrir variacións en función da demanda que exista, e entendendo que o número máximo de inscritos que tería o programa é de 4848. O total das certificacións relativas a estes convenios non poderán superar o crédito dispoñible na partida orzamentaria e un aumento do gasto en convenios suporá unha reducción nos importes destinados a gastos xerais do programa.

Especifícase que, o único gasto do programa Municipal de Escolas Deportivas 2019-2020 que se aplica o presuposto do ano 2019 é o correspondente os importes dos convenios cas Entidades Deportivas dos meses de Outubro, Novembro e Decembro, os demais gastos do Programa 2019-2020 estarían aplicados no presuposto do ano 2020.

Atendendo ao exposto, a distribución dos gastos queda do seguinte xeito:

| | ORZAMENTO GASTO 2019 | ORZAMENTO GASTO 2020 | | |
|---|---|---|---|---|
| Tempada | Gastos establecidos no convenio para tres meses: Outubro, Novembro, Decembro 2019 | Gastos establecidos no convenio para cinco meses: Xan, Feb, Mar,Abril,Maio 2020) | Gastos xerais (Seguro, publicidade, material clausuras e material deportivo 2020) | Gastos establecidos no convenio para 3 meses Outubro, Novembro e Decembro 2020. (Previsión Programa 2020-2021) |
| TOTAL PROGRAMA 2019-2020 | 95.992,31 € | 159,987.19 € | 115.250,04 € | (Programa 2020-2021) 97.912,15 |
| | **95.992,31 €** | **373.149,38 €** | | |

**<u>Gastos estimados do Programa Municipal de Escolas Deportivas orzamnento de gasto ano 2021</u>**

Estimase un aumento de gastos do programa en relación as aportación nos convenios e nos gastos xerais dun 2 %, en función do aumento de número de inscritos, aumento de número de modalidades deportivas, aumento de instalacions deportivas e aumento nos costes xerais

do programa. Asimesmo, esta estimación, esta no rango de incrementos que se veñen producindo nos anos anteriores.

**O gasto que se establece para o programa 2020-2021 orzamento de gasto ano 2021 é de 380.612,37€ correspondendo o 69% a convenios e o 31% a outros gastos.**

**<u>Gastos estimados do Programa Municipal de Escolas Deportivas 2021-2022.</u>**

Estimase un aumento de gastos do programa en relación as aportación nos convenios e nos gastos xerais de un 2 %, en función do aumento de número de inscritos, aumento de número de modalidades deportivas, aumento de instalacions deportivas e aumento nos costes xerais do programa. Asimesmo, esta estimación, esta no rango de incrementos que se veñen producindo nos anos anteriores.

**O gasto que se establece para o programa 2021-2022 orzamento de gasto ano 2022 é de 388.224,61 € correspondendo o 69 % a convenios e o 31 % a outros ga**stos.

**<u>Gastos estimados do Programa Municipal de Escolas Deportivas 2022-2023.</u>**

Estimase un aumento de gastos do programa en relación as aportación nos convenios e nos gastos xerais de un 2 %, en función do aumento de número de inscritos, aumento de número de modalidades deportivas, aumento de instalacions deportivas e aumento nos costes xerais do programa. Asimesmo, esta estimación, esta no rango de incrementos que se veñen producindo nos anos anteriores.

**O gasto que se establece para o programa 2022-2023 e primeiro trimestre do ano 2024 no orzamento de gasto do ano 2023 é de 395.989,10 € correspondendo 69% a convenios e o 31% a outros gastos**

**5. – PROPOSTA**

Polo exposto proponse a Xunta de Goberno Local, previo informe xurídico e fiscalización do expediente, a aprobación de:

**PRIMEIRO:** Aprobación da Memoria Xustificativa do Programa Municipal de Escolas deportivas Achegate ao Deporte 2019-2023, as bases de selección de proxectos, e o Convenio marco de colaboración que aparece no anexo de este informe.

**SEGUNDO:** Aprobar e autorizar o gasto con cargo á partida 3420.226.09.01 con imputación ó orzamento para o ano 2019,por un importe de 95.992,31 €, e de 373.149,38 € para os gastos derivados de convenios e gastos xerais do Programa Municipal de Escolas Deportivas, unha vez aprobados pola Xunta de Goberno Local .

**TERCEIRO:** Aprobar e autorizar o gasto con cargo á partida 3420.226.09.01 por un importe no orzamento do ano 2021, por un total de **380.612,37€** para o desevolvemento do Programa Municipal de Escolas Deportivas.

**CUARTO:** Aprobar e autorizar o gasto con cargo á partida 3420.226.09.01 por un importe no orzamento do ano 2022, por un total de **388.224,61 €** para o desevolvemento do Programa Municipal de Escolas Deportivas.

**QUINTO:** Aprobar e autorizar o gasto con cargo á partida 3420.226.09.01 por un importe no orzamento do ano 2022, por un total de **395.989,10 €** para o desevolvemento do Programa Municipal de Escolas Deportivas.

## <u>Acordo</u>

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*ANEXO:*

*<u>CONVENIO TIPO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES E A ENTIDADE:......................................</u>*

*<u>PARA A INCLUSIÓN DA ESCOLA DEPORTIVA DA ENTIDADE DEPORTIVA, DENTRO DO PROGRAMA MUNICIPAL ACHÉGATE O DEPORTE, NA MODALIDADE DE:......................</u>*

*Nas oficinas da Concellería de Deportes de Vigo , a ___ de _________ de 2019 .*

***REUNIDOS:***

*Dunha parte: D.____________________________________ , como Concelleiro Delegado de Deportes da Concellería de Deportes (por delegación do Alcalde en resolución do __ de ______ de 2019)*

*Doutra parte: D. ______________________ , con DNI: ______________ como representante legal da entidade:*

*Ambas partes recoñecen a súa competencia e capacidade, respectivamente para formalizar o presente convenio de colaboración en materia deportiva.*

***EXPOÑEN:***

*1.- A Xunta de Goberno do Concello de Vigo aprobou en sesión de _________________________o Programa Municipal de Escolas deportivas "Achégate ao Deporte 2019-2023", as bases para a selección das entidades deportivas, o convenio tipo de colaboración para a súa implantación e a autorización do gasto correspondente con cargo a partida orzamentaria 3420.226.09.01 para o ano 2019 e seguintes.*

*2.- Que dentro dos obxectivos principais da Concellería de Deportes do Concello de Vigo atópanse a realización de programas de promoción deportiva, con fundamento no artigo 25.2.l*

*da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, artigo 80.2.n da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e ,entre outros, no artigo 8 da Lei 3/2012, do Deporte de Galicia .*

*3.- O obxecto deste convenio é regular a colaboración das entidades asinantes para satisfacer o interés público de promover a actividade física e o deporte dende a idade escolar, mediante o desenvolvemento da escola deportiva que inclúa as actividades físicas de carácter formativo, recreativo e de competición nas idades infantil e xuvenil.*

*4.- A entidade deportiva que asina este convenio conta cunha estrutura orgánica consolidada e reúne os medios humanos suficientes para a colaboración neste tipo de actividades.*

*5.- Existindo na actualidade unha actuación en materia deportiva de cara a promoción da práctica deportiva por parte de ambas entidades ou institucións, proponse como moi importante a coordinación e unión de esforzos entre a Concellería de Deportes e as diversas entidades deportivas da cidade (Federacións e Clubs deportivos), co obxectivo de ofertar ós cidadáns unha maior e mais ampla oferta deportiva a través do establecemento do presente convenio de colaboración.*

*Por outra parte, na lei do deporte 3/2012 de Galicia, no artígo 40.1 en relación as Entidades Deportivas de Galicia establece que "son entidades deportivas as constituidas, de acordo as suas disposicions específicas, por persoas físicas ou xurídicas, con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar, con domicilio na Comunidad Autónoma de Galicia, que teñan por obxecto primordial o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicions deportivas calqueira que sexa o seu nivel e destinatario. No artigo 40.2. "a Administración deportiva procurará especialmente a promoción e o impulso do deporte que se realice no marco das entidades deportivas consideradas na presente lei". No artigo 51.1, refírese a Federacions deportivas como "entidades privadas, sin ánimo de lucro, con personalidad jurídica propia y plena capacidad de obrar, cuyo ámbito de actuación se extiende al territorio de la Comunidad Autónoma de Galicia"*

*A configuración actual pola que se estructura o Programa Municipal de escolas deportivas en colaboración, da cumprimento o marco establecido na normativa anteriormente mencionada respeto o fomento do asociacionismo deportivo e a cooperación con entidades públicas ou privadas por parte das entidades locais, polo que permite o cumplimento das competencias municipais en materia deportiva.*

*Asimesmo, tanto as entidades deportivas como as federacions aportan unha estructura consolidada que soamente ellas teñen definida no marco xurídico deportivo actual, e que posibilita a participación dos alumnos en competicions deportivas de carácter oficial, a continuidade deportiva de forma correlativa nas diferentes categorias base.*

*A Entidade deportiva ten por obxecto o desarrollo e promoción da súa modalidade deportiva, e tendo en conta a finalidade común de ambas partes, orientada a satisfacer o interés público de promover a actividade física e o deporte dende a idade escolar, sendo competencia do Concello de Vigo a planificación e xestión da promoción deportiva e dispondo as entidades deportivas do soporte técnico e operativo preciso para garantizar o correcto desarrollo das escolas deportivas da entidade e a competición, se considera procedente establecer un*

*marco de colaboración entre ambas partes que regule as actuacions comuns precisas para a súa organización, que se rexerá polas seguintes:*

***CLÁUSULAS:***

***Primeira***

*Este convenio establécese como marco de entendemento e colaboración mutua nas tarefas deportivas dentro do Proxecto Municipal de Escolas Deportivas, quedando ámbalas dúas partes comprometidas o seu cumprimento.*

***Segunda***

*O presente convenio terá unha vixencia dende o 1 de Outubro de 2019 ata o 31 de maio de 2.020 para as actividades programadas no curso regular do Programa de Escolas Deportivas, e dende o 1 de Outubro de 2019 ata o 31 de Setembro de 2020 para presentación de actividades dentro dos Proxectos "Gañamos Todos" e " Educa" para o Programa Municipal de Escolas Deportivas 2019-2020.*
*Este convenio poderá prorrogarse ano a ano, para o Programa Municipal de Escolas Deportivas 2020-2021, 2021-2022 e 2022-2023 coa mesma estructura das actividades do curso regular e proxectos sinalados no párrafo anterior.*

***Terceira***

*Os obxectivos xerais do Programa, e que asume a entidade deportiva son os seguintes:*

- *Conquerir unha mellora da calidade da oferta deportiva.*
- *Potenciar a promoción e a práctica deportiva dos deportes minoritarios. Atender as novas demandas sobre a práctica deportiva que se plantexen nas idades que abrangue o programa.*
- *Potenciar o acceso a práctica deportiva as persoas con discapacidade.*
- *Consolidar unha oferta de competición recreativa para todos os nen@s que se atopan no desenvolvemento do programa.*
- *Fomentar e dinamizar a formación dos técnicos deportivos.*
- *Mellorar a calidade docente.*
- *Dinamizar a actividade deportiva nos colexios.*
- *Potenciar e promover o traballo das Entidades na promoción das súas modalidades deportivas.*
- *Dinamizar a prevención da saúde d@s deportistas.*
- *Fomentar hábitos deportivos saudábeis e actitudinais n@s nen@s dende as primeiras idades.*
- *Dinamizar a práctica deportiva na idade adulta*

***Cuarta***

*O desenvolvemento e promoción deste Programa Municipal de escolas deportivas na cidade de Vigo, será organizado conxuntamente entre a Concellería de Deportes e a entidade asinante do convenio de acordo coas obrigacións expostas nas cláusulas do presente convenio.*

***Quinta***

*A práctica das actividades deste Programa Municipal poderá ser desenvolvida en función dos intereses e as características de cada modalidade en instalacións da Concellería de Deportes, en instalacións dos Centros de ensino ou nas instalacións que faciliten as diversas federacións deportivas colaboradoras. En ningún caso terá coste para a entidade.*

***Sexta***

*A Concellería de Deportes definirá a filosofía xeral para o desenvolvemento das escolas deportivas incluídas no proxecto, e actuará como axente aglutinador e coordinador das necesidades de promoción e difusión do proxecto, sendo o responsable da unificación de criterios para garantir uns mínimos de calidade na práctica e formación deportiva, comprometéndose a:*

*- aportar o material deportivo e didáctico necesario para o desenvolvemento das mesmas, sempre en función das posibilidades orzamentarias do propio programa*

*- colaborar na programación deportiva e na gratuidade e cesión das instalacións deportivas nas que se desenvolve a escola deportiva, cando esta sexa municipal.*

*- aportará a entidade coa que asina o convenio, como colaboración a financiación das necesidades da escola, as cantidades establecidas no Programa Municipal de Escolas deportivas aprobado, en función do tipo de escola ou actividade a desenvolver. As cantidades mensuais que correspondan serán aboadas previa certificación ca distribución do 1º período de Outubro a Decembro e un 2º período de Xaneiro a Maio. O importe mínimo aportado por cada escola será fixado en 20 alumnos, aínda que en caso de necesidade técnica, criterios de seguridade e control do grupo de actividade, ou de promoción dunha modalidade, un grupo de traballo ou módulo poderá ter menos alumnos.*
*A aportación económica da Concellería de Deportes con relación o cumprimento deste estará supeditada o crédito máximo establecido para a totalidade dos grupos do programa municipal de escolas deportivas.*

*- cubrir unha póliza de seguro de accidentes deportivos que cubrirá a totalidade dos alumnos/as de cada unha das escolas que se desenvolvan dentro deste programa.*

***Sétima***
*As Entidades Deportivas que reúnen os requisitos esixidos pola Concellería de Deportes para o desenvolvemento do Programa Municipal de Escolas deportivas de cara a colaborar no desenvolvemento do mesmo, comprométense a través da firma do presente convenio a:*

> *1.-Que todos os alumnos das escolas deportivas incluídas dentro deste programa deberán de abonar a cantidade que recolla a ordenanza reguladora de prezos públicos do ano en curso.*
>
> 2.- *Dispoñer dunha <u>póliza de responsabilidade civil</u>, atendendo a LEI 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia nos seus artigos 21,22,23,27 e 28 así como a súa modificación na lei 15/2015 do 24 de Decembro, no seu artigo 23 para cubrir os*

*danos que se puidesen ocasionar con motivo da organización de competicións e eventos deportivos dentro do programa municipal.*

*3.-Desenvolver as tarefas relacionadas coa ensinanza deportiva da súa modalidade mediante a aportación dos profesores e monitores necesarios que deberán posuír a titulación deportiva mínima ( monitor deportivo da especialidade a impartir ou o título de Técnico superior en actividades físico deportivas), e deberán de atender as escolas a razón dun monitor por cada módulo de 20 alumnos (nas actividades cunha esixencia maior de supervisión este número será menor). Entre os monitores o club designará un coordinador –preferentemente entre Licenciados en Educación Física, Diplomados en Educación Física ou adestradores nacionais- que realizará as labores de coordinación coa Concellería de Deporte.*

*4.- Que os monitores da entidade deportiva desenvolvan a súa actividade impartindo as clases nos horarios, días, e lugares que se especifica no programa deportivo acordado co club/ entidade deportivo.*

*5.- Desenvolver a través dos seus técnicos, monitores e xogadores as diversas actividades de promoción a través de charlas o conferencias en diversos centros de ensino da cidade según o programa definido.*

*6.- Que os monitores e profesores sexan responsables dos nenos/as dende 10 minutos antes das clases, -sempre e cando estén os nen@s na instalación- durante o desenvolvemento da actividade e 10 minutos, despois de finalizar a actividade, durante o tempo de cambio na zona de vestiarios.*

*7.-Dotar a escola dos técnicos precisos para o normal desarrollo da mesma. Os técnicos, coa titulación precisa, serán designados e retribuidos pola entidade, establecento esta as condicions de ensinanza, réxime interior e asumindo a relación laboral que corresponda co arreglo a lexislación vixente nesta materia. Informar aos monitores e técnicos ditas actividades que en ningún suposto se considerarán como relación laboral, contractual ou de calquera outra natureza coa Concellería de Deportes ou o Concello de Vigo. As Entidades deportivas atendendo a recomendacións do CSD deberán articular os procedementos establecidos na normativa vixente a través das leis en materia laboral e voluntariado (lei 6/1996 de voluntariado).*

*8.-Que os monitores das Entidades deportivas deberán ter a certificación negativa no rexistro central de delincuentes sexuais. Tal e como se esixe no R.D 1110/2015 do 11 de Decembro. Será requisito para o acceso e exercicio das profesions, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores, non haber sido condeado por sentencia firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual*

*9.-Cubrir a aqueles monitores que por circunstancias alleas non poidan asistir a participación da docencia na súa escola deportiva.*

*10.-Confeccionar un programa anual docente e de actividades, correspondendo a programación da escola deportiva e prestar mutua colaboración no desenvolvemento das actividades que se planifiquen ca Concellería de Deportes.*

*11.-Velar porque todos os alumnos poidan participar en actividades de competición formativa e educativa, responsabilizándose en todo momento de ter informados ós nen@s.*

*12.-Realizar o programa docente para todos os alumn@s coma mesma igualdade e equidade, aportando os mesmos recursos humans e materiais.*

*13.-Comprobar e controlar que todos os nenos están inscritos no seu horario correspondente, comunicando os cambios precisos para a súa correcta inscrición. A entidade deportiva será a responsable dos problemas ocasionados polos erros producidos por unha falta de control nos inscritos en cada grupo de actividade.*

*14.-Informar debidamente aos monitores e alumnos da existencia das normas de organización e funcionamento e uso das instalacións para procurar o seu cumprimento.*

*15.-Promover, entre os técnicos e principais responsables da dirección técnica, a formación en diversidad sexual e de xénero, a igualdade de xenero e a promoción da muller nas actividades deportivas, así como a prevención da LGTBIFobia no ámbito deportivo.*

*16.-Falicitar e incorporar os participantes na estructura da entidade deportiva, posibilitando a súa participación en competicions oficiais, e asegurar a súa continuidade deportiva nas diferentes categorías de base e facilitar o seú acceso a outros niveles de tecnificación despois da finalización do período establecido no Programa Municipal de Escolas Deportivas.*

*17.- Aportar os deportistas e técnicos necesarios que poidan representar e colaborar ca cidade de vigo con ocasión da organización de eventos deportivos, torneos de seleccions, torneos que teñan interese para a cidade de Vigo ou proxectos deportivos incluidos no Programa Municipal de Escolas deportivas.*

*18-. Que a entitade atópase ó corrente coas obrigas tributarias da Seguridade Social, Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo*

***Oitava***

*A Entidade deportiva deberá dar cumprimento ao Regramento Xeral de Protección de Datos e da Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. A entidade deportiva colaboradora estará obrigada especialmente no seguinte:*

*Deberá gardar a debida confidencialidade e secreto sobre os feitos, informacions, coñecementos, documentos e outros documentos os que teña acceso con motivo da prestación da actividade, sin que poida conservar copia ou utilizalos para calquer finalidade distinta a expresamente recollida no convenio, incurrindo en caso contrario nas responsabilidades previstas na lexislación vixente. Igualmente deberá informar os seus empleados de que só poden tratar a información do Concello para cumplir os servizos obxecto*

*deste Convenio e tamén da obligación de non facer públicos, ceder ou enaxenar cantos datos coñeza. Esta obligación subsistirá aínda despois da finalización do Convenio.*

*Asimismo deberá incluir unha cláusula de confidencialidade e secreto nos térmos descritos nos contrato laborais que suscriban cos seus empleados destinados a prestación da actividade obxeto do presente convenio.*

*O servizo de deportes se reserva o dereito o exercicio de accions legais oportunas en caso de que baixo o seu criterio se produza un incumplimento de dito compromiso. Tamén se reserva o dereito de efectuar en calquer momento os controis e auditorías que estime oportunos para comprobar o correcto cumprimento por parte da entidade colaboradora das súas obrigacions, a entidade deportiva colaboradora está obrigada a facilitar cantos datos ou documentos se requiran.*
*Unha vez cumprida a actividade obxeto deste Convenio, os datos de caracter persoal deberán ser destruidos ou devoltos o Servizo de Deportes do Concello de Vigo, o igual que calquer soporte ou documento que conteña algún dato de carácter personal obxecto de tratamento.*

***Novena***

*A aportación do Concello de Vigo é parcial e pode non cubrir o total da actividade, polo que é a entidade deportiva a que debe asumir os gastos precisos para unha correcta organización e realización das actividades. A entidade deportiva é a responsable de que as actividades deportivas desenvolvidas se realicen  cos criterios e as normas recollidas no Programa Municipal de Escolas Deportivas.*

***Décima***

*Unha vez desenvolvido o programa, farase unha memoria das actividades realizadas, na que deberán constar os alumnos/as participantes, as actividades desenvolvidas, os monitores/as participantes coa súa titulación, etc.*

***Undécima***

*Para a inclusión de actividades organizadas directamente pola entidade deportiva asinante nos Proxectos "Gañamos Todos" e "Educa" deberase solicitar a inclusión nos mesmos e presentar a documentación requirida para a súa realización.*

***Duodécima***

*A Concellería de Deportes a través do seu persoal técnico municipal, reservase a facultade de controlar o desenvolvemento dos programas das escolas das Entidades deportivas cando sexa oportuno, así como de emitir informes sobre o debido cumprimento das obrigas contraídas nas materias contempladas no presente convenio.*

***Décimo terceira***

*O persoal técnico da Concellería de Deportes, en colaboración coa entidade asinante, realizará o seguimento, control e avaliación do desenvolvemento do programa, prestando o seu asesoramento técnico e colaboración ante calquera petición da entidade, actuando ademais*

*como cauce de comunicación continua entre a dúas institucións. Reuniranse cando o consideren necesario, polo menos unha vez o mes.*

***Décimo cuarta***

*A entidade deportiva establece como coordinador deportivo, e persoa que realizará o contacto ca Concellería de Deportes a ................................. . A Entidade Deportiva comunicará calquera modificación que se produza a Concellería de Deportes.*

***Décimo quinta***

*Crearase unha Comisión Técnica Mixta, coa finalidade prevista no artigo 49 apartado f) da lei 40/2015 de 1 de Outubro, de réxime xurídico do sector público, especialmente para a coordinación e o seguimento das diferentes actuacions desarrolladas o amparo do presente convenio, que estará consituida por: Dous representantes da Concellería de Deportes e dous representantes da entidade deportiva (o presidente e o coordinador deportivo). Esta comisión se reunirá sempre que unha das partes o solicite e será a encargada de resolver cantas cuestions se poidan plantexar.*

***Décimo sexta***

*Tódalas incidencias e necesidades en cada unha das escolas serán transmitidas coa maior celeridade posible o departamento correspondente da Concellería de Deportes, para o seu fluído tratamento e coñecemento.*

***Décimo séptima***

*Este convenio está suxeito a norma imperativa de Dereito Público que regula os convenios administrativos e demáis que resulten de aplicación e especialmente a lei 10/1990, de 15 de Outubro, do deporte; lei 3/2012 do deporte de Galicia, art. 57 da lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de régimen local, art. 48 e ss da lei 40/2015 de 1 de Outubro de Rexime Xurídico do Sector Público, art. 86 da lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracions Pública.*
*Asimesmo, o presente convenio queda excluido do Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 9/2017, de 8 de novembro.*

***Décimo oitava***

*Será motivo de rescisión do mesmo incurrir nalgunha das seguintes causas:*
*1.- Acordo unánime de todos os asinantes.*
*2.- Incumplimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes neste convenio. Neste caso, calqueira das partes poderá notificar a parte incumplidora un requerimento para que se cumpra nun determinado prazo, transcurrido o mesmo se persistira o incumplimento, notificarase as partes asinantes a causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos perxuizos causados, atendendo o valor económico das obrigas deixadas de cumprir.*
*3.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.*
*4.- Por calqueira outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis vixentes.*

***Décimo novena***

*Este convenio poderá prorrogarse ano a ano durante un máximo de 3 prórrogas, por acordo expreso da Xunta de Goberno Local, se ambas partes manteñen a colaboración no Programa Municipal de Escolas Deportivas seguindo o establecido no artigo 49.h da lei 40/2015 do 1 de Outubro, de réxime xurídico do sector público.*
*Estas prórrogas deberán ser autorizadas expresamente polo servizo de deportes e soamente poderán sufrir modificacions organizativas e de actualización de datos das entidades deportivas.*

*Como proba de conformidade, as partes intervenientes asinan este convenio por triplicado*

BASES PARA A SELECCIÓN DAS ENTIDADES DEPORTIVAS QUE PARTICIPARÁN NO PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS "ACHÉGATE AO DEPORTE 2019-2023"

**Base 1.- Obxecto das presentes bases**
**Base 2.- Requisitos e solicitudes para participar no Programa Municipal de Escolas Deportivas.**
**Base 3.- Lugar, datos e presentación de solicitudes**
3.1.-Lugar de Presentación
3.2.-Prazos de presentación de solicitudes e de actividades e prórrogas.
3.3.-Datos para a Presentación de Proxectos:
**Base 4.- Descrición dos Proxectos incluídos no Programa Municipal de Escolas Deportivas.**
4.1.-Proxectos Gañamos Todos.
4.1.1.-Actividades que formarían parte do Proxecto.
4.1.2.-Obxectivos específicos de este proxecto:
4.1.3.-Duración:
4.1.4.-Características das actividades:
4.1.5.- As actividades do Proxecto "Gañamos todos" van dirixidas.
4.1.6.-As actividades que se inclúan no Proxecto "Gañamos todos" deberán presentar:
4.1.7.- A presentación de solicitudes deberase realizar:
4.1.8.- Gratuidade de instalacións.

4.2-Proxectos Educa.
4.2.1- Proxecto de formación "educa".
4.2.2.-Actividades que poderían formar parte do proxecto "Educa":
4.2.3.-Duración do Proxecto "Educa".
4.2.4.-Requisitos do Proxecto "Educa".
4.2.5.-Presentación de solicitudes do Proxecto "Educa".
4.2.6.-Vantaxes do Proxecto "Educa".
4.3.-Proxectos Avanza
4.3.1.-Entidade Deportivas participantes.
4.3.2.- Información das Entidades Deportivas.
4.4.-Proxecto Día Internacional da Muller

**Base 5.- Selección das Entidades e Proxectos. Criterios de Valoración e selección de proxectos.**
5.1.- Inclusión no folleto.
5.2.- Formalización da participación.
5.3.- A selección dos proxectos presentados está condicionada por.
**Base 6.- Resolución de solicitudes**
6.1.-Inclusión dos seleccionados no Folleto do Programa Municipal de Escolas Deportivas.
6.2.- Formalización da participación no Programa Municipal de Escolas Deportivas Municipais.
**Base 7.- Importes e contrapestacións.**
**Base 8.- Memoria da Actividade.**
**Base 9.- Infracións e sancións.**

**Anexos:**
**Anexo I.- modelos normalizados de solicitudes**

## Base 1.- Obxecto das presentes bases

Dende a Concellería de Deportes do Concello de Vigo, iníciase o programa de promoción deportiva **"Achégate ao Deporte**" para o período 2019-2023, relacionado coa iniciación deportiva, a través do proxecto para a promoción das escolas deportivas na cidade de Vigo, en colaboración coas entidades deportivas do tecido asociativo deportivo, clubs e federacións deportivas.

As presentes bases regulan os criterios para a selección das Escolas Deportivas que van a colaborar na implantación do antedito Programa Municipal mediante a valoración dos proxectos presentados polas distintas entidades deportivas. Para isto establécense os requisitos que deberán reunir as entidades deportivas, a documentación esixida, as características que deben reunir os proxectos que se propoñan para cada un dos programas así como os criterios para a súa valoración.

## Base 2.- Requisitos e solicitudes para participar no Programa Municipal

Este programa contempla tódolos ámbitos de actuación na promoción deportiva dende a iniciación e formación da actividade deportiva, sen esquecer nestas actividades o ámbito do xogo e da competición, e para poder desenvolver o mesmo plantease a necesidade de definir unhas pautas de colaboración entre as diversas Entidades Deportivas ubicadas en Vigo ou delegacións das mesmas ubicadas en Vigo, e que de forma xeral veñen desenvolvendo diversas actividades de iniciación deportiva como fundamento da continuidade das súas principais actividades e sendo estas entidades as que mobilizan e dinamizan a práctica totalidade deste tipo de actividades na nosa cidade.

a) O programa esta aberto a calquera entidade deportiva ou asociativa da cidade (Clubs, federacións, Agrupacións Deportivas, etc.), que poderán desenvolver as actividades nas instalacións deportivas municipais, ou nas instalacións dos colexios que soliciten a inscrición no programa municipal de escolas deportivas.

b) Tódalas entidades interesadas deberán presentar a solicitude coa documentación esixida utilizando os modelos previstos nos anexos que acompañan as presentes bases

c) Os proxectos presentados se valoran conforme os criterios que se establecen nestas Bases para a selección de Proxectos.

Unha vez recibidas tódalas solicitudes o a Concellería de Deportes plantea para o Curso 2019-2023, dentro do Programa **“Achégate ó deporte”** a Promoción Deportiva Municipal a través das Escolas Deportivas das Entidades formadas por un amplo abanico de opcións e segundo os mínimos esixidos as Entidades Deportivas da Cidade que forman parte do mesmo.

Neste novo ciclo, que comprende o período 2019-2023, de escolas deportivas debemos destacar as seguintes pautas xerais para poder definir os criterios de desenvolvemento:

a) As Entidades deportivas colaboradoras coa Concellería de Deportes para o desenvolvemento do programa municipal de Escolas Deportivas reunirán os seguintes aspectos:

- As entidades deportivas participantes veñen desenvolvendo con anterioridade e regularidade as súas propias escolas e contan con medios humans necesarios para o desenvolvemento das actividades propostas.
- As entidades deportivas da cidade atópanse arraigadas no tecido social do entorno.
- As entidades deportivas que participan reunen uns criterios mínimos de calidade para o desenvolvemento e ampliación da súa propia oferta deportiva.

a) A Concellería de Deportes, como entidade xeradora do proxecto de escolas deportivas dentro da Campaña de promoción deportiva Municipal “Achégate ó deporte” aporta o presente proxecto os seguintes aspectos de colaboración:

Ser o axente aglutinador e coordinador das necesidades de promoción e difusión do proxecto e promover a continuidade da participación nas actividades dentro de cada entidade responsable.
Ser o responsable da unificación de criterios para garantir unha calidade na práctica e na formación deportiva das entidades participantes.
Facilitar recursos materiais (Instalacións deportivas, e material deportivo) para poder ampliar a oferta das entidades participantes.
Colaborar na financiación dos gastos xerais que teñen as entidades deportivas participantes, co obxectivo de facilitar o achegamento dun maior número de nenos e nenas.

**Base 3.- Lugar, prazos e datos de presentación de solicitudes**

**3.1.-Lugar de Presentación**

Todas as solicitudes deberán presentarse por rexistro Telemático, do Concello de Vigo.

**3.2.-Prazos de presentación de solicitudes e prórrogas.**

Abrirase un período para a presentación de solicitudes e de renovación de prórrogas, en torno o mes de Abril – Maio, de 20 días naturais. Rematado o prazo se comunicará as novas

Entidades que entrarán a formar parte do Programa Municipal de Escolas deportivas e as prórrogas dos convenios das Entidades Deportivas que xa estén no mesmo.

Durante o mes de Agosto se presentará o Folleto do Programa Municipal de Escolas Deportivas que se poñera a disposición de todo o público e se publicará na páxina web do Concello.

O mes de Setembro será o establecido para a incripcións. Haberá un prazo para a renovación das prazas e outro para as novas inscripcións. Todos os meses este prazo de inscripción estará aberto para para que calqueira usuario se poida inscribir se houbera prazas dispoñibles.

O 1 de Outubro de 2019 comeza a actividade do Programa Municipal de Escolas Deportivas ata o 31 de Maio 2020. Establecendo como calendario de actividades o mesmo que o determinado pola Consellería de Educación para os Centros Escolares no Concello de Vigo. Os festivos e vacacions estarán determinados e sinalados no folleto do Programa e nos tablons das instalacións deportivas municipais.

A duración do Programa sería do 1 de Outubro de 2019 o 30 de Setembro de 2020 para o Programa 2019-2020, do 1 de Outubro de 2020 o 30 de Setembro de 2021 para o Programa 2020-2021, do 1 de Outubro de 2021 o 30 de Setembro de 2022 para o Programa 2021-2022,do 1 de Outubro de 2022 o 30 de Setembro de 2023 para o Programa 2022-2023. Enmarcaría desta forma, durante cada Programa, as actividades ordinarias do curso entre os meses de Outubro e Maio (ambos inclusive), e para todos os proxectos estarían enmarcados entre o 1 de Outubro e o 30 de Setembro de cada Programa.

**3.3.-Datos para a Presentación de Proxectos:**

Tódolos Proxectos deben incluír a seguinte documentación:

- ✓ Solicitude de inclusión das Escolas deportivas da Entidade Deportiva dentro do Programa Municipal de Escolas Deportivas (ANEXO 1.1) e proxecto para o programa municipal ( ANEXO 1.2)
- ✓ Distribución de grupos de actividade (ANEXO 1.3)
- ✓ Datos relevantes para incluír no Proxecto Avanza (ANEXO 1.4)
- ✓ Póliza de responsabilidade Civil vixente para as actividades organizadas pola Entidade Deportiva.
- ✓ Declaración responsable conforme as entidades atópanse ao corrente coa TGSS, AEAT e Tesourería Municipal.
- ✓ Declaración responsable conforme a entidade deportiva coñece as normas de organización, funcionamento e uso das instalacións e se comprómete ao seu cumprimento e difusión entre os usuarios.
- ✓ Certificación negativa no rexistro central de delincuentes sexuais de todos os monitores da entidade deportiva.
- ✓ O Proxecto da actividade que incluirá:
    - o Obxectivos do proxecto.
    - o Contidos das actividades que se realizarán.
    - o Recursos materiais e Humanos cos que conta a Entidade.
    - o Solicitude de material para o curso 2019-2020.

**Base 4. - Descrición dos proxectos incluídos no Programa Municipal Escolas Deportivas.**

A participación no Programa Municipal de Escolas Deportivas dará a posibilidade de participar en cada un dos Proxectos que dende este Programa se propoñen

**4.1.-PROXECTOS GAÑAMOS TODOS.**

**4.1.1.-Actividades que formarían parte do Proxecto.**

Todas as Entidades deportivas incluídas no Programa Municipal de Escolas Deportivas que presenten a solicitude e a documentación necesarias (Anexo 2.1)

**4.1.2.-Obxectivos específicos de este proxecto:**

- ✔ Promover e ordenar as competicións de Entidades Deportivas que pertenzan o Programa Municipal.
- ✔ Ampliar o número de actividades e a colaboración coas Entidades Deportivas que forman parte do Programa Municipal de Escolas Deportivas.
- ✔ Aumentar o numero de nenos e nenas que forman parte do programa deportivo mediante dúas vías:
  - Incluíndo nel a todos os participantes nestas actividades
  - Promocionando o Programa "Achégate o Deporte" nas actividades de competición e chegando a un maior número de público obxectivo.

**4.1.3.-Duración:**

A duración do proxecto sería do 1 de Outubro de 2019 o 30 de Setembro de 2020. Enmarcaría desta forma dende o comezo do curso escolar e todo o verán para dar cabida o maior número de competicións e torneos.

A mesma distribución mensual dentro do Programas 2020-2021, 2021-2022 e 2022-2023.

**4.1.4.-Características das actividades:**

Torneos, competicións ou xornadas con competición propia, na que a clasificación non sexa o obxectivo principal, senón a participación e a posta en práctica dos coñecementos e habilidades practicadas no Programa Municipal de Escolas Deportivas.

**4.1.5.- As actividades do Proxecto "Gañamos todos" van dirixidas.**

A todas as entidades deportivas que están inscritas no Programa Municipal de Escolas Deportivas "Achégate o Deporte" e que teñen algunha das súas escolas deportivas dentro do Programa.

Estas Entidades propoñerán a inclusión da actividade organizada no Proxecto "Gañamos todos". Nesta actividade poderán participar nenos e nenas do club organizador e nenos e nenas de

entidades invitadas polo club organizador, que reúnan as condicións establecidas de cobertura sanitaria e de idade menor de 18 anos.

**4.1.6.- As Entidades que se inclúan no Proxecto "Gañamos todos" deberán presentar:**

- Solicitude para a inclusión da actividade dentro do "Proxecto Gañamos Todos" conforme ao modelo recollido no anexo onde figurarán os datos identificativos da entidade (Anexo 2.1)

Indicarase a instalación que se solicita, unha breve descrición do evento, indicando a modalidade deportiva, o número de participantes sinalando si forman parte ou non do Programa de Escolas deportivas ou dlgunha entidade deportiva invitada a actividade, antigüidade do evento, número estimado de público e a situación de carteleira do programa Municipal de Escolas e do proxecto que compite na instalación durante todas as actividades.

- Unha vez admitida solicitude deberán achegar a documentación que se relaciona no modelo que comprende: a descrición completa do evento ou torneo ( Obxectivos, descrición, duración, recursos,..) a relación de participantes no evento segundo pertenzan ou non ao programa, e a cobertura de accidentes para todos os participante na actividade ( Anexo)

-No desenvolvemento das actividades deberán estableceranse criterios de educación en valores, prevención da violencia no deporte, creación de hábitos de vida saudables.

**4.1.7.- A presentación de solicitudes deberase realizar:**

-As solicitudes deben presentarse no Rexistro Xeral do Concello cun mínimo de 60 días de antelación da data de realización do evento para o seu estudo e inclusión no Programa.

-Unha vez aceptada a realización da actividade, antes da data de realización da mesma, débese entregar toda a documentación referente os participantes da mesma.

**4.1.8.- Gratuidade de instalacións.**

- Todas as actividades incluídas dentro do proxecto "Gañamos todos" estarán exentas de realizar o pago correspondente de aluguer de instalacións, por tratase dunha actividade ou programa organizado pola Consellería de Deportes.

**4.2-PROXECTOS EDUCA.**

**4.2.1- Proxecto de formación "educa".**

Este proxecto está orientado a aumentar e promover as actividades que esten organizadas polas Entidades Deportivas pertencentes o Programa Municipal de Escolas Deportivas, que teñan como obxectivos os mesmos que o Programa Municipal e así ofrecer de unha oferta formativa de base maior que a proposta dentro da programación de actividades que ata agora se dispoñen.

**4.2.2.-Actividades que poderían formar parte do proxecto "Educa"**

Campus de Verán, xornadas de tecnificación, ou calquera outra actividade que a Concellería de Deportes considere unha ampliación do propio Programa Municipal

de Escolas Deportivas, no que se aumente e sexa unha evolución para acadar maiores beneficios para os nenos inscritos no Programa de Escolas Deportivas, manteñan os mesmos obxectivos, esencia lúdica e educativa do programa.

**4.2.3.-Duración do Proxecto "Educa".**

A duración do proxecto sería do 1 de Outubro de 2019 o 30 de Setembro de 2020. Enmarcaría desta forma dende o comezo do curso escolar e todo o verán para dar cabida o maior número de actividades.

A mesma distribución mensual dentro do Programas 2020-2021, 2021-2022 e 2022-2023.

**4.2.4.-Requisitos do Proxecto "Educa".**

-Solicitude da inclusión da competición dentro do "Proxecto Educa" conforme ao modelo recollido no anexo onde figurarán os datos identificativos da entidade.(ver anexo 2.1)

- Unha vez aceptada a solicitude, e entidade deberá presentar a documentación que se relaciona no modelo:

-Proxecto docente. Obxectivo, duración, prezo, memoria económica da actividade con gastos e ingresos, características.

-Relación de todos os participantes (pertenzan ou non o programa "Achégate o deporte"). Nome, Apelidos, Idade, Entidade deportiva.

-Todos os participantes deben ter unha idade menor de 18 anos.

-Cartelería visible no evento do programa Municipal de Escolas e de proxecto EDUCA na instalación durante todas as actividades.

-Para todos os nenos que non formen parte do programa deben de presentar un seguro de responsabilidade pola actividade. (ver anexo 2.1).

-Estableceranse criterios de educación en valores, prevención da violencia no deporte, creación de hábitos de vida saudables.

**4.2.5.-Presentación de solicitudes do Proxecto "Educa".**

-As solicitudes deben presentarse no Rexistro Xeral do Concello cun mínimo de 60 días de antelación da data de realización do evento para o seu estudo e inclusión no Programa. (Ver anexo 2.1)

-Unha vez aceptada a realización da actividade, antes da data de realización da mesma, débese entregar toda a documentación referente os participantes da mesma.

**4.2.6.-Vantaxes do Proxecto "Educa".**

-Prezo da instalación será o establecido na ordenanza de prezos públicos vixente coma de adestramento no artigo 19.4 e non o que se establece na ordenanza correspondente a competicións, exhibicións, campus e torneos no artigo 19.2.

**4.3.-PROXECTOS AVANZA**

Este proxecto está orientado e promover e dar visibilidade a todas as actividades que esten organizadas polas Entidades Deportivas pertencentes o Programa Municipal de Escolas

Deportivas. De este xeito ofrecer de unha oferta formativa de maior que a proposta dentro da programación de actividades que se ofertan dende o Programa Municipal de escolas deportivas.

**4.3.1.-Entidade Deportivas participantes.**

Poderán participar todas as entidades deportivas que formen parte do Programa Municipal de Escolas deportivas e presenten no Proxecto de Escolas Deportivas os datos necesarios.

**4.3.2.- Información das Entidades Deportivas.**

No propio folleto do Programa Municipal de Escolas Deportivas expoñeranse toda a información que ofreza cada Entidade deportiva e que esta queira destacar, como número de equipos da entidade, categoría dos equipos, idades de traballo (Anexo 1.3)

Este espazo está orientado tamén para que cada entidade deportiva poida presentar as actividades que realizan ou proxectos que realizan durante o ano, así como os logros, ascensos, premios....

Nun lugar destacado aparecerán os importes das súas actividades, características, descontos e formas de pago

**4.4.-PROXECTO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.**

O día 8 de Marzo celebrarase o día internacional da muller, dentro do Programa Municipal de Escolas Deportivas apoiarase con un acto conmemorativo este día. A actividade enmarcarase como un proxecto integrador e educativo para todos as entidades deportivas e participantes das escolas deportivas dos clubes que integran o Programa Municipal de Escolas Deportivas.

**Base 5 .- Selección de Proxectos. Criterios de Valoración e selección dos Proxectos**

5.1 Os criterios establecidos para a selección de Proxectos que pertencerán o Programa Municipal de Escolas deportivas serán os utilizados para determinar as Entidades Deportivas que poderán incluír as súas Escolas Deportivas dentro do Programa Municipal de Escolas deportivas.

5.2 Criterios de valoración :

- A antigüidade no Programa Municipal de Escolas Deportivas. As escolas deportivas que participaran nas última edición do programa poderá seguir participando no mesmo unha vez presentada a solicitude de prórroga do mesmo.
- Darase prioridade aos novos Proxectos nas instalacións onde non se esté a ofertar a modalidade deportiva proposta sobre outros proxectos que soliciten algunha modalidade que esté presente na mesma instalación.
- Proxectos presentados nos prazos establecidos e con toda a documentación que neste documento se solicita. Terase en conta os proxectos presentados coa inclusión de aqueles que promovan criterios de educación en valores, prevención da violencia no deporte, creación de hábitos de vida saudables.

- A distribución dos grupos presentados, valoración do número de grupos, capacidade de evolución da actividade na instalación deportiva solicitada. Niveis dos grupos presentados, número de prazas e idoneidade da distribución horaria.
- O número de licenzas presentadas pola entidade deportiva na tempada anterior.

5.3 A selección dos proxectos presentados está condicionada por:

- As limitacións nos espazos dispoñibles nas instalacións deportivas municipais.
- O calendario e horario previsto para o Programa Municipal que será de luns a venres en horario de 17:00h a 20:00h.
- Só se poderán selecciónar proxectos de Entitades que se atopen ó corrente coas obrigas tributarias da Seguridade Social, Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo.

**Base 6.- Resolución das solicitudes presentadas:**

Todas as entidades deportivas, para poder ser admitidas dentro do Programa Municipal deberán:

- Ser entidades deportivas ou federacións galegas.
- Presentar a solicitude de inclusión ou a súa renovación.
- Ter unha póliza de responsabilidade civil.
- Presentar certificado negativo do Rexistro Central de delincuentes sexuais, de todos os monitores .
- Atoparse ó corrente coas obrigas tributarias da Seguridade Social, Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo.

Unha vez revisadas todas as solicitudes comunicarase a resolución favorable ou desfavorable a cada unha das entidades cos horarios e grupos aprobados, sinalando os motivos específicos en caso de desestimación da solicitude, e publicarase no taboleiro do servizo de deportes na instalación de Travesas e na web do Concello.

A selección de todas as entidades deportivas realizarase dende o servizo de deportes, polo persoal técnico, cos criterios establecidos no punto 5 de estas bases, realizando un informe favorable das entidades incluidas.

6.1.-Inclusión dos seleccionados no Folleto do Programa Municipal de Escolas Deportivas.

As entidades que conten co informe favorable, incluiranse no folleto do Programa Municipal de Escolas Deportivas en curso. As entidades que estén no programa poderán realizar solicitar as prórrogas ata un máximo de 3.

6.2.- Formalización da participación no Programa Municipal de Escolas Deportivas Municipais.

Unha vez finalizado o prazo de inscrición de participantes e antes de comezar as actividades do Programa Municipal de Escolas Deportivas o 1 de Outubro de 2019, comunicarase as entidades que non acaden o mínimo de inscritos para a viabilidade da mesma, e polo tanto a súa exclusión do Programa Municipal de Escolas Deportivas.

As entidades que acaden o mínimo de inscricións para a realización das actividades, terán a posibilidade de quedar incluídas no Programa Municipal de Escolas deportivas mediante a sinatura do Convenio de Colaboración.

**Base 7.- Importes.**

Prezo das inscripcións no Programa.

- O Prezo público será o establecido na Ordenanza de Prezos públicos vixente no momento da realización da inscripción. No ano 2019 é de 43,15 € para as actividades xerais e de 111,20 € para as actividades no medio acuático (Natación Sincronizada, Remo, Piragüismo, Vela, Kayak, Waterpolo) e escalada.
- O prezo é por todo o programa (de 1 de Outubro de 2019 a 31 de Maio de 2020). O prezo de inscripción do mesmo non se modifica, independentemente do mes de inscipción.

As aportacions para as Entidades Deportivas que inclúan as súas Escolas Deportivas dentro do Programa Municipal de Escolas Deportivas son:

- Gratuidade das instalacións deportivas.
- Material deportivo para a realización das actividades. O inicio de cada curso distribuirase o material necesario para a realización da actividade en función das posibilidades orzamentarias do propio Programa.
- Colaboracións en proxectos “gañamos todos” e “educa”
- Aportacions económicas establecida no Programa:
    - 6.00 € por cada nen@ inscrit@ / mes.
    - Módulo 120 € mes. En actividades que por motivos organizativos e seguridade, non poidan acadar os 20 alumnos por monitor.

**Base 8. - Memoria da Actividade.**

Unha vez rematada a actividade, todos as Entidades Deportivas que participan no Programa Municipal de escolas deportivas deberán presentar unha memoria final de actividades, na que deben aparecer os seguintes apartados:

- Datos da entidade.
- Número de inscricións.
- Resumo de actividades.
- Informe de Incidencias.
- Valoración global da actividade.

**Bases 9.- Infraccións e Sancións.**

A Concellería de deportes valorará en cada caso as infraccions que se puiderán producir e determinará as consecuencias das mesmas, poidendo suspender e anular a participación da Entidade Deportiva dentro do Programa.

**Anexo I. Modelos normalizados de solicitudes:**

**Anexo 1.1.-Solicitude para a inclusión no programa municipal “Escolas Deportivas”**

**Anexo 1.2.- Datos relevantes Proxecto para o programa municipal de Escolas Deportivas**
**Anexo 1.3.- Distribución de Grupos para o Folleto do Programa**
**Anexo 1.4.- Datos Relevantes para incluír no Proxecto Avanza.**
**Anexo 1.5.- Solicitude de material.**
**Anexo 1.6.- Solicitude para programa “Gañamos Todos” e “Educa”**

## ANEXO 1.1

**PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS “ACHÉGATE O DEPORTE”**

**SOLICITUDE PARA A INCLUSIÓN DA ESCOLA DEPORTIVA NO**

# “PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS 2019-2020”

**1.-DATOS DA ENTIDADE DEPORTIVA SOLICITANTE:**

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nome da Entidade Deportiva | .......... | | |
| CIF | ...... | Antigüedade no Programa | ... |
| E-Mail | ... | Teléfono | .. |
| Ano de Creación | ..... | Páxina Web | ... |
| Nome e Apelidos do Presidente: | ...... | DNI do Presidente | . |
| Número de Conta (con IBAN) | ..... | | ... |
| Número da Póliza de Responsabilidade Civil da Entidade vixente | ....... | | |
| Coordinador Responsable da Actividade (Nome e apelidos) | .......... | | |

## 2.-SOLICITUDE DE INSTALACIÓN.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Modalidade Deportiva | ........................................ | | | |
| Instalacións solicitada | 1º Opción:........................ | 2º Opción:........................ | 3º Opción: ........................ | |
| Datas solicitadas da Actividade | Día /s | ..... | Horario | ... |

**3.- DATOS RELEVANTES DA ENTIDADE:**

| | | | |
|---|---|---|---|
| Número de licenzas deportivas actuais | ... | Número de monitores que forman parte da Entidade: | .. |
| Capacidade Máxima de inscritos no Programa Municipal de Escolas Deportivas | ....... | | |
| Número de equipos e categorías da Entidade Deportiva | Grupos de Traballo / Equipos | Categoría / Nivel | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |

Concello de Vigo

**3.- ESTA ENTIDADE DECLARA:**

| |
|---|
| Que a entitade atópase ó corrente coas obrigas tributarias da Seguridade Social, Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e o Concello de Vigo, non é debedora por resolución de procedencia de reintegro e que foi practicada a pertinente retención sobre a Renda das Persoas Físicas sobre os gastos que están suxeitos á retención, así como que esta foi practicada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria (No caso de empregar ditos Xustificantes). |
| Que autoriza ó servizo de Deportes do Concello de Vigo a comprobar a situación de débedas da entidade coa AEAT, co Concello de Vigo. |

**3.- CON ESTA SOLICITUDE DEBE PRESENTAR A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:**

- ✓ Proxecto docente (Obxetivos, contidos, recursos materiais, recursos humanos,...) (Pódese entregar cuberto o ANEXO 1.2 ou presentar un propio da entidade que conteña como mínimo os datos deste anexo.)
- ✓ Poliza de Responsabilidade Civil da entidade.
- ✓ Distribución de grupos (ANEXO 1.3)
- ✓ Datos a incluir no Proxecto AVANZA. (ANEXO 1.4)
- ✓ Certificado bancario co número de conta.
- ✓ Certificado negativo de todos os monitores da entidade no Rexistro Central de Delincuentes sexuais.

**(ANEXO 1.2)**

## PROXECTO PARA O PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS “ACHÉGATE O DEPORTE”

## “PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS 2019-2020”

**1.-DATOS DO PROXECTO DEPORTIVO:**

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nome da Entidade Deportiva | ........................................................................................................................................................... | | |
| CIF | ............................................................................ | Teléfono | ........................................................... |
| Nome e Apelidos do Responsable deste Proxecto Deportivo. | ........................................................................................................................................................... | | |

**2.- DATOS RELEVANTES.**

| | | | |
|---|---|---|---|
| Número de licenzas deportivas actuais | ................................................... | Número de monitores que forman parte da Entidade: | ................................................... |
| Capacidade Máxima de inscritos no Programa Municipal de Escolas Deportivas | ........................................................................................................ | | |
| Número máximo de incritos por cada monitor da entidade: | | | |

**3.-OBXECTIVOS QUE A ENTIDADE DEPORTIVA QUERE ACADAR CON ESTA ACTIVIDADE.**

| | |
|---|---|
| Obxectivos Xerais | • .<br>• .<br>• .<br>• .<br>• .<br>• . |
| Obxectivos Específicos | • .<br>• .<br>• .<br>• .<br>• .<br>• .<br>• .<br>• . |

## 4.-TIPO DE ACTIVIDADES QUE SE REALIZARÁN E ORGANIZACIÓN DAS SESIÓNS.

| | |
|---|---|
| Tipo de actividades da que constarán as clases. | • .<br>• .<br>• .<br>• .<br>• .<br>• .<br>• . |
| Organización das sesions deportivas (organización do tempo, metodoloxía,, diseño de sesions, estructura, estilos de ensinanza) | • .<br>• .<br>• .<br>• .<br>• .<br>• .<br>• .<br>• . |

## 5.-RECURSOS MATERIAIS DISPOÑIBLES:

| | |
|---|---|
| Recursos Materiais Dispoñibles pola entidade para a realización das actividades (estimación) | • .<br>• .<br>• .<br>• .<br>• .<br>• .<br>• .<br>• . |

## 6.-SOLICITUDE DE MATERIAL:

| | |
|---|---|
| Solicitude de material para a realización da actividade. (co maior detalle posible. Talla, modelo, marca, tipo, cor...) | • .<br>• .<br>• .<br>• .<br>• .<br>• .<br>• .<br>• . |

**7.-RECURSOS HUMANS DISPOÑIBLES/ORGANIGRAMA:**

| Cargos no organigrama da entidade | Nome e apelidos |
|---|---|
| Presidente/a | |
| Presidente/a de honra (se o houbera) | |
| vocais | |
| Tesorero/a | |
| Secretario/a | |
| Monitores da entidade. Número | |
| Coordinadores/as | |
| Delegados | |
| | |
| | |

**8.-EVENTOS ORGANIZADOS POLA ENTIDADE ONDE PODERAN PARTICIPAR OS INSCRITOS NO PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS.**

| Nome do Evento | Data aproximada |
|---|---|
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |

**9.-ACTIVIDADES PROPOSTAS QUE REALIZARÁ A ENTIDADE DEPORTIVA PARA UNHA EDUACIÓN INTEGRAL DO DEPORTISTA.**

| Traballo educativo en relación a ……. | Actividades propostas |
|---|---|
| Violencia de Xenero | |

| | |
|---|---|
| Violencia no deporte | |
| Aseo persoal | |
| Cooperaciớn, colaboración e integración. | |
| Uso de novas tecnoloxías | |
| Respeto e igualdade deportiva | |
| Outras …. | |

**ANEXO 1.3**

# DISTRIBUCIÓN DE GRUPOS

## "PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS 2019-2020"

**Os datos que a continuación presenta a entidade, serán os que aparezan no FOLLETO do PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS**
**Introducide os datos correctos para evitar problemas na comunicación**

**1.-DATOS QUE APARECERÁN NO FOLLETO:**

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nome da Entidade Deportiva | ………………………………………………………………………………………………………………………………………………………………………………………… | | |
| MODALIDADE DEPORTIVA | …………………………………………………………………… | TELÉFONO | ……………………………………………………….. |
| E-Mail | ……………………………………………………………………… | | ………………………………………………………… |

| INSTALACIÓN | GRUPO | IDADES | DÍAS | HORAS | PRAZAS | NIVEIS |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | | | | | |
| | 2 | | | | | |
| | 3 | | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 4 | | | | | |
| | 5 | | | | | |
| | 6 | | | | | |
| | 7 | | | | | |
| | 8 | | | | | |
| | 9 | | | | | |

Instalación: Poñerase a instalación onde se realizará a actividade. Tamén se especificará no caso de que esta instalación sexa un colexio.
**Idades**: O rango será dende os 6 anos. E sempre incluirá as idades do rango seleccionado (Exempo: 6-9 incluiran os de 6-7-8 e 9 anos)
**Días**: Sempre serán 2 días a semana.
**Horas**: Sempre serán de 1 hora. (Se as horas son diferentes en cada día. O primeiro dato corresponderán co primeiro día sinalado e o segundo co segundo día sinalado.)
**Prazas**: Determinará o número máximo de prazas dispoñibles en cada grupo.
**Niveis**: O nivel establecerase entre as seguintes opcions: (Poderase incluir mais dun nivel nun mesmo grupo)

- Iniciación: Inscribiranse a este grupo calquer neno e nena que queira comenzar a actvidade e esé nas idades correspondentes.
- Perfeccionamento 1: Os alumnos novos e antigos poderan inscribirse neste grupo.
- Perfeccionamento 2: So os alumnos antigos poderán inscribirse neste grupo.
- Perfeccionamento 3: As Entidades deportivas determinan os nenos que acadan este nivel para poder inscribirse. É o nivel mais elevado e non se poden inscribir directamente nas oficinas de programación.

**ANEXO 1.4**

# DATOS PARA O PROXECTO AVANZA

## “PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS 2019-2020”

**Os datos que a continuación presenta a entidade, serán os que aparezan dentro do FOLLETO do Programa Municipal de Escolas Deportivas. No apartado de Proxectos AVANZA cada Entidade Deportiva poderá poñer a información que crea necesaria para dar a coñecer os seus proxectos, actividades como Clube, Equipos...**

**1.-DATOS QUE APARECERÁN NO FOLLETO:**

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nome da Entidade Deportiva | ........................................................................................................................................... | | |
| MODALIDADE DEPORTIVA | .................................................................................. | TELÉFONO | ........................................................ |
| E-Mail | .................................................................................. | Facebook | ........................................................ |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Páxina Web | ..........................................................................<br>..... | Ano de Creación | ............................................ |
| Número de Socios | ..........................................................................<br>.... | | |

| | |
|---|---|
| Equipos e Categorías | |
| Prezos das súas actividades e Descontos | |
| Datos relevantes e actividades organizadas polas Entidades | |
| Premios e logros depotivos na tempada pasada | |

Concello de Vigo

**ANEXO 1.5**

# SOLICITUDE DE MATERIAL

## “PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS 2019-2020”

**1.-DATOS DA ENTIDADE:**

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nome da Entidade Deportiva | ............................................................................................................................................................. ............ | | |
| MODALIDADE DEPORTIVA | .................................................................................... .... | ¿Recibeu mateiral o ano pasado? | SI |
| Numero de plazas maximas ofertadas | .................................................................................... .... | | NON |
| MATERIAL (ca maior especificidade posible) | | | |

S.ord. 30/08/19

**ANEXO 1.6**

**PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS "ACHÉGATE O DEPORTE"**

**SOLICITUDE PARA A INCLUSIÓN DA ACTIVIDADE NO**

# PROXETO "GAÑAMOS TODOS" E PROXECTO "EDUCA"

**1.-DATOS DA ENTIDADE DEPORTIVA SOLICITANTE:**

| | |
|---|---|
| Entidade pertencente o Programa Municipal de Escolas Deportivas | Entidade:..........................................................................CIF:................................<br>Responsable:................................................Antigüedade no Programa:.....................<br>E-mail:............................................................ Teléfono contacto:.............................. |

**2.-SOLICITO FORMAR PARTE CON ESTE EVENTO DO SEGUINTE PROXECTO (Marcar cunha X):**

| | |
|---|---|
| | PROXECTO GAÑAMOS TODOS : Eventos deportivos, exhibicions, Torneos organizados polas entidades fora da competición oficial e federada. Realizadas por Entidades deportivas que teñen as súas Escolas deportivas incluidas no Programa Municipal de Escolas Deportivas. |
| | PROXECTO EDUCA: Campus, Xornadas de Tecnificación, Cursos, ... orientados a ofrecer unha maior oferta de actividades deportivas que completen as actividades ofertadas dentro do Programa Municipal de Escolas deportivas "Achégate o Deporte". Realizadas por Entidades deportivas que teñen as súas Escolas deportivas incluidas no Programa. |

**3.-SOLICITUDE DE INSTALACIÓN.**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Nome da Actividade | ........................................................................................................................................ | | | |
| Instalación solicitada | 1º Opción:.............................. | 2º Opción:.......................... | 3º Opción: ............................ | |
| Datas solicitadas da Actividade | Día /s | ............................................................<br>......................................................................<br>.................................................... | Horario | ....................................... ......<br>.............................................<br>........................... |

**4.- BREVE DESCRIPCIÓN DO EVENTO.**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Modalidade deportiva | ........................................................................................................................................ | | | |
| Nº de participantes que pertencen a entidade solicitante. | .................. | Entidades Invitadas a Actividade (Se as houbera). | Nome | Nenos que presenta |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| Nº Total de participantes do evento | .................. | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| Antigüedade do evento (anos) | .................. | Nº Estimado de Público | | ............... |

**5.- UNHA VEZ ACEPTADA ESTA SOLICITUDE A ENTIDADE DEBE PRESENTAR A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:**

✓ Proxecto docente para o Proxecto Educa (Obxetivos, contidos, recursos materiais, recursos humanos, prezo,...)

Concello de Vigo

- ✓ Descripción do evento ou torneo para o Proxecto Gañamos todos. (Obxetivos, descripción, duración, recursos,...)
- ✓ Relación de Nenos que participarán no evento solicitado. **MOI IMPORTANTE**. (Folla anexa)
- ✓ Escrito firmado da Cobertura de accidentes de todos os participantes (folla anexa)

Vigo, a .........................de ................................

| Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 2 D/S Abonado | 39,00 € | 32,23 € | 32,71 € | 6,87 € | 39,58 € | 39,60 € |
| Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 2 D/S NO Abonado | 78,05 € | 64,50 € | 65,47 € | 13,75 € | 79,22 € | 79,20 € |
| Natacion Escolar (cuatrimestral ANPAS) | 43,35 € | 35,83 € | 36,36 € | 7,64 € | 44,00 € | 44,00 € |
| Cursos Sala Especializados 1 D/S Abonados | 24,80 € | 20,50 € | 20,80 € | 4,37 € | 25,17 € | 25,15 € |
| Cursos Sala Especializados 1 D/S NO Abo- | 49,55 € | 40,95 € | 41,56 € | 8,73 € | 50,29 € | 50,30 € |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| nados | | | | | | |
| Cursos Sala Especializados 2 D/S Abonados | 49,55 € | 40,95 € | 41,56 € | 8,73 € | 50,29 € | 50,30 € |
| Cursos Sala Especializados 2 D/S NO Abonados | 99,05 € | 81,86 € | 83,09 € | 17,45 € | 100,54 € | 100,55 € |
| Entrada libre piscina Adultos | 3,75 € | 3,10 € | 3,15 € | 0,66 € | 3,81 € | 3,80 € |
| Entrada libre piscina Menores | 2,50 € | 2,07 € | 2,10 € | 0,44 € | 2,54 € | 2,55 € |
| Entrada libre sala fitness Adultos | 3,75 € | 3,10 € | 3,15 € | 0,66 € | 3,81 € | 3,80 € |
| Entrada libre sala fitness Menores | 2,50 € | 2,07 € | 2,10 € | 0,44 € | 2,54 € | 2,55 € |
| Entrada libre completa incluido SPA | 12,40 € | 10,25 € | 10,40 € | 2,18 € | 12,58 € | 12,60 € |
| Adiestramientos especificos personalizados mensual | 18,55 € | 15,33 € | 15,56 € | 3,27 € | 18,83 € | 18,85 € |
| Personal Training 1 sesion | 18,55 € | 15,33 € | 15,56 € | 3,27 € | 18,83 € | 18,85 € |
| Alquiler toalla pequeña por acceso | 0,85 € | 0,70 € | 0,71 € | 0,15 € | 0,86 € | 0,85 € |
| Alquiler toalla grande por acceso | 0,95 € | 0,79 € | 0,80 € | 0,17 € | 0,97 € | 0,95 € |
| Bono mensual toalla pequeña (1 por acceso) | 7,45 € | 6,16 € | 6,25 € | 1,31 € | 7,56 € | 7,55 € |
| Bono mensual toalla grande (1 por acceso) | 12,40 € | 10,25 € | 10,40 € | 2,18 € | 12,58 € | 12,60 € |
| Alquiler mensual de taquillas | 12,40 € | 10,25 € | 10,40 € | 2,18 € | 12,58 € | 12,60 € |
| Alquiler 1 calle piscina 1 h | 22,30 € | 18,43 € | 18,71 € | 3,93 € | 22,64 € | 22,65 € |
| Alquiler 1 sala de actividades 1 h | 22,30 € | 18,43 € | 18,71 € | 3,93 € | 22,64 € | 22,65 € |
| Fianza carnet usuario (abonados y cursillistas) | 3,75 € | 3,10 € | 3,15 € | 0,66 € | 3,81 € | 3,80 € |
| Carnet / pulsera | 3,75 € | 3,10 € | 3,15 € | 0,66 € | 3,81 € | 3,80 € |
| Perdida del carnet usuario (a partir 2º carnet) | 3,75 € | 3,10 € | 3,15 € | 0,66 € | 3,81 € | 3,80 € |
| Perdida llave taquilla | 3,75 € | 3,10 € | 3,15 € | 0,66 € | 3,81 € | 3,80 € |
| Devolución bancaria | 1,20 € | 0,99 € | 1,01 € | 0,21 € | 1,22 € | 1,20 € |
| Tarifa Plus Spa | 18,55 € | 15,33 € | 15,56 € | 3,27 € | 18,83 € | 18,85 € |

* Incrementos redondeados al alza o a la baja en múltiplos de 0,05.

| Tabla de actividades complementarias padel.- Actualizacion IPC periodo (abril 2018 a abril 2019) | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | **AQA VIGO XESTION DEPORTIVA, S.A.U.** | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | con ive (21 %) | Tarifa actual s/IVE | Tarifa + IPC a abril 2019 s/ive 1,5% | IVE 21% | Nova tarifa con ive | Tarifa final redondeada |
| 1 hora | Pistas descubiertas | 07:00/17:00 | 10,65 € | 8,80 € | 8,93 € | 1,88 € | 10,81 € | 10,80 € |
| | | 17:00/23:00 | 13,00 € | 10,74 € | 10,90 € | 2,29 € | 13,19 € | 13,20 € |
| | Pistas Cubiertas | 07:00/17:00 | 11,85 € | 9,79 € | 9,94 € | 2,09 € | 12,03 € | 12,05 € |
| | | 17:00/23:00 | 14,15 € | 11,69 € | 11,87 € | 2,49 € | 14,36 € | 14,35 € |
| | | | | | | | | |
| 1/2 hora | Pistas descubiertas | | 5,90 € | 4,88 € | 4,95 € | 1,04 € | 5,99 € | 6,00 € |
| | Pistas cubiertas | | 7,10 € | 5,87 € | 5,96 € | 1,25 € | 7,21 € | 7,20 € |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| suple-mento luz (ind. Tempo) | | | 2,35 € | 1,94 € | 1,97 € | 0,41 € | 2,38 € | 2,40 € | |
| Bono 10 (1 h) S/Luz | | | 113,45 € | 93,76 € | 95,17 € | 19,99 € | 115,16 € | 115,15 € | |
| Bono 20 (1 h) S/Luz | | | 221,00 € | 182,64 € | 185,38 € | 38,93 € | 224,31 € | 224,30 € | |
| Bono 30 (1 h) S/Luz | | | 322,60 € | 266,61 € | 270,61 € | 56,83 € | 327,44 € | 327,45 € | |
| Clases de Pa-del | | | | | | | | | |
| Curso men-sual 1 d/s (mx 5 alum) | Abonados | | 47,20 € | 39,01 € | 39,59 € | 8,31 € | 47,90 € | 47,90 € | |
| | Non abona-dos | | 70,85 € | 58,55 € | 59,43 € | 12,48 € | 71,91 € | 71,90 € | |
| Curso men-sual 2 d/s (mx 5 alum) | abonados | | 88,65 € | 73,26 € | 74,36 € | 15,62 € | 89,98 € | 90,00 € | |
| | Non abona-dos | | 129,95 € | 107,40 € | 109,01 € | 22,89 € | 131,90 € | 131,90 € | |
| Bono 5 clases indivi-duais | | | 200,90 € | 166,03 € | 168,52 € | 35,39 € | 203,91 € | 203,90 € | |
| Bono 5 clases colecti-vas (2/4 pers) | | | 496,30 € | 410,17 € | 416,32 € | 87,43 € | 503,75 € | 503,75 € | |
| Aluguer Raque-ta (par-tido) | | | 1,75 € | 1,45 € | 1,47 € | 0,31 € | 1,78 € | 1,80 € | |

**13(740).- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CLUB AMFIV POLA ORGANIZACIÓN DA "FASE FINAL DA COPA DE EUROPA EUROLIGA 3. EXPTE. 18326/333.**

Visto o informe xurídico do 26/07/19 e o informe de fiscalización do 5/08/19, dáse conta do informe-proposta de data 23/07/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo, o concelleiro delegado de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención o Clube Amfiv por importe de 30.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.489.00.21 "FASE FINAL COPA EUROPA DE BALONCESTO EN CADEIRA DE RODAS-EUROLIGA 3" polo desenvolvemento de eventos deportivos.

O evento realizouse entre os días 26, 27 e 28 de Abril de 2019.

O evento, organizado polo Clube Amfiv, entidade que posuiu os dereitos da competición, contando con gran afluencia de público e difusión en medios de comunicación, tanto nacionais como internacionais.

D. Jose Antonio Beiro Rodríguez, Presidente da entidade organizadora do evento deportivo, manifesta que a súa entidade ostentou os dereitos de uso, execución e comunicación do devandito evento na cidade de Vigo tal como acredita na documentación que presenta a entidade coa certificación da Federación Internacional de baloncesto en cadeira de rodas (IWBF – International Wheelchair Basquetball Federation) outorgando a organización da Fase Final da Copa de Europa Euroliga 3 o Clube Amfiv.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

Os gastos derivados da organización e desenvolvemento da Fase Final da Copa de Europa Euroliga 3 , segundo o presuposto presentado pola entidade Clube Amfiv, ascenderon a un total de 82.200,00 euros, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos da documentación presentada pola entidade.

Que o réxime xurídico de aplicación do presente informe proposta atenderá ao previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións con relación á partida 3410.489.00.21 "FASE FINAL COPA EUROPA DE BALONCESTO EN CADEIRA DE RODAS-EUROLIGA 3", dispón do crédito necesario que dea cobertura á concesión dunha subvención directa por importe de 30.000,00 (Trintamil euros), para o "Fase Final da Copa de Europa Euroliga 3"; xa que concorren razóns de interese público e social, así como de exclusividade que non permiten a convocatoria dunha concorrencia pública, acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade deportiva organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento, pois é a única que ostenta os dereitos competición obxecto da subvención, tal como acredita na documentación que presenta a entidade coa certificación da Federación Internacional de baloncesto en cadeira de rodas (IWBF – International Wheelchair Basquetball Federation). A Federación Internacional de Baloncesto en Cadeira de Rodas (*IWBF*) é o organismo internacional único e sen ánimo de lucro, que regula e organiza as competicions, regula as normas e regras deportivas e representa as federacionais nacionais e entidades deportivas de este deporte. A IWBF ten 82 Organizaciones Nacionais de Baloncesto en cadeira de rodas e participa activamente no baloncesto en cadeira de rodas en todo o mundo.

A Comisión de competicions da Federación internacional informa no escrito adxunto, a designación como único organizador e responsable da competición e organización da Fase Final da Copa de Europa Euroliga 3 o Clube Amfiv

Enténdese que o desenvolvemento desta Fase Final da Copa de Europa Euroliga 3 xerou un impacto económico destacado no ámbito deportivo da cidade, coa realización de actividades deportivas do máis alto nivel deportivo, cun gran impacto en Vigo.

O impacto deportivo deste evento deportivo reuniu os 8 mellores equipos de europa de baloncesto en cadeira de rodas, mais de 150 deportistas do máis alto nivel europeo, e mais de 8,000 espectadores, para un evento totalmente gratuíto, e que supuxo un espectáculo deportivo de enorme nivel competitivo e espectacularidade, e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.

Súmase a esto, o compoñente social e o valor promocional do deporte referente a persoas con discapacidade, co baloncesto en cadeira de rodas, e considérase que a organización de este evento permitiu reforzar o compomiso coa sociedade e dar a coñecer o público das actividades e tendo a oportunidade de incrementar o número de afeccionados e deportistas, ca repercusión medíatica nos medios de comunicación, visualizacions en streaming, enlaces webs, redes sociais, e visibilizando así o excelente traballo de integración de persoas con discapacidade, ademais de mostrar a Vigo como destino turístico adaptado as necesidades de accesibilidade de todas as persoas.

Esta proposta de subvención está suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social, que a entidade beneficiaria terá que xustificar axeitadamente.

Pola súa banda, a entidade encargouse da organización xeral do evento e asumiu todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 82.200,00 euros, sendo que as partidas subvencionadas polo Concello as que se detallan por importe de 30.000,00 €, o que supón un porcentaxe do 36,49 % do total do gasto previsto.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interés xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *"Municipio,*

*para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.*

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal proponse a realización dun informe proposta de subvención de colaboración entre o Concello de Vigo e o Clube Amfiv para a realización do “Fase Final da Copa de Europa Euroliga 3”.

A lexislación aplicable, para este informe proposta, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.*

Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese publico e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade o Clube Amfiv é a entidade que posúe os dereitos da competición, que conta ademais cunha previsión de gran afluencia de público e difusión en medios de comunicación, polo que a subvención se

establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.

A Vixencia desta proposta de subvención é polo evento deportivo do “Fase Final da Copa de Europa Euroliga 3”, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo ata o 15 de Novembro de 2019.

**Primeiro.-**

I.-O obxecto da presente proposta de subvención é colaborar no desenvolvemento do evento deportivo do “Fase Final da Copa de Europa Euroliga 3” organizada polo Clube Amfiv. A entidade tivo os dereitos de representación en exclusiva do Evento deportivo.

Esta entidade, plantexou un importante proxecto deportivo do cal ten todos os dereitos, que converterá á cidade de Vigo no centro de atención internacional da modalidade de baloncesto en cadeira de rodas, na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se tratou dun proxecto de grande repercusión a nivel nacional e internacional e que contou cunha ampla promoción da actividade deportiva, tendo en conta ademais que a entidade ostentou os dereitos de exclusividade da competición na cidade de Vigo tal como acredita na documentación da solicitude.

II.-Que o Clube Amfiv organizou durante o 26, 27 e 28 de abril de 2019, a entidade organiza a Fase Final da Copa de Europa Euroliga 3, que outorga un valor moi importante para a promoción deportiva e turística tanto na propia cidade de Vigo como a nivel internacional, e que confire un valor único e de carácter excepcional, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

O desenvolvemento desta Fase Final da Copa de Europa Euroliga 3 xerou un impacto económico destacado no ámbito deportivo da cidade, coa realización de actividades deportivas do máis alto nivel deportivo, cun gran impacto en Vigo.

O impacto deportivo deste evento deportivo reuniu os 8 mellores equipos de europa de baloncesto en cadeira de rodas, mais de 150 deportistas do máis alto nivel europeo, e mais de 8,000 espectadores, un evento totalmente gratuíto, e que supuxo un espectáculo deportivo de enorme nivel competitivo e espectacularidade, e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.

Súmouse a esto, o compoñente social e o valor promocional do deporte referente a persoas con discapacidade, co baloncesto en cadeira de rodas, e considérase que a organización de este evento permitirá reforzar o compomiso coa sociedade e dar a coñecer o público das actividades e ca oportunidade de incrementar o número de afeccionados e deportistas, ca repercusión medíatica nos medios de comunicación, visualizacions en streaming, enlaces webs, redes sociais, e visibilizando así o excelente traballo de integración de persoas con discapacidade, ademais de mostrar a Vigo como destino turístico adaptado as necesidades de accesibilidade de todas as persoas.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, atribuidos a administración no artígo 25.2.l da lei LBRL, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza un amplo abanico de eventos deportivos de gran nivel internacional e nacional.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos de gran nivel internacional no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento de grandes eventos deportivos na cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.21 "FASE FINAL COPA EUROPA DE BALONCESTO EN CADEIRA DE RODAS-EUROLIGA 3", dispón do crédito necesario que dea cobertura á concesión dunha subvención directa por importe de 30.000,00 (trinta mil euros), para a "Fase Final da Copa de Europa Euroliga 3"

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, e ca base 38º das Bases de Execución do Concello de Vigo de 2019, onde se establece que un dos procedementos para a sua concesión son as "subvencions concedidas de forma directa por razons de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública coa tramitación dun convenio ou sin convenio".

VI.- Que o Clube Amfiv non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 18263-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o Clube Amfiv conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes**.**

**Segundo.-** O Concello de Vigo, comprométese a:

1º.- Conceder directamente áo Clube Amfiv unha subvención por importe de 30.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.21 "FASE FINAL COPA EUROPA DE BALONCESTO EN CADEIRA DE RODAS-EUROLIGA 3", do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co evento deportivo do "Fase Final da Copa de Europa Euroliga 3". A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á reducción da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non puido subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debeu dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do , na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente e o 15 de novembro de 2019 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun

balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ….. euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste .

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, tasas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.,) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do .

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes proveedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este  e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracions públicas

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente  abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2019, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** Infórmase a beneficiaria de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente , a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracions públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exerce-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Que en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o estabelecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

**Décimo sexto-** A concesión da subvención obxecto do presente informe proposta rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste ; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Décimo séptimo-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencions para os efectos de dar cumplimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Que, de conformidade co artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da proposta e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do Concelleiro de deportes e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión directa dunha subvención o Clube Amfiv pola organización do Evento deportivo "Fase Final da Copa de Europa Euroliga 3" que se celebrou o 26-27 e 28 de Abril de 2019, de acordo coas condicions e compromisos que se establecen no presente informe-proposta segundo o disposto nos artigos 28,1 da lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencions e 26,1 da lei 9/2007 de 13 de Xuño de subvencions de Galicia

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 30.000,00 € a favor do Clube Amfiv co CIF nº G-36711380 e enderezo social na rúa Kiosco Canido Estación s/n cp 36390, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 18326-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.21 "FASE FINAL COPA EUROPA DE BALONCESTO EN CADEIRA DE RODAS-EUROLIGA 3" do vixente orzamento.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(741).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA UNIÓN BALONMÁN LAVADORES, POLO DESENVOLVEMENTO DA "FASE DE ASCENSO Á DIVISIÓN DE HONOR PLATA MASCULINO". EXPTE. 18702/333.**

Visto o informe xurídico do 26/07/19 e o informe de fiscalización do 12/08/19, dáse conta do informe-proposta de data 23/07/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo, o concelleiro-delegado de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención o Unión Balonmán Lavadores por importe de 22.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.489.00.20 "SUBVENCIÓN UB LAVADORES FASE ASCENSO DIVISIÓN HONRA PLATA BALONMÁN MASCULINO".

O evento realizouse entre os días 17,18 e 19 de Maio de 2019.

O evento, organizado polo Unión Balonmán Lavadores, entidade que posuiu os dereitos da competición, contando con gran afluencia de público e difusión en medios de comunicación, tanto nacionais como internacionais.

D. Iván Pérez Souza, Presidente da entidade organizadora do evento deportivo, manifesta que a súa entidade ostentou os dereitos de uso, execución e comunicación do devandito evento na cidade de Vigo tal como acredita na documentación que presenta a entidade coa certificación da Federación Española de Balonmán outorgando a organización da Fase de Ascenso a División de Honor Plata Masculino, o Unión Balonmán Lavadores.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

Os gastos derivados da organización e desenvolvemento da Fase de Ascenso a División de Honor Plata Masculino , segundo o presuposto presentado pola entidade Unión Balonmán Lavadores, ascenderon a un total de 27.000,00 euros, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos da documentación presentada pola entidade.

Que o réxime xurídico de aplicación do presente informe proposta atenderá ao previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións con relación á partida 3410.489.00.20 "SUBVENCIÓN UB LAVADORES FASE ASCENSO DIVISIÓN HONRA PLATA BALONMÁN MASCULINO" dispón do crédito necesario que dea cobertura á concesión dunha subvención directa por importe de 22.000,00 (Vintedousmil euros), para a "Fase de Ascenso a División Honor Plata Masculino"; xa que concorren razóns de interese público e social, así como de exclusividade que non permiten a convocatoria dunha concorrencia pública, acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade deportiva organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento, pois é a única que ostenta os dereitos competición obxecto da subvención, tal como acredita na documentación que presenta a entidade coa certificación da Federación Española de Balonmán. A Federación Española de Balonmán é o organismo único e sen ánimo de lucro, que regula e organiza as competicions, regula as normas e regras deportivas e representa as entidades deportivas de este deporte. A Dirección de competicions da Federación Española adxudicou no escrito adxunto, a designación como único organizador e responsable da competición e organización da Fase de Ascenso a División Honor Plata Masculino o Unión Balonmán Lavadores.

Enténdese que o desenvolvemento desta “Fase de Ascenso a División Honor Plata Masculino” xerou un impacto económico destacado no ámbito deportivo da cidade, coa realización de actividades deportivas do máis alto nivel deportivo, cun gran impacto en Vigo.

A celebración da Fase de ascenso a División de Prata masculino de Balonmán, converteu á cidade de Vigo durante a súa celebración no centro de atención do Balonmán no ámbito nacional na segunda división, cunha enorme repercusión, dada a participación dos 4 mellores clubs da segunda categoría, con preto de 80 deportistas, e asistencia de mais de 4.000 persoas de público, tendo en conta ademais que o balonmán constitúe unha modalidade cun gran arraigo na cidade de Vigo, e convertiu o Unión Balonmán Lavadores como referente do Balonmán na nosa cidade, convertendo a competición nun espectáculo deportivo de gran nivel e competitividade seguido por numeroso público, facendo que Vigo sexa, durante a súa celebración, o epicentro do balonmán.

O impacto deportivo deste evento deportivo reuniu os 4 mellores equipos da categoría, e que supuxo un espectáculo deportivo de enorme nivel competitivo e espectacularidade, e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.

Súmase a esto, o compoñente social e o valor promocional do deporte do balonmán, e considérase que a organización de este evento permitiu reforzar o compomiso coa sociedade e dar a coñecer o público das posibilidades de organización destos eventos deportivos, e tendo a oportunidade de incrementar o número de afeccionados e deportistas, ca repercusión medíatica nos medios de comunicación, visualizacions en streaming, enlaces webs, redes sociais, e visibilizando así o excelente traballo, ademais de mostrar a Vigo como destino turístico.

Esta proposta de subvención está suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social, que a entidade beneficiaria terá que xustificar axeitadamente.

Pola súa banda, a entidade encargouse da organización xeral do evento e asumiu todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 27.000,00 euros, sendo que as partidas subvencionadas polo Concello as que se detallan por importe de 22.000,00 €, o que supón un porcentaxe do 81,48 % do total do gasto previsto.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interés xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Concello de Vigo

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *"Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.."* e que *"...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".*

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal proponse a realización dun informe proposta de subvención de colaboración entre o Concello de Vigo e o Unión Balonmán Lavadores para a realización da "Fase de ascenso a División de Prata masculino".

A lexislación aplicable, para este informe proposta, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *"Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos".*

Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese publico e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade o Unión Balonmán Lavadores é a entidade que posúe os dereitos da competición, que conta ademais cunha previsión de gran afluencia de público e difusión en medios de comunicación, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.

A Vixencia desta proposta de subvención é polo evento deportivo do “Fase de ascenso a División de Prata masculino”, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo ata o 15 de Novembro de 2019.

**Primeiro.-**

I.-O obxecto da presente proposta de subvención é colaborar no desenvolvemento do evento deportivo do “Fase de ascenso a División de Prata masculino” organizada polo Unión Balonmán Lavadores. A entidade tivo os dereitos de representación en exclusiva do Evento deportivo.

Esta entidade, plantexou un importante proxecto deportivo do cal ten todos os dereitos, que converterá á cidade de Vigo no centro de atención nacional da modalidade de balonmán, na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se tratou dun proxecto de grande repercusión a nivel nacional e que contou cunha ampla promoción da actividade deportiva, tendo en conta ademais que a entidade ostentou os dereitos de exclusividade da competición na cidade de Vigo tal como acredita na documentación da solicitude.

II.-Que o Unión Balonmán Lavadores organizou durante o 17, 18 e 19 de maio de 2019, a entidade organiza a Fase de ascenso a División de Prata masculino, que outorga un valor moi importante para a promoción deportiva e turística tanto na propia cidade de Vigo como a nivel internacional, e que confire un valor único e de carácter excepcional, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

O desenvolvemento desta Fase de ascenso a División de Prata masculino xerou un impacto económico destacado no ámbito deportivo da cidade, coa realización de actividades deportivas do máis alto nivel deportivo, cun gran impacto en Vigo.

A celebración da Fase de ascenso a División de Prata masculino de Balonmán, converteu á cidade de Vigo durante a súa celebración no centro de atención do Balonmán no ámbito nacional na segunda división, cunha enorme repercusión, dada a participación dos 4 mellores clubs da segunda categoría, con preto de 80 deportistas, e asistencia de mais de 4.000 persoas de público, tendo en conta ademais que o balonmán constitúe unha modalidade cun gran arraigo na cidade de Vigo, e convertiu o Unión Balonmán Lavadores como referente do Balonmán na nosa cidade, convertendo a competición nun espectáculo deportivo de gran nivel e competitividade seguido por numeroso público, facendo que Vigo sexa, durante a súa celebración, o epicentro do balonmán.

O impacto deportivo deste evento deportivo reuniu os 4 mellores equipos da categoría, e que supuxo un espectáculo deportivo de enorme nivel competitivo e espectacularidade, e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.

Súmase a esto, o compoñente social e o valor promocional do deporte do balonmán, e considérase que a organización de este evento permitiu reforzar o compomiso coa sociedade e dar a coñecer o público das posibilidades de organización destos eventos deportivos, e tendo a oportunidade de incrementar o número de afeccionados e deportistas, ca repercusión medíatica nos medios de comunicación, visualizacions en streaming, enlaces webs, redes sociais, e visibilizando así o excelente traballo, ademais de mostrar a Vigo como destino turístico.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, atribuidos a administración no artígo 25.2.l da lei LBRL, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza un amplo abanico de eventos deportivos de gran nivel internacional e nacional.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos de gran nivel internacional no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento de grandes eventos deportivos na cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.20 de eventos deportivo, dispón do crédito necesario que dea cobertura á concesión dunha subvención directa por importe de 22.000,00 (Vintedousmil euros), para a “Fase de ascenso a División de Prata masculino ”

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, e ca base 38º das Bases de Execución do Concello de Vigo de 2019, onde se establece que un dos procedementos para a sua concesión son as “subvencions concedidas de forma directa por razons de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública coa tramitación dun convenio ou sin convenio”.

VI.- Que o Unión Balonmán Lavadores non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 18702-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o Unión Balonmán

Lavadores conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes**.**

**Segundo.-** O Concello de Vigo, comprométese a:

1º.- Conceder directamente áo Unión Balonmán Lavadores unha subvención por importe de 22.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.20 "SUBVENCIÓN UB LAVADORES FASE ASCENSO DIVISIÓN HONRA PLATA BALONMÁN MASCULINO", do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co evento deportivo do "Fase de ascenso a División de Prata masculino". A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á reducción da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non puido subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debeu dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do , na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente e o 15 de novembro de 2019 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a

subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ….. euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste .

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, tasas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.,) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes proveedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracions públicas

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2019, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** Infórmase a beneficiaria de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente , a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracions públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exerce-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Que en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o estabelecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

**Décimo sexto-** A concesión da subvención obxecto do presente informe proposta rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste ; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Décimo séptimo-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencions para os efectos de dar cumplimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Que, de conformidade co artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da proposta e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do Concelleiro de deportes e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión directa dunha subvención a Unión Balonmán Lavadores pola organización do Evento deportivo "Fase de ascenso a División de Prata masculino" que se celebrou o 17-18 e 19 de Maio de 2019, de acordo coas condicions e compromisos que se establecen no presente informe-proposta segundo o disposto nos artigos 28,1 da lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencions e 26,1 da lei 9/2007 de 13 de Xuño de subvencions de Galicia

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 22.000,00 € a favor do Unión Balonmán Lavadores co CIF nº G-36810075 e enderezo social na rúa Pino 56 1ºa cp 36206, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 18702-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.20 "SUBVENCIÓN UB LAVADORES FASE ASCENSO DIVISIÓN HONRA PLATA BALONMÁN MASCULINO", do vixente orzamento.

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(742).- PAGAMENTO DE DIETAS DOS REPRESENTANTES MUNICIPAIS NOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO, NO PERÍODO XANEIRO A XULLO 2019. EXPTE. 23745/332.**
Visto o informe de fiscalización do 8/08/19, dáse conta do informe-proposta do 23/07/19, asinado polo técnico do Servizo de Educación, a xefa do Servizo, o concelleiro delegado de Área e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Consonte co establecido na lexislación educativa vixente, a Lei Orgánica da Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) (BOE nº 295 martes 10/decembro/2013) que modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, recolle no seu artigo 126.1.c) que entre os membros que componen o Consello Escolar estará un Concelleiro/a ou representante do Concello do termo municipal onde esté radicado o centro. Igualmente os Concellos, consonte co establecido no artigo 25.2.n) da Lei 27/2103 teñen como competencia propia e responsabilidade legal a conservación, mantemento e vixianza dos colexios públicos, e a LOMCE tamén establece no seu artigo 80 entre as competencias do Consello Escolar de Centro a "promoción da conservación e renovación das instalacións escolares".

En aras de cumprir esta obriga municipal e segundo acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 17 de xaneiro de 2019, aprobouse entre outros, o nomeamento de Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público de Educación Infantil, Primaria e Secundaria para o ano 2019 (Expte 22905/332), e a autorización para que perciban en concepto de asistencias efectivas a cada sesión do órgano colexiado a dieta de 39,78.-€ (TRINTA E NOVE CON SETENTA E OITO EUROS),para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos A e B; e a dieta de 36,72.-€ (TRINTA E SEIS CON SETENTA E DOUS EUROS) para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos C e D; cantidades homologadas por asistencia e participación en tribunais de oposicións, concursos, ou outros órganos encargados da selección de persoal, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servicio.

O referido R.D. recolle nos seus artigos 1.d) / 7.1.a) / 28.1 que : "Darán orixe a indemnización ou compensación as asistencias pola concurrencia, persoal ou por representación, as reunións de Órganos Colexiados da Administración, de Órganos de Administración de Órganos Públicos..."

Tal é o caso dos Consellos Escolares dos Centros Públicos, como Órgano Colexiado de Goberno dos centros de ensino público que dependen da Admón. Educativa Competente, neste caso a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, e que permiten participar na xestión dos centros aos distintos membros da comunidade escolar, ademais de constituir a canle para o control e xestión dos fondos públicos.

Tamén recolle no seu artigo 2e) que : “O presente R.D. será de aplicación para o persoal ao servizo das Corporacións Locais, tal e como prevé a súa lexislación específica”.

Contabilizadas as asistencias ós Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público, aportadas polos diferentes representantes municipais, dende o **15 de xaneiro ate o 19 de xullo dos correntes**, elévanse á cantidade de **206 consellos escolares.**
Na documentación que acompaña a este expediente, adxúntanse ademais dos xustificantes de asistencia expedidos polos centros de ensino, cada unha das fichas correspondentes ás sesións dos Consellos Escolares desenvolvidas polos representantes municipais, que con posterioridade quedarán arquivadas para a súa pertinente consulta nas dependencias do Servizo de Educación.

Asemade, e a efectos de cómputo, de cada representante municipal relacionase cronolóxicamente a data de asistencia da primeira e última sesión do consello escolar por cada un deles efectuada.

A competencia para acordar o pago das dietas establecidas por asistencias dos representantes municipais ás sesións dos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público, no periodo xaneiro a xullo de 2019, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

**PROPOSTA**:
Por todo o anteriormente exposto, solicítase á Xunta de Goberno Local o seguinte:

“Aproba-la cantidade de **7.870,32.-€** en concepto de asistencias ás sesións dos Consellos Escolares no periodo xaneiro a xullo de 2019, con cargo á **Partida Presupostaria 3230.233.00.00 dietas asistencia consellos escolares,** e desglosadas entre os representantes municipais do seguinte xeito:

Zona 1.- PEDRO MARÍA VÁZQUEZ IGLESIAS, NIF: 11.904.805-M, GRUPO A2
(15/01/2019 - 28/06/2019) .......................................36 X 39,78.-€ .................. 1.432,08.-€

Zona 2.- MARIA JOSE LOUREIRO BADA, NIF: 36.080.259-K, GRUPO A1
(15/01/2019 - 18/06/2019) ....................................... 12 X 39,78.-€ ................. 477,36.-€

Zona 3.- ROSA MARÍA TORRES BOUZAS, NIF: 36.019.300-N, GRUPO C1
(28/01/2019 – 19/07/2019) ................................. 17 X 36,72.-€ ................. 624,24.-€

Zona 4.- IGNACIO OJEA PÉREZ, NIF: 36.046.809-J, GRUPO A1
(23/01/2019 - 28/06/2019) ................................. 19 X 39,78.-€ ..................... 755,82.-€

Zona 5.- PILAR CARNEIRO MINIÑO, NIF: 76.986.963-Y, GRUPO A1
(28/01/2019 - 25/06/2019) ................................. 11 X 39,78.-€ .................... 437,58.-€

Zona 6.- ROCÍO BRUZON ALCAÑIZ, NIF: 36.058.643-W, GRUPO C1
(22/01/2019 - 28/06/2019) ................................. 14 X 36,72.-€ ...................... 514,08.-€

Zona 7.- ÁNGELES LANDÍN LORENZO,  NIF: 36.091.654-P, GRUPO C1
(22/01/2019 - 28/06/2019) ...................................  20 X 36,72.-€ ........….......... 734,40.-€

Zona 8.- MARIA JOSE FARALDO RIVAS,  NIF: 36.056.377-J, GRUPO C2
(22/01/2019 - 29/06/2019) ...................................  14 X 36,72.-€ ...........…...... 514,08.-€

Zona 9.- MARIA JESÚS SANROMÁN VARELA,  NIF: 36.018.668-R, GRUPO A2
(28/01/2019 - 21/05/2019) .................................  6 X 39,78.-€ ..............…........ 238,68.-€

Zona 10.- MARIA RITA RIELO FRANCO,  NIF: 36.067.074-S, GRUPO C1
(15/01/2019 - 08/07/2019) .................................  28 X 36,72.-€ ........................ 1.028,16.-€
.
Zona 11.- YOLANDA FAJIN TORRES,  NIF: 33.297.554-V, GRUPO A2
(28/01/2019 - 21/03/2019) .................................  3 X 39,78.-€ ..............…......... 119,34.-€

Zona 12.- ESTELA ROSENDE VILLAR,  NIF: 36.069.110-G, GRUPO A2
(23/01/2019 - 28/06/2019) .................................  13  X 39,78.-€ ....................... 517,14.-€

Zona 13.- MARIA GABRIELA ROMERO BANDEIRA,  NIF: 36.035.364-E, GRUPO C1
(22/01/2019 - 02/07/2019) .................................  13  X 36,72.-€ ...................... 477,36.-€

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(743).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE EDUCACIÓN NO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2019. EXPTE. 18809/332.**

Dáse conta do informe de data 16/07/19, asinado pola xefa do Servizo de Educación e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2019, o concelleiro-delegado de Educación, D Gorka Gómez Díaz, da conta á Xunta de goberno Local dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Educación no segundo trimestre de 2019, e que son os que deseguido se relacionan.

| EXPTES. | SERVIZO EDUCACIÓN | DATA | IMPORTE € |
|---|---|---|---|
| 23091-332 | REPARACIÓN DEFECTOS ENCONTRADOS POR O.C.A. EN ASCENSORES DE DIVERSOS COLEXIOS PÚBLICOS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO | 01-04-2019 | 6.050,00 |
| 23408-332 | CONTRATO MENOR PRIVADO SUSCRICIÓN ANUAL XORNAL FARO DE VIGO PARA O ANO 2019 | 10-04-2019 | 380,00 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 23342-332 | ELABORACIÓN E EDICIÓN DE MATERIAIS DIVULGATIVOS DO CONCURSO DE DELETREO INTERESCOLAR SPELLING BEE | 11-04-2019 | 2.500,00 |
| 23368-332 | ACONDICIONAMENTO DE TERRENOS E PODA ELIMINACIÓN DE VEXETACIÓN EN MAL ESTADO EN VARIOS CENTROS ESCOLARES | 01-04-2019 | 3.121,80 |
| 23370-332 | REPARACIÓN DE GRADA DE PISTA POLIDEPORTIVA Y RETIRADA DE TOCÓN DE ÁRBOL EN EL CEIP EMILIA PARDO BAZAN (CHOUZO) | 01-04-2019 | 1.120,46 |
| 23371-332 | REPARACIÓN DE FENDAS EN ALMACÉN DE COCIÑA DO CEIP CORUXO TINTUREIRA | 01-04-2019 | 379,94 |
| 23372-332 | FIXACIÓN DE 7 POSTES METÁLICOS NO PECHE DAS PISTAS DO CEIP CORUXO TINTUREIRA | 01-04-2019 | 744,15 |
| 23386-332 | REPARACIÓNS VARIAS NOS EDIFICIOS DOS CEIPS JAVIER SENSAT, SAN SALVADOR DE TEIS, ESCULTOR ACUÑA E EEI VILLALAURA | 09-04-2019 | 850,63 |
| 23443-332 | SERVIZO DE CUSTODIA DE CHAVES E SERVICIO DE ACUDA NOS CENTROS ESCOLARES DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO | 12-04-2019 | 18.137,90 |
| 23458-332 | INSPECCIÓN PERIÓDICA ASCENSOR RÚA SAN VICENTE ESQ. MENDEZ NUÑEZ | 02-05-2019 | 78,65 |
| 23461-332 | REPARACIÓN URXENTE DE FAIXAS DE FORXADOS NO CEIP FRIAN TEIS | 02-05-2019 | 1.823,47 |
| 23463-332 | EXECUCIÓN DE TRABALLOS VARIOS NA UNED | 14-05-2019 | 1.958,99 |
| 23468-332 | CAMISETAS INSTITUCIONAIS CONCELLO DE VIGO PARA AS VI OLIMPIADAS DE TEIS- NUÑEZ | 29-05-2019 | 1.180,96 |
| 23475-332 | EXECUCIÓN DE TRABALLOS NOS RECINTOS DOS CEIPS MESTRES GOLDAR, CANIDO RÍA DE VIGO, PÁRROCO D. CAMILO E GARCÍA BARBÓN | 24-05-2019 | 6.331,33 |
| 23494-332 | REPARACIÓN PARAMENTO EN TIRO ESCALEIRAS IME | 24-05-2019 | 825,22 |
| 23519-332 | REPARACIÓN URXENTE DE ALEIRO DE TELLADO NA E.M. MÚSICA | 28-05-2019 | 5.545,43 |
| 23526-332 | REPARACIÓNS ELECTRICAS EN DIVERSOS CENTROS ESCOLARES | 05-06-2019 | 13.987,60 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 23532-332 | PEQUENOS TRABALLOS DE ACONDICIONAMENTO NO RECINTO DA EEI MONTE DO ALBA E DA EIM ATALAIA | 03-06-2019 | 1.173,70 |
| 23533-332 | PEQUENOS TRABALLOS DE REPARACIÓN NO CEIP POMBAL, EEI MONTE DO ALBA, ESCOLAS INFANTIS MUNICIPAIS ATALAIA, STA CRISTINA E BOUZAS E ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO | 03-06-2019 | 3.872,00 |

| EXPTES | ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS | DATA | IMPORTE |
|---|---|---|---|
| 681-613 | ADQUISICIÓN BURILES AULA DE ARTESANÍA EN COIRO | 05-04-2019 | 136,13 |
| 682-613 | ADQUISICIÓN SACABOCADO E MATEADORES ESPECIALIDADE ARTESANÍA EN COIRO | 05-04-2019 | 193,76 |
| 683-613 | ADQUISICIÓN PEZAS DE VAQUETILLA E POTRO ESPECIALIDADE DE ARTESANÍA EN COIRO | 05-04-2019 | 134,48 |
| 685-613 | RESTAURACIÓN TÍTULO CONCEDIDO A JOSÉ GARCÍA BARBÓN | 04-04-2019 | 170,00 |
| 691-613 | SERVIZOS MANTEMENTO APLICATIVO E XESIÓN DO ALUMNADO | 10-04-2019 | 1.270,50 |
| 697-613 | ADQUISICIÓN MATERIAL DIVERSO REPARACIÓNS EMAO E TUBOS LED SECRETARÍA E SÁ EXPOSICIÓNS | 11-04-2019 | 453,60 |
| 699-613 | ADQUISICIÓN ROLLO CINTA SCHOTCH | 11-04-2019 | 14,01 |
| 703-613 | ADQUISICIÓN MATERIAIS VARIOS ESPECIALIDADE DE DEBUXO | 11-04-2019 | 81,68 |
| 706-613 | ADQUISICIÓN PISTOLAS DE AIRE QUENTE (DECAPADORES) AULA DE CERÁMICA | 12-04-2019 | 109,80 |
| 707-613 | ADQUISICIÓN MESAS, SILLAS E ARMARIO PARA ESPECIALIDADE MODA E CONFECCIÓN | 30-04-2019 | 2.122,34 |
| 708-613 | ADQUISICIÓN SILLAS ESPECIALIDADE OURIVARÍA | 30-04-2019 | 1.870,18 |
| 710-613 | ADQUISICIÓN/REPOSICIÓN CÁMARA DOMO PARA PORTAL ACCESO EDIFICIO EMAO | 24-04-2019 | 216,59 |
| 717-613 | AFIADO DE GUBIAS PARA A ESPECIALIDADE DE ESCULTURA E TALLA NA MADEIRA | 30-04-2019 | 381,15 |
| 718-613 | ADQUISICIÓN MATERIAL VARIO ESPECIALIDADE DE ESCULTURA E TALLA NA MADEIRA | 02-05-2019 | 299,17 |
| 722-613 | ADQUISICIÓN PINTURA VARIOS EMAO | 08-05-2019 | 95,00 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 723-613 | ADQUISICIÓN CHAPA DE LATÓN ESPECIALIDADE OURIVARÍA | 08-05-2019 | 214,12 |
| 728-613 | CONTRATO MENOR PRIVADO SEGURO EXPOSICIÓN “A ESCOLA DE ARTES E OFICIOS. 130 ANOS NA HISTORIA DE VIGO” | 24-05-2019 | 445,83 |
| 729-613 | ROTULACIÓN E GRÁFICA EXPOSICIÓN “ESCOLA DE ARTES E OFICIOS. 130 ANOS NA HISTORIA DE VIGO” | 22-05-2019 | 2.356,03 |
| 730-613 | MONTAXE EXPOSICIÓN “ESCOLA DE ARTES E OFICIOS. 130 ANOS NA HISTORIA DE VIGO” | 24-05-2019 | 4.241,20 |
| 733-613 | VIXIANCIA DE SEGURIDADE PARA A EXPOSICIÓN “ESCOLA DE ARTES E OFICIOS. 130 ANOS NA HISTORIA DE VIGO. PARTE I 1886-1976 NO ESPAZO EMAO (SALA DE EXPOSICIÓN DA EMAO)” | 28-05-2019 | 1.764,24 |
| 737-613 | REPARACIÓN TORNO CAIM ZANFONA (CONTADOR TELEMECANICE LC 1D09) | 06-06-2019 | 308,50 |

**Acordo**
A Xunta de Goberno local queda informada.

**17(744).- PROXECTO DE CONVENIO COA “FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO” NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL E ECONOMÍA SOCIAL-FONDO SOCIAL EUROPEO 2014-2020. EXPTE. 16341/77.**

Visto o informe de fiscalización de data 13/08/19, dáse conta do informe-xurídico proposta de data 29/07/19, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento Local (atribución temporal de funcións mediante acordo da XGL do 03/05/19), o concelleiro-delegado de Emprego e o concelleiro-delegado de Facenda e Orzamentos, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**I.** A FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO (CIF G83117374)) achega escrito remitido en data 19/02/2019 a través do Rexistro Electrónico do Concello de Vigo (CÓD. SOLICITUDE: W326650-7258), solicitando o inicio do convenio co Concello de Vigo para fomento do emprego, obrando no expediente a seguinte documentación complementaria:

- certificado de titularidade da conta bancaria.
- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Estatal Tributaria expedido en data 07/06/2019.
- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Tributaria de Galicia expedido en data 10/06/2019.

- certificación de estar ao corrente das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social expedido en data 10/06/2019.
- declaración responsable de que a entidade non está incursa nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 10 da Lei de Subvencións de Galicia; e de que a entidade non se atopa en ningunha das situacións indicadas no art. 34 da Lei Xeral de Subvencións e art. 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia, que lle impidan a percepción do pago anticipado.
- declaración responsable respecto das axudas solicitadas ou recibidas para o programa.
- memoria do proxecto
- orzamento
- Escritura de poder notarial outorgado pola Fundación Secretariado Gitano a favor de dona Eva Vera Ledo, de data 09/05/2017 co nº de protocolo 797 da notaria dona Carmen Ana Vázquez Arias.
- certificación expedida en data 1/04/2008 pola xefa da área de fundacións da Subdirección xeral de Participación, Fundacións e Entidades tituladas, dependente do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, acreditativa da inscrición no Rexistro de Fundacións asistenciais por Orde do 28/12/2001, co nº 28-1223.
- tarxeta acreditativa do número de identificación fiscal.

II. A devandita asociación consta inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co nº 804-02, no epígrafe 6.4.

III. Nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo, consta a partida 2410 4890002 “Convenio Fundación Secretariado Gitano”, por importe de 16.000,00 €.

IV. En data 06/03/2019 o concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

V. A petición do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, expídese certificación de data 11/06/2019 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas ou sancións de natureza tributaria co Concello de Vigo.

VI. O xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local asinou a memoria xustificativa en data 14/03/2019.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**I. Obxecto:**

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á “Fundación Secretariado Gitano” que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para fomento de emprego, co obxecto de contribuir ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas no programa de formación e cualificación profesional “Acceder” para a inclusión socio-laboral da poboación xitana.

**II. Procedemento de concesión directa:**

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) e c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2018, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a Fundación Secretariado Gitano non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e frónte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura, sendo gastos subvencionables os de xestión e organización das actividades previstas, tendo en conta o prazo de execución do proxecto (01/01/2019 ao 31/10/2019).

**III. Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes:**

Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.

Pola outra parte, asinará o convenio dona Eva Vera Ledo con DNI 34267745-E, coma representante da entidade segundo resultou acreditado mediante poder notarial referido nos antecedentes.

**IV. Competencia administrativa na que se fundamenta a actuación da Administración Pública:**

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG.

Na memoria consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscrición do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

O fomento do emprego ten a consideración de actividade prioritaria dentro desta Administración municipal, segundo o acordado pola Xunta de Goberno Local en data

09/03/2012, en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sosteñibilidade da Administración Local, modificatoria da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, co obxecto de esclarecer términos de competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuidas por delegación recollidos na mesma, establece no seu artigo 3.3.b) que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

A Disposición adicional primeira da Lei 5/2014, do 27 de maio, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais.* A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello o disposto no artigo 80.2.p) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, que reflicte coma competencia municipal propia a participación na formación de activos e desempregados.

**IV. Contía total e crédito orzamentario:**
O importe do convenio de 16.000,00 € imputaranse con cargo á partida 2410 4890002 "Convenio Fundación Secretariado Gitano", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2019, co obxecto de contribuir ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas, tendo en conta o prazo de execución do proxecto (01/01/2019 ao 31/10/2019).

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante

ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Xa que logo, con cáracter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

**V. Normativa de aplicación:**

A tenor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do vixente Orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

**VI. Prazo e forma de xustificación da subvención mediante tramitación electrónica**:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Fundación Secretariado Xitano está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentacion xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel asinadas electronicamente.

Explicítase no pacto noveno a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada no convenio, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a reducción da subvención na mesma proporción .
A comunicación destas circuntancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria, **antes do 17 de outubro de 2019**, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

**VII. Publicidade:**

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**VIII. Órgano competente:**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con cáracter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

**IX. Recursos:**

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.
Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

- Aprobar o texto do convenio que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a "Fundación Secretariado Xitano", con CIF: G83117374 para fomento de emprego, co obxecto de contribuir ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas no programa de formación e cualificación profesional "Acceder" para a inclusión socio-laboral da poboación xitana.

- Autorizar o gasto de **16.000,00 €** dacordo co estipulado no presente convenio con cargo á partida 2410 4890002 "Convenio Fundación Secretariado Xitano", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2019.

- Facultar ao Concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, D. Abel Losada Álvarez para asinar o citado convenio en caso de ser necesaria a substitución da Alcaldía-Presidencia.

- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto

expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO COA "FUNDACION SECRETARIADO GITANO" NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA OPERATIVO DE INCLUSIÓN SOCIAL E DA ECONOMIA SOCIAL_ FONDO SOCIAL EUROPEO 2014-2020 (EXPTE. 16341/77)

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de _____ de dous mil dezanove

**REUNIDOS**

Dunha parte, don Abel Ramón Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde Presidente do Ilmo Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, co CIF P-3605700-H, con enderezo na Praza do Rei núm. 1 de Vigo

Doutra, Dona Eva Vera Ledo con DNI 34267745-E, en representación da Fundación Secretariado Gitano, CIF nº G83117374 e enderezo social en Ahijones s/n, 28018 Madrid, na representación da mesma, segundo poder notarial de data 09/05/2017 co nº de protocolo 797 da notaria dona Carmen Ana Vázquez Arias, que figura na documentación aportada dentro do expediente 16341/77.

E actuando Dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.

Actúan as partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.

**MANIFESTAN**

A construción dunha Europa moderna, cohesionada e socialmente integrada pasa pola extensión da liberdade, a xustiza, a igualdade e a solidariedade entre todas as persoas, para o que é necesario eliminar os obstáculos de toda clase que impiden ou limitan aínda o exercicio dos dereitos cidadáns, a plena participación de todos e todas no curso ordinario da vida social e o acceso en igualdade de condicións a bens e servizos da comunidade.

Que as directrices para o crecemento intelixente, sostible e integrador, apostan polo fomento dunha economía con alto nivel de emprego que teña cohesión social e territorial, como expresamente se recoñece na Comunicación da Comisión Europea COM 2010-2020 final: EUROPA 2020: Unha estratexia para o crecemento intelixente, sostible e integrador" do 3 de marzo de 2010, que aposta por un crecemento integrador dando protagonismo ás persoas mediante altos niveis de emprego, invertindo en cualificacións, loitando contra a pobreza e modernizando os mercados laborais e os sistemas de formación e de protección social para axudar ás persoas a anticipar e xestionar o cambio, e a construír a unha sociedade cohesionada.

A sociedade do coñecemento non garante, por si soa, senón que introduce o risco de que se produzan diferencias cada vez maiores entre quenes teñen acceso aos novos coñecementos e os que, por partir dunha situación de obxectiva desvantaxe, quedan á marxe das novas oportunidades. Para evitar este risco certo e aproveitar ao máximo este novo potencial, débense facer esforzos para mellorar as cualificacións, promover un acceso amplo aos coñecementos e loitar contra o desemprego.

O emprego é a mellor e máis segura salvagarda contra a exclusión social. En efecto, o emprego e o seu presuposto, a formación, constitúen factores esenciais no proceso de integración e plena participación sociais dos grupos vulnerables ou en risco de exclusión, obxectivo preferente da acción das entidades asinantes deste Convenio, pois esta vía de socialización permite ás persoas facer o que os demais fan e tórnaas socialmente visibles e útiles, estendendo o sentimento de pertenza e de corresponsabilidade no desenvolvemento e progreso da comunidade.

Tanto o Concello de Vigo como a Fundación Secretariado Gitano conveñen na necesidade de establecer unha cooperación tendente a aunar os seus esforzos de cara a posibilitar unha maior inserción social e laboral da comunidade xitana, que conleve a posta en práctica das Directrices do Plan de Acción para o Emprego do Reino de España, así como as do propio Concello de Vigo. As partes coinciden en que a situación das persoas xitanas, con baixos niveis de instrución e altas taxas de desemprego, require a posta en marcha de medidas activas nos campos da formación profesional e o emprego para unha completa incorporación social. Neste sentido, considérase á comunidade xitana como un grupo específico, cun proceso de inserción laboral que require, segundo manifestan os expertos, e dadas as súas peculiaridades e diferencias culturais, un tratamento especializado e integral, que debe ser impulsado de forma positiva cunha política global, de xeito que se superen actuacións parciais ou fragmentadas, así coma o risco de dispersión dos recursos dispoñibles.

**I.-** Que a Fundación Secretariado Gitano é a encargada de xestionar as actuacións dirixidas á poboación xitana a través dos Programas Operativos de Inclusión Social e Economía Social, no que se enmarcan as actuacións obxecto do presente convenio; e que teñen como obxectivo esencial a inclusión social da poboación xitana dende o punto de vista da formación e o emprego.

**II.-** Que o Concello de Vigo, en atención a estas consideracións, desexa estreitar lazos, unir esforzos e actuar aunadamente para mellorar as condicións de vida e a plena participación social dos compoñentes dos grupos cidadáns e comunidades destinatarios da súa actividade e co obxectivo común de mellorar a capacidade de integración social da comunidade xitana, especialmente no mercado de traballo e o emprego, asinan o presente Convenio de subvención nominativa.

**III.-** Que nas devandidas actividades a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese social e laboral, como son:

·A cualificación profesional e o acceso de persoas xitanas a profesións e empregos por conta allea, atendendo ás súas demandas de acordo ás ofertas de contratación por parte das empresas.

· Achegamento e adaptación dos servizos xerais de formación profesional e emprego aos xitanos e xitanas desempregados, para que podan acceder a estes como resto dos cidadáns.

· A sensibilización sobre os prexuízos e prácticas discriminatorias das que as persoas xitanas son vítimas, así como a mellora progresiva da súa imaxe social.
·A xeneralización de políticas máis activas para a comunidade xitana con obxecto de mellorar efectivamente as súas condicións de vida e garantir a igualdade de oportunidades no seu acceso a bens e servizos públicos.

Así as cousas, o concello de Vigo no orzamento para o ano 2019 contempla a partida 2410 4890002, onde se prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 16.000,00 €, a favor da Fundación Secretariado Xitano.
Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

**IV.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, que ten por obxecto a realización das actividades que se describen no parágrafo I do apartado dos Pactos.

**V.-** Que a entidade Fundación Secretariado Xitano non está incursa en prohibicións para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, estando ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non tendo débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que se achegan no expediente.

**VI.-** O presente Convenio ten por obxeto fixar os términos de colaboración entre os firmantes para o desenvolvemento das accións que se dirixirán á Poboación Xitana no marco do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social 2014-2020 e do Programa Operativo de Emprego Xuvenil 2014-2020, que o Ministerio de Emprego e Seguridade Social encargou como organismo beneficiario á FSG a través da Resolución 105 e 106 de 28 de Decembro de 2015, publicada no Boletín Oficial do Estado (BOE) de 5 de xaneiro de 2016, para a execución do proxecto de Itinerarios integrados de Inclusión Socio-Laboral para a poboación xitana, enmarcada na Prioridad de Inversión 9.2 *Integración socioeconómica de comunidades marginadas tales como a poboación romaní* e no Obxetivo Temático 8.2 sobre a *integración sostible no mercado de traballo dos xóvenes que corren o risco de sufrir exclusión social e os procedentes de comunidades marxinadas.*

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e laboral que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Fundación Secretariado Xitano, o Concello de Vigo e a dita fundación conveñen a súa colaboración no ámbito socio-laboral e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

## PACTOS

**Primeiro.-** A Fundación Secretariado Xitano comprométese a colaborar coa Concellería de Emprego do Concello de Vigo en canto á mellora da capacidade de integración e incorporación da comunidade xitana no mercado de traballo e o emprego e o impulso de políticas sociais máis activas coa mesma; e concretamente, a desenvolver na cidade de Vigo as seguintes actuacións:

- · Accións de orientación socio-laboral cuxa finalidade será a acollida, orientación laboral, orientación socioeducativa, acompañamento e acceso da poboación xitana, a formación e o emprego. Este centro estará ubicado en Vigo e atenderá a poboación xitana e outra poboación en situación de vulnerabilidade social que habita no mesmo, así como nas suas áreas de influencia.
- · Accións de difusión do servizo e os recursos para o achegamento da poboación xitana aos mesmos.
- · Accións de diagnóstico e avaliación competencial, que permitirán a definición do perfil personal e profesional e o diseño do itinerario socio-laboral.
- · Avaliación social: para a medición de barreiras e condicionantes persoais, familiares e sociais que impidan/faciliten o itinerario a desenvolver.
- · Avaliación competencial Emplea +: valoración das competencias básicas, transversais e profesionais precisas para a incorporación ó mercado laboral.
- · Establecemento do perfil/obxetivo profesional consensuado e diseño do itinerario personalizado de inserción laboral por conta propia.
- · Avaliación das competencias emprendedoras para o desenvolvemento dun itinerario personalizado de inserción laboral.
- · Avaliación socio-familiar: no caso de familias en situación de exclusión e pobreza severas, de maneira que se identifiquen os aspectos básicos suxeitos a intervención coordinada con outros servizos para iniciar o seu proceso de inclusión socio-laboral.
- · Accións de activación e motivación cara o mercado laboral e o retorno educativo (segunda opción), así como de mantemento no sistema educativo, facendo especial fincapé na muller xitana.
- · Accións de orientación laboral e acompañamento na búsqueda de emprego: estas accións contemplan unha serie de actuacións dirixidas á autonomía na búsqueda de emprego da persoa, mediante o coñecemento dos recursos, o mercado laboral, estratexias de comunicación, o uso de novas tecnoloxías, a organización familiar e persoal, dereitos e deberes laborais.
- · Accións de orientación educativa que consisten na realización dun acompañamento ó alumnado e as súas familias para que ambos poidan mellorar as súas competencias e lograr o éxito escolar. Mediante entrevistas individualizadas cos pais e nais traballanse aspectos que son clave para lograr o obxetivo, mentres que as tutorías co alumnado permiten traballar de xeito individualizado detectando as dificultades que poian ir xurdindo.
- · Accións de mellora das competencias educativas, profesionais, básicas e transversais, tales como:
    - · Accións de motivación e sensibilización cara a mellora da cualificación.
    - · Accións de formación en competencias básicas e transversais.
    - · Accións de formación profesional en colaboración con empresas.

| **ACTIVIDADE** | | **DATAS** | | **PARTICIPANTES (estimados)** | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | DENDE | ATA | TIPO | Nº |
| **G** | DESENVOLVEMENTO XERAL DO PROXECTO ACCEDER | | | PERSOAS XITANAS | 200 |
| **1** | VENTA ONLINE | MARZO | XULLO | PERSOAS XITANAS | 15 |
| **2** | COMPETENCIAS CLAVE | MARZO | MAIO | PERSOAS XITANAS | 15 |
| **3** | OPERARIO DE ALMACEN | ABRIL | MAIO | PERSOAS XITANAS MENORES DE 30 AÑOS | 10 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **4** | SER DIGITAL | XANEI-RO | DEC | PERSOAS XITANAS | 150 |
| **6** | LIMPEZA INDUSTRIAL. | MARZO | MAYO | PERSOAS XITANAS | 16 |
| **7** | CADEAS DE APREDIZA-XE | XANEI-RO | DEC | PERSOAS XITANAS | 50 |

- · Accións de formación e de reforzo educativo para a obtención do graduado en ESO e a continuidade en estudos postobrigatorios.
- · Accións de formación en diversidade e igualdade de trato.
- · Accións de intermediación con empresas que permitan adecuar a intervención ás necesidades do mercado laboral, así como facer de ponte entre a empresa e a poboación xitana.
- · Accións de mentoring en empresas, para motivar na continuación de estudos obrigatorios e postobrigatorios dende a realidade da empresa.
- · Accións de apoio ao emprego protexido, que permitan a transición ao mercado laboral ordinario daquelas persoas que están en situación de vulnerabilidade extrema.
- · Elaboración de estudos e informes sobre a poboación xitana nos ámbitos do emprego, a educación, a vivenda, a pobreza e a exclusión social, así como a súa difusión e transferencia de coñecemento en xornadas e eventos públicos.
- · Accións de formación, información e sensibilización cara a poboación xitana, as administracións públicas e institucións, as empresas, os medios de comunicación, outros axentes clave e a sociedade en xeral.
- · Accións de promoción da igualdade de trato, loita contra a discriminación e asistencia a vítimas. Desenvolvemento dunha serie de actuacións de asesoramento e apoio dirixidas a impulsar políticas sociais mais activas coa Comunidade Xitana. Estas actuacións irán dirixidas ás entidades públicas e privadas, que traballan directamente coa poboación xitana e con competencias na implatación ou desenvolvemento de políticas de inclusión sobre a mesma; especialmente administración pública autonómica, local e entidades sociais. O desenvolvemento destas accións realizaranse a dous niveis: parte delas dirixiránse con carácter xeral ao conxunto de Comunidades Autónomas que participan no Programa Operativo; parte delas realizaránse en exclusiva para a Comunidade Autónoma de referencia deste Convenio.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as entidades beneficiarias deste tipo de subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1.Unir esforzos e actuar coa Fundación Secretariado Gitano para mellorar as condicións de vida e a plena participación social dos compoñentes dos grupos cidadáns e comunidades destinatarios da súa actividade e co obxectivo de mellorar a capacidade de integración social da comunidade xitana, especialmente no mercado de traballo e o emprego.

2.Conceder directamente á Fundación Secretariado Gitano, unha subvención por importe de 16.000,00 euros *(DEZASEIS MIL EUROS), con cargo á partida 2410 4890002, do vixente orzamento,* co obxecto de cofinanciación das actividades que no parágrafo I do apartado de Pactos se describen no marco do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social 2014-2020, para a execución das accións do Programa Acceder.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto**.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, a entidade presentará declaración responsable de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

**Quinto.-** Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a reducción da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circuntancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A Fundación Secretariado Gitano non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sétimo.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

·A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estarán integramente en idioma galego.
· O concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá dará a súa conformidade ás probas dos recursos publicitarios que se empreguen.
· De todo o material editado, entregaranse 5 exemplares ao Concello.
· As actividades, servizos ou productos ofertados pola Asociación poderá conlevar unha achega económica por parte dos usuarios e usuarias, co obxecto de financiar o seu custo (billetes, entradas, rifas, etc...). Neste caso, a Asociación solicitará previamente, a conformidade da Concellería

de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, dos correspondentes prezos para cada un dos casos.
· A difusión nos medios de comunicación das informacións sobre as actividades programadas, mediante roldas de prensa, entrevistas, traballos, difusión de noticias, etc, deberán estar previamente acordadas coa Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.
Todo material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal.

**Oitavo.-** En cumprimento das normas de transparencia esixidas pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, o convenio deberá publicarse no Portal de transparencia do Concello de Vigo e deberá rexistrarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Noveno.-** A beneficiaria, **antes do 17 de outubro de 2019**, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación beneficiaria está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentacion xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel asinadas electronicamente.

Xa que logo, deberá tramitar electronicamente a xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, achegando unha **conta xustificativa:** composta dunha **memoria de actividades** e dunha **memoria económica,** segundo se indica a continuación.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A beneficiaria achegará copias electrónicas da documentación complementaria e responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

En concreto, a beneficiaria deberá achegar os seguintes documentos para a xustificación dos fondos recibidos:

**1º) Declaración responsable asinada** electronicamente na que manifesten que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da presente subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.

**2º) Memoria de actividades** realizadas asinada electronicamente**,** de conformidade co proxecto achegado xunto coa solicitude de convenio, no que fundamentaron a concesión da subvención.

**3º) Memoria económica** dos gastos incorridos asinada electronicamente, cos xustificantes de pago dos gastos incorridos, á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente, indicando na táboa o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

- En caso de exención do IVE achegarase unha declaración responsable asinada electronicamente pola entidade de non dedución do IVE ou, no seu defecto, o acordo de exención do IVE correspodente.

– As retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Contrato de traballo
- Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (tc1) e Relación nominal de traballadores (tc2), ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Nóminas correspondente aos meses imputados.
- Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
- Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

•A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituir a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ….. euros.

**4º) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias** (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. Se a entidade se opón expresamente á verificación telemática destes datos polo Concello de Vigo, deberá achegar de novo os certificados correspondentes.

**5º)** Para o caso de que a entidade beneficiaria declare **ter recibido outras subvencións** para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade

procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica da resolución de concesión das mesmas.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, trancorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, éste requerirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia da reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencions, correspondan.

**Décimo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

**Décimo primeiro.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen **ata o 30 de setembro de 2019**.

**Décimo segundo.-** A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local dependente da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá. O xefe do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo cuarto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución siñificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo quinto.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa aprezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e o previsto nas Lei 39 e 40, do 1 de outubro de 2015 e Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril.

**Décimo sexto.-** A beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados son indispensables para a xestión deste procedemento e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrucción da concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lexislación de subvencións en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

**Décimo séptimo.-** A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa o indirectamente pola Fundación Secretariado Xitano, no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

**Décimo oitavo.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.
A tal fin, dita Comisión de Seguimento está integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, sendo presidida por un representante do Concello de Vigo e actuando como

secretario/a o outro representante do mesmo, e tendo que reunirse, cando menos, dúas veces ao ano. Os/as representantes do Concello de Vigo serán nomeados polo Alcalde, a proposta do Concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.

**Décimo novena.**- Co obxecto de garantir a adecuada coordinación e cumprimento dos compromisos e obxectivos antes expostos, crearase unha Comisión de Seguimento que desenvolverá as funcións que ao respecto sexan necesarias e, entre outras, as seguintes:

a) A elaboración de propostas que conduzan á consecución dos obxectivos do Convenio.
b) A determinación dos obxectivos do plan anual de traballo.
c) A supervisión dos informes de seguimento e avaliación, así como seguimento do seu desenvolvemento.
d) Cantas accións sexan precisas para impulsar os obxectivos previstos.
e) Participar nas reunións que teñan lugar a nivel autonómico

A Comisión de Seguimento poderá decidir a creación de grupos de traballo para o desenvolvemento da súa actividade naquelas materias que así o requiran.

Á súa vez os membros desta Comisión de Seguimento participarán nas reunións que se organicen na Comunidade Autónoma, nas cales estarán presentes o resto de entidades que participan no proxecto no ámbito autonómico.

**Vixésima.**- Prazo de vixencia do convenio. A vixencia do convenio será dende a data de sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, __________________ de 2019

**18(745).- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO DO OBRADOIRO DE EMPREGO "FORMAWEB III". EXPTE. 16664/77.**

Visto o informe de fiscalización do 27/08/19, dáse conta do informe-proposta de data 13/08/19, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (instrución do concelleiro de Emprego do 2/08/19), a secretaria de Admón. Municipal e o concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 23 de maio de 2019 a proposta do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, acordou:

1. Aprobar o proxecto denominado "Obradoiro de Emprego FORMAWEB III", elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

2. Solicitar á Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na "ORDE do 4 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dirixidos a persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019, publicado no DOG. núm. 79, do 25 de abril.

3. Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos orzamentos municipais dos anos 2019 e 2020, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.

4. Delegar no Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, a representación do Concello na tramitación e xestión do Obradoiro de Emprego “FORMAWEB III”.

Posteriormente, para levar a cabo a subsanación requerida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria e con entrada no Rexistro do Concello de Vigo o 07 de xuño de 2019, a Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 26 de xuño de 2019, acordou:

**ÚNICO**: Subsanar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 23/05/2019, dacordo co requirimento efectuado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria recibido o 07/06/19, que quedaría co seguinte tenor literal:

1. Aprobar o proxecto denominado “Obradoiro de Emprego FORMAWEB III”, elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

*2.* Solicitar á Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto por importe de **156.140,52 €**, de acordo co establecido na “ORDE do 4 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dirixidos a persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019, publicado no DOG. núm. 79, do 25 de abril.

3. Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenv*olvemento do proxecto, mediante a dotación, nos orzamentos municipais* dos anos 2019 e 2020, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.

4. Delegar no Concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, a representación do Concello na tramitación e xestión do Obradoiro de Emprego “FORMAWEB III”.

Recíbese a notificación da concesión da subvención para a realización do proxecto de Obradoiro de Emprego denominado “FORMAWEB III” por resolución de 09/08/2019 do Xefe Territorial, P.A. (D.135/2017, de 28 de decembro)a xefa do Servizo de Coordinación Admva. e Xestión Económica Dª Ana Rodríguez Senra da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, ao abeiro da *Orde do 04 de abril de 2019* (DOG nº 79, do 25 de abril de 2019) pola que se establecen as b*ases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no fichero do Sistema Nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia,* co número de expediente 36/00005/2019, na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe global de **168.769,95 €** para a posta en marcha das ditas accións.

A resolución supón a aceptación da especialidade solicitada (Confección e publicación de páxinas web), e contará con 15 alumnos/as-traballadores/as, e un un equipo directivo composto de 1 director/a, 1 titor/a, 1 administrativo/a e 1 experto/a docente.

Da cantidade global de concesión da subvención (168.769,95€ €), 62.784,00 € corresponden á subvención para gastos de formación e funcionamento e 105.985,95 € para gastos salariais do alumnado-traballador participante no obradoiro.

Polo anteriormente exposto **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local, coa conformidade da Secretaria de Administración Municipal e non sendo necesaria a fiscalización previa do expediente, a adopción do seguinte acordo:

1.- Aceptar a subvención concedida na resolución de concesión da subvención para a realización do proxecto de Obradoiro de Emprego denominado "FORMAWEB III", por resolución de 09/08/2019 do Xefe Territorial, P.A. (D.135/2017, de 28 de decembro)a xefa do Servizo de Coordinación Admva. e Xestión Económica Dª Ana Rodríguez Senra Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, ao abeiro da Orde do 04 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no fichero do Sistema Nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, para o anos 2019 e 2020, co número de expediente 36/00005/2019, na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe global de 168.769,95 € para a posta en marcha das ditas accións.

2.- Encomendar ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, a xestión do proxecto de obradoiro de emprego "FORMAWEB III", conforme aos criterios establecidos na Orde do 04 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no fichero do Sistema Nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

**<u>Acordo</u>**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**19(746).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DESTINADA AO FOMENTO DA CONTRATACIÓN DE MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO (SI461A) Á CONSELLARÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 16633/77.**
Visto o informe de fiscalización do 26/08/19, dáse conta do informe-proposta de data 23/08/19, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (instrución do concelleiro de Emprego do 2/08/19), a secretaria de Admón. Municipal e o concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. No DOG. núm. 103, do 03 de xuño, publicouse a Resolución do 16 de maio de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases que rexerán a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (código de procedemento SI461A).

As mulleres vítimas de violencia de xénero están xeralmente inmersas en procesos individuais complexos  nos que se interrelacionan carencias e desaxustes emocionais, familiares, sociais e laborais que lle afectan individualmente e ás persoas dependentes. Aínda que graves, estas situacións son temporais e transitorias, iniciadas por circunstancias externas; é unha situación concreta, non unha condición que impida a inserción sociolaboral permanentemente, aínda que poida ser un proceso longo e con situación de partida de baixa ocupabilidade. Polo tanto, favorecer a participación no mercado laboral e a mellora da ocupabilidade a través de programas de fomento de emprego pode significar un impulso importante que complemente as axudas que aportan os servizos especializados (sempre e cando se inicie no momento oportuno) e previr a cronificación dunha situación precaria que afecta a toda unha unidade familiar de convivencia.

Este p*rograma de fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero* aporta:

- Unha posibilidade de capacitación – formación durante un tempo mínimo que facilita e permite avanzar na estabilidade individual e das persoas dependentes; reorganizar a vida e aumentar as posibilidades de retomar ou iniciar a inserción sociolaboral.
- Unha posibilidade de superar e traballar aspectos relacionados coas competencias e habilidades persoais para o emprego, que nun emprego diferente requiren de máis inmediatez polas esixencias cada vez maiores do mercado laboral, que ademais ofrece condicións precarias.
- Un período mínimo de adaptación ao mercado laboral imprescindible para superar as barreiras internas e externas, sempre e cando se traballen con esta perspectiva.

II. En data 22/08/2019 o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar a solicitude de subvención da convocatoria segundo a Resolución do 16 de maio de 2019.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

I. En canto á competencia para actividade de fomento de emprego - que a Xunta de Goberno Local no seu acordo de data 9 de marzo de 2012 considerou que constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en canto ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables - a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en

vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que establece no seu artigo 3.3.d), a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación, que non se entenderá como exercicio de novas competencias a concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e máis outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais dacordo co artigo 297 da Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención, e no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, aos efectos do art. 7.4 LBRL, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

Dacordo co establecido na Orde da convocatoria, a presentación desta solicitude non conleva implicitamente a aceptación da mesma.

II. O proxecto supón a contratación temporal de 4 mulleres para o posto de auxiliar administrativa, durante 6 meses a xornada completa no Concello de Vigo, cunha data prevista de contratación o 01 de novembro de 2019 ata o 30 de abril de 2020.

Estas catro mulleres contarán cunha orientadora laboral do servizo de Emprego do Concello de Vigo como profesional de referencia e apoio ao longo do seu periodo de contratación.

III. O expediente ten por obxecto solicitar unha subvención á Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, por importe de **33.415,20€**, contemplada na memoria que se achega e resultante dos cálculos efectuados tomando como referencia o convenio de Oficinas e Despachos de Pontevedra, e que permitirán soportar os custos salariais de todas as contratacións a realizar e os custes de Seguridade Social con cargo ao Concello de Vigo.

Estímase a achega municipal en **840,00€** e deberá ser incluída na correspondentes partida municipal do ano 2020 dos orzamentos municipais, xa que esta achega corresponde ao custe das indemnizacións correspondentes a estas catro contratacións, e que se fará efectiva ao remate dos contratos no ano 2020**.**

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral Municipal sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que derivan da subvención que se solicita.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a

súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Por todo o anteriormente exposto e segundo as instrucións do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante R.A. de delegación de competencias do 18/06/19, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Aprobar a solicitude de subvención destinada ao fomento de mulleres que sofren violencia de xénero, elaborada polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

2. Solicitar á Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, a subvención de acordo co establecido na Resolución do 16 de maio de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases que rexerán a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (código de procedemento SI461A) (DOG nº 103 do 03 de xuño de 2019)

3. Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, no orzamento municipal do ano 2020, da correspondente partida para o cofinanciamento deste proxecto.

4. Delegar no Concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá a representación do Concello na tramitación e xestión da subvención destinada ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**20(747).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PROGRAMA DE INTERVENCIÓN DE APOIO FAMILIAR E SOCIAL COAS PERSOAS USUARIAS DA REDE MUNICIPAL DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 9350/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 6/08/19 e o informe de fiscalización do 14/08/19, dáse conta do informe-proposta de data 6/08/19, asinado pola axente de igualdade de oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira-delegada de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da *Rede Municipal de Vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero* ten como obxectivo principal ofrecer ás mulleres beneficiarias do dispositivo, e persoas delas dependentes, axuda e apoio no ámbito da educación familiar e social co fin de contribuír ao desenvolvemento das ferramentas e recursos necesarios que lles permita levar adiante unha vida independente e autónoma e un afastamento do contexto da violencia. As usuarias da Rede reciben apoio social e familiar da figura co perfil profesional de Educación Sociofamiliar que intervirá e acompañará ás usuarias deste dispositivo na consecución dos obxectivos sociais, psicolóxicos e xurídicos da unidade familiar beneficiaria, establecidos no proxecto de intervención de cada usuaria.

. Desde o Servizo de Igualdade xustificouse a necesidade e a idoneidade de tramitar un expediente de contratación mediante contrato maior de servizos previsto no artigo 17 da LCSP por procedemento aberto simplificado. A forma de tramitación será a ordinaria con múltiples criterios de adxudicación, conforme o establecido nos artigo 156 e 145 da LCSP. Informe de data 06.06.2019 e incorporado ao expediente.

.Consta no expediente Resolución de data 06.06.2019 da concelleira delegada de Igualdade autorizando o inicio do expediente.

. Este órgano xestor incorpora ao expediente os seguintes documentos:

- Prego de Prescricións Técnicas, asinado en data 29.07.2019, incorporando no seu anexo o informe da actual adxudicataria do servizo sobre o persoal adscrito ao mesmo en cumprimento da obriga disposta no artigo 130 da LCSP.
- Memoria Xustificativa asinado en data 02.08.2019.
- Informe complementario xustificativo dos criterios de avaliación, asinado en data 02.08.2019.

. En data 05.08.2019, o servizo de Contratación asina e incorpora ao expediente o prego de prescricións administrativas particulares ( PCAP), en en data 06.08.2019 emite informe favorable sobre comprobación da documentación esixida pola normativa.

Nos termos establecidos no art. 29.4 da LCSP este contrato terá un prazo de duración dun ano, coa posibilidade de realizar como máximo 3 prórrogas,  cunha duración de un ano cada unha.

Segundo se motiva na memoria xustificativa, o importe do contrato (sen IVE) é de 19.244,35 €. O importe do valor total estimado do contrato, incluídas as prórrogas, é de 80.826,26 €.

O prezo do contrato ( 1 ano de duración) é de  23.285,66 € que inclúe un IVE de 4.041,31€.

O prezo unitario con IVE será de 24,26 €/hora, que será aplicable só para os efectos de modificación do contrato, ao que lle aplicará a correspondente baixa achegada pola adxudicataria.

As obrigas económicas derivadas do contrato serán atendidas a conta da partida orzamentaria *"Plan municipal de Igualdade"* 2311 2279906 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e do orzamento futuro, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do exercicio  2019 e 2020, desglosado do seguinte xeito: no exercicio 2019 imputarase 7.761,88 € e no exercicio 2020: 15.523,78 €.

**Normativa de aplicación:**

- Lei orgánica 1/2004, de 28 de novembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para o tratamento integral da violencia de xénero.
- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Decreto 143/2007, de 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos socias.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. O obxecto regulado no presente contrato encádrase nas competencias que atribúe aos municipios no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.*
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, especificamente nos artigos relacionados co procedemento aberto simplificado que rexerán esta contratación.

Polo exposto, e previo informe favorable do servizo de Contratación, Asesoría Xurídica e Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

> "1º.- Aprobar a apertura do procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente, mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a xestión do Programa de educación familiar e social coas persoas usuarias da Rede Municipal de Vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero.
>
> 2º.- Autorizar o gasto de 23.285,66 € para a contratación da xestión do Programa de educación familiar e social coas persoas usuarias da Rede Municipal de Vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero, que se imputará con cargo á partida presupostaria *"Plan municipal de Igualdade"* 2311 2279906 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e do orzamento futuro, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do exercicio 2019 e 2020, desglosado do seguinte xeito: 7.761,88 € imputaranse ao orzamento do exercicio 2019 e 15.523,78 € € imputarase ao orzamento futuro do exercicio 2020, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no futuro orzamento.
>
> 3º.- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da xestión do Programa de educación familiar e social coas persoas usuarias da Rede Municipal de Vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero de data 05.08.2019, así como o prego de prescricións técnicas para a prestación do servizo de data 29.07.2019."

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**21(748).- PRÓRROGA DE CESIÓN TEMPORAL DA VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO NÚMERO E-638-C-8. EXPTE. 9079/224.**

Dáse conta do informe-proposta de data 21/08/19, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

O día 1 de marzo de 2019 o equipo de profesionais do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* emite informe no que se expón a problemática familiar da usuaria identificada con DNI núm. 32681623, onde se reflicte a necesidade de procurarlle un acollemento temporal, acompañada de seu fillo menor, a medio prazo, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido polo servizo municipal de atención á muller, a concellería de Igualdade valorou necesario que se aprobase a ocupación provisional da vivenda identificada con número E-638-C-8, co obxecto de que a usuaria identificada con DNI núm. 32681623 e o seu fillo, a ocupen por un período de seis meses, transcorridos os cales debería abandonar a vivenda, agás se xustificase a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller. Acordo da Xunta de Goberno Local de data 14/03/2019.

Desde o día 14 de marzo de 2019 a dita unidade familiar, permanece acollida temporalmente na vivenda de protección, cumprindo as normas de convivencia e os obxectivos pactados no proxecto de intervención.

O equipo multidisciplinar do CMIDM composto por unha avogada, unha psicóloga e unha traballadora social fai o seguimento da familia xunto coa educadora familiar asignada. No informe de seguimento que emite este equipo municipal en data 9 de agosto de 2019 e a teor da situación social da beneficiaria, conclúese a importancia de prorrogar a súa estancia na vivenda de protección municipal, por un período non superior a seis meses, mentres non se acaden os obxectivos previstos no proxecto de intervención.

Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

"Autorizar unha prórroga na cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-8 por un período máximo de 6 meses de duración a contar desde o día 14 de setembro de 2019 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 9079/224."

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**22(749).- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA PROXECTOS DE SALVAGARDA DO PATRIMONIO CULTURAL INMATERIAL CORRESPONDENTES AO ANO 2019 (PROXECTO "BIBLIOTECAS VIVENTES.TESOUROS VIVOS" EXPTE. 2628/334.**
Visto o informe xurídico de data 23/08/19 e o informe de fiscalización do 27/08/19, dáse conta do informe-proposta de data 23/08/19, asinado pola técnica de Normalización Lingüística e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

1. ANTECEDENTES

Con data 2 de agosto de 2019, publícase no BOE a Resolución, de data 26 de xullo, da Subsecretaría do Ministerio de Cultura e Deporte pola que se convocan axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para **proxectos de salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial (PCI**) correspondentes ao ano 2019, do Ministerio de Cultura e Deporte. Convocatoria da Dirección Xeral de Belas Artes, por delegación do subsecretario do citado ministerio. Anexamos a citada resolución de convocatoria de axudas.

Mais antes de comezar cómpre sabermos que entendemos por Patrimonio Cultural Inmaterial

**QUE É, QUE ABRANGUE O PATRIMONIO CULTURAL INMATERIAL?**

Consonte co artigo 2 da *Lei 10/2015, para a salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial* "Terán a consideración de bens do patrimonio cultural inmaterial os usos, representacións, expresións, coñecementos e técnicas que as comunidades, os grupos nalgúns casos os individuos, recoñezan como parte integrante do seu patrimonio cultural, e en particular:

a) Tradicións e expresións orais, incluídas as modalidades e particularidades lingüísticas como vehículo do patrimonio cultural inmaterial; así como a toponimia tradicional como instrumento para a concreción da denominación xeográfica dos territorios; LINGUA, LITERATURA ORAL E TOPONIMIA
b) artes del espectáculo
c) usos sociais, rituais e actos festivos
d) coñecementos e usos relacionados coa natureza e o universo
e) técnicas artesanais tradicionais; como a CESTERÍA
f) gastronomía, elaboracións culinarias e alimentación
g) aproveitamentos específicos das paisaxes naturais
h) formas de socialización colectiva e organizacións
i) manifestacións sonoras, música e danza tradicional."

A *Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, n*ada para protexer, conservar, difundir e fomentar este patrimonio cultural galego, define o patrimonio cultural como aquel

que “ constituído polos bens mobles, i**nmobles ou manifestacións inmateriais** que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo.”
“Así mesmo, integran o patrimonio cultural de Galicia todos **aqueles bens ou manifestacións inmateriais de interese para Galicia** nos que concorra algún dos valores enumerados no parágrafo anterior e que se encontren en Galicia, con independencia do lugar no que fosen creados.”
No punto 3. indícanse con máis detalle cales son os bens do patrimonio cultural inmaterial para os efectos desta lei:
a) Os usos, representacións, expresións, coñecementos e técnicas, xunto cos instrumentos, obxectos, artefactos e espazos culturais que lles son inherentes, que as comunidades, os grupos e nalgúns casos os individuos recoñezan como parte integrante do seu patrimonio cultural, e en particular:
1º. A lingua, como vehículo do patrimonio cultural inmaterial, regulada pola súa normativa específica.
2º. As tradicións e expresións orais.
3º. A toponimia.
4º. As artes do espectáculo, en especial a danza e a música, representacións, xogos e deportes.
5º. Os usos sociais, rituais, cerimonias e actos festivos.
6º. Os coñecementos e usos relacionados coa natureza e o universo.
7º. As técnicas artesanais tradicionais, actividades produtivas e procesos.

**COMPETENCIAS DO CONCELLO**

Sinala esta *Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia* a necesidade de colaboración entre as diferentes administracións para a conservación, protección e difusión do PIC, e no caso puntual **das administracións locais indica entre outras obrigas** como (art.3.2):
a) Protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.

O Concello de Vigo así o entende e vén realizando un labor de recollida, posta en valor, difusión e protección deste patrimonio inmaterial dende hai ben de anos. Programas e proxectos de colaboración que implican tamén á cidadanía como eixo fundamental de colaboración e participación activa neste obxectivo pretendido.
Xa que logo, expresa ese compromiso como meta para acadar. Na Resolución de Alcaldía de delegación de competencias de data 26 de xuño de 2019 manifesta que “en materia de normalización lingüística”, ha de “**Desenvolver as accións necesarias para a consecución dos diferentes obxectivos (...) Recuperar o patrimonio inmaterial”.**

Asemade, sinala que a Concellaría de Normalización Lingüística, “ten adscritos, sen prexuízo dos que poidan crearse no futuro, os seguintes:
- Servizo de Normalización Lingüística (SNL)
- Centro da Interpretación da Oralidade de Vigo (CIOV).”

Centro este, o CIOV cuxa creación xorde como piar para a **recuperación d**a tradición oral na nosa cidade. Xa daquela, o CIOV nace co obxectivo de **pór en valor** o traballo realizado

até agora e o legado patrimonial e cultural da literatura oral así como de **transmitilo** e de aglutinar novos xeitos de improvisación oral na lingua de noso.

Como diciamos, o Concello de Vigo é pioneiro no labor de recuperación e posta en valor do noso patrimonio inmaterial. Dende hai ben de anos vénse traballando, ao par de asociacións, entidades, comunidades de montes... co obxectivo de recuperar este legado, de o dar a coñecer e transmitir como parte do noso pasado que non podemos perder xa que nos foi modelando como pobo de noso. Un legado recibido dos nosos antergos que corre o perigo de desaparecer ante as novas manifestacións da sociedade actual mais que cómpre implicar no seu recoñecemento e difusión. Certames, obradoiros, xornadas... son algúns dos exemplos que podemos citar deste traballo realizado, nos que maiormente o público destinatario é a mocidade, xa que ela ha ser quen asuma este legado como propio, valore este tesouro herdado e o transmita.

A concellaría de Normalización Lingüística vén traballando en diferentes proxectos co norte da transmisión e posta en valor do patrimonio inmaterial, da lingua na que este se expresa por parte das e dos mozos vigueses. Paga a pena pór un exemplo. Os obradoiros de regueifas que dende hai 13 anos se desenvolven polos centros de ensino e que chegan a máis de 1.000 alumnos/as da ESO e BAC. Uns obradoiros que rematan cun certame de improvisación oral na que preto de 600 mozos e mozas participan e ao redor de 100 fano de xeito activo: improvisando sobre un escenario. Fomos quen deste xeito de dar a coñecer unha manifestación cultural que corría o risco de desaparecer mais que agora goza de relativa saúde ao termos mozas e mozas que regueifan pola nosa cidade e pola xeografía galega. Unha expresión propia que coñecen, valoran e practica a mocidade.

Asemade, dende o CIOV realízanse actividades de formación e dinamización do PCI durante todo o ano: obradoiros e cursos, visitas guiadas, contadas, sesións de improvisación oral...

**CONDICIÓNS DA CONVOCATORIA**

Volvendo á resolución citada RESOLUCIÓN da Subsecretaría do Ministerio de Cultura e Deporte pola que se convocan axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para **proxectos de salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial (PCI**) sinalamos algúns dos puntos máis salientables.
Axudas cuxos <u>OBXECTIVOS </u>son:
A elaboración de proxectos de documentación, investigación, transmisión, perpetuación, difusión e promoción do PIC, especialmente aqueles que afecten a bens culturais inmateriais que fosen expresamente protexidos pola normativa de Patrimonio Cultural ou estean incluídos nos sistemas de inventarios, catálogos o atlas de Patrimonio Inmaterial xestionados polas administracións competentes.

As <u>ACTIVIDADES</u> que poden optar a seren subvencionadas, entre outras, son:
- Actividades de investigación e documentación das manifestacións culturais inmateriais.
- Actividades ou proxectos que potencien a transmisión para favorecer a perpetuación e o coñecemento do PIC
- Organización de exposicións, encontros, seminarios e congresos sobre PIC
- Preparación de publicacións para a divulgación e transmisión do PIC Cultural Inmaterial

- Calquera outra actividade que contribúa á salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial.
As actividades posibles de seren subvencionadas han de se realizar entre o 1 de xaneiro deste ano e setembro de 2020.

O FINANCIAMENTO dende a administración do Estado pode acadar o 90%. Se ben, no artigo 10.4 "Criterios de valoración", no punto 4.3 sinálase que se terá en conta á hora de puntuar o proxecto a achega propia de financiamento sobre o mínimo esixido.

Tal como se sinala no propio enunciado da resolución o réxime para optar ás axudas é a CONCORRENCIA COMPETITIVA.
Como BENEFICIARIOS poden concorrer a estas subvencións as persoas xurídicas sen ánimo de lucro do sector público ou privado, que deberán estar legalmente constituídas á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes: **concellos**, deputacións, mancomunidades e outros entes locais, asociacións e institucións sen fins de lucro, universidades e entidades dependentes de comunidades autónomas.
O PRAZO para presentar proxectos a esta convocatoria **REMATA O 2 DE SETEMBRO.**

En canto ao ORZAMENTO, o Ministerio de Cultura e Deporte destina un total de 234.000 euros para o financiamento das axudas (art.4) , e especifica que son destinados 120.000 euros para as entidades locais (4.b).
No art. 11.1 sinala que a CONTÍA DAS AXUDAS CONCEDIDAS non superará os 40.000 euros.

Con base na citada resolución para concorrer a estas axudas, e coa experiencia do traballo desenvolvido dende hai anos neste eido e consonte coa resolución de Alcaldía de delegación de competencias, a Concellaría de Normalización Lingüística elaboramos un proxecto, baseado un programa común dirixido ao alumnado da ESO e BAC, para presentar a esta proposta de axudas dende o ministerio.

B.-PROXECTO PARA PRESENTAR

**BIBLIOTECAS VIVENTES: difusión do Patrimonio Cultural Inmaterial a través dos chamados "Tesouros vivos"**

O proxecto elaborado busca impulsar a transmisión, difusión e coñecemento do Patrimonio Cultural Inmaterial (PCI en diante) entre a poboación adolescente do concello de Vigo a través do diálogo interxeracional.

Trátase de difundir e pór en valor os coñecementos e saberes tradicionais e populares que portan os chamados "Tesouros vivos" a través dunha metodoloxía novidosa que invita a confrontar os propios prexuízos du xeito aberto, participado e dialogado: as Bibliotecas Viventes.

**Nunha Biblioteca Vivente os Libros son persoas e a súa lectura, unha conversa**. Persoas con singulares historias de vida ou que posúen determinados coñecementos e que difunden a súa experiencia a través da interacción, entrevista e diálogo coas persoas lectoras.

Concello de Vigo

A Biblioteca Vivente (BV en diante) é un proxecto educativo e cultural que pretende achegarlles coñecementos ás persoas dun modo ameno, directo e participado.
Procúrase, en definitiva, difundir e transmitir a cultura tradicional e PCI entre a mocidade, confrontando e rompendo os prexuízos existentes en torno a ela (visión arcaica, rural e estática, expresada en lingua galega) a través del diálogo directo coas persoas, os Tesuoros vivos, que representan exemplos de boas prácticas e experiencias inspiradoras no ámbito da cultura tradicional e PCI (oralidade, artesanía, danza, música, literatura, ciclos festivos, embarcacións tradicionais, ...).

Queremos promover a transmisión da cultura tradicional como un elemento patrimonial rico e diverso, apto na realidade actual e cotiá como ferramenta educativa, de ocio saudable, de relación social e interxeracional, e asemade de normalización da lingua propia.

Achegamos a documentación da proposta para lle enviar ao ministerio.

A Concellaría de Normalización Lingüística vén desenvolvendo este proxecto dende o ano 2011. Proxecto sempre con grande éxito entre a comunidade educativa e con grande entusiasmo entre os “libros” participantes. Temas diversos como o deporte, os neofalantes, os medios de comunicación, o eido empresarial, foron obxecto de conversas e consulta dos libros que cada ano se achegan ao alumnado. Mais o comenzo (e por mor do grande éxito a repetición noutras dúas ocasións) foron OS TESOUROS VIVOS.

Unha primeira edición que traía inquedanzas por xuntarmos xente moza e xente idosa pero que resulto todo un éxito e a demanda de máis libros e máis días para consultalos.

Xa daquela, ideamos dúas posibilidades para estendermos o proxecto, mais sempre topamos co problema económico. Estas dúas posibilidades son:

- Préstamo de libros aos centros (a solicitude do centro) e a asociacións veciñais. Así como levar ás ludotecas esta actividade.

- Estender as conversas aos lugares de desenvolvemento dos libros. Por exemplo, de se tratar dun libro que fala sobre embarcacións tradicionais (nomenclatura, talasonimia...) ir canda el ao seu lugar de desenvolvemento cotián.

Mais para chegar a esta posta en marcha cómpre

a) Un traballo previo como é a toma de contacto e a “localización” dos libros, a súa preparación, presentación do proxecto por centros de ensino e entidades, organización dos “catálogos” da nosa biblioteca particular. Difusión e publicidade do proxecto.

b) Desenvolvemento en si do proxecto. Achegar os libros aos centros e o alumnado aos libros. Ter “libros” durante todo o ano con dispoñibilidade para acudir a centros de ensino e mais a entidades veciñais, culturais... Gravación das “lecturas” e doutros posibles encontros entre os tesouros e a mocidade.

c) Memoria, avaliación e publicación.

O **orzamento** que precisamos para levar a cabo esta proxecto ascende a 40.000 euros. Orzamento debido á xestión do proxecto, dos libros, web, visita aos centros e asociacións, traslados, gravacións dos encontros entre libros e xente moza, charlas dos libros, publicidade, difusión, publicación de recollida de patrimonio inmaterial, obradoiros... tal como se recolle na memoria orzamentaria que se achega xunto con este proxecto.

Orzamento que iría por conta dos orzamentos de 2019 e 2020 da CNL, en concreto da partida orzamentaria: 3341. 2279905 (programas de dinamización da lingua)

Mais esta acción de transmisión e posta en valor do patrimonio inmaterial só se podería levar a cabo se hai achega económica externa. Xa por iso esta pretendida solicitude de subvención ao ver esta resolución do Ministerio de Cultura como unha oportunidade para rendibilizar o traballo encetado, achegar a xente maior á nova, facerlle ver a aquela que ten historias de seu que interesan ás xeracións novas, verse útil, querida e pretendida...

Xa que logo, consideramos concorrer a esta convocatoria de axudas para a salvagarda do PCI co proxecto exposto, e solicitar unha axuda económica á Dirección Xeral de Belas Artes **por un total de 34.000 euros.**

Xa que logo, entrariamos dentro das condicións da convocatoria (non alcanzariamos o topo indicado) e estariamos achegando dende o Concello de Vigo 6.000 euros ao proxecto (15%). Cantidade que iría por conta dos orzamentos de Normalización Lingüística (3341. 2279905 (programas de dinamización da lingua).

| | |
|---|---|
| CONTÍA TOTAL DO PROXECTO: | 40.000 EUROS |
| CONTÍA SOLICITADA Á DIRC. XERAL DE BELAS ARTES: | 34.000 EUROS |
| CANTIDADE ACHEGADA POLO CONCELLO DE VIGO: | 6.000 EUROS |

Polo antedito, solicitámoslle á Xunta de Goberno Local que ADOPTE O SEGUINTE ACORDO:

1.- "Aprobar a participación do Concello de Vigo na convocatoria de axudas para proxectos de salvagarda do PCI correspondentes ao ano 2019, mediante a presentación do proxecto da solicitude **BIBLIOTECAS VIVENTES: difusión do Patrimonio Cultural Inmaterial a través dos chamados "Tesouros vivos"** que supón a solicitude de unha axuda de 34.000 euros e aceptación das condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Resolución da Subsecretaría do Ministerio de Cultura e Deporte do 26 de xullo".

2.- Designar á técnica de Normalización Lingüística, Marta Souto González, para levar a cabo as funcións de coordinación e comunicación coa Subsecretaría do Ministerio de Cultura e Deporte.

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**23(750).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS ZONAS VERDES DA CIDADE. EXPTE. 7614/446.**

Visto o informe xurídico do 5/08/19 e o informe de fiscalización do 26/08/19, dáse conta do informe-proposta do 8/07/19, asinado pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o concelleiro-delegado de Parques e Xardíns e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

1.- A Xunta de Goberno Local, **en sesión ordinaria de data 6 de agosto de 2015**, adoptou o seguinte acordo (expediente 7614/446):

"Adxudicar á *ALTHENIA, S.L,, o procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes do concello de Vigo (expediente 7614-446), por un prezo de 17.894.105,96 €, IVE engadido.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."*

2.- A Xunta de Goberno Local, **en sesión ordinaria de data 28 de agosto de 2015**, adoptou o seguinte acordo (expediente 7614/446):

*"Rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión extraordinaria e urxente do 6 de agosto de 2015, de adxudicación á ALTHENIA, S.L, o procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes do concello de Vigo (expediente 7614-446 ) no sentido de fixar como prezo do contrato o de 17.984.105,96 euros en lugar dos 17.894.105,96 euros que figuraban en dito acordo."*

Formalízase en data 28 de agosto de 2015.

O contrato que dará comezo o 1 de setembro de 2015, terá unha duración de catro anos (contado dende o 1 de setembro de 2015) e poderá ser obxecto de 2 prórrogas de un ano cada unha.

3.- A Xunta de Goberno Local, **en sesión ordinaria de data 1 de setembro de 2015**, en relación ao informe sobre o recurso especial en materia de contratación interposto por Valoriza Servicios Medioambientales, SA, contra a exclusión do procedemento aberto para a contratación de servizos de conservación e reposición das zonas verdes da cidade de Vigo, adoptou o seguinte acordo (expediente 7614/446):

> *"1º.- Aprobar el presente informe.*
>
> *2º.- Dar traslado del mismo al Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales" .*

4.- A Xunta de Goberno Local, n**a súa sesión extraordinaria e urxente de data 21 de setembro de 2015**, en relación á resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais de data 15 de setembro de 2015, no recurso 914/2015, acordou o seguinte (expediente 7614/446):

> *"Comunicar al Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales la imposibilidad de aplicación de la medida cautelar de suspensión por las razones expuestas en el fundamento jurídico sexto del presente informe" .*

5.- A Xunta de Goberno Local, **na súa sesión extraordinaria e urxente de data 11 de decembro de 2015**, acordou o seguinte (expediente 7614/446):

> *"1º.- Interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a resolución 901/2015 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, perante o Tribunal Superior de Xustiza, solicitando a adopción da medida cautelar de suspensión da execución da citada resolución.*
>
> *2º.- Dar traslado do presente acordo a VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A, en resposta ó seu escrito de data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 18 de novembro de 2015".*

6.- A Xunta de Goberno Local, **na súa sesión extraordinaria e urxente de data 31 de marzo de 2016**, acordou o seguinte (expediente 7614/446):

*"Continuar a prestación do servizo de mantemento de zonas verdes da cidade de Vigo pola empresa ALTHENIA, S.L., nas mesmas condicións que as establecidas no contrato anulado desde o Auto do TSXG de 7 de marzo de 2016 ata a formalización do contrato de servizo de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo".*

7.- A Xunta de Goberno Local, **na súa sesión extraordinaria e urxente de data 8 de xullo de 2016**, acordou o seguinte (expediente 7614/446):

"*Adxudicar a VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes do concello de Vigo, por un prezo de 17.237.394,62 euros. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.*"

8.- A Xunta de Goberno Local, **na súa sesión extraordinaria e urxente de data 8 de xullo de 2016**, acordou o seguinte (expediente 7614/446):

*"1º Aprobar o gasto adicional de 3.950.236,27 euros para dar cobertura orzamentaria para os 4 meses restantes do ano 2019 e para os 7 meses do ano 2020 correspondentes aos servizos de Conservación e Reposición de Zonas Verdes do concello de Vigo e imputarase a partida 1710.227.99.01 "Mantemento de Xardíns"*

9.- A Xunta de Goberno Local, **na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de novembro de 2016**, acordou o seguinte (expediente 7614/446):

*“1º.- Incoar procedemento para a imposición dunha penalidade á empresa Althenia, S.L., do 5% do importe de adxudicación do contrato, que ascende a 899.205,30 €, pola comisión da falta de “A prestación manifestamente irregular do servizo”, tipificada como moi grave na cláusula 34.3.b).2 do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe o citado contrato.*

*2º.- Dar trámite de audiencia a Althenia, S.L., por un prazo de 15 días hábiles, para que alegue o que o seu dereito conveña.”*

10.- A Xunta de Goberno Local, **na súa sesión extraordinaria e urxente de data 2 de decembro de 2016**, acordou o seguinte (expediente 7614/446):

*“1º Aprobar o gasto adicional de 1.616.005,74 euros para dar cobertura orzamentaria o periodo comprendido entre o 1 de agosto e o 15 de decembro do ano 2020 correspondentes ao Servizo de Conservación e Reposición de Zonas Verdes do Concello de Vigo e que se imputará a partida 1710-227.99.01 “Mantemento de Xardíns”.*

O contrato coa entidade mercantil, Valoriza Servicios Medioambientales, SA, formalízase en data 2 de decembro de 2016.

11.- A Xunta de Goberno Local, **na súa sesión ordinaria de data 20 de xaneiro de 2017**, acordou o seguinte (expediente 9151/446):

*“1o.- Iniciar procedemento para a modificación do contrato de servizo de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo. As modificacións están reflectidas no informe do enxeñeiro municipal de data 13 de xaneiro de 2017, que se reproduce no fundamento xurídico segundo do presente informe con excepción das táboas que detallan as zonas afectadas.*

*2º.- A modificación representa un 5,19 % do prezo primitivo do contrato, se ben so abonarase o contratista 0,19% da mesma, segundo o disposto no apartado 16.E da FEC do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*3º.- Evacuar trámite de audiencia do presente acordo ó contratista, por prazo de dez días, para*
*que formule as alegacións que o seu dereito conveñan”*.

12.- A Xunta de Goberno Local, **na súa sesión extraordinaria e urxente de data 28 de febreiro de 2017**, acordou o seguinte (expediente 9151/446):

*“1º.- Modificar o contrato de servizo de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo nos termos reflectidos no informe do enxeñeiro municipal de data 13 de xaneiro de 2017. A modificación representa un 5,08 % do prezo primitivo do contrato, se ben so abonarase ao contratista o 0,08% da mesma, segundo o disposto no apartado 16.E da FEC do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*2º.- Autorizar o gasto correspondente á modificación consonte ao seguinte cadro:*

| *Ano de aplicación* | *Período* | *Importe* | *% adxudicación do prezo do contrato* |
|---|---|---|---|
| *Ano 2017* | *Do 1 de marzo a 31 de decembro* | *3.087,19 €* | *0,0179* |
| *Ano 2018* | *Do 1 de xaneiro a 31 de decembro* | *3.704,64 €* | *0,0214* |
| *Año 2019* | *Do 1 de xaneiro a 31 de decembro* | *3.704,64 €* | *0,0214* |
| *Año 2020* | *Do 1 de xaneiro a 15de decembro* | *3.550,27 €* | *0,0205* |
| *Total* | | *14.046,75 €* | *0,0812* |

*3º.- Reaxustar a garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato.*

*4º.- Formalizar por escrito a presente modificación, incorporando o informe técnico do enxeñeiro municipal de data 13 de xaneiro de 2017, e os seus anexos que delimitan o seu alcance".*

O contrato incluíndo esta nova modificación, formalízase coa entidade mercantil, Valoriza Servicios Medioambientales, SA, en data 15 de marzo de 2017, con data de entrada en vigor da citada modificación en data 16 de marzo de 2017 (expediente 9151/446).

13.- O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en data 16 de marzo de 2017, ditou sentenza nº 121, nos procedementos ordinarios Nº 4332/2015, 4336/2015 e 495/2015, co seguinte fallo:

*"1) Estimar los recursos contencioso-administrativos interpuestos por "Althenia, S.l:" y por el Ayuntamiento de Vigo contra la resolución del Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales indicada en el primer fundamento de esta sentencia, que se anula por ser contraria a derecho.*

*2) Desestimar el recurso contencioso-administrativo interpuesto por "Cespa, Compañía Española de Servicios Auxiliares, S.A." contra la resolución del Ayuntamiento de Vigo de 31 de julio de 2015 referida en el hecho primero de esta sentencia (...)"*

14.- A Xunta de Goberno Local, **na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de agosto de 2017**, acordou o seguinte (expediente 9151/446):

*“Aprobar o recálculo das anualidades indicadas no informe complementario do servizo, de data 18 de abril de 2017, conforme ao cadro que segue:*

| ***Ano de aplicación*** | ***Período*** | ***Importe*** | ***% adxudicación do prezo do contrato*** |
|---|---|---|---|
| *Ano 2017* | *Do 16 de marzo a 31 de decembro* | *933,43 €* | *0,0054* |
| *Ano 2018* | *Do 1 de xaneiro a 31 de decembro* | *1.179,06 €* | *0,0068* |
| *Año 2019* | *Do 1 de xaneiro a 31 de decembro* | *1.179,06 €* | *0,0068* |
| *Año 2020* | *Do 1 de xaneiro a 15de decembro* | *1.129,94 €* | *0,0065* |
| ***Total*** | | ***4.421,49 €*** | ***0,0255*** |

15.- A Xunta de Goberno Local, **na súa sesión extraordinaria e urxente de data 14 de setembro de 2017**, acordou o seguinte (expediente 9772/446):

*“1º.- Iniciar procedemento para a modificación do contrato de servizo de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo. As modificacións están reflectidas no informe da xefa do Laboratorio e o xefe de área de servizos xerais de data 13 de setembro de 2017, que se reproduce no fundamento xurídico segundo do presente informe con excepción das táboas que detallan as zonas afectadas.*

*2º.- A modificación representa un 2,62 % do prezo primitivo do contrato, se ben so abonarase o contratista o 1,25% da mesma, segundo o disposto no apartado 16.E da FEC do prego de cláusulas administrativas particulares.*
*3º.- Rectificar no punto 1 do acordo da XGL de 28 de febreiro de 2017 de modificación deste contrato a porcentaxe que sobre o prezo do contrato representa a mesma, substituíndo no punto 1o “5,08 %” por “3,63 %”.*

*4º.- Deixar sen efecto o punto 2 do acordo da XGL de 28 de febreiro de 2017 de modificación deste contrato, relativo a autorización do gasto correspondente á modificación.*

*5º.- Evacuar trámite de audiencia do presente acordo ó contratista, por prazo de dez días, para que formule as alegacións que o seu dereito conveñan”*.

En data 31 de outubro de 2017, formalizouse o contrato coa empresa, Althenia, SL. O prazo do contrato é de catro anos, debendo rematar con data 15 de xuño de 2020. están contempladas dúas prórrogas de un ano de duración cada unha.

16.- A Xunta de Goberno Local, **na súa sesión extraordinaria e urxente de data 9 de novembro de 2017**, en relación co recurso especial en materia de contratación interposto

contra o acordo de modificación do procedemento aberto para a contratación do do servizo de conservación e reposición de zonas verdes na cidade de Vigo, acordou o seguinte (expediente 9151/446):

*"1º.- Aprobar el presente informe.*

*2º.-Dar traslado del mismo al* Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales*" .*

17.- A Xunta de Goberno Local, **na súa sesión de data 30 de novembro de 2017**, adoptou o seguinte acordo (expediente 9151/446):

*"1º.- Tomar razón da Resolución nº 1088/2017 Do Tribunal Administrativo Central De Recursos Contractuales (TACRC), recaida no recurso nº 1109/2017, interposto por D. Juan Manuel Rodríguez Amil, contra a modificación do contrato de "Conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo". Na mesma o TACRC inadmite o recurso.*

*Transcríbese a continuación o acordo:*

> *"Primeiro.- Inadmitir por extemporáneo e por falta de lexitimación o recurso interposto por D. Juan Manuel Rodríguez Amil, contra a modificación do contrato de "Conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo"*
>
> *Segundo.- Levantar a suspensión do procedemento producida de conformidade co previsto no artigo 45 do TRLCSP.*
>
> *Terceiro.- Declarar que non se aprecia a concorrencia de mala fe ou temeridade na interposición do recurso polo que non procede a imposición da sanción prevista no artigo 47.5 do TRLCSP".*

*2º.- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de continuar coa tramitación do presente expediente".*

18.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo 25 de maio de 2018 (doc nº 180080893), don Javier Delgado López, en nome e representación de Althenia, SL, solicita ao Concello a revisión de prezos deste contrato.

**NORMATIVA EXAMINADA**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

- Lei 2/2015, de 30 de marzo, de dexindexación da economía española.

- RD 55/2017, de 3 de febreiro, polo que se desenvolve a lei 2/2015, de dexindexación da economía española.

- Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local (LRBRL).

- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

Conforme ao previsto na disposición transitoria primeira da LCSP 9/2017 resulta aplicable o disposto na normativa contractual anterior, ao tratarse dun contrato adxudicado con anterioridade á entrada en vigor da LCSP.

Polo que se refire ao réxime xurídico aplicable á revisión do prezo deste contrato, debe sinalarse que, a normativa reguladora da materia, contida no capítulo II do Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público foi obxecto de modificación pola Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española, a cal restrinxe a revisión de prezos nos contratos públicos, exclusivamente, para os contratos de obra e de subministro de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas así como aqueles contratos cuxo período de recuperación das inversións sexa igual ou superior a cinco anos (...)”

A Disposición Transitoria (D.Tª) da Lei 2/2015 establece que, aqueles contratos cuxo expediente se tivese iniciado antes da entrada en vigor do real decreto ao que se refire o artigo 4 da lei, *“será o establecido nos pregos. A estes efectos, se entenderá que os expedientes de contratación foron iniciados si se houbera publicado a correspondente convocatoria do procedemento de adxudicación do contrato...”*

En data 04/02/2017 se publica no BOE, o RD 55/2017, de 3 de febreiro, polo que se desenvolve a lei 2/2015, de dexindexación da economía española, o cal entra en vigor segundo se establece na súa disposición final segunda, ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial do Estado.

A cláusula 31 dos pregos de cláusulas administrativas particulares dispón o seguinte:

*“1.- Os prezos da presente contratación poderán ser obxecto de revisión, cando deste xeito se determine a súa procedencia no apartado 3.J da FEC conforme a fórmula ou sistema de revisión indicado no citado apartado. A súa aplicación corresponderalle ó responsable do contrato que se aterá ó previsto nos artigos 89 a 94 do TRLCSP.*

*2.- O importe das revisións que procedan faranse efectivas mediante o correspondente aboamento ou desconto nos pagos parciais ou na liquidación do contrato.*

*3.- As revisións de prezos deberán ser aprobadas expresamente polo órgano de Contratación. “*

Segundo se establece no apartado 3J da FEC, procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de formalización do contrato, e sempre e cando este se tivese executado a lo menos no 20 % do seu importe.

O xefe de Servizo de Parques e Xardíns, en data 24 de xuño de 2019, informa o seguinte:

***“MEMORIA ECONÓMICA DA REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE ZONAS VERDES DE LA CIDADE DE VIGO.***

***1.- Antecedentes do Contrato***

*1.1.- EXPEDIENTE**:** 7614-446*

*1.1.1.- Obxecto do contrato: O obxecto e a contratación da prestación dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes do Concello de Vigo.*

*1.1.2.- Servizo xestor**:** Montes, Parques e Xardíns*

*1.1.3.- Contido económico**:***

*Orzamento de licitación (IVE 21% incluído):24.243.874,28€.*

*Orzamento de Adxudicación(IVE 21% incluído) **:** 17.984.105,96€*

*Baixa de Adxudicación: 25,82%*

*Aplicación orzamentaria que financia o gasto: 1710.227.9901 Mantemento de xardíns*

*1.1.4.- Prazo de execución:*

*O contrato terá unha duración de 4 anos, contando a partir do 1 de setembro de 2015, podéndose prorrogar a súa duración por períodos anuais ata un máximo de dous, previo acordo expreso do órgano de contratación.*

*Con data 15 de decembro de 2016 interrompese a prestación do servizo por Althenia,S.L e iniciase a prestación por Valoriza Servicios Medioambientales, S.A desde o 16 de decembro de 2016 o 30 de setembro de 2017.*
*Con data 1 de outubro de 2017 Althenia,S.L reanuda a prestación ata a data actual.*

*1.2.- EXPEDIENTE**:** 9772-446. Modificación do contrato do Servizo de Conservación e reposición de Zonas Verdes da Cidade de Vigo.*

*1.2.1 Acordo de modificación*

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 26 de outubro de 2017, adoptou o seguinte acordo:*

*“1º.- Modificar as zonas verdes obxecto do contrato de servizo de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo, recollidos nos Anexos I, II e III do Prego de prescricións técnicas, consonte ao listado listado definitivo de zonas verdes en mantemento do responsable do contrato, de data 19 de outubro de 2017. A modificación representa un 6,0525 % do prezo primitivo do contrato, se ben so abonarase ao contratista o 1,0525% da mesma, segundo o disposto no apartado 16.E da FEC do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*2º.- Autorizar o gasto correspondente á modificación consonte ao seguinte cadro:*

| ***Ano de aplicación*** | ***Período*** | ***Importe económico (€/ano)*** | ***% adxudicación do prezo do contrato*** |
|---|---|---|---|
| *Ano 2017* | *Do 1 de novembro 31 de decembro* | *12.017,95* | *0,0668* |

| | | | |
|---|---|---|---|
| *Ano 2018* | *Do 1 de xaneiro a 31 de decembro* | *72.107,70* | *0,4010* |
| *Ano 2019* | *Do 1 de xaneiro a 31 de decembro* | *72.107,70* | *0,4010* |
| *Ano 2020* | *Do 1 de xaneiro a 15 xuño* | *33.049,36* | *0,1837* |
| ***Total*** | | ***189.282,71*** | ***1,0525*** |

*3º.- Reaxustar a garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato.*

*4º.- Formalizar por escrito a presente modificación.*

*5º.- Publicar o acordo de modificación no perfil do contratante e no portal de transparencia.*

*6º.- Dar traslado do presente acordo, xunto cun extracto do expediente ao Consello de Contas de Galicia".*

*2.- Revisión de Prezos.*

*2.1.- Segundo rexe no punto 3.J das FEC*

*Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de formalización do contrato, e sempre e cando este se tivese executado a lo menos no 20 % do seu importe.*

*Se aplicará o seguinte sistema de revisión:*

*So será obxecto de revisión de prezos a porcentaxe que representan os gastos de persoal na estrutura de custes do contrato. O resto dos conceptos que compoñan esta estrutura de custes non se revisarán. O desglose do presuposto ofertado por Althenia,S.L e:*

| DESGLOSE DEL PRESUPUESTO DEL SERVICIO EN PORCENTAJES | | |
|---|---|---|
| A | Maquinaria | 6,05 % |
| B | Personal | 85,92 % |
| C | Materiales consumibles | 4,62 % |
| D | Otros gastos (vestuario, herramientas, seguros, instalaciones, etc) | 3,41 % |

*Os prezos revisaranse sempre e cando se modifiquen as táboas salariais establecidas no convenio colectivo estatal do sector.*

*A porcentaxe de revisión será a mesma que experimenten as táboas salariais no citado convenio de aplicación.*

*O licitador deberá solicitar a revisión de prezos por escrito presentado no rexistro Xeral deste Concello a acreditar documentalmente a variación experimentada polo convenio colectivo de aplicación.*

*Dado que transcorreu máis de un ano dende o inicio da prestación, executáronse 9.089.099,92 € do importe do contrato, o que supón máis do 20% do importe de adxudicación (3.596.821,19 €), e toda vez que existe constancia de petición por parte da empresa, Althenia S.L, para a revisión de prezos do contrato de servizos de mantemento e conservación de zonas verdes da Cidade de Vigo (Doc 180080893), procedese a calcular a revisión de prezos, considerando que os de persoal, segundo consta na oferta presentada pola empresa Althenia S.L, supoñen un 85,92% do custe do servizo de mantemento e conservación das zonas o que representa os seguintes datos:*

*2.2.- Cálculo da revisión da prestación*

*Período 2015-2016*

| ***Meses*** | ***Importe*** | |
|---|---|---|
| *Setembro 2015* | *353.962,45* | |
| *Outubro 2015* | *320.623,82* | |
| *Novembro 2015* | *374.668,88* | |
| *Decembro 2015* | *374.668,88* | |
| *Xaneiro 2016* | *374.668,88* | |
| *Febreiro 2016* | *371.555,75* | |
| *Marzo 2016* | *371.555,75* | |
| *Abril 2016* | *371.555,75* | |
| *Maio 2016* | *371.555,75* | |
| *Xuño 2016* | *371.555,75* | |
| *Xullo 2016* | *371.555,75* | |
| *Agosto 2016* | *371.555,75* | |
| *TOTAL* | *4.399.483,16* | |

***1ª REVISIÓN***
*Período 2016-2017*
*En setembro de 2016 cumprese un ano do inicio da prestación do servizo polo que procede a revisión de prezos, aínda que desde o 15 de decembro de 2016 suspéndese a prestación por parte da empresa Althenia, S.L , realizando o mantemento a empresa Valoriza Servicios Medioambientales, S.A.*

*Segundo resolución do 19 de xaneiro de 2016, da Dirección General de Empleo, pola que se rexistra e publica o Convenio colectivo estatal de xardinería do período 2015-2016 o*

*incremento salarial para o ano 2016 supón o 1%.*

| ***Meses*** | ***Importe Facturación (A sin IVA)*** | ***Importe revisable (B)*** *(85,92%)* | ***Incremento*** *(1%)****(C)*** | ***Importe revisado (D=A+C)*** |
|---|---|---|---|---|
| *Setembro 2016* | *307.070,87* | *263.835,29* | *2.638,35* | *309.709,22* |
| *Outubro 2016* | *307.070,87* | *263.835,29* | *2.638,35* | *309.709,22* |
| *Novembro 2016* | *307.070,87* | *263.835,29* | *2.638,35* | *309.709,22* |
| *1 al 15 de Decembro de 2016* | *153.535,43* | *131.917,64* | *1.319,18* | *154.854,61* |
| *16 al 31de Decembro de 2016* | *Sin prestación* | *0* | *0* | *0* |
| *Xaneiro 2017* | *Sin prestación* | *0* | *0* | *0* |
| *Febrero 2017* | *Sin prestación* | *0* | *0* | *0* |
| *Marzo 2017* | *Sin prestación* | *0* | *0* | *0* |
| *Abril 2017* | *Sin prestación* | *0* | *0* | *0* |
| *Maio 2017* | *Sin prestación* | *0* | *0* | *0* |
| *Xuño 2017* | *Sin prestación* | *0* | *0* | *0* |
| *Xullo 2017* | *Sin prestación* | *0* | *0* | *0* |
| *Agosto 2017* | *Sin prestación* | *0* | *0* | *0* |
| *TOTAL* | *1.074.748,03* | *923.423,51* | *9.234,23* | *1.083.982,27* |

| ***1ª Revisión*** | ***Importe*** |
|---|---|
| | *9.234,23 €* |

***2ª REVISIÓN***

*Período 2017-2018*

*Segundo resolución do 25 de xaneiro do 2018, da Dirección General de Empleo, pola que se rexistra e publica o convenio colectivo estatal de xardinería do período 2016-2020 o incremento salarial para o ano 2018 supón o 3%.*

| ***Meses*** | ***Importe Facturación sin IVA*** | ***Importe facturación revisado 2016*** | ***Importe revisado*** |
|---|---|---|---|
| *Setembro 2017* | *Sen prestación* | *0* | *0* |

| | | | |
|---|---|---|---|
| *Outubro 2017* | *307.070,87* | *2.638,35* | *309.709,22* |
| *Novembro 2017* | *312.036,97* | *2.681,02* | *314.717,99* |
| *Decembro 2017* | *312.036,97* | *2.681,02* | *314.717,99* |
| ***Total*** | *931.144,80* | *1.136.365,69* | *939.145,20* |

| ***Meses*** | ***Importe Facturación sin IVA*** | ***Importe facturación revisado 2016*** | ***Importe revisable** (85,92%)* | ***Incremento** (3%)* | ***Importe revisado*** |
|---|---|---|---|---|---|
| *Xaneiro 2018* | *312.036,97* | *314.717,99* | *270.405,70* | *8.112,17* | *322.830,16* |
| *Febreiro 2018* | *312.036,97* | *314.717,99* | *270.405,70* | *8.112,17* | *322.830,16* |
| *Marzo 2018* | *312.036,97* | *314.717,99* | *270.405,70* | *8.112,17* | *322.830,16* |
| *Abril 2018* | *312.036,97* | *314.717,99* | *270.405,70* | *8.112,17* | *322.830,16* |
| *Maio 2018* | *312.036,97* | *314.717,99* | *270.405,70* | *8.112,17* | *322.830,16* |
| *Xuño 2018* | *309.638,66* | *312.299,08* | *268.327,37* | *8.049,82* | *320.348,90* |
| *Xullo 2018* | *305.564,52* | *308.189,93* | *264.796,79* | *7.943,90* | *316.133,83* |
| *Agosto 2018* | *306.988,06* | *309.625,70* | *266.030,40* | *7.980,91* | *317.606,61* |
| *TOTAL* | *2.482.376,07* | *2.503.704,65* | *2.151.183,06* | *64.535,49* | *2.568.240,14* |

| ***2ª Revisión*** | ***Importe*** |
|---|---|
| | *93.864,46* |

***3ª REVISIÓN***

*Período 2018-2019*

| ***Meses*** | ***Importe Facturación sin IVA*** | ***Importe facturación revisado*** | ***Importe revisable** (85,92%)* | ***Incremento** (3%) 2018* | ***Importe revisado*** |
|---|---|---|---|---|---|
| *Setembro 2018* | *308.396,85* | *311.046,60* | *267.251,24* | *8.017,54* | *319.064,13* |
| *Outubro 2018* | *310.517,40* | *313.185,36* | *269.088,86* | *8.072,67* | *321.258,03* |
| *Novembro 2018* | *310.377,37* | *313.044,13* | *268.967,52* | *8.069,03* | *321.113,16* |
| *Decembro 2018* | *309.514,20* | *312.173,54* | *268.219,51* | *8.046,59* | *320.220,13* |
| *TOTAL* | *1.238.805,82* | *1.249.449,64* | *1.073.527,13* | *32.205,81* | *1.281.655,45* |

| *Meses* | *Importe Facturación sin IVA* | *Importe facturación revisado* | *Importe revisable (85,92%)* | *Incremento (2%) 2019* | *Importe revisado* |
|---|---|---|---|---|---|
| *Xaneiro 2019* | *308.282,49* | *318.945,81* | *274.038,24* | *5.480,76* | *324.426,58* |
| *Febreiro 2019* | *308.282,49* | *318.945,81* | *274.038,24* | *5.480,76* | *324.426,58* |
| *Marzo 2019* | *308.282,49* | *318.945,81* | *274.038,24* | *5.480,76* | *324.426,58* |
| *Abril 2019* | *308.694,92* | *319.372,51* | *274.404,86* | *5.488,10* | *324.860,61* |
| *Maio 2019* | *308.667,90* | *319.344,56* | *274.380,84* | *5.487,62* | *324.832,18* |
| *TOTAL* | *1542210,28* | *1595554,51* | *1.370.900,42* | *27.418,01* | *1.622.972,52* |

| *3ª Revision* | *Importe* |
|---|---|
| | *123.611,87* |

*Os atrasos correspondentes á aplicación da revisión son:*

*Segundo a Disposición adicional primeira "se pacta el abono de un pago único no consolidable de importe 75 Euros brutos por trabajador/a, correspondiendo dicha cantidad a los trabajadores/as contratados a jornada completa y que hayan permanecido en alta en la empresa durante todo el año 2017. Los trabajadores/as a jornada parcial y/o que no hayan permanecido en alta en la empresa durante todo el año 2017, percibirán la parte proporcional".*

*Con data 11 de outubro de 2018, a empresa Althenia, SL, presentou no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (doc. 180164797) o listado dos traballadores que prestaron servizo no ano 2017, conformado por don Javier Delgado López, Delegado Territorial da entidade mercantil Althenia, SL.*

*En función disto:*
*Dado que a empresa só prestou servizo durante tres meses do ano 2017 o importe verase reducido proporcionalmente, o cal, no caso dos traballadores a xornada completa é de 18,75 e no dos traballadores a tempo parcial o estipulado no documento anexo e considerando 1.700 horas anuais.*

| *96 Traballadores* | *Horas traballadas* | *Pago único non consolidable* | *Importe unitario* | *importe total* |
|---|---|---|---|---|
| *87 Traballadores a xornada completa* | *1.700 Horas/ano* | *75 Euros/ano* | *18,75* | *1.631,25€* |
| *9 Traballadores a xornada parcial* | *Tiempo parcial* | *75 Euros/ano* | | *71,50 €* |
| *Importe Total* | | | | *1.702,75€* |

*Cadro resumo de atrasos*

| | ***Período 2016-2017*** | ***Período 2017-2018*** | ***Periodo 2018-2019*** | ***Total*** |
|---|---|---|---|---|
| ***1ª Revisión*** | ***9.234,24€*** | | | |
| ***2ª Revisión*** | | *(93.864,46+1.702,75)=* ***95.567,21€*** | | |
| ***3ª Revisión*** | | | ***123.611,87€*** | |
| ***Total Atrasos*** | | | | ***228.413,32€*** |

*O importe das restantes mensualidades para o ano 2019 e de 397.386,69 €/mes o que supón un incremento do 5,25% do importe de mantemento para o ano 2019 e un importe total de 4.768.640.28€."*

Á vista do exposto, dado que tanto a publicación da convocatoria, como a adxudicación do contrato, se produciron con anterioridade á entrada en vigor do citado real decreto, e atendendo ao disposto na dita D.Tª, aplicarase o réxime de revisión de prezos previsto nos pregos, polo que de conformidade coa Memoria económica de data 24 de xuño de 2019, procede informar favorablemente a 1ª 2ª e 3ª revisión de prezos do contrato de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo.

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle, previo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL, D.Adic. segunda, apdo. 8 TRLCSP), á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto no artigo 127 da LRBRL e Disposición adicional segunda apdo 3 TRLCSP.

Polo anteriormente exposto, e previo informe da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

**ACORDO**

**Primeiro.-** Aprobar a 1ª Revisión do prezos do contrato de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo, fixando o mesmo a partires do 01/09/2016 ata 31/08/2017 en **9.234,24 €/ano IVE incluído.**

**Segundo.-** Aprobar 2ª Revisión de prezos do contrato de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo, fixando o mesmo a partires do 01/09/2017 ata 31/08/2018 en **95.567,21 €/ano IVE incluído.**

**Terceiro.-** Aprobar a 3ª Revisión de prezos do contrato de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo, fixando o mesmo a partires do 01/09/2018 ata 31/05/2019, en **123.611,87€/ano IVE incluído.**

**Cuarto.-** Aprobar en concepto de atrasos correspondentes a 1ª , 2ª e 3ª revisión de prezos, para o período 01/09/2016 ata 31/01/2019, o importe de **228.413,32€,** o cal se imputará á partida 1710.2279901 "Mantemento de Xardíns", segundo cadro que se achega.

| | Período 2016-2017 | Período 2017-2018 | Período 2018-2019 | Total |
|---|---|---|---|---|
| **1ª Revisión** | **9.234,24€** | | | |
| **2ª Revisión** | | (93.864,46+1.702,75) = **95.567,21€** | | |
| **3ª Revisión** | | | **123.611,87€** | |
| **Total Atrasos** | | | | **228.413,32€** |

**Quinto.-** Aprobar o importe da facturación mensual a partir da aprobación do presente acordo en **397.386,69€/mes** o cal se imputará a partida 1710.2279901 "Mantemento de Xardíns".

**Sexto**.- Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos nos art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 24(751).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO CONTROL ARQUEOLÓXICO DO PROXECTO DE RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DA FORTALEZA DE O CASTRO, ASÍ COMO O ESTUDO DE PARAMENTOS MURARIOS. EXPTE. 9515/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 9/08/19 e o informe de fiscalización do 23/08/19, dáse conta do informe-proposta de data 22/08/19, asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico, a xefa da Área de

Xestión Patrimonial e Territorial, a concelleira-delegada de Patrimonio Histórico e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO:**

Con data 2 de xuño de 2019, a concelleira-delegada de Patrimonio Histórico dictou orde de inicio do expediente administrativo dirixido á CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTROL ARQUEOLÓXICO DO PROXECTO DE RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DA MURALLA DE O CASTRO, ASÍ COMO O ESTUDO DE PARAMENTOS.

No expediente inclúense os seguintes documentos:

- PROXECTO DEFINITIVO DE EXECUCIÓN DE RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DA MURALLA DE O CASTRO DE VIGO, redactado pola empresa ORDENACION TERRITORIAL INFRAESTRUTURAS E MEDIOAMBIENTE, S.L. (OTIMA), aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 4 de outubro de 2018.

- Convenio de colaboración para a recuperación e posta en valor da muralla de O Castro, asinado polo Concello de Vigo e o Ministerio de Fomento, con data 4 de marzo de 2019.

- Resolución da concelleira delegada de Patrimonio Histórico, de data 2 de xuño de 2019 para o inicio do expediente de contratación.

- Prego de prescricións técnicas dirixido á contratación do control arqueolóxico do proxecto de recuperación e posta en valor da muralla de O Castro, así como o estudo de paramentos, asinado pola xefa de Patrimonio Histórico con data 2 de agosto de 2019.

- Memoria xustificativa asinada o 8 de agosto de 2019 pola xefa de servizo de Patrimonio Histórico e a concelleira delegada de Patrimonio Histórico para a contratación do control arqueolóxico do proxecto de recuperación e posta en valor da muralla de O Castro, así como o estudo de paramentos.

- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 9 de agosto de 2019.

**II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS:**

**Primeiro.**- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

**Segundo.**- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.**- No expediente xustificase elección do procedemento de adxudicación (artigo 116.4.a e 159 LCSP), a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a insuficiencia de medios (artigo 116.4.f), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os costes laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP).

**Cuarto**.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.**- É preceptiva previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto**.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o informe da titular da asesoría xurídica, o documento contable e o informe de fiscalización, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**III.- ACORDO:**

1º.- Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e simplificado do CONTROL ARQUEOLÓXICO DO PROXECTO DE RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DA MURALLA DE O CASTRO, ASÍ COMO O ESTUDO DE PARAMENTOS.

2º.- Autorizar o gasto que supón a aprobación do expediente referido no punto anterior por importe de 66.445,72 euros con cargo á aplicación 3360.6190000 dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo para o exercicio 2019.

3º.- Autorizar a superación dos límites orzamentarios establecidos no artigo 174 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, imputando gasto aos exercicios futuros que se indican e polas cantidades seguintes:

| EXERCICIO | APLICACIÓN ORZAMENTARIA | IMPORTE | PORCENTAXE |
|---|---|---|---|
| 2020 | 3360.6190000 | 49.834,34 | 75,00% |

4º.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas dirixido á contratación do control arqueolóxico do proxecto de recuperación e posta en valor da muralla de O Castro, así como o estudo de paramentos, asinado pola xefa de Patrimonio Histórico con data 2 de agosto de 2019.

5º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 9 de agosto de 2019.

6º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**25(752).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLA XEFATURA DA POLICÍA LOCAL NO SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2019. EXPTE. 65935/212.**

Dáse conta do informe-proposta de data 13/08/19, asinado polo intendente xefe da Policía Local e a concelleira-delegada Seguridade e Organización Municipal, que di o seguinte:

En cumprimento do disposto no artigo 64.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e na base 31ª das do orzamento vixente, achégase a información relativa aos contratos menores celebrados pola Policía Local correspondente ao segundo trimestre do ano 2019 (abril, maio e xuño), para a súa consideración pola Xunta de Goberno Local, según anexo.

ANEXO

RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS NA XEFATURA DA POLICÍA LOCAL DURANTE O SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2019 (ABRIL, MAIO E XUÑO):

| Expte. | Partida | CM | Obxecto | Adxudicatario | Decreto | Rc | Fin contrato | Importe € |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 64059/212 | 1320.2080001 | SUB | Alugueiro cabalos | Benito Conrado Pérez Martínez | 26/04/19 | 24/04/19 | 31/12/19 | 18.089,50 |
| 64096/212 | 1320.2219900 | SUB | Cinta reseña dactilar | Equipamientos Policiales S.L. | 15/04/19 | 12/04/19 | 31/12/19 | 65,80 |
| 64114/212 | 1320.2230000 | SER | Transporte aparello Drugtest | Drager Safety Hispania, S.A. | 24/04/19 | 23/04/19 | 31/12/19 | 135,16 |
| 64122/212 | 1320.2260100 | SUB | 1.000 bolsa merenda educación viaria | Ana María Costas Carbajal | 24/04/19 | 23/04/19 | 31/12/19 | 3.360,00 |
| 64152/212 | 1320.2279907 | SER | Transporte Axentes AGSP | Empresa Raúl | 16/04/19 | 16/04/19 | 15/11/19 | 13.750,00 |
| 64322/212 | 1320.2230000 | SER | Transporte cabalos | Benito Conrado Pérez Martínez | 06/05/19 | 03/05/19 | 31/12/19 | 6.534,00 |
| 64346/212 | 1320.2279910 | SER | Curso manexo cabalos espazos públicos | Benito Conrado Pérez Martínez | 07/05/19 | 02/05/19 | 31/12/19 | 5.469,20 |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 64394/212 | 1320.2260100 | SUB | Material diverso educación viaria | Ana María Costas Carbajal | 09/05/19 | 08/05/19 | 31/12/19 | 3.484,80 |
| 64397/212 | 1320.2219900 | SUB | Gafas e cascos protección galería tiro | Saborit International, S.L. | 09/05/19 | 08/05/19 | 31/12/19 | 1.784,75 |
| 64399/212 | 1320.2140000 | SER | Reparación e mantemento bicicletas Costa e Praia | Redondbike, S.L. | 09/05/19 | 08/15/19 | 31/12/19 | 1.388,98 |
| 64459/212 | 1320.2190000 | SER | Reparación etilómetro nº serie ARLF 0012 | Drager Safety Hispania, S.A. | 21/05/19 | 20/05/19 | 31/12/19 | 2.277,53 |
| 64542/212 | 1320.2219900 | SUB | 100 silbatos | Saborit International, S.L. | 21/05/19 | 20/15/19 | 31/12/19 | 424,71 |
| 64545/212 | 1320.2140000 | SER | Reparación alumeado vehículo 4825FZS | Digiauto, S.L. | 21/05/19 | 20/15/19 | 31/12/19 | 219,86 |
| 64749/212 | 1320.2219900 | SUB | Cinta balizamento | Comercial Integral Especialista Suministros, S.L. | 06/06/19 | 04/06/19 | 31/12/19 | 952,27 |
| 64771/212 | 1320.2279910 | SER | Curso investigación accidentes de tráfico | Consultores y Reconstructore s Accidentes, S.L. | 06/06/19 | 04/06/19 | 30/06/19 | 600,00 |

**Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

**26(753).- BASES REITORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO QUE PERMITA OS NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ARTIGO 10.1 DO RDL 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, COMO MESTRES NAS ESPECIALIDADES DE PINTURA, DEBUXO ARTÍSTICO, MODA E CONFECCIÓN, OURIVARÍA E SERIGRAFÍA ARTÍSTICA DA EMAO. EXPTE. 34327/220.**

Visto o informe de fiscalización do 13/08/19, dáse conta do informe-proposta do 19/07/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**I.-** Consta nesta Área de RRHH e Formación solicitude de convocatoria de procesos selectivos para a formación de bolsas de emprego de nomeamentos interinos nas especialidades de pintura, debuxo artístico, moda e confección, ourivaría e serigrafía artística da EMAO, formulada polo Xefatura do Servizo de Educación coa conformidade da Concellería delegada de Educación e Xuventude.

**II.-** A concelleira-delegada de Organización municipal, a través da instrución de servizo de data de sinatura electrónica, ordenou o inicio do presente expediente administrativo para a elaboración dunhas *bases selectivas para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 Real Decreto 5/2015 de 30 de*

*outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como mestres de pintura, debuxo artístico, moda e confección, ourivaría e serigrafía artística,* e que garanta cubrir as necesidades de medios humanos existentes na Escola municipal de artes e oficios, á maior brevidade posible. A referida convocatoria, publicarase a través de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, así como no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

**III.-** En consecuencia, resulta preciso artellar un proceso de cobertura áxil que permita, coa debida urxencia, a formalización deste tipo de nomeamento, que en todo caso deberá ser respectuoso cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, tal e como dispón o artigo 10.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, propoñéndose a selección entre os presentados a través do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, así como no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

En cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se proba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

**FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

**I.-** Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos (apartado c) e, a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de

aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e dacordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, atenderase ás necesidades do Servizo e e/ou peculiaridades de servizos concretos, garantindo os períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**II.-** Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se houberan, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

É mester como **requisitos específicos** para o desempeño do posto de traballo de:

- Estar en posesión do título académico oficial de Bacharelato Superior, F.P. II ou equivalente, de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, polo que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

Como requisitos xerais para o acceso contémplanse os consignados no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, que se concretan en:
-Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

-Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

-Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

-Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas.

-Non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- Calquera outro requisito que se fixe nas bases específicas de cada convocatoria.

- Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de rematar o prazo de admisión de solicitudes e conservarse, cando menos ata a data do nomeamento.

**III.-** En canto aos **órganos de selección de persoal** das Administracións Públicas (tribunais cualificadores, comisións de selección, etc..), faise constar que estes deberán axustarse á **configuración legal** esixida no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP e ao Art. 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, que consagra a <u>profesionalidade</u> dos mesmos no seu funcionamento, así como os <u>principios de imparcialidade, responsabilidade persoal e de especialización técnica dos seus membros</u>. Así, o artigo 60 do texto refundido da lei do EBEP establece que:
***"1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros, y se tenderá, asimismo, a la paridad entre mujer y hombre.***

***2. El personal de elección o de designación política, los funcionarios interinos y el personal eventual no podrán formar parte de los órganos de selección.***

***3. La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse ésta en representación o por cuenta de nadie."***

Por outro lado, o artigo 59 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia dispón que:

***"1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros y de paridad entre mujeres y hombres en el conjunto de las convocatorias de la oferta de empleo público respectiva.***
***2. En ningún caso pueden formar parte de los órganos de selección:***

- ***a) El personal de elección o de designación política.***
- ***b) El personal funcionario interino o laboral temporal.***
- ***c) El personal eventual.***
- ***d) Las personas que en los cinco años anteriores a la publicación de la convocatoria hubieran realizado tareas de preparación de aspirantes a pruebas selec-***

***tivas o hubieran colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.***

***3. La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse esta en representación o por cuenta de nadie.***

***4. Los miembros de los órganos de selección deben pertenecer a un cuerpo, escala o categoría profesional para el ingreso en el cual se requiera una titulación de nivel igual o superior al exigido para participar en el proceso selectivo.***

***5. Los órganos de selección actúan con plena autonomía en el ejercicio de su discrecionalidad técnica y sus miembros son personalmente responsables de la transparencia y objetividad del procedimiento, de la confidencialidad de las pruebas y del estricto cumplimiento de las bases de la convocatoria y de los plazos establecidos para el desarrollo del proceso selectivo.***

***6. La composición y régimen de funcionamiento de los órganos de selección se establecerá reglamentariamente.***

***7. Las administraciones públicas incluidas en el ámbito de aplicación de la presente ley pueden crear órganos especializados y permanentes para la organización de los procesos selectivos.”***

Así mesmo, o artigo 10.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que a selección de funcionarios/as interinos/as farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

**IV.-** Visto o recollido no artigo 37.2.e) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP, e vistas as atribucións que en canto á aprobación das bases reitoras dos procedementos de selección de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo establece o artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa da Intervención Xeral, sométese ao criterio da mesma a seguinte,

**PROPOSTA DE ACORDO**:

**Primeiro.-** Dar aprobación ás bases específicas reitoras do proceso selectivo para a formación de bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como mestres de formación nas especialidades de pintura, debuxo artístico, moda e confección, serigrafía artística e ourivería, integrado no subgrupo C1, e que forman parte inseparable como ANEXO ÚNICO do presente acordo, ordenando a súa urxente publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

**Segundo.-** Habilitar expresamente ao Sra. Concelleira-delegada de Organización Municipal para resolver sobre as listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos, designación de integrantes dos órganos de selección e sinalamentos de lugares, datas e horas de celebración das probas selectivas, no uso das competencias que en canto á planificación, desenvolvemento e execución da política municipal en materia de persoal ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Resolución de 26/06/2019.

**Terceiro.-** Ordenar que se proceda á convocatoria pública do proceso selectivo para a formación dunha Bolsa de Emprego de mestres de formación nas especialidades de pintura, debuxo artístico, moda e confección, serigrafía artística e ourivería, a executar segundo as bases específicas reitoras que forman parte inseparable como ANEXO ÚNICO do presente acordo, ordenando a publicación de anuncio a tal efecto, que será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

**Cuarto.-** Contra a presente resolución, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse calquera dos **recursos** que se indican a continuación.

Recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou a presente Resolución, no prazo dun mes dende o día seguinte ó da notificación ou publicación do mesmo no Boletín Oficial de Pontevedra (arts 112, 116, 123 e 124 da lei 39/2015 do procedemento administrativo común). Transcorrido un mes dende a interposición do recurso sen que se dite ou notifique súa resolución, se entenderá desestimado por silencio administrativo, pudendo neste caso interpor contra a desestimación presunta recurso contencioso-administrativo.

Recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da publicación da presente resolución.
En ambos casos, o recurso contencioso-administrativo se interporá ante o Xulgado Contencioso-Administrativo en cuxa circunscripción teña seu domicilio o demandante o se atope a sede do órgano autor do acto impugnado, a elección daquel. (8.1 e 14.1.2º da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

## Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## ANEXO ÚNICO

BASES REITORAS DOS PROCESOS SELECTOVOS PARA A FORMACIÓN DE BOLSAS DE EMPREGO, QUE PERMITA OS NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ARTIGO 10.1 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TESTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGO PÚBLICO, COMO MESTRES DE FORMACIÓN NAS ESPECIALIDADES DE PINTURA, DEBUXO ARTÍSTICO, MODA E CONFECCIÓN, SERIGRAFÍA ARTÍSTICA E OURIVERÍA (SUBGRUPO C1).EXPTE. 3427-220.

## I.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria a selección de persoal para a formación dunha Bolsa de Emprego de como mestres de formación nas especialidades de pintura, debuxo artístico, moda e confección, serigrafía artística e ourivería (subgrupo C1). (Expte. 34327-220), que permita a cobertura interina prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP).

## II.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL

Para seren admitidos a realización dos distintos procesos selectivos, os/as aspirantes deberán posuír na data de finalización de presentación de solicitudes e, manter ata o momento do correspondente nomeamento, os seguintes requisitos de participación:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Estar en posesión ou en condición de obter o título académico oficial de Bacharelato Superior, F.P. II ou equivalente, de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, de 10 de xuño, polo que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con fotocopia simple do documento nacional de identidade, N.I.E, ou pasaporte con plena vixencia, a presentar inexcusablemente coa solicitude de participación no proceso selectivo.

A acreditación da titulación académica oficial contida no apartado e) efectuarase mediante a achega, dentro do prazo establecido para a toma de posesión e unha vez superado o

proceso de selección, mediante fotocopia compulsada do título oficial legalmente expedido, ou certificación académica que acredite haber realizado e aprobado os estudios completos e necesarios e que se efectuou o depósito para a expedición do mesmo, debendo os/as aspirantes manifestar expresamente estar en posesión do título requirido a tal efecto ou ben en condicións de obtelo na data previa ao nomeamento como funcionario/a interino, asumindo baixo a súa exclusiva responsabilidade que a carencia da titulación ou a imposibilidade de acreditación da mesma dentro do prazo establecido para a toma de posesión impedirá legalmente o nomeamento.

En canto á acreditación dos requisitos contemplados no apartado b), efectuarase mediante a achega de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico; achega que deberá efectuarse igualmente dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección.

Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, esta deberá acreditarse mediante a achega coa solicitude de participación no proceso de selección de certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica, xunto con certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado á praza.
Igualmente coas solicitudes de participación nos procesos de selección deberán aportarse as solicitudes de adaptación de tempos e medios ás que os/as aspirantes con discapacidade teñan dereito, para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación, aos efectos tanto do seu estudio e resolución polo órgano de selección, como da adecuada disposición dos medios técnicos e humanos necesarios ao efecto con antelación á celebración das probas selectivas.

O órgano de selección poderá requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

O requisito do apartado d) acreditarase coa presentación de declaración xurada ao efecto, que se xuntará ben á solicitude de participación que se presente, ou ben facéndoo a través do formulario web dispoñible na páxina municipal www.vigo.org dentro da sección “Ofertas de Emprego” e consultando o apartado específico correspondente á presente convocatoria, onde dispoñerase de un formulario de impreso de solicitude de admisión a probas selectivas.

## III.-SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección para esta bolsa de traballo será o de oposición libre, consistindo en probas de coñecementos xerais ou específicos teóricos e prácticos, pudendo consistir en test, probas, desenvolvemento por escrito, traballos manuais, etc, segundo a natureza e función dos postos de traballo que vaian desenvolver de acordo coas bases específicas.

## IV.-FASE DE OPOSICIÓN

EXERCICIOS INTEGRANTES DO PROCESO SELECTIVO:

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos os/as aspirantes. Consistirá en contestar por escrito, durante un período máximo de dúas horas, a 4 temas elixidos ao chou mediante sorteo público, que se celebrará polo Órgano de selección en presenza dos/das aspirantes, dos que figuran como anexo a estas bases. Un destes temas corresponderá ao primeiro apartado dos temas "A) Temas Xerais" e o resto ao apartado "B) Temas Específicos".

Neste exercicio avaliaranse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e a capacidade de síntese e o rigor e precisión na súa exposición.

Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente perante o órgano de selección, en sesión pública e concluída a lectura da totalidade dos temas, este poderá pedirlle ao aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en resolver un ou varios supostos prácticos ou, realizar as tarefas que proporá o órgano de selección, relacionadas coas materias obxecto do temario específico, no prazo establecido polo órgano de selección en función da natureza da proba.

A cualificación do exercicio será de cero (0) a dez (10) puntos; queda eliminado/a o/a aspirante que non obteña un mínimo de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio, aínda que a falta de superación do mesmo non impedirá o nomeamento.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, que determinará o órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O/a aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que manifesten ou acrediten posuír o título CELGA 3 ou equivalente homologado no prazo regulamentario de presentación de instancias, segundo o establecido na Orde do 16 de xullo do 2007, que regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) en relación co seu Anexo I, aos que se lle asignarán 2 puntos.

A cualificación dos dous primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos; queda eliminado o /a aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles. A cualificación do terceiro será de 0 a 2 puntos.

A puntuación de cada aspirante nos diferentes exercicios será a media aritmética das cualificacións de todos os membros do órgano de selección asistentes á sesión. Non se terán en conta a puntuación máis alta e a máis baixa (só unha delas en caso de empate), sempre que entre elas exista unha diferencia de 3 puntos ou máis.

Se os exames non fosen corrixidos ao remate da proba, introduciranse nun sobre que se pechará e selará; sobre o precinto asinarán todos os membros do órgano de selección presentes, así como, sempre que fose posible, un número similar de aspirantes. O sobre quedará baixo a custodia do/a secretario/a para a súa apertura ao inicio da sesión en que se corrixan.

A orde de puntuación dos membros do órgano de selección será a que este acorde con anterioridade á corrección dos exercicios, e deberá facerse constar na acta.

No caso de empate, o desempate resolverase a favor do/a aspirante de maior idade e, se continuase o empate, se dirimirá mediante sorteo.

Naqueles exercicios nos que sexa preciso establecer unha orde de actuación dos/as aspirantes, o órgano de selección antes do primeiro exercicio da oposición e en sesión pública, efectuará o sorteo para establecer a devandita orde.

Unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP.

## V.- PRAZO DE PRESENTACION DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN

A **solicitude** dirixirase ao Alcalde-Presidente do Concello de Vigo e presentarase no Rexistro Xeral do Concello no prazo de **20 días naturais** contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Á instancia deberá achegarse unicamente a documentación especificamente referida na Base II anterior (“Condicións dos aspirantes e acreditación documental”) e, no seu caso, do título CELGA 3 ou equivalente homologado.

Así mesmo tamén poderase presentar nas demais formas que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, de cara a axilización na formación da Bolsa de Emprego, requírese aos aspirantes que presenten a súa solicitude noutros Rexistros ou a través de correo postal na forma establecida regulamentariamente, para que adianten copia da solicitude a través do número de fax 986225226 ou ao correo electrónico ofi.persoal@vigo.org.

## VI.- PUBLICIDADE

As bases da convocatoria publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e páxina web municipal www.vigo.org, para garantir a maior difusión posible e para xeral coñecemento.

A lista de admitidos e excluídos, as causas motivadoras da exclusión, os membros integrantes do órgano de selección, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, publicándose tamén no taboleiro dos lugares onde se realicen as probas, no suposto de que estas non se desenvolvan no propio edificio do Concello de Vigo, así como na web municipal www.vigo.org.

Contra a exclusión na lista de admitidos e recusacións dos membros do Órgano de selección poderanse presentar reclamacións e emendar erros ou omisións no prazo de tres días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal www.vigo.org.

Todas as comunicacións dirixidas aos aspirantes que ao longo do proceso selectivo se realicen polo órgano de selección serán publicadas no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org.

## VII.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza. Deberán así mesmo pertencer a un Corpo, Escala ou Categoría Profesional na que se requira unha titulación igual a esixida para participar neste proceso selectivo, e cumprir o requisito de especialidade na maioría dos membros, que so cederá si se acreditase que non é posible alcanzalo. A pertenza aos Tribunais será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación nin por conta de ninguén. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a, que terá voz, pero non voto- podendo acordar nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer sempre a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, igualmente con voz e sen voto.
O órgano de selección confórmase coa estrutura seguinte:

Presidente/a:
-Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal, funcionario/a técnico de Administración Xeral ou Especial do Concello de Vigo ou calquera dos seus organismos autónomos, encadrado encadrado no subgrupo A1 ou A2 de titulación.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretario/a:

-Un funcionario/a do Concello de Vigo integrado/a no subgrupo A1 de titulación, escala Administración Xeral (rama xurídica) que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico -coa correspondente proposta de acordo- ao órgano municipal competente en relación cos recursos administrativos que podan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección.

Os secretarios serán os responsables de elaboración das actas en soporte dixital e firmadas electrónicamente nos termos da lei 39/2015, e a Área de Recursos Humanos e Formación procederá no seu caso a darlle publicidade na paxina web do concello.

Igualmente, deberá realizar as funcións previstas no artigo 16 e ss da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Vogais:
-Tres funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Vigo o seu organismo autónomo, encadrado/a no grupo C1 de titulación, e que pertenza a un Corpo, Escala ou categoría profesional na que se requira unha titulación igual ou superior a esixida para participar no proceso selectivo convocado e, que comparecerá en todo caso a título individual.

Os membros dos órganos de selección serán propostos pola Concelleira-delegada da Organización municipal, mediante a correspondente Instrución.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes, e os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorra algún dos supostos previstos no artigo 24 da Lei anteriormente citada.

Non poderán formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual. Así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco años inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Polo Órgano de Selección deberá acordarse na sesión constitutiva o número máximo de sesións, debendo facerse constar na correspondente acta, podendo ampliarse unicamente por causa xustificada mediante novo acordo do mesmo, debidamente motivada na acta.

O Órgano de selección poderá requirir a asistencia técnico-administrativa dun/dunha funcionario/a da Área de Recursos Humanos deste Concello, que desenvolverá tarefas de apoio ao Órgano de Selección e baixo as instrucións directas do mesmo.

Os membros do órgano de selección, os asesores que se poidan designar por aquel e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerase no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego,** ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do R.D. Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.

A referida lista terá validez ata que se convoque unhas prazas de idénticas condicións nunha nova bolsa de emprego, ou se inclúa algunha das prazas, nunha vindeira oferta de emprego público, non podendo superar un máximo de tres anos.
Os/as aspirantes que renuncien expresamente a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados ao efecto se rexeran polos criterios de xestión de listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 22 de xullo de 2016 no acordo de Modificación puntual dos criterios de xestión das listas de reserva . (Expte 28442/220), do que transcribimos o apartado IV.

*IV.-RÉXIME DE RENUNCIAS E EFECTOS*
*A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:*

*a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia.*

*b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.*

*Non afectarán as renuncias os supostos seguintes:*

- *supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;*
- *supostos de incapacidade temporal (IT);*
- *supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;*
- *supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.*

*A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal*

*se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.*

**VIII.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES**

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan a Administración municipal, aos tribunais cualificadores e aos aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

**IX.- INCIDENCIAS**

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

**X.- RÉXIME XURÍDICO**

A realización das probas selectivas axustarase ao establecido nas presentes bases, así como ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen las regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia; o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado, e demais disposicións que resulten de aplicación.

## T E M A R I O S

**Parte xeral (para todas as especialidades)**

**Tema 1**.- Referencia aos principios xerais e contido da Constitución Española de 1978
**Tema 2**.- Estatuto de Autonomía de Galicia.
**Tema 3**.- Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. Faltas e sancións. O procedemento disciplinario.
**Tema 4**.- O acto administrativo. Concepto. Requisitos: Motivación e forma. A eficacia. A notificación.
**Tema 5**.- O procedemento administrativo; Iniciación, ordenación e instrucción. A terminación: A obriga de resolver. A falta de resolución expresa: O réxime do silencio administrativo.
**Tema 6**.- Protección de datos de carácter persoal no ámbito das administracións públicas locais: principios, aplicación, consentimento e información, e dereitos.
**Tema 7**.- Transparencia: Publicidade activa nas entidades locais.
**Tema 8**.- Transparencia: Dereito e exercicio do dereito á información pública e réxime de impugnacións na Comunidad Autónoma de Galicia.

**Temas específicos SERIGRAFÍA ARTÍSTICA**

**Tema 1.-** Ferramentas e materiais serigráficos.
**Tema 2.**- A forma impresora en serigrafía.
**Tema 3.**- Preparación do corpo impresor.
**Tema 4.**- Emulsionado, insolado e revelado.
**Tema 5.-** Tintas e aditivos serigráficos.
**Tema 6.-** Proceso serigráfico. A impresión.
**Tema 7.**- Relación entre tintas e sustratos.
**Tema 8.**- Reoloxía de tintas e aditivos.
**Tema 9.-** Os sustratos serigráficos.
**Tema 10.-** Sistemas de rexistro. Elementos e función.
**Tema 11.-** Características e propiedades do papel para a estampación serigráfica.
**Tema 12.-** Serigrafía téxtil. Identificación de tecidos. Tintas para téxtil.
**Tema 13.-** Técnicas e procedementos da serigrafía téxtil.
**Tema 14.-** Maquinaria serigráfica. Tipoloxía e mantemento.
**Tema 15.**- Control de calidade no proceso serigráfico.
**Tema 16.**- Espazos, equipamentos e seguridade no taller.
**Tema 17.**- A obra gráfica. Edición e conservación.
**Tema 18**.- Técnicas e procedementos serigráficos directos e indirectos.
**Tema 19.**- Técnicas de debuxo e pintura aplicadas á serigrafía. Procesos artesanais.
**Tema 20.**- O tramado. Efecto moiré.
**Tema 21.**- A cor en serigrafía.
**Tema 22.**- Técnicas de impresión industrial. Orixes e evolución.
**Tema 23.-** Técnicas de gravado e estampación. Características gráficas fundamentais. Orixes e evolución.
**Tema 24.**- Tintas. Evolución histórica dos pigmentos.
**Tema 25.**- O papel. Antecedentes, invención e evolución histórica.
**Tema 26.**- Antecedentes da serigrafía.
**Tema 27.**- Os inicios. Desenvolvemento e difusión da técnica serigráfica. As patentes.
**Tema 28.-** Historia da serigrafía na segunda mitade do S.XX.
**Tema 29.-** Evolución histórica da serigrafía como medio de expresión artística.
**Tema 30**.- Historia da serigrafía en España e Galicia.
**Tema 31.**- Historia da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo.
**Tema 32.**- Plan de Estudos da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (PEEMAO15). Características xerais, misión e normativa. Principais elementos do desenvolvemento curricular da especialidade de Serigrafía artística.

**Temas específicos ESPECIALIDADE DE MODA E CONFECCIÓN**

**Tema 1.-** Ferramentas básicas de costura: clasificación e utilidades.
**Tema 2.**- Tipos e utilidades da costura a man.
**Tema 3.**- Máquinas de costura necesarias nun taller de costurar.
**Tema 4.**- Elementos principais e básicos da máquina de coser.
**Tema 5.-** Mantemento e limpeza de maquinaria téxtil.
**Tema 6.-** Orixe e evolución da máquina de coser.
**Tema 7.**- Definición de materias téxtiles e clasificación das fibras.
**Tema 8.**- Estruturas do tecido. Punto e calada.
**Tema 9.-** Propiedades e identificación de fibras téxtiles.
**Tema 10.-** Estampación e tintes téxtiles.

**Tema 11.-** Etiquetado, simboloxía e abreviaturas téxtiles.
**Tema 12.-** Xeneros de punto. Características, definición e construción.
**Tema 13.-** Principios xerais,orixe e evolución do patronaxe.
**Tema 14.-** Antropometría. Tomas de medidas e táboas estandarizadas.
**Tema 15.**- Preparación do tecido para o corte e a información dos patróns.
**Tema 16.**- Proceso de creación do patrón base e tipos.
**Tema 17.**- A silueta e a cor da peza.
**Tema 18**.- Proceso de desenvolvemento dun deseño. Referencias creativas e prototipos.
**Tema 19.**- Fichas técnicas e escandallo na produción dunha peza.
**Tema 20.**- Alta costura e pret a porter: definición, orixe e organización.
**Tema 21.**- Conceptos básicos do debuxo técnico aplicado á confección de patróns.
**Tema 22.**- O figurín de moda: proporcións, poses e técnicas de representación.
**Tema 23.-** Indumentaria na Prehistoria e idade dos metais.
**Tema 24.**- A Indumentaria das culturas clásicas.
**Tema 25.**- Indumentaria na Idade Media e no Gótico en Europa.
**Tema 26.**- Influencia española na roupa do Renacemento.
**Tema 27.**- Barroco. Influencia da corte francesa e do rococó na maneira de vestir.
**Tema 28.-** Imperio napoleónico e a súa influencia na moda.
**Tema 29.-** A revolución industrial: a democratización da moda.
**Tema 30**.- Século XX: o século de tendencias.
**Tema 31.**- Historia da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo.
**Tema 32.-** Plan de Estudos da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (PEEMAO15). Características xerais, misión e normativa. Principais elementos do desenvolvemento curricular da especialidade de Moda e confección

**<u>Temas específicos ESPECIALIDADE DE OURIVARÍA</u>**

**Tema 1.-** Deseño: concepto, elementos formais e estéticos. Debuxo: concepto e utilidades. Linguaxe visual.
**Tema 2.**- Debuxo técnico aplicado a ourivaría I: Xeometría plana. Elementos xeométricos básicos e trazados fundamentais. Escalas..
**Tema 3.**- Debuxo técnico aplicado a ourivaría II: Xeometría Descritiva. Sistemas de representación.
**Tema 4.**- O obradoiro de Ourivaría. Ferramentas, maquinaria e materiais. Seguridade e Mantemento.
**Tema 5.-** O banco de traballo. Ferramentas, maquinaria e consumibles. Seguridade e Ergonomía.
**Tema 6.-** Metalurxia: metais preciosos e metais base empregados en ourivaría. Propiedades, títulos e contrastes.
**Tema 7.**- Fundición e recuperación. Aliaxes e cálculos elementais.
**Tema 8.**- Preparación e elaboración dos distintos perfís. Laminado e Trefilado. Recrudecemento, recocido e decapado.
**Tema 9.-** Soldadura aplicada á ourivaría. Tipos de soldante. Procedementos e aplicacións.
**Tema 10.-** Técnicas básicas: medición, trazado, corte, limado, esmerilado, pulido e brillado. Ferramentas, maquinaria e aplicacións.
**Tema 11.-** Técnicas de conformado: Embutido do metal e estampado. Procedementos, ferramentas, maquinaria e aplicacións.
**Tema 12.-** Técnicas de conformado: Forxa. Procedementos, ferramentas, maquinaria e aplicacións.

**Tema 13.-** Técnicas de ornamentación: Cicelado e repuxado. Procedementos, materiais, ferramentas e aplicacións.
**Tema 14.-** Técnicas de ornamentación: Dobrado, entorchado e filigrana. Procedementos, materiais, ferramentas e aplicacións.
**Tema 15.**- Técnicas de ornamentación. Texturado, mateado e satinado. Coloracións. Procedementos, ferramentas, maquinaria e aplicacións.
**Tema 16.**- Técnicas de ornamentación. Combinación de metais. Reticulación. Granulación. Procedementos, materiais, ferramentas e aplicacións. .
**Tema 17.**- Sistemas de articulacións, peches e ensamblaxes. Procedementos e aplicacións.
**Tema 18**.- Xemas: Propiedades, efectos e tipos de tallas. Outros materiais aplicados no campo da ourivaría. Manipulación, aplicacións e sistemas de suxeición.
**Tema 19.**- Técnicas de engaste I. Engaste en bisel. Engaste en carril. Características, ferramentas, procedementos e aplicacións.
**Tema 20.**- Técnicas de engaste II. Engaste en garra. Engaste en tensión. Características, ferramentas, procedementos e aplicacións.
**Tema 21.**- Técnicas de engaste III. Engaste a nivel. Engaste en gran. Características, ferramentas, procedementos e aplicacións.
**Tema 22.**- Técnicas de esmalte ao lume I. Tipos de esmaltes. Características, materiais, ferramentas e procedementos.
**Tema 23.-** Técnicas de esmalte ao lume II. Técnicas de aplicación clásicas. Outras técnicas de aplicación. Características e procedementos.
**Tema 24.**- Técnicas de gravado en metais. Procedementos e aplicacións.
**Tema 25.**- Fundición creativa e artística. Procedementos e aplicacións. Microfusión: Procedementos e aplicacións.
**Tema 26.**- Historia da ourivaría I: Primeiras manifestacións e Mundo antigo. Características, trazos distintivos e contribucións.
**Tema 27.**- Historia da ourivaría II: Mundo Clásico. Características, trazos distintivos e contribucións.
**Tema 28.-** Historia da ourivaría III: Disolución da arte Clásica. Románico. Gótico. Características, trazos distintivos e contribucións.
**Tema 29.-** Historia da ourivaría IV: Renacemento. Barroco. Rococó. Neoclásico. Características, trazos distintivos e contribucións.
**Tema 30**.- Historia da ourivaría V: Arts and Crafts. Modernismo. Influencias da Bauhaus. Art Decó. Da segunda metade do século XX ata a actualidade.
**Tema 31.**- Historia da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo.
**Tema 32.-** Plan de Estudos da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (PEEMAO15). Características xerais, misión e normativa. Principais elementos do desenvolvemento curricular da especialidade de Ourivaría.

**<u>Temas específicos ESPECIALIDADE DE DEBUXO ARTÍSTICO</u>**

**Tema 1.-** A percepción visual. Teorías perceptivas.
**Tema 2.**- Elementos formais das imaxes estáticas.
**Tema 3.**- Elementos formais e sintaxe da imaxen secuenciada icónico-gráfica da banda deseñada.
**Tema 4.**- A composición. Tipos de composición. Principios compositivos.
**Tema 5.-** A proporción: Sección Áurea.
**Tema 6.-** A proporción no corpo humano. O canon.

**Tema 7.**- O debuxo como medio de expresión gráfico-plástico.
**Tema 8.**- Técnicas secas aplicadas en debuxo. O carboncillo e a sanguina.
**Tema 9.-** Técnicas secas aplicadas en debuxo. O lápis de grafito.
**Tema 10.-** Técnicas secas aplicadas en debuxo. O pastel.
**Tema 11.-** Técnicas húmidas aplicadas en debuxo. A tinta.
**Tema 12.-** Técnicas húmidas aplicadas en debuxo. A acuarela.
**Tema 13.-** O gravado en relevo. Técnica. Aplicación.
**Tema 14.-** O gravado calcográfico. Técnica. Aplicación.
**Tema 15.**- O papel como soporte gráfico. Historia. Aplicación.
**Tema 16.**- Representación bidimensional do volume. O clarescuro
**Tema 17.**- A cor como fenómeno físico e visual.
**Tema 18**.- A cor pigmento. Síntese sustractiva.
**Tema 19.**- A cor luz. Síntese aditivans.
**Tema 20.**- Construcións xeométricas fundamentais.
**Tema 21.**- Polígonos.
**Tema 22.**- Escalas.
**Tema 23.-** Os sistemas de representación. Fundamentos básicos.
**Tema 24.**- O debuxo no Renacemento.
**Tema 25.**- O debuxo nos séculos XVII e XVIII. Estilos.
**Tema 26.**- O debuxo no século XIX. Estilos.
**Tema 27.**- O debuxo na arte do século XX.
**Tema 28.-** Os inicios da banda deseñada. Antecedentes e repercusión.
**Tema 29.-** Debuxo e ilustración. Relacións. Diferencias. Evolución.
**Tema 30**.- Debuxo e cine.
**Tema 31.**- Historia da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo.
**Tema 32.-** Plan de Estudos da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (PEEMAO15). Características xerais, misión e normativa. Principais elementos do desenvolvemento curricular da especialidade de Debuxo artístico.

**<u>Temas específicos ESPECIALIDADE DE PINTURA</u>**
**Tema 1.-** Factores da linguaxe visual.
**Tema 2.**- Elementos formais das imaxes estáticas .
**Tema 3.**- A pintura como medio de expresión.
**Tema 4.**- A perspectiva. Orixe e evolución na pintura.
**Tema 5.-** A composición. Tipos de composición. Principios compositivos.
**Tema 6.-** A proporción. Sección áurea.
**Tema 7.**- A proporción no corpo humano. O canon.
**Tema 8.**- A cor. Fenómeno físico e visual.
**Tema 9.-** A cor pigmento. Síntese sustractiva.
**Tema 10.-** A cor luz. Síntese aditiva.
**Tema 11.-** Fundamentos da cor na pintura.
**Tema 12.-** Representación bidimensional do volume. O clarescuro.
**Tema 13.-** O pastel como técnica seca.
**Tema 14.-** A acuarela como técnica húmida.
**Tema 15.**- O acrílico. Fundamentos.
**Tema 16.**- O Óleo. Fundamentos
**Tema 17.**- A técnica mixta na pintura. Fundamentos.
**Tema 18**.- O collage. Fundamentos.

**Tema 19.**- Preparación de soportes para a pintura. Tipos de soportes.
**Tema 20.**- Mediums e aglutinantes para a pintura.
**Tema 21.**- Técnicas pictóricas na antigüidade.
**Tema 22.**- O taller de pintura e protección para a saúde.
**Tema 23.-** A pintura na Idade Media. Contexto e características.
**Tema 24.**- A pintura no Renacemento. Contexto e características.
**Tema 25.**- A pintura no século XVII. Contexto e características.
**Tema 26.**- A pintura no século XVIII. Contexto e características.
**Tema 27.**- A pintura no século XIX. Contexto e características.
**Tema 28.-** A pintura simbolista. Contexto e fundamentos.
**Tema 29.-** A pintura no século XX. Contexto e características.
**Tema 30**.- A fotografía e o cine na pintura. Influencias.
**Tema 31.**- Historia da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo.
**Tema 32.-** Plan de Estudos da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (PEEMAO15). Características xerais, misión e normativa. Principais elementos do desenvolvemento curricular da especialidade de Pintura.

**27(754).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIA DE CARREIRA CON CARGO Á PRAZA DE TÉCNICA DE XESTIÓN POLA QUENDA LIBRE DA OEP 2015. EXPTE. 34441/220**.

Visto o informe de fiscalización de data 9/08/19, dáse conta do informe-proposta de data 23/07/19, asinado polo técnico de organización e planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

Antecedentes:

O Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas para prover en propiedade unha praza de Técnico/a de xestión en réxime funcionarial e incluída no subgrupo A2 de titulación, pola quenda libre, vacante no Cadro de Persoal Municipal e incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2015, na súa sesión de 12 de marzo de 2019, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento da aspirante que se relaciona a continuación por ter superados todos os exercicios da oposición coa maior puntuación:

| APELIDOS | NOME | DNI | TOTAL PUNTOS |
|---|---|---|---|
| GALLEGO SANTOS | RUTH MARÍA | ***5816** | 23,187 |

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 13/03/2019.

A aspirante proposta presentou no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

Visto o informe xurídico de data 8 de xullo de 2019 en relación coa situación dos traballadores indefinidos non fixos contido no expediente nº 34043/220, procede formular a proposta de nomeamento da interesada.

En consecuencia e, de conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta da Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira-delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de data 18/06/2019 e acordos da xunta de goberno local de 20/06/2019 e 04/07/2019, e previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo Técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

**PROPOSTA DE ACORDO:**

**"PRIMEIRO.-** Nomear **funcionaria de carreira** con cargo á praza convocada de **Técnico/a de xestión** a **Dª. RUTH MARÍA GALLEGO SANTOS** con DNI ***5816**, que foi proposta polo Órgano de Selección, por ser a aspirante que superou todos os exercicios da oposición coa maior puntuación (**23,187 puntos).**

De conformidade co previsto na Base Décimo sexta das Xerais da convocatoria, o presente nomeamento unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión como funcionario de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 60.c) e d) da Lei 2/2015, do 29 de abril de emprego público de Galicia.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo á interesada, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social, así como ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

**TERCEIRO.-** Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**28(755).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIA DE CARREIRA CON CARGO Á PRAZA DE ENXEÑEIRA INDUSTRIAL POLA QUENDA LIBRE DA OEP 2016. EXPTE. 34442/220.**

Visto o informe de fiscalización de data 9/08/19, dáse conta do informe-proposta de data 23/07/19, asinado polo técnico de organización e planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

Antecedentes:

O Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas para prover en propiedade unha praza de Enxeñeiro/a industrial en réxime funcionarial e incluída no subgrupo A1 de titulación, pola quenda libre, vacante no Cadro de Persoal Municipal e incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2016, na súa sesión de 19 de febreiro de 2019, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento da aspirante que se relaciona a continuación por ser a única que ten superados todos os exercicios da oposición:

| APELIDOS | NOME | DNI | TOTAL PUNTOS |
|---|---|---|---|
| ARRANZ GONZÁLEZ | BEGOÑA | ***7035** | 19,44 |

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 20/02/2019.

A aspirante proposta presentou no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

Visto o informe xurídico de data 8 de xullo de 2019 en relación coa situación dos traballadores indefinidos non fixos contido no expediente nº 34043/220, procede formular a proposta de nomeamento da interesada.

En consecuencia e, de conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta da Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira-delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de data 18/06/2019 e acordos da xunta de goberno local de 20/06/2019 e 04/07/2019, e previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo Técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

**PROPOSTA DE ACORDO:**

**"PRIMEIRO.-** Nomear **funcionaria de carreira** con cargo á praza convocada de **Enxeñeiro/a industrial** a **Dª. BEGOÑA ARRANZ GONZÁLEZ** con DNI ***7035**, que foi proposta polo Órgano de Selección, por ser a única aspirante que superou todos os exercicios da oposición cunha puntuación de **19,44 puntos.**

De conformidade co previsto na Base Décimo sexta das Xerais da convocatoria, o presente nomeamento unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión como funcionario de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 60.c) e d) da Lei 2/2015, do 29 de abril de emprego público de Galicia.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo á interesada, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social, así como ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

**TERCEIRO.-** Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 29(756).- PROPOSTA DE CREACIÓN DA LISTA DE TÉCNICO/A DE XESTIÓN DERIVADA DA EXECUCIÓN DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO 2014-2015-2016 (2ª FASE). EXPTE. 34463/220.

Visto o informe de fiscalización de data 9/08/19, dáse conta do informe-proposta de data 31/07/19, asinado polo técnico de organización e planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

**Antecedentes:**

**I.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 30/12/2014, aprobou a oferta de emprego público municipal para o ano 2014, que se publicou no Boletín Oficial da Provincia de data 22/12/2015 e no DOG de data 24/12/2015. Así mesmo, en sesión do día 30/12/2015, aprobou a oferta de emprego público municipal para o ano 2015, que se publicou no Boletín Oficial da Provincia de data 26/01/2016 e no DOG de data 10/02/2016. Por último, en sesión 08/04/2016, aprobou a oferta de emprego público municipal para o ano 2016, que se publicou no Boletín Oficial da Provincia de data 27/04/2016 e no DOG de data 06/05/2015, acordo modificado en sesión do día 02/12/2016, e publicado no Boletín Oficial da Provincia de data 22/12/2016 e no DOG de data 26/12/2016.

O concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, a través da instrución de servizo de data 25 de xaneiro de 2018, ordenou o inicio do expediente administrativo para a elaboración das bases xerais e específicas reguladoras das convocatorias dos procesos

selectivos para a cobertura das prazas vacantes incluídas nas ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2014, 2015 e 2016.

**II.-** A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 21/03/2018 aprobou as bases xerais e específicas reguladoras das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas vacantes incluídas nas ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2014, 2015 e 2016, expte. 31295/220, bases que se publicaron no BOP nº 60 de data 26 de marzo de 2018.

**III.-** Transcorrido o prazo para a presentación de recursos contra as referidas bases reitoras, preséntanse varios recursos potestativos de reposición que foron resoltos polo órgano competente. Finalizado o trámite de audiencia, proponse á Xunta de goberno local a rectificación de erros detectados, que é aprobado pola mesma na súa sesión extraordinaria de 18 de maio de 2018. O dito acordo é publicado no BOP nº 109 de 7 de xuño de 2018.

**IV.-** Rematados os regulamentarios procesos selectivos correspondentes á segunda fase das ofertas de emprego público dos anos 2014, 2015 e 2016, o órgano de selección da praza de técnico/a de xestión nas súa sesión final do proceso selectivo, documentada na correspondente acta, por unanimidade de tódolos seus membros, en base ao previsto na lexislación da función pública e as bases xerais e específicas que rexen esta oposición, resolveron declarar que os aspirantes que superaron tódalas probas de que constaba este proceso selectivo convocado e que, polo tanto, formarán parte da lista de substitucións para os efectos de poder seren nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral respectivamente, nos termos do establecido nos criterios de xestión da listas de reserva do Concello de Vigo vixentes, e normativa de concordante aplicación, que son os correspondentes a seguinte relación:

**TÉCNICO/A DE XESTIÓN**

| Nº | APELIDOS | NOME | DNI |
|---|---|---|---|
| 1 | ORDÓÑEZ DEL PAZO | TATIANA | ***3357** |
| 2 | CAMPOS BESTILLEIRO | MARÍA MONTSERRAT | ***3445** |
| 3 | PÉREZ LORENZO | NOA | ***3764** |
| 4 | UGARTE ALONSO | BEATRIZ | ***3962** |
| 5 | CHAPELA GALLEGO | MARÍA DOLORES | ***3569** |

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS.**

**I.-** Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos (apartado c) e, a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.
Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se houberan, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

**II.-** No apartado "Outras disposicións comúns" das bases xerais da convocatoria establecíase que as/os candidatos/as que no tendo superado o proceso selectivo aprobasen todas as probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos ou escalas, formarán parte dunha lista de substitucións para os efectos de poder seren nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral respectivamente, nos termos do establecido nos criterios de xestión da listas de reserva do Concello de Vigo vixentes, e normativa de concordante aplicación.

**III.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de decembro de 2015, aprobou acordo relativo a modificación puntual dos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo, expte. 26797/220, en vigor dende a data de aprobación, nos que se establece, entre outros:

*"Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (artigos 23 e 200); Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (artigos 100 a 102) e demáis normativa de concordante e procedente aplicación.*

*A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:*

*a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia.*

*b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.*

*Non afectarán as renuncias os supostos seguintes:*

- *supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;*
- *supostos de incapacidade temporal (IT);*

- *supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;*
- *supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.*

*A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.*
*As listas de reserva terán validez ata que se realice un novo proceso selectivo, perdendo a súa vixencia cona finalización de cada proceso selectivo, establecéndose en todo caso un límite máximo de vixencia temporal de* ***3 anos****.*

*No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os reservistas os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudiráse á pública convocatoria para a selección de funcionariado interino, nos termos do marco legal vixente. As listas que resulten da nova pública convocatoria sustituirán á anterior, permitindo deste xeito a actualización permanente das mesmas.*

*No suposto de concorrencia de unha lista principal con outra supletoria, primará na súa vixencia a que contemple un temario idéntico en número de temas ao temario tipo das Ofertas de Emprego Público (OEPs) sendo suplementaria da lista principal calquera outra lista que contemplase menor número de temas que os que conforman os temarios tipo das mencionadas ofertas".*

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016, expte. 27642/220, modificou puntualmente os referidos criterios, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas en sesión celebrada o 23 de xaneiro de 2016, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

*"VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo".*

Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 16 de xullo de 2016, expte. 28442/220, modificou puntualmente os ditos criterios, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas en sesión celebrada o 15 de xullo de 2016, engadindo o seguinte parágrafo:

*"Engadir ao punto V VALIDEZ DAS LISTAS DE RESERVA o acordo adoptado pola Comisión de seguemento das listas de reserva na súa reunión do 15/07/2016 a fin de reducir o mínimo legal de temas previsto no RD 896/1991, do 07 de xuño, nos seguintes termos:*

*"Reducirase o mínimo legal de temas previsto no RD 896/1991 do 07 de xuño, nos procesos selectivos de selección de funcionarios interinos por prazo máximo de seis meses dentro dun período de doce, convocados por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, nos supostos seguintes:*
*- exceso ou acumulación de tarefas,*

*- substitución transitoria dos titulares,*

*A dita redución afectará tamén aos procesos selectivos de selección de funcionarios interinos en execución de programas con carácter temporal por doce meses (con cargo a subvencións, etc).*

*Conforme coa seguinte táboa:*

| *Grupo de función* | *Número de temas* |
|---|---|
| *A1* | *60* |
| *A2* | *40* |
| *C1* | *25* |
| *C2* | *12* |
| *E* | *7* |

*Exceptúanse expresamente, os supostos de nomeamentos de funcionarios interinos con cargo a vacantes ou daqueles nomeados en execución de programas de carácter temporal de duración superior a un ano"*

*- <u>Modificar o punto VI COMISIÓN DE SELECCIÓN dos "Criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias de emprego do Concello de Vigo"</u> para garantir un mellor funcionamento, nos seguintes termos:*

- *"Secretario/a: a Secretaría do Goberno Local, na súa condición de titular de fe pública municipal (no que non corresponda ao ámbito material da Secretaría Xeral do Pleno) ou funcionario/a en quen delegue".*

- *"A Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, titular das competencias de goberno en materia de recursos humanos e persoal, que terá voto de calidade nos debates da Comisión, actuando como suplentes indistintos os demais concelleiros delegados nomeados por Resolución da Alcaldía de 19 de xuño de 2015"*

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de recursos humanos que subscribe, coa conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

"<u>Primeiro</u>.- Aprobar a lista de substitucións de técnico/a de xestión, e que inclúe aos/ás aspirantes en condicións de ser nomeados/as funcionarios/as interinos/as segundo o previsto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), segundo proposta do órgano de selección contida na correspondente acta, segundo relación seguinte:

TÉCNICO/A DE XESTIÓN

| Nº | APELIDOS | NOME | DNI |
|---|---|---|---|
| 1 | ORDÓÑEZ DEL PAZO | TATIANA | ***3357** |
| 2 | CAMPOS BESTILLEIRO | MARÍA MONTSERRAT | ***3445** |
| 3 | PÉREZ LORENZO | NOA | ***3764** |
| 4 | UGARTE ALONSO | BEATRIZ | ***3962** |
| 5 | CHAPELA GALLEGO | MARÍA DOLORES | ***3569** |

Segundo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**30(757).- SOLICITUDE DE ABOAMENTO DE GASTOS XUDICIAIS DO FUNCIONARIO CON NÚMERO DE PERSOAL 78828. EXPTE. 34480/220.**
Visto o informe de fiscalización de data 13/08/19, dáse conta do informe-proposta de data 7/08/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**I.**- En escrito de data 19 de xuño de 2019 (nº doc. 190094012) o/ funcionario/a, con nº de persoal 78828 e DNI nº 0*48***2 *, solicita o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados como consecuencia do persoamento do mesmo -en calidade de investigado- no procedemento abreviado nº 1143/2018, seguidas perante o Xulgado de Instrución nº 5 de Vigo, tendo sido ditado Auto de data 18/04/2019 polo que se acordou o sobresemento provisional e arquivo das actuacións.

Con data 17/06/2019, a Letrada da Administración de Xustiza, no procedemento DP 1143/2018, certifica que "Comprobado el procedimiento de referencia consta dictado auto de sobreseimiento provisional el 18 de abril de 2019 sin que conste presentado y/o interpuesto recurso alguno frente a dicha resolución..."

**II**.- O importe solicitado ascende a unha contía de 1.452,00 euros (Minuta nº 2/2018 Serie B), mais 1.573,00 euros (Minuta 3/2019 Serie B). Total: **3.025,00 euros.** Se aportan a tal efecto as respectivas facturas así como documento emitido polo Letrado Sr. García González, xustificativo do abono das mesmas efectuados polo solicitante.

**FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

**I.-** O Real Decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu artigo 14 o dereito dos empregados públicos á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos.

**II.-** O artigo 36 do vixente "Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo", aprobado en sesión plenaria de data 28 de decembro do 1998, establece que o Concello, ben a través dos seus servizos xurídicos ou con profesionais contratados prestará asesoramento e defensa xurídica ao persoal nos litixios derivados de feitos ocorridos como consecuencia do desenvolvemento das funcións propias do seu cargo, sen prexuízo do reembolso das cantidades que procedan si se demostrase na sentenza que existiu por parte do funcionario/a extralimitación, abuso de autoridade, dolo ou neglixencia grave no exercicio das súas funcións.

**III.-** A sentenza do Tribunal Supremo (Sala Terceira, do Contencioso-Administrativo) de 4 de febreiro de 2002, establece os requisitos para que unha Corporación poida considerar os gastos de representación e defensa dos seus membros nun proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados no exercicio do cargo. O fundamento xurídico terceiro da citada Sentenza sinala que a Entidade Local, "en uso de su autonomía reconocida por el artículo 137 de la Constitución española, puede considerar los gastos de representación y defensa de un proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados en el ejercicio del cargo, a condición de que no concurran circunstancias que obliguen a calificarlos como gastos realizados en interés propio o a favor de intereses ajenos al general de la entidad y además se den los siguientes requisitos:
-Que hayan sido motivados por una inculpación que tenga su origen o causa directa en su intervención en una actuación administrativa o de otra índole realizada en el cumplimiento de las funciones atribuidas por las disposiciones aplicables a su actividad como miembro de la Corporación o en el cumplimiento o ejecución de acuerdos de los órganos de esta sala.

-Que dicha intervención no haya sido llevada a cabo con abuso, exceso, desviación de poder o en convergencia con intereses particulares propios de los interesados o del grupo político o de otra índole al que pertenecen susceptibles de ser discernidos de los intereses de la Corporación, pues en tal caso la actuación no puede considerarse como propia del ejercicio de su función, sino como realizada en interés particular, aunque externa o formalmente no sea así.

-Que se declare la inexistencia de responsabilidad criminal por falta objetiva de participación o de conocimiento en los hechos determinantes de la responsabilidad penal, la inexistencia de estos o su carácter ilícito. De haberse contraído responsabilidad criminal, no puede entenderse que la conducta realizada lo haya sido en el ejercicio de sus funciones, sino abusando de ellas".

**IV.-** Con data 28 de xuño de 2017, Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, emitiu "Informe xeral sobre gastos de defensa letrada e representación de corporativos e empregados muni-

cipais derivados de procedementos penais en relación co exercicio das súas funcións propias", informe anexado ao expediente (trámite 8).

No presente caso consta a presentación das facturas: Minuta nº 2/2018 Serie B e Minuta 3/2019 Serie B, de datas 13/06/2018 e 30/04/2019, respectivamente; por importe total de 3.025,00 euros (1.452,00 euros correspondentes á Minuta nº 2/2018 Serie B, e 1.573,00 euros correspondentes á Minuta 3/2019 Serie B); consta o Auto de data 18/04/2019 polo que se acordou o sobresemento provisional e arquivo das actuacións e certificado da Letrada da Administración de xustiza no senso de que non consta presentado ou interposto recurso algún fronte a dita resolución. Por outra parte, non estamos ante un suposto de actuación allea ao exercicio lexítimo das funcións asignadas, nin contraditorio coas regras xerais e os deberes sinalados no estatuto e o código de conduta dos empregados públicos ou corporativos locais, cumpríndose igualmente os requisitos da sentenza do Tribunal Supremo (Sala Terceira, do Contencioso-Administrativo) de 4 de febreiro de 2002, anteriormente citada.

**V.-** De conformidade co anteriormente exposto, e vistas as competencias que en canto á autorización e disposición de gastos en materias competencias relativas ao persoal municipal ostenta a Xunta e Goberno Local ex artigos 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, proponse a imputación orzamentaria do gasto á aplicación orzamentaria 9200.2260400 "Gastos notariais e xudiciais" dos vixentes Orzamentos Municipais, sempre nos termos do indicado no previo o preceptivo informe de fiscalización previa do gasto proposto pola Intervención Xeral Municipal (artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

En consecuencia, e coa conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Tenente de Alcalde e Concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, (Delegacións competenciais por Decreto de Alcaldía e Acordo XGL de datas 18/06/2019 e 20/06/2019), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

"**PRIMEIRO.-** Acordar o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados ao/á funcionario/a con nº de persoal 78828 e DNI nº 0*48***2 *, como consecuencia do persoamento do/a mesmo/a -en calidade de investigado/a- no procedemento abreviado nº 1143/2018; seguidas perante o Xulgado de Instrución nº 5 de Vigo, tendo sido ditado Auto de data 18/04/2019 polo que se acordou o sobresemento provisional e arquivo das actuacións, sen que se presentase contra dito Auto recurso algún.

Os ditos gastos concrétanse nun importe total de **3.025,00 euros** (1.452,00 euros correspondentes á Minuta nº 2/2018 Serie B, e 1.573,00 euros correspondentes á Minuta 3/2019 Serie B).

Debendo imputarse o gasto á aplicación orzamentaria 9200.2260400 "Gastos notariais e xudiciais" dos vixentes Orzamentos Municipais, nos termos do indicado no preceptivo informe de fiscalización previa do gasto.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo o/a interesado/a e Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos."

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**31(758).- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO NO EXPEDIENTE 33861/220, CONTRA ACORDO DA XGL DE ATRIBUCIÓN PROVISIONAL DE FUNCIÓNS DO POSTO DE CONSERVADOR. EXPTE. 34498/220.**

Dáse conta do informe-proposta de data 12/08/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**I.**- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 09/05/2019, acordou, entre outros puntos:

1º "Atribuír provisionalmente o desempeño temporal de funcións do posto de "Conservador Vigozoo", vacante na actualidade ao empregado municipal D A. Acuña Rodríguez, con número de persoal 83.261, adscrito ao posto "Veterinario Zoo".

2º Dispoñer que, transitoriamente e ata a resolución do proceso selectivo obxecto do Expte 33524-220, que deberá executarse con carácter urxente, o desempeño temporal de funcións que se realice terá carácter estritamente provisional ata a súa cobertura polos medios legalmente previstos, de xeito temporal ou definitivo ou se deixe sen efecto mediante acto administrativo posterior."

**II.-** Notificado o acordo en data 15/05/2019, con rexistro de entrada de data 29/05/2019 (doc nº 190079510), o Sr. Acuña Rodríguez, interpón Recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno local referido.

**III.**- Constan no expediente informe asinado polo director de réxime interior e o xefe de servizo de medio ambiente (trámite 17), e informe da técnica de avaliación e formación (trámite 24).

**IV.-** A XGL en sesión ordinaria do 29 de marzo de 2019, acordou, entre outros puntos, aprobar as Bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego, que

permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, como conservador/a do zoo. (Expte 33524-220)

Finalizado o proceso selectivo e aprobada a bolsa de emprego de Conservador/a por acordo de Xunta de Goberno local 4 de xullo de 2019 (expte 34321-220), o citado órgano, en sesión ordinaria de data 26 de xullo de 2019, acordou, entre outros puntos, declarar a urxencia para proceder á provisión interina con cargo a vacante dun/dunha conservador/a (unha praza correspondente á OEP 2017), ao abeiro do exposto no artigo 10.1.a) do TREBEP xustificada nas necesidades de Vigozoo ...” (Expte 33399-220)

**NORMATIVA DE APLICACIÓN.**
**I.-** Constitución Española.
**II.-** RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei do Estatuto Básico do Empleado Público.
**III.-** Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
**IV.-** Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**
**I.- Lexitimación e prazo.**

En canto á <u>lexitimación</u> para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdicción competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que conta as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.

No caso que nos ocupa é indubidable a lexitimación do recorrente posto que é titular de dereitos e intereses lexítimos, persoais e directos afectados polo acto que agora se impugna.

O <u>prazo</u> de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, prazo respectado polo recorrente, en tanto que o 15/05/2019, foi notificado o acordo da Xunta de Goberno Local, agora impugnado, relativo atribución provisional de funcións do postos de conservador (expte 33861-220), presentando o recurso o día 29/05/2019.

Resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítese ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iuditium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica *a sensu contrario*.

Para ello será necesario que exista un turno de acceso libre a dichos convenios y a las mismas categorías profesionales. Esta posibilidad también será de aplicación a las entidades del sector público de la Administración respectiva. El desarrollo de estos procesos deberá regirse por la aplicación de los principios de igualdad, mérito y capacidad.

Dos. No se podrá proceder a la contratación de personal temporal, así como al nombramiento de personal estatutario temporal y de funcionarios interinos excepto en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables.

Tres. La Oferta de Empleo Público que corresponda a la Administración General del Estado, sus organismos públicos y demás entes públicos estatales se aprobará por el Gobierno, a iniciativa de los Departamentos u Organismos competentes y a propuesta del Ministerio de Hacienda y Función Pública. En el caso de las Fuerzas Armadas la aprobación será previo informe del Ministerio de Hacienda y Función Pública y a propuesta del Ministro de Defensa. En todos los casos será necesaria la previa valoración e informe sobre su repercusión en los costes de personal.

Corresponde a la Secretaría de Estado de Función Pública la competencia para convocar los procesos selectivos de acceso a los Cuerpos y Escalas de funcionarios adscritos a dicha Secretaría de Estado, así como los correspondientes al personal laboral del Convenio Único de la Administración General del Estado.

No se autorizarán convocatorias de puestos o plazas vacantes de personal laboral de los entes del sector público estatal salvo en casos excepcionales y para cubrir necesidades ur-

gentes e inaplazables que requerirán la previa y expresa autorización del Ministerio de Hacienda y Función Pública a través de las Secretarías de Estado de Presupuestos y Gastos y de Función Pública. Asimismo, con el objeto de posibilitar la adecuada optimización de los recursos humanos existentes en el sector público, ambas Secretarías de Estado podrán autorizar a los organismos autónomos y agencias estatales y entes públicos, a contratar a personal funcionario o laboral fijo con destino en Departamentos u Organismos Públicos del sector público estatal, así como, en aquellos ámbitos que presenten especiales dificultades de cobertura, a reservistas de especial disponibilidad que se encuentren percibiendo, hasta el momento de la celebración del contrato, la asignación por disponibilidad en la cuantía y condiciones previstos en el artículo 19.1 de la Ley 8/2006, de 24 de abril, de Tropa y Marinería. El Ministerio de Hacienda y Función Pública, a través de la Secretaría de Estado de Función Pública, determinará el procedimiento por el cual se garantizará la publicidad y libre concurrencia en este tipo de contrataciones. Los contratos celebrados al amparo de lo establecido en este apartado generarán derecho, desde la fecha de su celebración, a seguir percibiendo el complemento de antigüedad en la misma cuantía que se viniera percibiendo en el Departamento Ministerial u Organismo Público de procedencia.

Cuatro. La contratación de personal laboral temporal y el nombramiento de funcionarios interinos y de personal estatutario temporal, en las condiciones establecidas en el apartado dos de este artículo requerirá la previa autorización del Ministerio de Hacienda y Función Pública. Asimismo, la celebración de contratos de puesta a disposición con empresas de trabajo temporal sólo podrá formalizarse en las condiciones del apartado dos de este artículo y requerirá la previa autorización del Ministerio de Hacienda y Función Pública.

La contratación de personal fijo o temporal en el extranjero con arreglo a la legislación local o, en su caso, legislación española, requerirá la previa autorización del Ministerio de Hacienda y Función Pública.

La autorización de convocatorias y contratos por el Ministerio de Hacienda y Función Pública a que se refiere este apartado, se otorgará a través de las Secretarías de Estado de Presupuestos y Gastos y de Función Pública.
Las plazas vacantes desempeñadas por funcionarios interinos deberán incluirse en la correspondiente Oferta de Empleo Público, en los términos previstos en la autorización de nombramiento otorgada por las Secretarías de Estado de Presupuestos y Gastos y de Función Pública.
Las plazas que estando ocupadas por funcionarios interinos no sean provistas con carácter definitivo por funcionarios de carrera de nuevo ingreso, nombrados en ejecución de la Oferta de Empleo Público, podrán ser objeto de cobertura mediante procedimientos de provisión, movilidad y reingreso al servicio activo.

Cinco. La validez de la tasa autorizada en el apartado uno, números 2 a 6 de este artículo, estará condicionada a que las plazas resultantes se incluyan en una Oferta de Empleo Público que, de conformidad con lo establecido en el apartado 2 del artículo 70 del EBEP, deberá ser aprobada por los respectivos órganos de Gobierno de las Administraciones Públicas y publicarse en el Boletín Oficial de la Provincia, de la Comunidad Autónoma o, en su caso, del Estado, antes de la finalización de cada año.

La validez de dicha autorización estará igualmente condicionada a que la convocatoria de las plazas se efectúe mediante publicación de la misma en el Diario oficial de la Provincia,

Comunidad Autónoma o, en su caso, del Estado, en el plazo improrrogable de tres años, a contar desde la fecha de la publicación de la Oferta de Empleo Público en la que se incluyan las citadas plazas, con los requisitos establecidos en el párrafo anterior, de conformidad con lo dispuesto en el apartado 1 del artículo 70 del EBEP.

Seis. 1. La tasa de reposición de uno o varios sectores o colectivos prioritarios se podrá acumular en otros sectores o colectivos prioritarios. A estos efectos se consideran prioritarios, para todas las Administraciones Públicas, los sectores y colectivos enumerados en el artículo 19, apartados uno.3 y uno.5. Igualmente, la tasa de reposición de los sectores no prioritarios podrá acumularse en los sectores prioritarios.
Las entidades locales que en el ejercicio anterior hayan cumplido los objetivos de estabilidad presupuestaria y deuda pública y la regla de gasto y que, a 31 de diciembre de 2017, tengan amortizada su deuda financiera podrán acumular su tasa de reposición indistintamente en cualquier sector o colectivo.

2. El sector público podrá ceder parte de su tasa de reposición a las fundaciones públicas y consorcios adscritos que tengan la condición de agentes de ejecución del Sistema Español de Ciencia, Tecnología e Innovación con arreglo a la Ley 14/2011, de 1 de junio, de la Ciencia, la Tecnología y la Innovación, o que realicen proyectos de investigación, siempre que la tasa de reposición que se ceda se dedique a los citados proyectos. En la aprobación de la oferta de empleo público de la Administración u organismo que cede tasa, así como en la de la fundación o consorcio en los que se acumule, deberá reflejarse el número de plazas cedidas a cada fundación o consorcio.

Siete. Los apartados uno, dos, cinco y seis de este artículo tienen carácter básico y se dictan al amparo de los artículos 149.1.13.ª y 156.1 de la Constitución.”

**IV.- Consideracións sobre o concepto "tasa de reposición de efectivos".**
a) O concepto “tasa de reposición de efectivos”, alude ao número de prazas que quedaron vacantes e que xa existían, é dicir, a aquelas prazas que estaban cubertas de forma definitiva e cuxos titulares xa non as ocupan (xubilacións, falecementos, renuncias, excedencias, pérdida da condición de funcionario, extinción do contrato laboral fixo), ás cales se lle restan os empregados fixos incorporados no referido exercicio a dita administración ou organismo, sen contar as incorporacións por novo ingreso procedentes das Ofertas de Emprego Público ou reingresado que non tiveran reserva de posto.
b) Deben terse en conta as altas e as baixas producidas por concursos de traslado a outras administracións públicas; non se computa dentro do límite máximo de prazas derivado da taxa de reposición de efectivos, as correspondentes a persoal declarado indefinido non fixo por sentencia xudicial e a cifra resultante se lle calcula o correspondinte porcentaxe (50%). Este novo número será o máximo de prazas que poderán convocarse.
c) A os efectos de fixación da "taxa de reposición de efectivos" , non se considerarán as vacantes orixinadas en exercicios distintos do inmediatamente anterior ao da oferta de emprego público.
d) Non contempla previsión algunha sobre amortizacións das vacantes producidas por xubilación.
e) As prazas de promoción interna non computan na taxa de reposición.
f) En canto á acumulación da tasa de reposición de efectivos a nova Lei establece que a tasa de reposición de un ou varios sectores ou colectivos prioritarios poderase acumular en outros sectores ou colectivos prioritarios. Considerando prioritarios a estos efectos, para

todas as Administracións públicas, os sectores e colectivos enumerados no artigo 19, apartados uno.3 e uno.5. Igualmente, a tasa de reposición dos sectores no prioritarios poderá acumularse nos sectores prioritarios.
As entidades locais que no exercicio anterior cumpriran os obxectivos de estabilidade presupuestaria e deuda pública e a regra de gasto e que, a 31 de decembro de 2017, teñan amortizada súa deuda financeira poderán acumular súa tasa de reposición indistintamente en calquera sector ou colectivos.
Na Lei 6/2018 se contemplan unha serie de "tasas adicionais", que son as seguintes:
. No caso da Administración local e cumpre os requisitos económicos establecidos, ten amortizada a deuda financeira a 31 de decembro de 2017, terá unha tasa adicional de dous puntos porcentuais: ata o 10%.
. Si a Administración pública non cumpre os obxectivos de estabilidade presupuestaria, deuda pública e regla do gasto, solo se lle autoriza a unha tasa sectorial do 100%, que xa se impuso na Lei 3/2017 para o ano 2017. Nos sectores alí non contemplados, solo poderase cubrir o 75% das vacantes, tasa xeral que xa non é tal. Si ben, aínda que a Administración sexa incumpridora é posible outra tasa adicional do 5% que se suma a ese 75% para sectores ou ámbitos que requiran reforzos (e volve a enumerar as mesmas circunstancias, "entre outras": novos servizos, actividade estacional, alto número de xubilacións, ...)
. A todo o anterior hai que engardir outra tasa adicional dirixida tamén aos municipios, tamén do 5%. Esta vez solo para aqueles muncipios que incrementaran a poboación no período 2013 a 2017 e, como conscuencia de elo, se viran obrigados a prestar un maior número de servizos públicos en aplicación do artigo 26 da Lei 7/1985 LBRL.
. Outra tasa adicional é a que respecta as forzas e corpos de seguridade, así como ás policías autonómicas e locais, que alcanza o 115%.
* <u>Taxa adicional para a estabilización de emprego temporal</u> (artigo 19. Uno. 9 LGPE.-
Segundo consta na nota xurídica incorporada ao expte 31180-220 polo que se aprobou a Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2018, trámite 125:
*"<u>NOTA SOBRE A SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DA OEP 2018</u>*

*En escrito asinado polo Presidente do Comité de Persoal (nº doc 180198143), recibido na Área de RRHH e Formación o día 17/12/2018, se solicita a modificación da OEP 2018 (aprobada en sesión extraordinaria e urxente da XGL de data 23/11/2018, BOP 26/11/2018), nos seguintes termos:*

*1.- Incluír cinco prazas de mestre de formación EMAO en base ao previsto no artigo 19. Uno. 9 LGPE.*
*O citado artigo determina que "Amais do establecido en el artígo 19.uno.6 de la Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017, se autoriza una taxa adicional para la estabilización de emprego temporal que incluirá as prazas de natureza estrutural que, estando dotadas orzamentariamente, tiñan estado ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente ao menos nos tres años anteriores a 31 de decembro de 2017 nos seguintes sectores y colectivos: persoal dos servizos de administración y servizos xerais, de investigación, de salúde pública e inspección médica <u>así como outros servizos públicos</u>. Nas Universidades Públicas, solo estará incluído o persoal de administración y servizos."*

*a). En canto ao ámbito material, da citada disposición, practicamente non ten límites, a expresión "así como otros servizos públicos", é tan amplo que é posible incluír dentro do mesmo calquera clase de actividade municipal.*

*b). O precepto refírese en exclusiva ao persoal temporal, non efectuando distinción sobre a forma contractual, inclúe polo tanto os funcionarios interinos, persoal laboral indefinido non fixo recoñecido de oficio como o recoñecido por sentencia xudicial.*
*c). En canto aos requisitos procedimentais, se establece que: As ofertas públicas derivadas de estes procesos de estabilización deberán aprobarse e publicarse nos diarios oficiais entre os exercicios 2018 a 2020. A taxa de temporalidade en cada un de ditos ámbitos deberá situarse por debaixo do 8% ao finalizar os procesos, os cales deben garantir os principios de igualdade, mérito e capacidade e poderán ser obxecto de negociación nos distintos ámbitos territoriais. Deberán incluírse necesariamente nas ofertas públicas, mediante este sistema, prazas de natureza estrutural que estén ocupadas por persoal con vinculación temporal, en relación cos sectores e administracións citados. No poderán incrementarse ni o gasto público nin o número de efectivos como consecuencia de estos procesos selectivos.*
*A articulación de estos procesos selectivos que, en todo caso, garantirá o cumprimento dos principios de libre concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade, poderá ser obxecto de negociación en cada un dos ámbitos territoriais da Administración Xeral do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais, pudendo articularse medidas que posibiliten unha coordinación entre as diferentes Administracións no desenvolvemento dos mesmos.”*

* Tasa adicional de reposición de efectivos da Policía local.-

. A Disposición adicional centésima sexagésima quinta da Lei 6/2018 establece a posibilidade dunha Tasa adicional de reposición de efectivos da policía local. Así: “Adicionalmente a lo previsto en el artículo 19 de esta Ley, y con el fin de garantizar el ejercicio de las funciones de las Administraciones Públicas en materia de seguridad y orden público, en el supuesto de que en aplicación de lo establecido en el artículo 206.1 del Texto Refundido de la Ley General de la Seguridad Social se produzca el anticipo de edad de jubilación de los policías locales, las Entidades Locales podrán disponer durante 2018, exclusivamente para este colectivo, de una tasa adicional de reposición determinada por el número de bajas que se prevean en este ejercicio y en el ejercicio 2019 como consecuencia de dicho adelanto de la edad de jubilación. Esta tasa adicional se descontará de la que pudiera corresponder en los ejercicios 2019 y 2020.”

. En aplicación do artigo 206.1 do TRLGSS, se aprobou o RD 1449/2018, de 14 de decembro, polo que se establece o coeficiente redutor da idade de xubilación en favor dos policías locais ao servizo das entidades que integran a Administración local, o cal non entrará en vigor ata o día 2 de xaneiro de 2019 (Disposición Final 3ª).

Esta norma permite a partir do 2 de xaneiro que os policías locais podan solicitar o adianto de súa xubilación o tempo que resulte de aplicar un coeficiente redutor do 0,20% ao número de anos que traballaran efectivamente como axentes municipais. En todo caso, a idade ordinaria de xubilación non poderá reducirse en máis de 5 años, que poderán chegar a ser 6 sempre que se acrediten 37 anos de actividade efectiva e cotización. O requisito imprescindible para acceder á anticipación da idade de xubilación será haber cotizado 15 anos como policía local. Os interesados deberán comunicar á administración municipal correspondente súa vontade de acollerse a esta modalidade de xubilación antes do 31 de xaneiro de cada ano.

A Disposición transitoria 2ª do citado RD, dedicada á tasa adicional de reposición da policía local, determina que "De acuerdo con lo establecido en la disposición adicional centésima sexagésima quinta de la Ley 6/2018, de 3 de julio, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2018, y en aplicación de la misma, la tasa de reposición adicional será efectiva desde la presentación de la solicitud de jubilación anticipada. La persona interesada deberá comunicar a la Administración municipal correspondiente su voluntad de acogerse a esta modalidad de jubilación antes del día 31 de enero de cada año."

**V.- Persoal laboral indefinido non fixo.-**
Segundo consta nas Conclusións do Informe Xurídico emitido no expte 34043-220-Situación persoal laboral indefinido:

***"1.-*** *É evidente que o nivel de complexidade e inseguridade xurídica en relación á natureza xurídica dos indefinidos non fixos e seu réxime extintivo, é superior ao que sería desexable, e pon de manifesto os importantes problemas do marco normativo do emprego público e a necesidade dun estudio pormenorizado e en profundidade.*

***2.-*** *A xurisprudencia anterior á STS 28 de marzo de 2017 (rec. 1664/2015), distinguía con claridade dos causas de cese dos traballadores indefinidos non fixos (en adiante INF) con respecto aos condicionamentos aos que a empleadora está sometida para poder acordar dito cese:*

***a.-*** *Cese por amortización da praza que o traballador ven ocupando. Neste caso, a Administración empleadora debe axustarse, antes de acordar o cese, aos requisitos legalmente previstos para o despido obxectivo e indemnizar ao traballador coa suma correspondente a ese despido obxectivo.*

***b.-*** *Cese por ser ocupada a praza por un titular nomeado en forma regulamentaria. En este caso, a empleadora non ven suxeita a requisito ni condicionamento algún, sino que pode acordar o cese automáticamente, sen prexuízo do dereito do traballador a percibir a indemnización á que se refire a letra c) do número 1 do artigo 49 do ET, en relación coa Disposición Transitoria 13ª do mesmo."*

***3.-*** *As Sentencias do TXUE de 14 de setembro de 2016, que cuestionaron os mecanismos de contratación e cese do persoal na función pública española, provocaron unha importante incertidumbre sobre cal sería a postura do Tribunal Supremo e si provocaría un xiro xurisprudencial sobre a situación dos indefinidos non fixos e os interinos con cargo a vacante.*

***4.-*** *A STS 28 de marzo 2017 (rec. 1664/2015) introduce, un xiro interpretativo con respecto a doutrina anterior. Supón fundamentalmente que o traballador indefinido non fixo, non pode ser considerado como un traballador temporal, e que polo tanto non se pode equiparar xa a situación dos interinos con cargo a vacante.*

*A citada Sentencia, modifica a doutrina anterior no que se refire á contía indemnizatoria que procede nestes casos e fixa un novo criterio cuantitativo. Así, nun suposto de extinción por cobertura regulamentaria de praza dun INF e tras calificar a estos como «non temporais» (distinguíndoos dos interinos por vacante), o Alto Tribunal recoñece unha indemnización de 20 días, sin aplicar a doutrina «de Diego Porras».*

*__5.-__ Esta doutrina volverá a ser obxecto de revisión coa STS 2 de abril 2018 (rec. 27/2017), ao calificar os INF, de novo, como «temporais». Novo xiro xurisprudencial. Consecuencia de elo, xorde a cuestión de si se mantén a indemnización de 20 días.*

*__6.-__ Sentencia 28 de marzo de 2019 (rec 997/2017), ratifica o criterio da STS de 28 de marzo de 2017. Así, no caso de cobertura regulamentaria do posto, o traballador INF ten dereito a percibir a indemnización prevista no artigo 53.1 b) ET (20 días). Tras a STS de abril de 2018, os INF volven a ser "temporais". Tras este novo cambio, recoñecer unha indemnización de 20 días en caso de cobertura regulamentaria de praza, cando se denegou toda indemnización aos interinos por substitución e aos interinos por vacante (STS 13 de marzo 2019), parece de difícil encaixe.*

*__7.-__ Con todo, se advirte unha tendencia na que a figura do indefinido non fixo se afasta do interino por vacante, aproximándose á do traballador fixo, sen prexuízo de que a praza que ocupe deba ser obxecto de amortización (previo cumprimento dos trámites do despido obxectivo ou colectivo), ou de convocatoria (levando á extinción indemnizada do contrato).*

*__8.-__ No caso de cobertura regulamentaria da praza, en todo caso é necesario acreditar a exacta identificación da praza ofertada e súa concordancia coa ocupada pola persoa que presta súa actividade como indefinida. Non é suficiente a referencia xenérica na convocatoria, debendo extremarse as garantías para considerar que o posto de traballo do INF quedaba claramente afectado.*

*__9.-__ Á luz da nova xurisprudencia, se plantexa a cuestión de si son esixibles na causa extintiva por cobertura da praza, o cumprimento dos requisitos formais que se esixirían para calquera causa obxectiva.*
*Así o entendeu a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León de 06 e maio de 2019, que non é firme xa que cabe recurso de casación. A citada Sentenza, considera necesaria a emisión dunha correcta carta de comunicación do cese e súa xustificación, afirmando que a causa extintiva por cobertura regulamentaria da praza debe suxeitarse aos mesmos requisitos formais que se esixirían para calquera causa extintiva.*

*__10.-__ En relación co persoal laboral indefinido por resolución xudicial firme cuxa regularización resulte obrigada con motivo da execución das ofertas de emprego público 2014, 2015 e 2016, consonte ao marco normativo de aplicación e xurisprudencia aplicable ao efecto; non consta acreditado que na convocatoria das prazas nas correspondentes OEP, se expresara con claridade a exacta identificación das prazas ofertadas e súa concordancia coas ocupadas polas persoas que prestan súa actividade como indefinidos non fixas, e moito menos que no proceso se tiveran seguidos os mesmos requisitos para calquera causa extintiva."*

Á vista do cal, a luz da nova xurisprudencia, en relación coa regularización de dito persoal, deberá procederse ao análise e estudio do procedemento adecuado para a regularización do persoal indefinido non fixo.

**VI.- Cálculo efectuado da taxa de reposición de efectivos de conformidade co Informe Técnico.-**

No Informe Técnico de rectificación de data da sinatura electrónica, incorporado ao expediente (trámite 105), consta o cálculo da taxa de reposición de efectivos, segundo o mesmo temos que:

**PROPOSTA TÉCNICA OEP 2019**

Resulta un total de 41 baixas e unha alta, polo que resultan un total de **40 vacantes** :

**- 11 pertencentes ao Corpo da Policía Local (11 x 115% = 12,65, resultando un total de 13 prazas.**
**- 29 restantes ao resto dos Sectores:**

**a) 15 delas de sectores prioritarios) producidas durante o ano 2018 no Cadro de Persoal Municipal**, ó que o aplicarse o 100% (15 X 100% = 15 prazas de sectores prioritarios.
**b) As 14 restantes (sectores non prioritarios) x 75%** = 11 prazas dos sectores non prioritarios.

Consecuencia do anterior, da suma dos **apartados a) e b)** resulta un total de **26 prazas.**

De tal xeito, a Oferta de Emprego correspondente ao ano 2019 estará formada por **un total de TRINTA E NOVE prazas, a ofertar pola quenda libre**, as que haberá que engadir as prazas da quenda de promoción interna, que non computan dentro do límite máximo do 100%, o que suma un total de **TRINTA E NOVE PRAZAS a ofertar pola quenda libre e SEIS pola quenda de promoción interna.**

**a) TASA XERAL REPOSICIÓN EFECTIVOS**

**A) QUENDA LIBRE ( 39 PRAZAS )**

| DENOMINACIÓN | TIPO DE VÍNCULO XURÍDICO (funcionarios de carreira/persoal laboral fixo) | NÚMERO DE PRAZAS OFERTADAS |
|---|---|---|
| DIPLOMADO/A TRABALLO SOCIAL | FUNCIONARIO/A DE CARREIRA | 5 (unha reservada para persoas con discapacidade) |
| TÉCNICO/A MEDIO/A SISTEMAS | FUNCIONARIO /A DE CARREIRA | 1 |
| ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A FORESTAL | FUNCIONARIO/A DE CARREIRA | 1 |
| MESTRE FORMACIÓN | FUNCIONARIO/A DE CARREIRA | 2 |
| POLICÍA | FUNCIONARIO/A DE CARREIRA | 12 |

| | | |
|---|---|---|
| BOMBEIRO/A | FUNCIONARIO/A DE CARREIRA | 6 |
| CONDUTOR-BOMBEIRO | FUNCIONARIO/ DE CARREIRA | 2 |
| SUBALTERNO/A | FUNCIONARIO/A DE CARREIRA | 2<br>(reservadas para persoas con discapacidade, unha delas para persoas que acrediten unha discapacidade intelectual) |
| OFICIAL OFICIOS | PERSOAL LABORAL | 7<br>(1 sepultureiro, 1 coidador, dous/dúas oficiais instalacións e tres oficiais mantemento, unha delas reservada para discapacitados/as)) |
| AXUDANTE OFICIOS | PERSOAL LABORAL | 1<br>(resérvase para persoas que acrediten unha discapacidade intelectual) |
| TOTAL PRAZAS | 39 | Das 39 prazas, 39 se ofertan pola quenda libre, 5 se reservan para persoas con discapacidade, dúas das cales para persoas que acrediten unha discapacidade intelectual |

**B) <u>PROMOCIÓN INTERNA (6 PRAZAS)</u>**

| **DENOMINACIÓN** | **TIPO DE VÍNCULO XURÍDICO (funcionarios de carreira/persoal laboral fixo)** | **NÚMERO DE PRAZAS OFERTADAS** |
|---|---|---|
| SARXENTO S.E.I.S | FUNCIONARIO/A DE CARREIRA | 3 |
| INSPECTOR/A POLICÍA LOCAL | FUNCIONARIO/A DE CARREIRA | 1 |
| INSPECTOR/A CONTROL CONCESIONARIAS | FUNCIONARIO/A DE CARREIRA | 2<br>(unha delas reservada para persoas con discapacidade) |

***C) Prazas incluídas por estabilización de emprego. ( 3 PRAZAS )***

| DENOMINACIÓN | TIPO DE VÍNCULO XURÍDICO (funcionarios de carreira/persoal laboral fixo) | NÚMERO DE PRAZAS OFERTADAS |
|---|---|---|
| MESTRE FORMACIÓN | FUNCIONARIO/A DE CARREIRA | 3 |

***D) PRAZAS TAXA ADICCIONAL XUBILACIÓNS POLICÍA LOCAL ( 36 PRAZAS )***

| DENOMINACIÓN | TIPO DE VÍNCULO XURÍDICO (funcionarios de carreira/persoal laboral fixo) | NÚMERO DE PRAZAS OFERTADAS |
|---|---|---|
| POLICÍA LOCAL | FUNCIONARIO/A DE CARREIRA | 36 |

***TOTAL OEP 2019 ...…………………………………………………………………………… 84 PRAZAS.***

**VII.- Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Tenente de Alcalde e Concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, (Delegacións competenciais por Decreto de Alcaldía e Acordo XGL de datas 18/06/2019 e 20/06/2019), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

**PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Aprobar a Oferta de Emprego Público do Concello de Vigo para o ano 2019, integrada polas seguintes prazas vacantes:

| PRAZA | QUENDA (libre/promoción interna) | TIPO DE VÍNCULO XURÍDICO (funcionarios de carreira/persoal laboral fixo) | NÚMERO DE PRAZAS OFERTADAS | OBSERVACIÓNS |
|---|---|---|---|---|

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| DIPLOMADO/A TRABALLO SOCIAL | LIBRE | FUNCIONARIO /A DE CARREIRA | 5 | Unha delas reservada para persoas con discapacidade |
| TÉCNICO/A MEDIO/A SISTEMAS | LIBRE | FUNCIONARIO /A DE CARREIRA | 1 | |
| ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A FORESTAL | LIBRE | FUNCIONARIA DE CARREIRA | 1 | |
| MESTRE FORMACIÓN | LIBRE | FUNCIONARIO /A DE CARREIRA | 5 | 3 delas Proceso Estabilización Emprego e as outras dúas pola taxa normal |
| INSPECTOR POLICIA LOCAL | PROMOCIÓN INTERNA | FUNCIONARIO /A DE CARREIRA | 1 | |
| POLICÍA | LIBRE | FUNCIONARIO /A DE CARREIRA | 48 | 36 pola Taxa adicional Corpo Policía Local e 12 pola taxa normal |
| SARXENTO S.E.I.S. | PROMOCIÓN INTERNA | FUNCIONARIO /A DE CARREIRA | 3 | |
| BOMBEIRO/A | LIBRE | FUNCIONARIO /A DE CARREIRA | 6 | |
| CONDUTOR-BOMBEIRO | LIBRE | FUNCIONARIO /A DE CARREIRA | 2 | |
| INSPECTOR/A CONTROL CONCESIONARIAS | PROMOCIÓN INTERNA | FUNCIONARIO /A DE CARREIRA | 2 | Unha delas reservada para persoas con discapacidade |
| SUBALTERNO/A | LIBRE | FUNCIONARIO /A DE CARREIRA | 2 | Reservadas para persoas con discapacidade, unha delas para persoas que acrediten unha discapacidade intelectual |
| OFICIAL OFICIOS | LIBRE | PERSOAL LABORAL | 7 | 7 ( 1 sepultureiro, 1 coidador, dous/dúas oficiais instalacións e tres oficiais mantemento (unha delas reservada para discapacitados/as) |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| AXUDANTE OFICIOS | LIBRE | PERSOAL LABORAL | 1 | Reservada para persoas con discapacidade intelectual. |
| TOTAL PRAZAS OEP 2019 | | | 84 | Das 84 prazas, 78 se ofertan pola quenda libre e 6 pola quenda de promoción interna. Resérvanse 6 prazas para persoas con discapacidade (7% das 84 prazas convocadas), dúas das cales para persoas que acrediten unha discapacidade intelectual. |

**SEGUNDO:** De conformidade co disposto no artigo 59 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) resérvanse un total de **6 prazas** para **persoas con discapacidade,** dúas delas para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual e as restantes para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

**TERCEIRO:** Ordease a publicación da presente oferta no BOE e notificar o presente acordo ao Comité de Persoal, Intervención Xeral, e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

**<u>Acordo</u>**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**34(761).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MUSEOS MUNICIPAIS NO MES DE XULLO DE 2019. EXPTE. 2553/341.**

Dáse conta do informe-proposta de data 9/08/19, asinado polo xefe do Servizo de Museos Municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2019, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, D. Abel

Losada Álvarez, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Museos Municipais (341) e o Museo Quiñones de León (337) no mes de **XULLO**, e que son os que deseguido se relacionan:

| CENTRO OU SERVIZO | CONCEPTO | DATA | IMPORTE |
|---|---|---|---|
| **SERVIZO MUSEOS (341)** | Expte. 2502/341. Visitas guiadas en centros da Rede de Museos Municipais na Noite Branca 2019. GALIPAT SERVICIOS CULTURAIS, S.L. RCM 47477. | 05/07/19 | 2.620,86 € |
| **SERVIZO MUSEOS (341)** | Expte. 2500/341. Visitas guiadas aos Xardíns Históricos do Pazo Quiñones de León na Noite Branca 2019. AGUAS DE VIGO, S.L. RCM 48031. | 09/07/19 | 617,10 € |
| **SERVIZO MUSEOS (341)** | Expte. 2495/341. Servizos de redacción de proxecto, comisariado e produción xeral dunha exposición para a NOITE BRANCA 2019. DATA GESTIÓN CULTURAL, S.L. RCM 46529. | 02/07/19 | 17.061,00 € |
| **SERVIZO MUSEOS (341)** | Expte. 2496/341. Subministración e servizos de material gráfico das actividades de NOITE BRANCA 2019 e exposición en Casa das Artes. JUAN FRANCISCO CENTRÓN CASTAÑOS. RCM 47478. | 05/07/19 | 9.092,97 € |
| **SERVIZO MUSEOS (341)** | Expte. 2499/341. Deseño do material gráfico da exposición “NOITE BRANCA” 2019 na Casa das Artes. RAÚL BERMÚDEZ DOMÍNGUEZ. RCM 47481. | 05/07/19 | 3.363,80 € |
| **SERVIZO MUSEOS (341)** | Expte. 2524/341. Contratación do servizo de fotografado de obras de Puri del Palacio para a exposición “O arrecendo da realidade. O esquecemento da beleza”. RAMÓN VAQUERO ALDAZÁBAL. RCM 50323. | 16/07/19 | 2.057,00 € |
| **SERVIZO MUSEOS (341)** | Expte. 2525/341. Subministración e deseño de material gráfico para a exposición de Puri del Palacio “O arrecendo da realidade. O esquecemento da beleza”. ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. RCM 52110. | 23/07/19 | 7.949,70 € |
| **SERVIZO MUSEOS (341)** | Expte. 2526/341. Embalaxe, Transporte e montaxe das obras da exposición de Puri del Palacio “O arrecendo da realidade. O esquecemento da beleza”. SONIA Mª OTERO GONZÁLEZ. RCM 54049. | 31/07/19 | 7.005,90 € |
| **SERVIZO MUSEOS (341)** | Expte. 2521/341. Autorización de gasto para a contratación dos servizos de mantemento preventivo dos elevadores nos museos e centros expositivos adscritos á Area de Cultura para un máximo de 5 revisións mensuais. ASCENSORES ENOR, S.L. RCM 52109. | 23/07/19 | 2.359,50 € |

| CENTRO OU SERVIZO | CONCEPTO | DATA | IMPORTE |
|---|---|---|---|
| **MUSEO QUIÑONES (337)** | Expte. 6661/337. Restauración de diverso material arqueolóxico para a exposición “Custodiando o pasado. As coleccións arqueolóxicas do Museo Quiñones de León”. M.ª DOLORES ÁLVAREZ REY. RCM 47698. | 09/07/19 | 4.300,00 € |
| **MUSEO QUIÑONES (337)** | Expte. 6627/337. Proxecto museográfico da exposición temporal “Custodiando o pasado. As coleccións arqueolóxicas do Museo Quiñones de León”. PROYECTOPÍA, S.L. RCM 45853. | 05/07/19 | 2.900,00 € |
| **MUSEO QUIÑONES (337)** | Expte. 6659/337. Reedición de folletos informativos do Museo Municipal “Quiñones de León”. ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. RCM 51944. | 23/07/19 | 2.498,98 € |
| **MUSEO QUIÑONES (337)** | Expte. 6678/337. Contratación dunha actuación de Pablo Seoane e Grupo no Museo Municipal Quiñones de León o 9 de agosto de 2019 no programa Noite Branca dos Museos 2019. SIRGO TORCENDO, S.L. RCM 51945. | 23/07/19 | 2.522,85 € |
| **MUSEO QUIÑONES (337)** | Expte. 6669/337.- Desmontaxe e traslado da exposición “Catálogo de 1937”. MARÍA BARIEGO HERNÁNDEZ. RCM 51856. | 23/07/19 | 3.586,44 € |
| **MUSEO QUIÑONES (337)** | Expte. 6679/337. Servizo de correo para devolución de obra e documentación da exposición “Catálogo 1937”. BEATRIZ LIZ DE CEA. RCM 56311. | 26/07/19 | 665,50 € |
| **MUSEO QUIÑONES (337)** | Expte. 6668/337. Informe de conservación do material orgánico depositado no Museo Verbum. Mª DOLORES ÁLVAREZ REY. RCM 49039. | 11/07/19 | 319,44 € |
| **MUSEO QUIÑONES (337)** | Expte. 6670/337. Elaboración de informes de conservación de 25 pezas arqueolóxicas solicitadas en préstamo temporal. BIC MATERIALES Y CONSERVACIÓN, S.L. RCM 49555. | 15/07/19 | 1.452,00 € |

**Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

**35(762).- FIXACIÓN DE PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA NO AUDITORIO MUNICIPAL NO SEGUNDO SEMESTRE DO ANO 2019. EXPTE. 2812/330.**

Visto o informe xurídico do 13/08/19 e o informe de fiscalización de data 22/08/19, dáse conta do informe-proposta do 13/08/19, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultura e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

O concelleiro-delegado da área de Cultura resolveu con data 4 de xullo de 2019 que pola área de Cultura se inicie o expediente necesario para a fixación de prezos de venda de entradas da programación Vigocultura no Auditorio Municipal no segundo semestre do ano 2019, dacordo co artigo 44.2 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e coa ordenanza municipal do Concello de Vigo reguladora de prezos públicos nº42.

No informe económico xustificativo de data 9 de agosto de 2019, a técnica de actividades culturais e educativas do servizo de Cultura, co conforme do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural realiza a xustificación detallada dos prezos propostos que se axustan á lexislación vixente e conforme ao establecido na citada ordenanza municipal e que figura no expediente.

Os prezos públicos que se propoñen para a citada programación son prezos por debaixo do custe das actividades, xa que nos atopamos ante un servizo ou actividade municipal de incuestionable interés cultural ao tratarse dunha programación de tipo cultural e educativa que pretende chegar ao maior número de cidadás e cidadáns posible, co obxecto de achegar a cultura á poboación.

Debido a que a programación é concebida como un todo, e que os prezos públicos deben ser máis ou menos homoxéneos para a maioría dos espectáculos, establécese o prezo de venda de entradas para público adulto de 8 €, excepto nos espectáculos de Yllana que terá un prezo de 10 € pola súa extraordinaria repercusión e custe; e un prezo para os espectáculos dirixidos a público familiar, de 5 €.

Os prezos propostos non superarían o custo calculado en base ao coste total do programa entre a ocupación total das localidades, segundo establece a ordenanza nº 42 reguladora dos prezos públicos pola prestación do servizo de organización de espectáculos no seu artigo 3.1

Dacordo co artigo 3.1 da citada ordenanza se establecerán abonos pola compra de 5 espectáculos no que se aplicará un 10 % de desconto sobre o prezo total de compra e de 10 espectáculos, no que se aplicará un 25% de desconto, non sobrepasando en ningún dos casos o 30 % que establece a ordenanza.

As entradas serán postas á venda anticipadamente a través da web de ticketea, no teléfono 902044226, en Discos Elepé e o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo no despacho de billetes do Auditorio (sempre que houbese entradas disponibles).

O establecemento ou modificación dos prezos públicos corresponderá ao Pleno da corporación, se ben dita facultade está delegada na Xunta de Goberno Local (artigo 3 da ordenanza n.º 42 reguladora de prezos públicos, en relación co artigo 47 do TRLFL).

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

*Fixar os prezos de venda de entradas da programación Vigocultura no Auditorio Municipal no segundo semestre do ano 2019, dacordo coa ordenanza reguladora de prezos públicos nº42, segundo o seguinte detalle:*

| DATA | COMPAÑÍA | ESPECTÁCULO | PREZO PROPOSTO |
|---|---|---|---|
| 04/10/19 | Teatro Gorakada | El viaje de Ulises | 8 € |
| 06/10/19 | Xampatito Pato | SÓ | 5 € |
| 11/10/19 | ButacaZero | Despois das ondas | 8 € |
| 13/10/19 | Fani Triana e Martín Camiña | Bimaxias: 2 ilusionistas en realidades paralelas | 5 € |
| 18/10/19 | Yllana | Gag Movie | 10 € |
| 19/10/19 | Yllana | Gag Movie | 10 € |
| 20/10/19 | Yllana | Gag Movie | 10 € > 12 anos<br>5 € ata 12 anos |
| 25/10/19 | Arden Producciones | Shakespeare en Berlín | 8 € |
| 27/10/19 | Producións Dispersas | Todas as marabillas do mundo | 5 € |
| 01/11/19 | DeuVe | Guerra de identidade | 8 € |
| 02/11/19 | Desafora2 | No hay papel | 8 € |
| 03/11/19 | Kandengue Arts | Arte'n'rúa | 5 € |
| 08/11/19 | Fran Sieira | Entresoños | 8 € |
| 09/11/19 | Fran Sieira | Entresoños | 8 € |
| 10/11/19 | La Petita Malumaluga | Bitels para bebés | 5 € |
| 15/11/19 | Producciones del Barrio | Celebraré mi muerte | 8 € |
| 17/11/19 | La Trócola Circo | Emportats | 5 € |
| 22/11/19 | Redrum Teatro | Invisibles | 8 € |
| 24/11/19 | Pata Teatro | Debajo del Tejado | 5 € |
| 29/11/19 | Teatro do Atlántico | Dúas donas que bailan | 8 € |

*Se establecen dous tipos de abonos á carta pola compra de 5 espectáculos no que se aplicará un 10 % de desconto sobre o prezo total de compra e de 10 espectáculos, no que se aplicará un 25% de desconto.*

*A concellería da Área de Cultura ten asinado un protocolo de colaboración co IES Audiovisual de Vigo polo que se establece un desconto dun 50 % no prezo da entrada para o alumnado e profesorado do centro que presente o carné da escola na billeteira e entrada do recinto. Por outro lado, e co gallo de fomentar a asistencia ao teatro da mocidade por terse detectado que é o público máis difícil de enganchar, tamén se establecerá un desconto dun 50% no prezo da entrada a través de internet para aquelas persoas entre 12 e 18 anos que introduzcan o código de desconto "OTEATROMOLA" (deberán acreditar a idade no control de accesos).*

*As entradas serán postas á venda anticipadamente a través da web de ticketea, no teléfono 902044226, en Discos Elepé e o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo no despacho de billetes do Auditorio (sempre que houbese entradas disponibles).*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**36(763.- RECEPCIÓN TOTAL E DEFINITIVA DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA "U.E. I-01 VILLALAURA". EXPTE. 5247/401.**

Dáse conta do informe-proposta de data 24/07/19 asinado pola técnica de Admón. Xeral, o enxeñeiro técnico de Obras Públicas, e conformado polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

O Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado definitivamente con data do 29 de abril de 1993 delimitou unha Unidade de Execución denominada *"U. E. I-01 VILLA LAURA"*, cunha clasificación de Solo Urbano, sistema de actuación por compensación e Ordenanza de aplicación "1.1.B" de edificación pechada. Nos planos de ordenación do PXOU-93 ordenouse directamente este ámbito.

Con data do 3 de novembro de 1994 o Concello en pleno acordou aprobar definitivamente as Bases e Estatutos do polígono *"U. E. I-01 VILLA LAURA"* (*BOP* núm. 118 de 21 de xuño de 1994).

Con data do 15 de outubro de 1997 outorgouse escritura pública de constitución da Xunta de Compensación dese ámbito ante a notaria de Vigo dona Palmira Delgado Martín, baixo o núm. 1.040 do seu protocolo. Dita Xunta de Compensación foi inscrita no rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras da Xunta de Galicia con data do 21 de xaneiro de 1998 mediante acordo do Delegado Provincial de Pontevedra da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia (Expte 168/97).

O Consello da xerencia municipal de Urbanismo, en sesión do 30 de abril de 2003, acordou *Aprobar definitivamente o Proxecto de Compensación do polígono "U.E. I - 01 VILLALAURA", aprobado pola Xunta de Compensación en asembleas do 19/12/2001 e 10/04/2003 .*

Con data do 30 de abril de 2003, o Consello da xerencia municipal de Urbanismo acordou, entre outros pronunciamentos *"Aprobar definitivamente o proxecto de urbanización do polígono "U. E. I-01 VILLA LAURA", redactado polos arquitectos don Antonio Davila Alonso, dona Eva Filgueira García, don César Jiménez López, don Luis Mejide Rico e don Jesús Cordeiro Rodríguez, visado polo COAG no 9 de xaneiro de 2002, 13 de decembro de 2001 e 13 de xullo de 2001 (Expte 4291/401);*

Posteriormente, Con data do 22 de outubro de 2007 pola Xunta de Goberno Local acordouse aprobar definitivamente o proxecto modificado de urbanización da *"U. E. I-01 VILLA LAURA"*, elaborado polos arquitectos don Antonio Dávila Alonso, dona Eva Filgueira García, don César Jiménez López, don Luis mejide Rico e don Jesús Cordeiro Rodríguez, con data de visado do *COAG* de 18 de outubro de 2006, (Expte 4716/401).

Con data do 17 de xuño de 2009 polo Delegado da área de Urbanismo e Vivenda, dentro do exp. 4291/401, resolveuse requirir á Xunta de Compensación da *"U. E. I-01 VILLA LAURA"* para que procedese inmediatamente a reanudar as obras de urbanización do devandito ámbito, baixo advertencia de que o incumprimento da obriga de finalizar a urbanización podería conlevar a incautación do aval presentado en garantía da execución da mesma, así como a utilización dos mecanismos de execución forzosa atribuídos á Administración Pública nos artigos 93 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común; asemade, requiriuse á Xunta de Compensación para presentar inmediatamente a garantía referida no acordo de 22 de outubro de 2007 da Xunta de Goberno Local de aprobación definitiva do proxecto modificado de urbanización da *"U.E. I-01 VILLA LAURA"*. Esta resolución foi notificada á Xunta de Compensación con data do 19 de xuño de 2009, constando no expediente debidamente notificada con data do 25 de xuño de 2009.

Con data do 19 de outubro de 2009 pola Xunta de Goberno Local acordouse aceptar a recepción parcial das obras incluídas no proxecto de urbanización da *"U. E. I-01 VILLA LAURA"*: rúa Zaragoza (entre Avda. Hispanidade e r/ Tarragona), rúa Tarragona (entre r/Zaragoza e r/ Pintor Colmeiro) e rúa Sevilla (entre r/Barcelona e o aparcadoiro subterráneo), de conformidade cos informes técnicos que obran no Expte núm. 4926/401.

Con data do 1 de setembro de 2014 por don Rogelio Pérez Conde en calidade de Presidente da Xunta de Compensación da *"U. E. I-01 VILLA LAURA"* achegouse unha solicitude de ampliación do prazo acordado para o reinicio das obras obras de urbanización pendentes -doc. núm. 140104341 do rexistro de entrada da xerencia municipal de Urbanismo-; Á vista da dita solicitude, con data do 2 de outubro de 2014 pola Vicepresidenta da xerencia municipal de Urbanismo acordouse desestimar a solicitude de ampliación de prazo amentada no parágrafo anterior.

Neste senso, rematado o devandito prazo outorgado NON foron reiniciadas as obras de urbanización. Consta neste senso, informes emitidos polo director dos Servizos Técnicos de datas 9 de xullo e do 30 de outubro de 2014 que así o acredita, a cuxo íntegro contido nos remitimos.

Mediante Resolución da Vicepresidenta desta XMU do 07.11.2014, ditouse Resolución na que se dispuxo, noutra orde de cousas, "(...)*Declarar incumprido o requirimento realizado á Xunta de Compensación da "U. E. I-01 VILLA LAURA" para reiniciar as obras de urbanización pendentes de executar, e proceder á execución subsidiaria das obras de urbanización que restan por executar ante a total inactividade da Xunta de Compensación e en atención ás circunstancias concorrentes, de conformidade cos informes do director dos Servizos técnicos de datas do 9 de xullo e 30 de outubro de 2014(..)"; e Executar parcialmente, polo importe necesario para a execución subsidiaria das obras de urbanización que restan por executar atendendo á valoración realizada polo director dos Servizos Técnicos en informe do 30.10.2014 (263.210,23 euros), o aval depositado pola Xunta de Compensación da "U. E. I-01 VILLA LAURA" na entidade La Caixa con data do 23 de febreiro de 2004 en garantía da correcta execución das obras de urbanización e contabilizado na Tesourería municipal co núm. de operación 200400008993.*

En cumprimento da mesma, o Consello da XMU, en sesión ordinaria do 01.04.2016 acordou aprobar o gasto, por importe de 236.668,39 euros, con cargo á partida 1510.2279910 do vixente Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, para a contratación das obras de remate da urbanización da "U.A. I-01 VILLALAURA" , e Aprobar o proxecto e o prego de cláusulas administrativas particulares, de data 17 de marzo de 2016, que rexerá a contratación das obras de remate da urbanización da "U.A. I-01 VILLALAURA; así como aprobar o presente expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de licitación con tramitación declarada urxente, que realizarase mediante a publicación de anuncios no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Con posterioridade, e logo da preceptiva tramitación con arranxo a Lei de contratos nese intre vixente, con data do 09.09.2016 o Consello da XMU, acordou por unanimidade, "Adxudicar o contrato da obra de remate da urbanización da U.A. I-01 Villalaura a entidade *"Construcciones Fechi S.L.U.",* polo prezo de 146.450,40 euros.; con posterioridade o 28.02.2017 o Consello da Xerencia, acordou, Aprobar o proxecto-modificado da obra de remate da urbanización da U.A. I-01 VILLALAURA de data febreiro de 2017, ó que presta conformidade o adxudicatario, e aprobar o expediente de modificación do citado contrato de obra que non supón alteración do prezo total do contrato, nin redución da prestación total por parte da entidade adxudicataria.

Así as cousas, con data do 28 de febreiro de 2018, asinábase nos terreos da UA. I-01 VILLALAURA, a acta de recepción definitiva das obras relativas aos proxectos indicados nas alíneas anteriores, de remate da dita urbanización, deste xeito os funcionarios técnicos designados pola administración acordan recibir as mesmas, de conformidade co disposto no art. 235 do RDL 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o TRLCSP, iniciándose así o prazo de garantía.

Polo exposto, procede neste intre proceder á recepción definitiva das obras que nos ocupa, e deste xeito con data do 23.07.2019 o enxeñeiro xefe da oficina de urbanización e infraestruturas desta XMU, emite informe FAVORABLE á presente recepción total das obras que nos ocupan, no que propón a recepción total e definitiva das obras contidas no proxecto de urbanización modificado da U.E.I-01 VILLALAURA, do xeito que segue,

*"En el vigente PGOU´93 se delimita el ámbito de la denominada Unidad de Ejecución I – 01 VILLA LAURA, situada en un espacio territorial que incluye parte de los trazados de las calles Barcelona, Tarragona, Sevilla y Zaragoza.*

*El Proyecto de Urbanización ( Exp – 4291/401 ) inicial de dicha zona, fué aprobado definitivamente el 30.04.2003 por acuerdo del Consejo de la Gerencia Municipal de Urbanismo.*
*Con posterioridad se tramitó un Proyecto de Urbanización Modificado ( Exp – 4716/401 ) que recibió la aprobación definitiva el 22.01.2007 en acuerdo de la Junta de Gobierno Local.*
*Las obras que se desarrollaron al amparo de dicho documento, fueron recibidas parcialmente por acuerdo de la Junta de Gobierno Local de fecha 19.10.2009.*
*Asi las cosas, se requirió en reiteradas ocasiones a la Junta de Compensación la conclusión de las obras de urbanización sin ningún éxito.*
*Por el motivo antes comentado, el Consejo de la Gerencia Municipal de Urbanismo de fecha 20.02.2015 acordó incoar expediente de contratación de las obras de urbanización que restaban por ejecutar en dicha Unidad de Ejecución ( Exp – 8044/407 ).*
*Estas obras se adjudican a la empresa Construcciones Fechi, S.L., firmandose el contrato el día 9 de septiembre de 2016 con un plazo de ejecución de cuatro meses. El acta de replanteo tiene fecha del día 17 de octubre de 2016.*
*Una vez rematadas las mencionadas obras de conclusión del ámbito de la Unidad de Ejecución, se firmó el Acta de Recepción en fecha 28.02.2017.*
*Por lo tanto con las actuaciones aquí descritas, han quedado rematadas las Obras de Urbanización que desarrollan la Unidad de Ejecución I – 01 Villa Laura, y que se recogen en el Proyecto de Urbanización Modificado, con las adaptaciones oportunamente autorizadas.*

*Llegados a este punto, el Técnico que suscribe propone la Recepción Total y Definitiva de las obras contenidas en el Proyecto de Urbanización Modificado de la U.E. I – 01 Villa Laura.*

## FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Normativa examinada.

- RDLex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LSG
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- R.D.2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do sector público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- R.D.1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Admóns. Públicas.
- R.D.817/2009, do 8 de maio, polo que se aproba o Regulamento parcial da LCSP.
- Instrucción 1/2015 pola que se modifica a Instrucción 2/2012 e se aproba o Protocolo de actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización do Concello de Vigo (aprobada pola Xunta de Goberno Local o 22.10.2015, B.O.P nº 223, do 18.11.2015)
- PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de

1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG nº 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P nº 133, o 14 de xullo de 1993.

- Estatutos da XMU (A.D. versión refundida e consolidada Pleno do Concello de día 06.09.2010, BOP nº. 193, de día 06.10.2010)
- O resto de disposicións que poidan afectar,

II. Recepción das obras de urbanización.

De conformidade co disposto no artigo 96 da LSG, os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e dotacións establecidos no planeamento e non poderán modificar as previsión do planeamento que desenrolan, sen prexuízo de que podan efectuar as adaptacións exixidas pola execución material das obras, respectando, en todo caso, as condicións de accesibilidade.

No mesmo senso, o artigo 7.4, segundo parágrafo, do TRLS, establece que a terminación das actuacións de urbanización producirase cando conclúan as obras urbanizadoras de conformidade cos instrumentos que as lexitiman, téndose cumpridos os deberes e levantado as cargas correspondentes. No presente caso, parte das obras urbanizadoras foron executadas pola promotora, e parte subsdiariamente polo Concello de Vigo (acta de recepción definitiva que se incorporou ao exp. 8044/407), do xeito e co resultado que se reflicte no relato de feitos, así como informe do enxeñeiro xefe do servizo de urbanización e infraestruturas desta XMU de data 23.07.2019 no que se propón a Recepción Total e Definitiva das devanditas obras.

Como xa consta en reiterados informes da Oficina de Planeamento – Xestión, a decisión de recibir as obras de urbanización é marcadamente técnica, pois a verificación da súa conformidade co proxecto aprobado corresponde á OSPIO e ao Servizo de Urbanización e Infraestruturas e, no senso exposto, corresponde aos ditos servizos técnicos acreditar que consta a total execución do proxecto de urbanización e que as obras se atopan en estado de ser recibidas. Así as cousas, o técnico propoñente deberá constatar que as obras están rematadas e en bo estado e que son conformes co proxecto aprobado, sen que proceda formular proposta xurídica ningunha.

III. Órgano competente para resolver.

De acordo co disposto no artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, LRBRL, a competencia correspóndelle á Xunta de Goberno Local a proposta do Consello da XMU.

**PROPOSTA**

Por canto antecede, dando cumprimento ao disposto no artigo 172 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, proponse a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a recepción total e definitiva das obras de urbanización contidas no proxecto de urbanización modificado da U.E.I-01 VILLALAURA, aprobadas definitivamente pola Xunta de Goberno Local con data do 22 de outubro de 2007; e executadas subsidiariamente, polo Concello de Vigo, de conformidade cos feitos e fundamentación xurídica da presente.

SEGUNDO: Notificar a presente á todos os interesados no expediente, significándolle que contra á

mesma cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun (1) mes ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, contados desde o seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo do exercicio doutras accións que considere conveniente. No caso de interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación por silenzo administrativo.

TERCEIRO: Dar traslado do presente acordo á oficina de Urbanización e Infraestruturas da XMU, Patrimonio e Contratación, Estadística, Cultura, Parques e Xardíns, Electromecánicos, Servizo de Limpeza, Mobilidade, Transporte e Seguridade, Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras, Licenza de Obras e ás empresas: Aqualia, Unión Fenosa Distribución, S.A., Telefónica, R Cable e Gas Galicia, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Non obstante, esta proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá co seu superior criterio o que estime conveniente.

O Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 30/07/19, adoptou o seguinte acordo: "O Consello, por unanimidade, eleva á Xunta de Goberno Local o presente expediente para a súa resolución".

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**37(764).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN URBANA DO CONCELLO DE VIGO PARA A REORDENACIÓN DO ÁMBITO DO BARRIO DO CURA. EXPTE. 16980/411(RELACIONADO 1053/400).**

A Xunta de Goberno local retira este expediente da orde do día.

**38(765).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE "CONSERVACIÓN DE NOIRO DE SOSTEMENTO VIARIO TRAVESÍA DE ESPIÑEIRO DE ACCESO A PUNTA LAGOA EN TEIS, VIGO". EXPTE. 83534/250.**
Visto o informe de fiscalización do 22/08/19, dáse conta do informe-proposta do 15/07/19, asinado polo director técnico de contrato e enxeñeiro de camiños, canles e portos, o responsable do contrato e xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado da Área de Fomento e Servizos, que di o seguinte

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**I.-** Con data 28 de novembro de 2014 este Concello asinou coa mercantil "Civisglobal, S.L." o contrato do servizo de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo.

**II.-** A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión de 18.10.2018 acordou autorizar a prórroga do contrato do Servizo de acondicionamento, mantemento e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo por un prazo de un ano, polo período comprendido dende o 01.12.2018 ata o 30.11.2019.

**III.-** De conformidade co previsto na cláusula 2 do prego de cláusulas administrativas particulares (no sucesivo, PCAP), a súa natureza é de contrato mixto de servizo e obra e segundo o apartado 2.A das FEC, comprendendo o seu obxecto a prestación dos servizos indicados no encabezamento e demais obras complementarias necesarias, pudendo estenderse tamén a calquera elemento das infraestruturas.

Así mesmo, na cláusula 9 do prego de prescricións técnicas particulares (no sucesivo, PPTP) inclúese como obriga do adxudicatario, a redacción a súa costa dos proxectos técnicos ou memorias valoradas para obter as autorizacións ou licenzas precisas.

**IV.-** Consta no expediente administrativo de referencia, resolución de autorización da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección de dominio público marítimo-terrestre para a realización das obras de afianzamento do talude sobre o que se asenta o actual viario de acceso a Punta Lagoa na travesía de Espiñeiro (acceso punta Lagoa), outorgado o 13 de maio de 2019 e con rexistro de entrada no Concello de Vigo o 15 de maio de 2019 coas seguintes condicións:

*"1. Durante a execución das obras deberanse adoptar as medidas necesarias tanto para garantir a integridade do dominio público marítimo-terrestre e as súas zonas de servidume – con especial atención a evitar o vertedura de materiais contaminantes co medio natural-, como a seguridade de persoas e bens, balizando e sinalizando convenientemente a zona de traballo e adoptando as medidas de seguridade e hixiene aplicables a este tipo de actuacións.*

*2. As obras autorizadas deberán iniciarse nun prazo máximo de catro (4) meses, e deben quedar finalizadas nun prazo de dous (2) anos. Unha vez transcorrido o dito prazo quedará sen efecto esta autorización, de conformidade co establecido na disposición adicional cuarta da Lei de costas.*

*3. A presente autorización outórgase sen prexuízo das demais autorizacións esixidas por outras disposicións e deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros"*

**V.-** En data 6 de xuño de 2019, o Sr. Concelleiro Delegado da Área de Fomento resolveu

*"Autorizar á mercantil "Civisglobal, S.L.", adxudicataria do contrato de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo, para redactar por medio de facultativo competente, o correspondente proxecto técnico para execución das obras do PROXECTO DE ESTABILIZACIÓN DE NOIRO NA TRAVESÍA ESPIÑEIRO (ACCESO PUNTA LAGOA)."*

**VI.-** A mercantil CIVIS GLOBAL SL presenta "PROXECTO PARA CONSERVACIÓN DE NOIRO DE SOSTEMENTO VIARIO TRAVESÍA DE ESPIÑEIRO DE ACCESO A PUNTA LAGOA EN TEIS, VIGO", redactado polo Enxeñeiro de Obras Públicas Fidel Fernández Mosquera, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO DOUS MIL QUINIENTOS TRINTA E NOVE €UROS, CON TRINTA CENTIMOS (102.539,30 €), de data Xuño de 2019.

Os prezos unitarios utilizados son os que figuran no cadro de prezos do Anexo I do PPTP.

Ao resultado da suma das medicións contempladas aos prezos descritos aplicáronselle, de acordo co establecido na cláusula 12 das FEC as seguintes porcentaxes: Beneficio industrial 6,0 %, Gastos Xerais 13,0 %, Xestión de Residuos 1,5 % e Seguridade e Saúde 2,0 %. Aplicando a baixa ofertada por Civisglobal S.L. para a execución do contrato de 29,74 %, resultan as seguintes cantidades: base impoñible 84.743,22 €, o IVE correspondente 17.796,08 €, resultando un orzamento de adxudicación de **102.539,30 euros**.

**VII.-** O proxecto foi supervisado polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras (OSPIO), emitindo informe favorable en data 20 de xuño de 2019.

## CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

**PRIMEIRO.-** A execución das obras previstas require como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.

**SEGUNDO.-** Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

**TERCEIRO.-** O proxecto de obras, segundo resulta do informe técnico que obra no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta do informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal,.

**CUARTO.-** A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**

**1º.-** Aprobar o proxecto para a execución das obras de "**CONSERVACIÓN DE NOIRO DE SOSTEMENTO VIARIO TRAVESÍA DE ESPIÑEIRO DE ACCESO A PUNTA LAGOA EN TEIS, VIGO**", redactado polo Enxeñeiro de Obras Públicas Fidel Fernández Mosquera, por

encarga de “CIVISGLOBAL, SL.”, adxudicataria do contrato do servizo de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO DOUS MIL QUINIENTOS TRINTA E NOVE €UROS, CON TRINTA CENTIMOS (102.539,30 €), e un prazo de execución de 2 meses.

Aos devanditos prezos aplicóuselles previamente a baixa ofertada por “CIVISGLOBAL, S.L.” para a execución do contrato do 29,74%.

**2º.-** Encargar a execución das obras á referida contratista, ao amparo do previsto no apartado 2.A das FEC do Contrato do servizo de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo, con cargo ao crédito existente para a súa execución na partida 1532.210.00.01.

**3º.**- Designar directores da obra ao Director Técnico do Contrato e Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Jerónimo Centrón Castaños e a Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dª Fátima Martínez Giráldez. O Coordinador de Seguridade e Daúde será D. Pablo Coello Pardo, Enxeñeiro técnico industrial, designado pola Consultora “Eletrentayuno S.L.U”, contratista das obras a desenvolver dentro do contrato do “Servizo de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo”.

**4º.**- Notifíquese o presente acordo á empresa adxudicataria do contrato do “Servizo de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo”, CIVIS GLOBAL S.L., ao Coordinador de Seguridade e Saúde e demais interesados no expediente, con indicación de que a presente resolución é definitiva en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**39(766).-PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE LIMPEZA NAS INSTALACIÓNS DE VIGOZOO. EXPTE. 9983/612.**

Visto o informe xurídico do 21/08/19 e o informe de fiscalización 13/08/19, dáse conta do informe-proposta de data 6/08/19, asinado polo director de réxime interior, a concelleira-delegada de Medio Ambiente e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**1.- Antecedentes**

A Xunta de Goberno Local , con data 20 de setembro de 2018, acordou aprobar o expediente para a contratación dos servizos de limpeza do edificio central das instalacións de VigoZoo ( exp. 9115-612).

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 31 de outubro de 2018, adoptou, entre outros asuntos, o seguinte acordo " *Adxudicar a GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, S.L. o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de limpeza nas instalacións de Vigozoo (9115-612) por un prezo total de 42.743,25 euros euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.418,25 euros.*
*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada"*.

Con data de 30 de novembro de 2018 a empresa adxudicataria asina o contrato para a prestación do servizo. En dito contrato recóllese na cláusula 4 o prazo do contrato, sendo este de nove meses, contado a partir do 1 de decembro de 2018. Contemplándose tres prórrogas de tres meses de duración cada unha.

**2.- Fundamentos de dereito:**

A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público establece no seu artigo 29 que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración de estas.

O Prego de Cláusulas Administrativas no **apartado 7. Prazo de execución, punto 3),** recóllese que " *o presente contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.c da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e serán obrigatorias para o contratista. O apartado 4. C da FEC contempla tres prórrogas, de tres meses de duración cada unha.*

A empresa que presta o servizo, " *GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, S.L" con* CIF: B27754274, presentou documento de solicitude de prórroga segundo os prazos recollidos no prego de cláusulas administrativas o pasado 19 de xuño e reitera a súa solicitude mediante escrito presentado no Rexistro Xeral ( doc. Num 19011896) de data 30/07/2019.

**3.- Desenvolvemento do contrato actual**.

A empresa que desenvolve o servizo " *GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, S.L" con* CIF: B27754274, no transcurso do período contractual ven desenvolvendo os traballos de acordo ós criterios marcados no prego de condicións técnicas, de xeito satisfactorio.

**4- Prezo anual do contrato.**

O prezo do contrato é de 42.743,25 euros Ive engadido.

**4.1 Prezo para o período da prórroga.**

Atendendo a que a primeira prórroga é por tres meses de duración, distribúese o importe da mesma co seguinte importe: 14.247,75 euros para o 2019.

**5.- Financiamento do contrato.**

O contrato financiase con cargo a seguinte aplicación orzamentaria do presuposto vixente: 337.1.227.00.00 "Limpeza". A tales efectos, existe no orzamento en vigor unha retención de crédito na referida partida por importe de 17.129,80 euros (RC nº 201900003407)

Posto que o prazo de execución do contrato remata o 30 de agosto, e debido a necesidade de garantir o servizo, faise necesario tramitar a primeira prórroga do contrato dos servizos de limpeza do edificio central das instalacións de VigoZoo.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de servizos en anos anteriores e, polo tanto se encadra na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3. " En particular, no se entendera como exercicio de novas competencias: a ) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.

Polo anteriormente exposto e, conforme establece a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, procédese a tramitar a prórroga do contrato contrato dos servizos de limpeza do edificio central das instalacións de VigoZoo, polo período de tres meses dende o 1 de setembro de 2019 ata o 30 de novembro do 2019, conforme ao disposto no prego de cláusulas administrativas no apartado 7, coa empresa " *GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, S.L" con* CIF: B-27754274, sendo o importe total do período da prórroga de 18.997,00 euros con IVE.

Polo anteriormente exposto, ao abeiro do establecido na Disposición adicional segunda, apartado 4, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as directivas do parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE E 2014/24/UE, proponse a Xunta de goberno Local previo informe xurídico e de intervención da seguinte proposta de acordo.

**Primeiro:** Aprobar a prórroga de tres meses de duración do contrato para a prestación dos servizos de limpeza do edificio central das instalacións de VigoZoo, á adxudicataria " *GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, S.L" con* CIF: B-27754274 por acordo da XGL de 31/10/2018, dende o 1 de setembro de 2019 ao 30 de novembro de 2019.
O importe total do período da prórroga, de tres meses, é de 14.247,75 euros con IVE, dende o 1 de setembro de 2019 ata o 30 de novembro de 2019, con cargo a seguinte partida orzamentaria do orzamento vixente, 337.1.227.00.00 " Limpeza ".

**Segundo:** Notificar o presente acordo de prórroga á empresa“ *GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, S.L” con* CIF: B-27754274, nos termos establecidos no art. 43 da Lei 39/2015, de réxime xurídico das administracións públicas, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición, ante o órgano que a dita, no prazo dun mes ou recurso contencioso administrativo ante a Xurisdición Contencioso Administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte a recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de RXAP e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso- administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

**40(767).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO EN DEPENDENCIAS DA REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS. EXPTE. 2563/341.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 27/08/19 e o informe de fiscalización do 28/08/19, dáse conta do informe-proposta do 27/08/19, asinado polo xefe do Servizo de Museos Municipais, o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP)
- 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola

Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

**ANTECEDENTES**

Con data de 9 de maio de 2019 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo acordara aprobar a contración a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos de atención ao público en dependencias da Rede de Museos Municipais. Tamén aprobara o Prego de prescricións técnicas particulares, o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexerá a citada contratación e autorizara o gasto por importe total de 936.375,44 €, co IVE incluído (novecentos trinta e seis mil trescentos setenta e cinco euros, con corenta e catro céntimos), que inclúe un IVE (21%) de 162.511,44 € € (cento sesenta e dous mil cincocentos once euros, con corenta e catro céntimos), para un período de dous anos, así como o seu financiamento e a apertura do correspondente procedemento de licitación. O acordo contaba cos informes favorables previos da Asesoría Xurídica do Concello, de data 30 de abril de 2019 e da Intervención Xeral de data 6 de maio de 2019, xunto cos certificados de existencia de crédito, que están incluídos no expediente.

Con data 3.06.2019 a empresa Eulen S.A. interpuxo recurso especial en materia de contratación contra os pregos da licitación perante o Tribunal Administrativo de Contración Pública de Galicia, que supuxo a supensión cautelar do procedemento e resolución do 24 de xuño do citado Tribunal no sentido de estimar o recurso interposto por Eulen S.A, contra os pregos da contratación.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión do 26 de xullo de 2019 acordou, novamente, aprobar a contratación e apertura do procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais, así como os pregos de prescricións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, do 5 de abril e 9 de xullo de 2019 respectivamente.

O novo anuncio de licitación do contrato de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais, foi publicado no DOUE o 07/08/2019, (2019/S 151-372943) e o prazo para a recepción de ofertas e solicitudes de participación finaliza o 04/09/2019, estando prevista a apertura de plicas o 06/09/2019, polo que a vista do estado de tramitación , non poderá iniciarse a execución do novo contrato actualmente en licitación en data 16 de setembro de 2019 unha vez que finalice o contrato actualmente en vigor.

Os museos son institucións de carácter permanente, abertas ao público e sen finalidade de lucro, orientadas á promoción e ao desenvolvemento cultural da comunidade en xeral, por medio da recollida, adquisición, inventario, catalogación, conservación, investigación, difusión e exhibición, de forma científica, estética e didáctica, de conxuntos e coleccións de bens patrimoniais de carácter cultural que constitúen testemuños das actividades do ser hu-

mano ou do seu ámbito natural, con fins de estudo, educación, desfrute e promoción científica e cultura.

Visto que segundo a programación do servizo de Cultura no próximo último trimestre do ano 2019 están previstas/comprometidas: diversas exposicións temporais como son a de O esquecemento da beleza-P. Del Palacio en Casa das Artes (27 de setembro), a de Darío Álvarez Gándara en Casa Galega da Cultura (26 de setembro) e especialmente as da campaña de Nadal, dende o mes de novembro en Casa das Artes e Casa Galega da Cultura, ademais da apertura regular das exposicións permanentes dos centros (as do Museo municipal Quiñones de León, a colección Luis Torras na Casa das Artes, a colección de Francsico Fernández del Riego na Casa Galega da Cultura, a do Verbum, a da Nova colección Colmeiro na Pinacoteca FFR. As actividades programadas supoñen a adquisición de compromisos económicos con terceiros con antelación á súa apertura (fotografados, embalaxes, transportes, seguros, deseño e produción de material gráfico, etc.) que poderían xenerar reclamacións en caso de suspensión das actividades en curso.

E por isto que é preciso garantir a continuidade do servizo público da rede museística unha vez finalice o contrato vixente.

No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), previa á resolución de inicio do expediente de data 23 de agosto de 2019, baseada na necesidade de continuar coa prestación do servizo (que remata o 15 de setembro de 2019) en tanto non entre en vigor o contrato tramitado no expediente nº 2.299-341.
- A resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP) de data 26 de agosto de 2019.
- A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto.
- Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
- Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
- Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
  Ao tratarse dun servizo no que o custo económico principal son custos laborais, consta que se consideraron os termos económicos dos convenios colectivos sectoriais, nacionais, autonómicos e provinciais aplicables (artigo 102.1 e 3 LCSP).
- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.

- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
- Información esixida polo artigo 130 LCSP.
- Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
- Xustificación das tarefas críticas que non poidan ser obxecto de subcontratación (artigo 215 LCSP).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).

– Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP).

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro:** De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, establécese a competencia dos concellos relativa ás actividades e instalacións culturais.

**Segundo:** O expediente de contratación iniciarase polo órgano de contratación de acordo co disposto na Lei Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada nos Concelleiros de Area segundo o Decreto de delegación de competencias de Alcaldía do 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno local da mesma data.

**Terceiro:** En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá asinou o informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación de servizos de atención ao público en dependencias da Rede de Museos Municipais e outras actividades da súa programación.

**Cuarto:** En cumprimento do establecido no artigo 116.1. LCSP, consta no expediente, a resolución de inicio asinada polo concelleiro-delegado da Área de Cultura.

**Quinto**: De acordo co estabelecido no artigo 116.4 LCSP consta a memoria xustificativa e o prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 da LCSP) asinados polo xefe do servizo de Museos; así como o prego de prescricións administrativas particulares, subscrito pola Xefa do Servizo de Contratación.

**Sexto**: Na memoria xustificativa xustifícase, entre outras cuestións: a xustificación de insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP), a non división en lotes (artigo 99.3 LCSP), o prazo de duración do contrato e execución da prestación (artigo 29 LCSP); o prezo, o orzamento base de licitación, (artigo 100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), a consideración dos termos económicos dos convenios colectivos sectoriais, nacionais, autonómicos e provinciais aplicables por tratarse dun servizo no que os custos económicos principais son custos laborais (artigo 102.1 e 3 LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Sétimo**: No relativo á clasificación do contrato trátase dun contrato de servizos segundo o establecido no artigo 17 Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público. O contrato ten carácter administrativo de acordo ao disposto no artigo 25 da LCSP. A forma de tramitación será ordinaria. A adxudicación do contrato realizarase a través dun procedemento aberto simplificado, de acordo co establecido no artigo 159 da LCSP.

**Oitavo:** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Noveno:** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispón que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente corresponda emitir á Intervención Xeral en canto ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

O importe de licitación de contrato (3,5 mensualidades) é de 115,747,95 €, co IVE incluído (95.659,46 € sen IVE, máis 20.088,49 € correspondentes de IVE).

Servizos de atención ao público.-
82.228,59 €; IVE: 17.268,01 €; importe total: 99.496,60 €, con IVE
Servizos de coordinación.-
13.430,87 €; IVE: 2.820,48 €; importe total: 16.251,35 €, con IVE

A aplicación orzamentaria adecuada: 3330.227.99.05 "Servizos de atención ao público", e o financiamento do contrato pode realizarse coa anulación parcial do gasto autorizado pola Xunta de Goberno Local na sesión do 26 de xullo de 2019 para o expediente 2299-341 de acordo cos seguintes importes para o exercicios presupostario de 2019:

- Aplicación orzamentaria 3330.227.99.05 "Servizos de atención ao público":
  Gasto autorizado: 75.683,62 €. Minoración da autorización: 75.683,62 €.
- Aplicación orzamentaria 3330.227.99.07 – Coordinación, monitoraxe e exposicións CAT:
  Gasto autorizado: 40.000 €. Minoración da autorización: 40.000 €
- Aplicación orzamentaria 3330.227.99.10 – Funcionamento do CAFVI:
  Gasto autorizado: 20.871,13 €. Minoración da autorización: 64,32 €

**Décimo:** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e mailo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO:**

1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto simplificado, dos servizos de atención ao público en dependencias da Rede de Museos Municipais; mentras non se resolva a licitación en curso do contrato do expediente 2299-341.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, de data 26 de agosto de 2019, redactadas polo xefe do servizo de Museos, conformadas polo concelleiro-delegado da Área de Cultura.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexerá a citada contratación, de data 27 de agosto de 2019, redactado polo Servizo de Contratación.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de 95.659,46 € sen IVE (noventa e cinco mil seiscentos cincuenta e nove euros con corenta e seis céntimos) e o IVE correspondente (21%) de 20.088,49 € (vinte mil oitenta e oito euros, con corenta en nove céntimos), para un período de tres meses e medio, que se financiarán da seguinte forma:

Con cargo á aplicación orzamentaria adecuada: 3330.227.99.05 "Servizos de atención ao público", e coa anulación parcial do gasto autorizado pola Xunta de Goberno Local na sesión do 26 de xullo de 2019 para o expediente 2299-341 de acordo cos seguintes importes para o exercicios presupostario de 2019:

- Aplicación orzamentaria 3330.227.99.05 "Servizos de atención ao público":
  Gasto autorizado: 75.683,62 €. Minoración da autorización: 75.683,62 €.
- Aplicación orzamentaria 3330.227.99.07 – Coordinación, monitoraxe e exposicións CAT:
  Gasto autorizado: 40.000 €. Minoración da autorización: 40.000 €
- Aplicación orzamentaria 3330.227.99.10 – Funcionamento do CAFVI:
  Gasto autorizado: 20.871,13 €. Minoración da autorización: 64,32 €

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**41(768).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO PROXECTO DE "SOTERRAMENTO DO TRÁFICO RODADO DA PORTA DO SOL E HUMANIZACIÓN E TRANSFORMACIÓN PEONIL DA ACTUAL REDE VIARIA". EXPTE. 326/441.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 27/08/19 e o informe de fiscalización do 28/08/19, dáse conta do informe-proposta do 26/08/19, asinado polo xefe do Servizo

Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**1º.-** Con data 14 de decembro de 2016, o Boletín Oficial do Estado, nº 301, publica Resolución de 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se resolve definitivamente a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sustentable 2014-2020, efectuada por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, na cal entre outros aspectos CONCÉDESE de forma definitiva axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominada “VIGO VERTICAL”, por un importe de 15.000.000,00 €.

O proxecto EDUSI VIGO VERTICAL, ten como obxectivo principal impulsar a transformación da área seleccionada en termos físicos, ambientais, económicos, sociais e culturais, creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna urbana, polo cal dita estratexia, segundo a Orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas HAP/2427/2015, constitúe o marco para a posterior selección por parte das Entidades beneficiarias das operacións a desenvolver na cidade ou na área definida en cada caso.

**2º.-** Para levar a cabo esta actuación a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 24.05.2019, acordou aprobar o expediente de contratación mixta a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do proxecto de “SOTERRAMENTO DO TRÁFICO RODADO DA PORTA DO SOL
E HUMANIZACIÓN E TRANSFORMACIÓN PEONIL DA ACTUAL REDE VIARIA”.

**3º.-** En virtude dos antecedentes descritos e para a realización do servizo obxecto deste expediente, emítese informe de necesidade e idoneidade da contratación do Servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de “Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria”, asinado polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, ao abeiro do cal, en data 1 de xullo de 2019, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos acorda o inicio do citado expediente de contratación,

**4º.-** No expediente contratación consta a documentación que segue:

a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario e polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en datas 28.06.2019 e 01.07.2019, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 01.07.19.
c) Prego de Prescricións Técnicas asinado pola Enxeñeira Industrial e polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 18.07.2019.
d) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada polo Servizo Xestor, e asinada en data 9 de agosto de 2019.

e) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 9 de agosto de 2019.
f) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de contratación en data 9 de agosto de 2019.

**II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

**Primeiro.**- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.
**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.
**Terceiro.**-No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSLP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.
**Cuarto**.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).
**Sexto**.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do **SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO PROXECTO DE "SOTERRAMENTO DO TRÁFICO RODADO DA PORTA DO SOL E HUMANIZACIÓN E TRANSFORMACIÓN PEONIL DA ACTUAL REDE VIARIA".**

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado pola Enxeñeira Industrial e polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 18.07.2019

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 09.08.2019.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **CENTO DEZANOVE MIL CENTO VINTE E SEIS EUROS CON NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS (119.126,92 eur)**,sendo o importe correspondente ao **IVE de 20.674,92 €**.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1539.619.0003 (DUSI PORTA DO SOL, OT4, LA: 7,8,10,12,13,14,1a ANUA).

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

| | |
|---|---|
| 2019 | 12.000,00 € |
| 2020 | 71.500,00 € |
| 2021 | 35.626,92 € |
| TOTAL | 119.126,92 € |

**Quinto.-** Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 595,83% e para a terceira anualidade nun 296,89%.

**Sexto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**<u>Acordo</u>**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**42(769).- ROGOS E PREGUNTAS.**
Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE

Concello de Vigo

Abel Caballero Álvarez